

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

7897 *Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

ÍNDICE

- Título preliminar. Disposicións xerais.
- Capítulo I. Obxecto e ámbito de aplicación.
 - Artigo 1. Obxecto e finalidade da lei.
 - Artigo 2. Ámbito subxectivo de aplicación.
 - Artigo 3. Ámbito obxectivo de aplicación.
 - Artigo 4. Actividades excluídas.
 - Artigo 5. Operacións prohibidas ás entidades aseguradoras.
- Capítulo II. Definicións.
 - Artigo 6. Entidades.
 - Artigo 7. Autoridade de supervisión nacional.
 - Artigo 8. Estado membro de orixe, Estado membro de acollida e actividades en réxime de dereito de establecemento e de libre prestación de servizos.
 - Artigo 9. Relacións de participación ou control entre entidades.
 - Artigo 10. Mercados regulados.
 - Artigo 11. Grandes riscos.
 - Artigo 12. Coaseguro comunitario.
 - Artigo 13. Sistema de goberno e externalización de funcións.
 - Artigo 14. Riscos.
 - Artigo 15. Medidas de saneamento e procedementos de liquidación.
- Título I. Órganos de supervisión e competencias.
 - Capítulo I. Competencias da Administración xeral do Estado.
 - Artigo 16. Competencias de supervisión da Administración xeral do Estado.
 - Artigo 17. Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.
 - Artigo 18. Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións.
 - Capítulo II. Competencias das comunidades autónomas.
 - Artigo 19. Distribución de competencias.
- Título II. Acceso á actividade aseguradora e reaseguradora.
 - Capítulo I. Acceso á actividade das entidades aseguradoras e reaseguradoras españolas.

Sección 1.^a Condicións de acceso á actividade.

Artigo 20. Autorización administrativa.

Artigo 21. Alcance da autorización.

Sección 2.^a Requisitos para a obtención da autorización.

Artigo 22. Requisitos xerais da autorización de entidades aseguradoras e reaseguradoras.

Artigo 23. Denegación da autorización.

Artigo 24. Operacións realizadas sen autorización administrativa.

Artigo 25. Organizacións e agrupacións.

Artigo 26. Consulta previa a autoridades de supervisión.

Artigo 27. Natureza, forma e denominación das entidades aseguradoras e reaseguradoras.

Artigo 28. Constitución.

Artigo 29. Denominación.

Artigo 30. Domicilio social.

Artigo 31. Obxecto social.

Artigo 32. Programa de actividades.

Artigo 33. Capital social.

Artigo 34. Fondo mutual.

Artigo 35. Limitacións á repartición de dividendos, derramas ou calquera outro tipo de retribución vinculada ao capital social.

Artigo 36. Socios.

Artigo 37. Vínculos estreitos.

Artigo 38. Honorabilidade e aptitude dos que exerzan a dirección efectiva ou desempeñen funcións que integran o sistema de goberno da entidade.

Artigo 39. Responsabilidade e deberes dos órganos de administración ou dirección das entidades aseguradoras ou reaseguradoras.

Artigo 40. Rexistro administrativo.

Sección 3.^a Mutuas de seguros, cooperativas de seguros e mutualidades de previsión social.

Artigo 41. Mutuas de seguros.

Artigo 42. Cooperativas de seguros.

Artigo 43. Mutualidades de previsión social.

Artigo 44. Ámbito de cobertura e prestacións das mutualidades de previsión social.

Artigo 45. Mutualidades de previsión autorizadas para operar por ramos de seguro.

Sección 4.^a Actividade das entidades aseguradoras e reaseguradoras españolas en réxime de dereito de establecemento e libre prestación de servizos na Unión Europea.

Artigo 46. Entidades españolas que poden operar na Unión Europea.

Artigo 47. Condicións para o establecemento de sucursais.

Artigo 48. Comunicación para operar en libre prestación de servizos.

Artigo 49. Información estatística relativa ás actividades transfronteirizas das entidades aseguradoras españolas.

Sección 5.^a Actividade das entidades aseguradoras e reaseguradoras españolas en terceiros países.

Artigo 50. Creación de entidades e outras operacións en terceiros países.

Capítulo II. Acceso á actividade en España de entidades aseguradoras e reaseguradoras doutros Estados da Unión Europea.

Sección 1.^a Disposicións xerais para entidades aseguradoras e reaseguradoras.

Artigo 51. Entidades aseguradoras e reaseguradoras doutros Estados membros que poden operar en España.

Artigo 52. Observancia das disposicións legais por parte das entidades aseguradoras e reaseguradoras que operan en España en réxime de dereito de establecemento ou de libre prestación de servizos.

Artigo 53. Tributos e recargas.

Artigo 54. Seguro de responsabilidade civil en vehículos terrestres automóbiles.

Sección 2.^a Actividade en réxime de dereito de establecemento de entidades aseguradoras e reaseguradoras domiciliadas noutros Estados membros.

Artigo 55. Condicións de acceso á actividade en réxime de dereito de establecemento.

Artigo 56. Supervisión de sucursais en España polas autoridades do Estado de orixe.

Sección 3.^a Actividade en libre prestación de servizos de entidades aseguradoras e reaseguradoras domiciliadas noutros Estados membros.

Artigo 57. Condicións de acceso á actividade en réxime de libre prestación de servizos.

Artigo 58. Requisitos específicos para o seguro de responsabilidade civil en vehículos terrestres automóbiles.

Artigo 59. Obrigas tributarias.

Artigo 60. Axencias de subscrición.

Capítulo III. Acceso á actividade en España de entidades aseguradoras e reaseguradoras de terceiros países.

Sección 1.^a Entidades aseguradoras de terceiros países.

Artigo 61. Autorización de sucursais de entidades aseguradoras de terceiros países.

Artigo 62. Limitacións á actividade en España das entidades aseguradoras de terceiros países.

Sección 2.^a Entidades reaseguradoras de terceiros países.

Artigo 63. Sucursais de entidades reaseguradoras de terceiros países.

Artigo 64. Actividade en España das entidades reaseguradoras de terceiros países desde o país de orixe.

Título III. Exercicio da actividade.

Capítulo I. Sistema de goberno das entidades aseguradoras e reaseguradoras.

Artigo 65. Requisitos xerais do sistema de goberno.

Artigo 66. Sistema de xestión de riscos, avaliación interna de riscos e solvencia, sistema de control interno e funcións do sistema de goberno.

Artigo 67. Externalización de funcións.

Capítulo II. Valoración de activos e pasivos, garantías financeiras e investimentos.

Sección 1.^a Valoración de activos e pasivos e normas sobre provisións técnicas.

Artigo 68. Valoración de activos e pasivos.

Artigo 69. Provisións técnicas.

Artigo 70. Exixencia e incremento do importe das provisións técnicas.

Sección 2.^a Fondos propios.

Artigo 71. Determinación dos fondos propios.

Artigo 72. Clasificación dos fondos propios en niveis.

- Artigo 73. Admisibilidade de fondos propios.
- Sección 3.^a Capital de solvencia obrigatorio.
- Artigo 74. Cálculo do capital de solvencia obrigatorio.
- Artigo 75. Métodos de cálculo do capital de solvencia obrigatorio.
- Artigo 76. Exixencia de capital de solvencia obrigatorio adicional.
- Artigo 77. Responsabilidade do órgano de administración en relación cos modelos internos.
- Sección 4.^a Capital mínimo obrigatorio.
- Artigo 78. Capital mínimo obrigatorio.
- Sección 5.^a Inversións.
- Artigo 79. Normas sobre inversións das entidades aseguradoras e reaseguradoras.
- Capítulo III. Información pública sobre a situación financeira e de solvencia.
- Artigo 80. Informe sobre a situación financeira e de solvencia.
- Artigo 81. Dispensa de divulgación de información no informe sobre a situación financeira e de solvencia.
- Artigo 82. Actualizacións do informe sobre a situación financeira e de solvencia e información voluntaria adicional.
- Capítulo IV. Obrigas contables.
- Artigo 83. Contabilidade das entidades aseguradoras e reaseguradoras.
- Artigo 84. Formulación de contas consolidadas dos grupos de entidades aseguradoras e reaseguradoras.
- Capítulo V. Réxime de participacións en entidades aseguradoras e reaseguradoras.
- Artigo 85. Obrigas relativas á adquisición de participacións en entidades aseguradoras e reaseguradoras.
- Artigo 86. Efectos do incumprimento.
- Artigo 87. Obrigas relativas á redución dunha participación significativa nunha entidade aseguradoras ou reaseguradora.
- Artigo 88. Obrigas de información adicionais.
- Capítulo VI. Operacións societarias.
- Sección 1.^a Cesión de carteira.
- Artigo 89. Cesión de carteira entre entidades aseguradoras.
- Sección 2.^a Modificacións estruturais.
- Artigo 90. Modificacións estruturais.
- Artigo 91. Supostos excepcionais de modificacións estruturais.
- Sección 3.^a Modificacións estatutarias.
- Artigo 92. Modificacións estatutarias.
- Sección 4.^a Agrupacións e unións temporais de entidades aseguradoras ou reaseguradoras.
- Artigo 93. Agrupacións de interese económico e unións temporais de entidades aseguradoras ou reaseguradoras.

Capítulo VII. Condutas de mercado.

Sección 1.^a Pólizas e tarifas.

Artigo 94. Tarifas de primas e bases técnicas.

Artigo 95. Control das pólizas, tarifas e documentación técnica da actividade.

Sección 2.^a Deber de información.

Artigo 96. Deber xeral de información ao tomador de seguro.

Sección 3.^a Mecanismos de solución de conflitos. Outras disposicións.

Artigo 97. Mecanismos de solución de conflitos.

Artigo 98. Publicidade.

Artigo 99. Protección de datos de carácter persoal.

Artigo 100. Loita contra a fraude en seguros.

Capítulo VIII. Réxime especial de solvencia.

Artigo 101. Ámbito de aplicación.

Artigo 102. Condicións de exercicio das entidades sometidas ao réxime especial.

Capítulo IX. Coaseguro comunitario. Reaseguro limitado.

Artigo 103. Réxime do coaseguro comunitario.

Artigo 104. Provisións técnicas do coaseguro comunitario.

Artigo 105. Reaseguro limitado.

Capítulo X. Condicións relativas ao exercicio da actividade por sucursais e filiais de entidades aseguradoras e reaseguradoras de terceiros países.

Artigo 106. Garantías financeiras das sucursais de entidades aseguradoras e reaseguradoras domiciliadas en terceiros países.

Artigo 107. Réxime das sucursais de entidades domiciliadas en terceiros países autorizadas en varios Estados membros.

Artigo 108. Equivalencia do réxime de solvencia das entidades reaseguradoras de terceiros países.

Título IV. Supervisión de entidades aseguradoras e reaseguradoras.

Capítulo I. Principios xerais.

Artigo 109. Ámbito subxectivo e obxectivo da supervisión.

Artigo 110. Proporcionalidade das actuacións da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

Artigo 111. Transparencia da actuación supervisora.

Artigo 112. Convergencia de prácticas supervisoras.

Artigo 113. Facultades xerais de supervisión.

Artigo 114. Información que se deberá facilitar para efectos de supervisión, estatísticos e contables.

Artigo 115. Supervisión de entidades aseguradoras e reaseguradoras da Unión Europea que operan en España en réxime de dereito de establecemento ou de libre prestación de servizos.

Artigo 116. Supervisión de sucursais españolas establecidas noutro Estado membro.

Capítulo II. Supervisión financeira.

Artigo 117. Contido da supervisión financeira.

- Capítulo III. Supervisión de condutas de mercado.
- Artigo 118. Contido da supervisión de condutas de mercado.
Artigo 119. Protección administrativa.
Artigo 120. Prohibición de pólizas e tarifas.
- Capítulo IV. Supervisión por inspección.
- Artigo 121. Actuacións de inspección.
Artigo 122. Suxeitos da actividade inspectora.
Artigo 123. Persoal inspector.
Artigo 124. Facultades inspectoras.
Artigo 125. Documentación das actuacións inspectoras.
Artigo 126. Procedemento de supervisión por inspección.
- Capítulo V. Deber de segredo profesional e uso de información confidencial.
- Artigo 127. Deber de segredo profesional.
Artigo 128. Intercambio de información confidencial.
Artigo 129. Cooperación coa Autoridade Europea de Seguros e Pensiós de Xubilación.
Artigo 130. Acordos de cooperación con terceiros países.
- Título V. Supervisión de grupos de entidades aseguradoras e reaseguradoras.
- Capítulo I. Disposicións xerais sobre grupos.
- Artigo 131. Definicións e normas sobre a supervisión de grupos de entidades aseguradoras e reaseguradoras.
Artigo 132. Grupos suxeitos a supervisión.
Artigo 133. Ámbito de aplicación da supervisión de grupo.
- Capítulo II. Exercicio da supervisión de grupos.
- Sección 1.^a Funcións e facultades da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensiós como supervisor de grupo.
- Artigo 134. Exercicio das funcións de supervisor de grupo pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensiós.
Artigo 135. Facultades da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensiós como supervisor de grupo. Colexio de Supervisores.
Artigo 136. Acceso á información e verificación.
- Sección 2.^a Colaboración con outras autoridades de supervisión.
- Artigo 137. Convocatoria e consulta entre as autoridades de supervisión.
Artigo 138. Información solicitada a outras autoridades supervisoras.
Artigo 139. Cooperación coas autoridades supervisoras das entidades de crédito e de empresas de servizos de investimento.
- Sección 3.^a Niveis de supervisión.
- Artigo 140. Entidade matriz última na Unión Europea.
Artigo 141. Subgrupo nacional de entidades aseguradoras ou reaseguradoras.
Artigo 142. Subgrupo de entidades que abrangan subgrupos nacionais de varios Estados membros.

- Capítulo III. Situación financeira de grupo.
 - Sección 1.^a Solvencia de grupo.
 - Artigo 143. Supervisión da solvencia de grupo.
 - Artigo 144. Informe sobre a situación financeira e de solvencia no nivel de grupo.
 - Artigo 145. Cálculo da solvencia a nivel de grupo de entidades participantes.
 - Artigo 146. Cálculo da solvencia do grupo consolidado: método baseado na consolidación contable.
 - Artigo 147. Modelo interno de grupo consolidado e das entidades aseguradoras e reaseguradoras do grupo.
 - Artigo 148. Exixencia de capital de solvencia obrigatorio adicional de grupo consolidado.
 - Artigo 149. Método de dedución e agregación.
 - Artigo 150. Réxime de grupos con xestión centralizada de riscos.
 - Sección 2.^a Concentración de risco e operacións intragrupo.
 - Artigo 151. Supervisión da concentración de risco e das operacións intragrupo.
 - Sección 3.^a Xestión de riscos e control interno.
 - Artigo 152. Supervisión do sistema de goberno de grupo.
 - Sección 4.^a Incumprimento da solvencia de grupo.
 - Artigo 153. Medidas destinadas a facer fronte a incumprimentos.
- Capítulo IV. Grupos con entidades matrices fóra da Unión Europea.
 - Artigo 154. Verificación da equivalencia.
- Título VI. Situacións de deterioración financeira. Medidas de control especial.
 - Capítulo I. Situacións de deterioración financeira.
 - Artigo 155. Deterioración financeira das entidades aseguradoras e reaseguradoras.
 - Artigo 156. Incumprimento respecto do capital de solvencia obrigatorio.
 - Artigo 157. Incumprimento respecto do capital mínimo obrigatorio.
 - Artigo 158. Contido do plan.
 - Capítulo II. Medidas de control especial.
 - Artigo 159. Situacións que dan lugar á adopción de medidas de control especial.
 - Artigo 160. Medidas de control especial que se poden adoptar.
 - Artigo 161. Medidas adicionais de control especial.
 - Artigo 162. Colaboración do Consorcio de Compensación de Seguros na execución das medidas de control especial adoptadas.
 - Artigo 163. Intervención da entidade aseguradora.
 - Artigo 164. Procedemento de adopción de medidas de control especial.
 - Artigo 165. Substitución provisional dos órganos de administración.
 - Artigo 166. Efectos das medidas de control especial noutros Estados membros.
 - Artigo 167. Medidas adoptadas respecto de entidades aseguradoras domiciliadas noutros Estados membros.
 - Artigo 168. Procedementos concursais.
- Título VII. Revogación, disolución e liquidación.
 - Capítulo I. Revogación da autorización administrativa.
 - Artigo 169. Causas de revogación e os seus efectos.

Artigo 170. Revogación da autorización administrativa a entidades aseguradoras domiciliadas noutros Estados membros.

Artigo 171. Revogación da autorización administrativa das sucursais de entidades domiciliadas en terceiros países.

Capítulo II. Disolución e liquidación de entidades aseguradoras e reaseguradoras.

Sección 1.^a Disolución.

Artigo 172. Causas de disolución.

Artigo 173. Acordo de disolución.

Artigo 174. Disolución administrativa.

Sección 2.^a Liquidación.

Artigo 175. Normas xerais de liquidación.

Artigo 176. Efectos noutros Estados membros da liquidación de entidades españolas.

Artigo 177. Efectos en España da liquidación de entidades aseguradoras domiciliadas noutros Estados membros e que operan en España en réxime de dereito de establecemento ou de libre prestación de servizos.

Artigo 178. Supervisión da liquidación.

Artigo 179. Protección dos créditos por contrato de seguro.

Artigo 180. Réxime xurídico dos liquidadores.

Artigo 181. Proceso de liquidación.

Artigo 182. Efectos sobre as accións fronte a entidades aseguradoras en liquidación.

Sección 3.^a Liquidación polo Consorcio de Compensación de Seguros.

Artigo 183. Actuación do Consorcio de Compensación de Seguros na liquidación das entidades aseguradoras e reaseguradoras.

Artigo 184. Normas xerais substantivas.

Artigo 185. Normas xerais de procedemento.

Artigo 186. Compra de créditos con cargo a recursos do Consorcio de Compensación de Seguros.

Artigo 187. Pagamentos con cargo aos recursos da entidade.

Artigo 188. Xunta xeral de acredores.

Artigo 189. Actuación do Consorcio de Compensación de Seguros nos procedementos concursais.

Título VIII. Infraccións e sancións.

Capítulo I. Infraccións.

Artigo 190. Suxeitos infractores.

Artigo 191. Responsabilidade de partícipes, liquidadores ou cargos de administración e dirección.

Artigo 192. Potestade sancionadora respecto de entidades aseguradoras domiciliadas noutros Estados membros.

Artigo 193. Clases de infraccións.

Artigo 194. Infraccións moi graves.

Artigo 195. Infraccións graves.

Artigo 196. Infraccións leves.

Artigo 197. Prescrición de infraccións.

Capítulo II. Sancións.

Artigo 198. Sancións administrativas ás entidades por infraccións moi graves.

Artigo 199. Sancións administrativas ás entidades por infraccións graves.

Artigo 200. Sancións administrativas ás entidades por infraccións leves.

Artigo 201. Responsabilidade en caso de fusión, cesión global de activo e pasivo ou escisión.

Artigo 202. Sancións por infraccións moi graves cometidas por partícipes, liquidadores, por quen, baixo calquera título, exerza a dirección efectiva e por quen desempeñe as funcións que integran o sistema de goberno.

Artigo 203. Sancións por infraccións graves cometidas por partícipes, liquidadores, por quen, baixo calquera título, exerza a dirección efectiva e por quen desempeñe as funcións que integran o sistema de goberno.

Artigo 204. Sancións por infraccións leves cometidas por partícipes, liquidadores, por quen, baixo calquera título, exerza a dirección efectiva e por quen desempeñe as funcións que integran o sistema de goberno.

Artigo 205. Criterios de gradación das sancións.

Artigo 206. Medidas inherentes á imposición de sancións administrativas.

Artigo 207. Concorrenza de procedementos administrativos e procesos penais.

Artigo 208. Exercicio de actividades e uso de denominacións reservadas ás entidades aseguradoras e reaseguradoras.

Artigo 209. Prescrición das sancións.

Capítulo III. Procedemento sancionador.

Artigo 210. Regulación do procedemento sancionador.

Artigo 211. Denuncia pública.

Artigo 212. Competencias administrativas.

Artigo 213. Prazos.

Disposición adicional primeira. Réxime aplicable aos Estados do Espazo Económico Europeo que non formen parte da Unión Europea.

Disposición adicional segunda. Establecemento e información sobre seguros obrigatorios.

Disposición adicional terceira. Validez da autorización administrativa en toda a Unión Europea.

Disposición adicional cuarta. Validez das autorizacións de ampliación de prestacións concedidas a mutualidades de previsión social.

Disposición adicional quinta. Información á Comisión Europea e á Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación sobre dificultades das entidades aseguradoras ou reaseguradoras españolas.

Disposición adicional sexta. Entidades con función especial.

Disposición adicional sétima. Revisión dos importes expresados en euros.

Disposición adicional oitava. Obrigas dos auditores de contas das entidades aseguradoras e reaseguradoras.

Disposición adicional novena. Actuarios de seguros.

Disposición adicional décima. Peritos de seguros, comisarios de avarías e liquidadores de avarías.

Disposición adicional décimo primeira. Concertos de entidades aseguradoras con organismos da Administración da Seguridade Social.

Disposición adicional décimo segunda. Comunicacións entre supervisores en materia de sancións.

Disposición adicional décimo terceira. Seguro de caución a favor de administracións públicas.

Disposición adicional décimo cuarta. Obrigas adicionais de información das entidades aseguradoras que operan no ramo de incendio e elementos naturais.

Disposición adicional décimo quinta. Bases técnicas e calibración dos riscos do seguro de decesos.

Disposición adicional décimo sexta. Introducción progresiva das autorizacións establecidas por esta lei e outras medidas de adaptación a Solvencia II.

Disposición adicional décimo sétima. Obrigatoriedade da comunicación a través de medios electrónicos.

Disposición adicional décimo oitava. Réxime de cálculo das provisións técnicas para efectos contables.

Disposición adicional décimo novena. Remisións normativas.

Disposición adicional vixésima. Reasignación de recursos.

Disposición transitoria primeira. Réxime das mutuas de seguros, mutualidades de previsión social e cooperativas a prima variable.

Disposición transitoria segunda. Réxime transitorio de adaptación ás contías mínimas de capital social e fondo mutual.

Disposición transitoria terceira. Procedementos administrativos en curso.

Disposición transitoria cuarta. Réxime transitorio nas condicións de exercicio das mutualidades de previsión social que non obtivesen autorización administrativa de ampliación de prestacións.

Disposición transitoria quinta. Réxime de determinadas operacións de seguro realizadas por mutualidades de previsión social ao abeiro do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro. Excepción de límites a prestacións en forma de capital.

Disposición transitoria sexta. Auxiliares asesores inscritos en 1 de xaneiro de 2016.

Disposición transitoria sétima. Réxime das prestacións sociais autorizadas ás mutualidades de previsión social ao abeiro do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro.

Disposición transitoria oitava. Réxime transitorio da actividade reaseguradora das federacións de mutualidades de previsión social.

Disposición transitoria novena. Réxime transitorio do capital mínimo obrigatorio.

Disposición transitoria décima. Ámbito de aplicación do réxime especial de solvencia.

Disposición transitoria décimo primeira. Entidades aseguradoras e reaseguradoras que a partir do 1 de xaneiro de 2016 non subscriban novos contratos.

Disposición transitoria décimo segunda. Vixencia temporal.

Disposición transitoria décimo terceira. Réxime transitorio das modificacións introducidas na Lei de contrato de seguro a través da disposición derradeira primeira desta lei.

Disposición derogatoria.

Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro.

Disposición derradeira segunda. Modificación da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Disposición derradeira terceira. Modificación da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.

Disposición derradeira cuarta. Modificación do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro.

Disposición derradeira quinta. Modificación da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

Disposición derradeira sexta. Modificación do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Disposición derradeira sétima. Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo.

Disposición derradeira oitava. Modificación do texto refundido do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2004, do 29 de outubro.

Disposición derradeira novena. Modificación do Real decreto legislativo 8/2004, do 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor.

Disposición derradeira décima. Modificación da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados.

Disposición derradeira décimo primeira. Modificación da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.

Disposición derradeira décimo segunda. Modificación da Lei 4/2014, do 1 de abril, básica das cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación.

Disposición derradeira décimo terceira. Modificación da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.

Disposición derradeira décimo cuarta. Título competencial.

Disposición derradeira décimo quinta. Incorporación de dereito da Unión Europea.

Disposición derradeira décimo sexta. Normas aplicables aos procedementos regulados nesta lei.

Disposición derradeira décimo sétima. Potestade regulamentaria.

Disposición derradeira décimo oitava. Medida transitoria sobre os tipos de xuro sen risco.

Disposición derradeira décimo novena. Medida transitoria sobre as provisións técnicas.

Disposición derradeira vixésima. Outras medidas transitorias.

Disposición derradeira vixésimo primeira. Entrada en vigor.

Anexo. Ramos de seguro.

PREÁMBULO

I

O papel esencial na economía que xogan o sector financeiro e, en particular, o sector asegurador, xustificou historicamente unha regulación e intervención pública maior ca noutros sectores. Desde a Lei do 14 de maio de 1908, que iniciou en España a ordenación do seguro privado, esta regulación caracterizouse historicamente pola súa función tutelar dos tomadores, asegurados, beneficiarios e terceiros prexudicados de contratos de seguro privado. A actividade aseguradora supón o intercambio dunha prestación presente e certa, a prima, por unha prestación futura e incerta, a indemnización. Esta situación exige garantir que cando eventualmente se produza o sinistro que motive o pagamento da indemnización, a entidade aseguradora estea en situación de poder facer fronte á súa obriga. Isto xustifica que a ordenación e supervisión das entidades aseguradoras polos poderes públicos resulte unha materia de interese público, para comprobar que manteñen unha situación de solvencia suficiente que lles permita cumprir o seu obxecto social.

O texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro, ata agora vixente, integrou de forma ordenada e harmonizada nun único texto as disposicións contidas na Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, e as reformas que posteriormente se introduciron na dita norma, motivadas ben pola incorporación de normas de dereito comunitario, ben pola necesidade de adaptala á constante evolución da actividade aseguradora.

Pola súa vez, o texto refundido foi modificado por sucesivas leis. En particular e de forma principal, pola Lei 5/2005, do 22 de abril, de supervisión dos conglomerados financeiros e pola que se modifican outras leis do sector financeiro; pola Lei 13/2007, do 2 de xullo, en materia de supervisión do reaseguro; e pola Lei 5/2009, do 29 de xuño, sobre reforma do réxime de participacións significativas en empresas de servizos de investimento, en entidades de crédito e en entidades aseguradoras.

Finalmente, cabe facer mención ás modificacións levadas a cabo pola disposición derradeira décimo cuarta da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, que continúan a liña de desenvolvemento e consolidación da regulación dos seguros privados.

A necesidade de incorporación do dereito comunitario de seguros e a adaptación normativa ao desenvolvemento do sector asegurador son tamén a razón de ser fundamental desta lei, que recolle aquelas disposicións da Directiva 2009/138/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, sobre o seguro de vida, o acceso á actividade de seguro e de reaseguro e o seu exercicio (en diante, Directiva Solvencia II), que requiren ser incorporadas a unha norma de rango legal, ao se trataren de importantes modificacións no esquema de supervisión da actividade aseguradora. Esta directiva foi modificada fundamentalmente pola Directiva 2014/51/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, pola que se modifican as directivas 2003/71/CE e 2009/138/CE e os regulamentos (CE) n.º 1060/2009, (UE) n.º 1094/2010 e (UE) n.º 1095/2010 no que respecta aos poderes da Autoridade Europea de Supervisión (Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación) e da Autoridade Europea de Supervisión (Autoridade Europea de Valores e Mercados) (Directiva Ómnibus II).

A magnitude de todos estes cambios aconsellou substituír o texto refundido vixente por unha nova lei que integre, de forma similar á refundición de normativa comunitaria levada a cabo pola Directiva Solvencia II, as disposicións que continúan vixentes, o novo sistema de solvencia e outras normas que se considerou necesario introducir, tendo en conta a evolución do mercado asegurador.

Agora ben, a transposición da directiva non remata na lei, xa que algunhas das súas disposicións se incorporarán á normativa española a través dun regulamento, no cal se desenvolverán, igualmente, algunhas previsións contidas nesta lei, sen prexuízo das medidas de execución que dite a Comisión Europea.

II

A Directiva Solvencia II supón un notable exercicio de harmonización que pretende facilitar o acceso e exercicio da actividade aseguradora e reaseguradora na Unión Europea mediante a eliminación das diferenzas máis importantes entre as lexislacións dos Estados membros e, por tanto, o establecemento dun marco legal dentro do cal as entidades aseguradoras e reaseguradoras poidan operar nun único mercado interior.

A Directiva Solvencia II articula unha concepción da solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras baseada en tres esteos que se reforzan mutuamente. O primeiro, constituído por regras uniformes sobre requirimentos de capital determinados en función dos riscos asumidos polas entidades, en consonancia cos desenvolvementos alcanzados en materia de xestión de riscos e coa evolución recente noutros sectores financeiros. Así, adóptase, para o sector asegurador europeo, un enfoque baseado no risco mediante a introdución de normas específicas sobre o capital económico. O segundo dos esteos está integrado por un novo sistema de supervisión co obxectivo de fomentar a mellora da xestión interna dos riscos polas entidades. O terceiro refírese ás exixencias de información e transparencia cara ao mercado sobre os aspectos clave dos riscos asumidos polas entidades e a súa forma de xestión.

Adicionalmente á introdución do novo sistema de solvencia baseado no risco e dos cambios que isto require na forma de xestión das entidades e na actuación das autoridades supervisoras, a Directiva Solvencia II efectúa unha consolidación, por refundición, do resto do ordenamento europeo en materia de seguros privados, salvo no referente ao seguro de automóviles, incorporando os contidos recollidos nas directivas que xa se traspuxeran no seu momento ao dereito español de seguros, como por exemplo, a Directiva 2001/17/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de marzo de 2001, relativa ao saneamento e á liquidación das compañías de seguros.

O esquema completouse cos desenvolvementos normativos e coas medidas de execución derivadas da nova estrutura de supervisión deseñada neste campo na Unión Europea polo establecemento da Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación, mediante o Regulamento (CE) n.º 1094/2010, do 24 de novembro, do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se crea unha Autoridade Europea de Supervisión (Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación), se modifica a Decisión 716/2009/CE e se derroga a Decisión 2009/79/CE da Comisión, que lle atribúe

importantes facultades de coordinación e decisorias en materia de supervisión e ordenación de seguros e reaseguros, logrando unha maior harmonización reguladora e unha mellor coordinación internacional e intersectorial.

As disposicións contidas nesta lei e no regulamento que a desenvolva, resultado da transposición da Directiva Solvencia II, deben ser integradas cos desenvolvementos normativos e coas medidas de execución ditadas pola Comisión Europea e pola Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación (AESPX) nun amplo conxunto de cuestións como a valoración de activos e pasivos, provisións técnicas, os fondos propios, o cálculo do capital de solvencia obrigatorio, modelos internos, o capital mínimo obrigatorio, as normas de investimento, o sistema de goberno, o capital adicional, a información para efectos de supervisión, a transparencia da autoridade supervisora, a solvencia dos grupos de entidades, así como a determinación da equivalencia dos réximes de terceiros países coas disposicións da Directiva Solvencia II.

III

A lei estrutúrase nun título preliminar e oito títulos, vinte disposicións adicionais, trece disposicións transitorias, unha disposición derogatoria, vinte e unha disposicións derradeiras e un anexo.

O título preliminar establece o seu obxecto, o ámbito de aplicación e as definicións aplicables para efectos desta lei. Identifícase como autoridade nacional de supervisión a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, sen prexuízo das facultades supervisoras e de regulación que se lle atribúen expresamente ao ministro de Economía e Competitividade nesta lei e no resto do ordenamento xurídico e das competencias que, se é o caso, lles correspondan ás comunidades autónomas.

O título I da lei refírese á distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas. Fíxanse determinadas funcións que lle corresponden ao ministro de Economía e Competitividade e recoñéceselle á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a capacidade normativa para emitir circulares de obrigado cumprimento no ámbito da supervisión de seguros e reaseguros.

Co fin de lograr os obxectivos de mellor protección dos tomadores, asegurados e beneficiarios, e ao abeiro do artigo 149.1.6.^a, 11.^a e 13.^a da Constitución, esta lei contén as bases da supervisión dos seguros e reaseguros privados. Isto exige certa uniformidade das normas reguladoras da supervisión da actividade aseguradora para facilitar a relación dunhas entidades aseguradoras españolas con outras, destas coas radicadas na Unión Europea e de todas elas cos mercados internacionais. Por isto, dada a importancia financeira do sector asegurador na economía, as comunidades autónomas que asumisen competencias en materia de supervisión de seguros e reaseguros privados deberán colaborar de forma máis estreita entre elas e coa Administración xeral do Estado.

IV

O título II da lei regula as condicións para a obtención da autorización administrativa como requisito previo para o acceso ao exercicio da actividade aseguradora ou reaseguradora en termos similares aos do seu precedente legislativo.

Tamén regula o réxime xurídico das mutuas de seguros, cooperativas de seguros e mutualidades de previsión social. Non obstante, para estas entidades mantense en vigor o réxime contido no texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, ata que se emprenda unha regulación específica das mutuas e, en particular, do seu réxime xurídico de disolución, transformación, fusión, escisión e cesión global de activo e pasivo.

En relación coas condicións de exercicio, esta lei regula no título III a exigencia dun eficaz sistema de goberno das entidades. Esta é unha das novidades da Directiva Solvencia II, que supón o recoñecemento de que algúns riscos só se poden ter en conta debidamente a través de exigencias en materia de goberno das entidades e non a través dos requisitos cuantitativos. O sistema de goberno inclúe as funcións fundamentais de

xestión do risco, cumprimento, auditoría interna e actuarial. Esta enumeración de funcións e a súa regulación, que se desenvolverá con máis detalle regulamentariamente, non obsta para que cada entidade decida libremente a maneira de organizalas ou decida articular outras funcións adicionais.

Dentro da xestión dos seus riscos, todas as entidades aseguradoras e reaseguradoras deben asumir como práctica habitual, integrándoa na súa estratexia de negocio, a avaliación interna e periódica das súas necesidades globais de solvencia atendendo ao seu perfil de risco específico. Así mesmo, con fins de transparencia, as entidades aseguradoras e reaseguradoras deben dar a coñecer, mediante a súa posta á disposición do público, polo menos unha vez ao ano, a información esencial sobre a súa situación financeira e de solvencia.

V

A avaliación da situación financeira das entidades aseguradoras e reaseguradoras débese basear en sólidos principios económicos e incorporar no proceso a información proporcionada polos mercados financeiros, así como os datos dispoñibles sobre os riscos asumidos. Segundo este enfoque, os requisitos de capital deben estar cubertos con fondos propios, que se deben clasificar de acordo con criterios de calidade, seguridade e dispoñibilidade.

O capital de solvencia obrigatorio calibrarase de tal modo que se garanta que se teñan en conta todos os riscos cuantificables aos que unha empresa de seguros ou de reaseguros está exposta e cubrirá as actividades existentes e as novas actividades que se espere realizar nos seguintes doce meses. En relación coa actividade existente, deberá cubrir exclusivamente as perdas inesperadas. O capital de solvencia obrigatorio será igual ao valor en risco dos fondos propios dunha empresa de seguros ou de reaseguros, cun nivel de confianza do 99,5 % a un horizonte temporal dun ano.

No ámbito de Solvencia II, os requirimentos de capital de solvencia deben comportar dous niveis de exixencia. Un, o capital de solvencia obrigatorio, variable en función do risco asumido pola entidade e baseado nun cálculo prospectivo; o outro, o capital mínimo obrigatorio, configurado como un nivel mínimo de seguridade por debaixo do cal nunca deberían descender os recursos financeiros. Ambos os dous requisitos de capital permiten delimitar a intervención gradual do supervisor para alcanzar un nivel uniforme de protección dos tomadores, asegurados e beneficiarios. A situación de normalidade cúmprese cando a entidade alcance con fondos propios o capital de solvencia obrigatorio. Non acadar o capital mínimo obrigatorio implicará a expulsión do mercado. Para as insuficiencias do capital de solvencia obrigatorio, a lei establece unha escala adecuada e de progresiva intensidade de intervención da autoridade supervisora.

Para o cálculo do capital de solvencia obrigatorio establécese unha fórmula estándar que adopta un enfoque modular, no cal se avalía primeiro a exposición individual a cada categoría de risco e posteriormente se agregan os valores resultantes tendo en conta, se é o caso, o efecto das correlacións existentes entre os distintos módulos de riscos e prevíndose métodos simplificados para o seu cálculo. A fórmula estándar para calcular o capital de solvencia obrigatorio pretende reflectir o perfil de risco da maior parte das empresas de seguros e reaseguros. Non obstante, é posible que, nalgúns casos, o enfoque normalizado non reflecta adecuadamente o perfil de risco moi específico dunha empresa. Para estes casos prevese a posibilidade de utilizar, logo de autorización administrativa, modelos internos, totais ou parciais.

Adicionalmente, a normativa prevé outros supostos de autorización administrativa tales como a utilización de parámetros específicos, fondos propios complementarios e axustes por casamento no cálculo da provisión técnica. Todo isto supón a necesidade de reforzar os recursos dispoñibles da autoridade de supervisión nacional, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

Establécese un réxime especial de solvencia para aquelas entidades que non superan os limiares que se dispoñan regulamentariamente. Estas entidades quedan excluídas do réxime xeral de Solvencia II, polo cal se lles aplican determinadas particularidades en

canto aos requisitos de solvencia, sistema de goberno e requisitos de información ao supervisor, que se desenvolverán por vía regulamentaria. A diferenza das entidades sometidas ao réxime xeral, as entidades que se acollen ao réxime especial de solvencia só poden actuar dentro do territorio nacional. Non obstante o anterior, estas entidades poden solicitar voluntariamente acollerse ao réxime xeral. A este réxime especial de solvencia pódense acoller, tamén, outras entidades aseguradoras con características moi concretas.

Entre as condicións de exercicio, recóllense diversos preceptos referentes ás condutas de mercado que deben respectar as entidades aseguradoras. Entre eles os que disciplinan as tarifas de primas, as bases técnicas e os servizos ou departamentos de atención ao cliente. No contexto do mercado único de seguros, esta lei garante que se poidan comercializar en España seguros ofrecidos por entidades doutros Estados membros, sempre que se cumpran as disposicións legais de interese xeral.

Na aplicación desta lei terase en conta o principio de proporcionalidade, que graduará o establecemento de requisitos e a súa complexidade atendendo ao perfil de risco das entidades e, en particular, á natureza, á escala e á complexidade das operacións de seguro ou reaseguro realizadas polas entidades, así como aos riscos inherentes ao seu modelo de negocio.

VI

Para que o obxectivo último da protección dos tomadores, asegurados e beneficiarios se poida materializar de forma efectiva, as previsións legais sobre a actuación das entidades aseguradoras e reaseguradoras débense complementar adecuadamente cunha supervisión eficaz. Desta forma, no título IV regúlase o conxunto de potestades e facultades que permitan á autoridade supervisora española de seguros velar polo exercicio ordenado da actividade, incluídas as funcións ou actividades externalizadas. Regúlase, en especial, a supervisión por inspección.

Co fin de garantir a eficacia da supervisión, as medidas adoptadas deben ser proporcionadas á natureza, á complexidade e á envergadura dos riscos inherentes á actividade das entidades aseguradoras ou reaseguradoras.

As entidades aseguradoras e reaseguradoras, individualmente consideradas, constitúen o elemento esencial da supervisión. Pero, a diferenza da lexislación anterior, esta lei dá un carácter máis substantivo, como suxeitos supervisados, aos grupos de entidades aseguradoras e reaseguradoras regulados no título V.

Unha importante novidade neste ámbito é a posibilidade de creación de grupos sen vinculación de capital, en particular, os grupos de mutuas de seguros.

A supervisión do grupo incluírá a avaliación da súa solvencia, das concentracións de risco e das operacións intragrupo. As entidades aseguradoras e reaseguradoras pertencentes a un grupo deben contar, tamén individualmente, cun sistema de goberno eficaz que debe estar suxeito a supervisión.

A lei fixa os supostos en que lle corresponderá á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ser o supervisor dun grupo internacional, así como as facultades de coordinación e decisión que lle corresponden neste caso. Así mesmo, regúlanse os colexios de supervisores, que inclúen mecanismos de cooperación, intercambio de información e consulta entre as autoridades de supervisión.

En todo caso, tanto para a supervisión de entidades individuais como de grupos de entidades, a lei asume como principio reitor a converxencia da actividade supervisora europea nos instrumentos e as prácticas de supervisión e atribúelle á Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación (AESPX) un importante papel na súa articulación.

VII

O título VI da lei recolle os mecanismos de que dispón a autoridade supervisora para afrontar situacións de deterioración financeira das entidades, incluíndo medidas de control

especial. O título VII recolle os procedementos de revogación, disolución e liquidación e, por último, o título VIII recolle o réxime de infraccións e sancións.

En materia de liquidación de entidades aseguradoras aclárase que as normas son imperativas, precísase o concepto de acredor por contrato de seguro con privilexio especial e recoñécenselles aos mutualistas e cooperativistas os mesmos dereitos que aos socios das sociedades de capital, en especial, o dereito de información e participación no patrimonio resultante da liquidación.

A lei resolve a posible confluencia das medidas de control especial cos procedementos concursais e establece que as entidades suxeitas ás primeiras non poderán solicitar declaración xudicial de concurso. Adicionalmente, o xuíz, antes de admitir o concurso, ten que solicitar informe á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións sobre a situación da entidade aseguradora.

Nas liquidacións polo Consorcio de Compensación de Seguros introdúcense certas modificacións respecto á compra de créditos con cargo aos seus recursos, especialmente en relación cos créditos laborais que pode anticipar, e regúlase tamén a súa participación nos procedementos concursais.

En relación co réxime de infraccións e sancións, axústanse os tipos infractores ás novas exixencias de acceso e exercicio á actividade, fíxanse con maior precisión os límites das sancións en forma de multa e incorpóranse precisións sobre o procedemento sancionador.

VIII

Mediante as disposicións adicionais establécese, entre outros asuntos, que os seguros obrigatorios se deberán fixar mediante unha norma con rango de lei. Recóllese a posibilidade de que as entidades con función especial soliciten a autorización administrativa para o exercicio das súas actividades en España. Fíxanse as obrigas dos auditores de contas en relación coas entidades aseguradoras e reaseguradoras. Inclúense normas relativas a profesións relacionadas coa actividade aseguradora, como son as dos actuarios de seguros e os peritos de seguros, comisarios de avarías e liquidadores de avarías. Establécese os requisitos para que o seguro de caución sexa admisible como garantía ante as administracións públicas. Así mesmo, establécese a obriga das entidades aseguradoras que operan no ramo de incendio e elementos naturais de subministrar determinada información para efectos de facilitar a liquidación e recadación das taxas polo mantemento do servizo de prevención e extinción de incendios e das contribucións especiais polo establecemento ou ampliación dos servizos de extinción de incendios. Remítese a regulación regulamentaria o réxime simplificado aplicable aos seguros de decesos en canto a bases técnicas, provisións e capital de solvencia obrigatorio. Establécese a data a partir da cal as entidades aseguradoras poderán presentar ante a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións solicitudes que sobre determinados aspectos requiren aprobación do supervisor, e as facultades atribuídas á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións relacionadas coa supervisión dos grupos de entidades. Encoméndanselle ao Consorcio de Compensación de Seguros dúas novas funcións de carácter informativo: por unha parte, a xestión do novo rexistro de seguros obrigatorios; por outra, a recompilación e subministración da información relativa á cobertura do ramo de incendios para efectos de mellorar a liquidación e recadación das taxas pola prestación do servizo de extinción de incendios e contribucións especiais polo establecemento ou ampliación do servizo de extinción de incendios. Por último, establécese que a obrigatoriedade de comunicación coa Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a través de medios electrónicos se poida establecer mediante circular.

En canto ás disposicións derradeiras, realízanse, entre outras, modificacións que afectan a Lei de contrato de seguro para especificar que, nos seguros persoais, o asegurado ou tomador non ten obriga de comunicar a variación das circunstancias relativas ao estado de saúde do asegurado, as cales en ningún caso se considerarán agravación do risco. Regúlanse por vez primeira nesta norma os seguros de decesos e de

dependencia e refórzase a libre elección do prestador de servizos nos seguros de decesos, asistencia sanitaria e dependencia.

Modifícanse a Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e a Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, para adecuar todas elas ao establecido na Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, do 11 de decembro de 2014, no asunto C-678/11, que declarou contraria á normativa europea a obriga dos fondos de pensións domiciliados noutro Estado membro da Unión Europea que desenvolvan en España plans de pensións de emprego suxeitos á lexislación española, e das entidades aseguradoras domiciliadas noutro Estado membro que operen en España en réxime de libre prestación de servizos, de designar un representante en España para efectos fiscais.

Introdúcese na Lei de ordenación da edificación, como alternativa á subscripción obrigatoria dun seguro, a obtención dunha garantía financeira que permita cubrir o mesmo risco. Ademais, dótase dunha maior seguridade xurídica a posición do adquirente da vivenda fronte ao promotor e elimínase, entre outros aspectos, o réxime actual baseado nun sistema dual de pólizas (pólizas colectivas e certificados individuais de seguros de caución). Tamén se introducen modificacións referidas á percepción de cantidades á conta do prezo durante a construción da Lei de ordenación da edificación.

Refórmase o texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións para mellorar a regulación dos fondos de pensións abertos, ampliando as súas posibilidades operativas, para favorecer as economías de escala e a diversificación das políticas de investimento e da xestión de investimentos. Abórdase a regulación da comisión de control do fondo aberto de emprego e, por último, establécese que nas mutualidades de previsión social que actúen como sistema alternativo á alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos non se poderán facer efectivos os dereitos económicos dos produtos ou seguros utilizados para tal función nos supostos de liquidez previstos.

Polo que respecta ao Consorcio de Compensación de Seguros, introdúcese modificacións que afectan, en primeiro lugar, o seu estatuto legal. Destaca a ampliación da recarga do seguro de riscos extraordinarios aos seguros obrigatorios de responsabilidade civil de vehículos automóbiles, o que dará lugar á cobertura correspondente. Así mesmo, habilítase o Consorcio para informar os acredores por contrato de seguro en relación cos procesos de liquidación de entidades aseguradoras domiciliadas noutro Estado membro da Unión Europea no que afecte exclusivamente os contratos de seguro que celebren en España. En materia de liquidación de entidades aseguradoras polo Consorcio de Compensación de Seguros introdúcese modificacións en relación coas normas substantivas e de procedemento para reforzar os mecanismos de liquidación administrativa en beneficio dos acredores por contrato de seguro. Por último, actualízase a regulación da actuación do Consorcio nos procedementos concursais, para compasala ás modificacións que houbo na Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal. Establécese a obrigatoriedade de adhesión aos convenios de indemnización directa regulados polo Real decreto lexislativo 8/2004, do 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, para os danos materiais. Para axilizar a asistencia aos lesionados de tráfico, as entidades aseguradoras poderanse adherir a convenios sectoriais de asistencia sanitaria para lesionados de tráfico e a convenios de indemnización directa de danos persoais.

Modifícase a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados. Suprímese o rexistro de auxiliares asesores. Unifícase a terminoloxía do auxiliar, que pasa a denominarse «colaborador», elimínase a diferenza entre auxiliar asesor e auxiliar externo, e establécese que as funcións do colaborador, así como o feito de que asesore ou non, se determinen no contrato entre o mediador e o seu colaborador. Por outra banda, o corredor, para realizar unha análise obxectiva, deberá presentar un número suficiente de contratos adecuado a cada operación.

Finalmente, refórmase a Lei 4/2014, do 1 de abril, básica das cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación, para regular con maior amplitude os supostos de imposibilidade de funcionamento normal das cámaras como consecuencia dun desequilibrio financeiro.

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

CAPÍTULO I

Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1. *Obxecto e finalidade da lei.*

Esta lei ten por obxecto a regulación e supervisión da actividade aseguradora e reaseguradora privada, incluíndo as condicións de acceso e exercicio e o réxime de solvencia, saneamento e liquidación das entidades aseguradoras e reaseguradoras, coa finalidade principal de protexer os dereitos dos tomadores, asegurados e beneficiarios, así como de promover a transparencia e o desenvolvemento adecuado da actividade aseguradora.

Artigo 2. *Ámbito subxectivo de aplicación.*

Quedan sometidas aos preceptos desta lei:

- a) As entidades aseguradoras e reaseguradoras con domicilio social en España, así como as sucursais establecidas en España de entidades aseguradoras e reaseguradoras domiciliadas en terceiros países.
- b) Os grupos de entidades aseguradoras e reaseguradoras.
- c) As persoas físicas ou xurídicas que, baixo calquera título, desempeñen cargos de administración ou dirección das entidades aseguradoras e reaseguradoras.
- d) Os profesionais e entidades que desempeñen algunha das funcións previstas nesta lei ou nas súas disposicións complementarias de desenvolvemento.
- e) Os liquidadores de entidades aseguradoras e reaseguradoras.
- f) As organizacións constituídas con ánimo de permanencia para a distribución da cobertura de riscos ou a prestación ás entidades aseguradoras e reaseguradoras de servizos comúns relacionados coa actividade aseguradora ou reaseguradora, calquera que sexa a súa natureza e forma xurídica.
- g) As demais persoas para quen se estableza algunha prohibición ou mandato nesta lei.

Artigo 3. *Ámbito obxectivo de aplicación.*

1. Quedan sometidas aos preceptos desta lei:

- a) As actividades de seguro directo de vida e de seguro directo distinto do seguro de vida.
- b) As actividades de reaseguro.
- c) As operacións preparatorias ou complementarias das de seguro que practiquen as entidades aseguradoras e reaseguradoras.
- d) As actividades de prevención de danos vinculadas á actividade aseguradora.
- e) Calquera outra actividade cando se estableza expresamente nunha norma con rango de lei.

2. A actividade aseguradora e reaseguradora axustarase ao disposto nesta lei:
 - a) Cando sexa realizada polas entidades, grupos e persoas previstos no artigo 2.
 - b) Cando sexa realizada en España por entidades aseguradoras e reaseguradoras domiciliadas noutro Estado membro da Unión Europea (en diante, outro Estado membro).

Artigo 4. *Actividades excluídas.*

1. Quedan expresamente excluídos do ámbito de aplicación desta lei o réxime xeral e os réximes especiais que integran o sistema de Seguridade Social obrigatoria.

2. Tampouco quedan sometidas a esta lei as seguintes operacións e actividades:
 - a) As de seguro de crédito á exportación por conta ou coa garantía do Estado, ou cando o Estado sexa o asegurador.
 - b) As de reaseguro exercidas ou plenamente garantidas polo goberno dun Estado membro, cando por motivos de interese público actúe en calidade de reasegurador de último recurso, incluíndo aquelas circunstancias en que esta actuación se requira por unha situación no mercado tal que non resulte posible obter nel cobertura adecuada.
 - c) As de xestión de fondos de pensións, rexidas polo texto refundido da Lei de regulación de plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, que estarán reservadas ás entidades xestoras de fondos de pensións.
 - d) As efectuadas por organizacións sen personalidade xurídica que teñan por obxecto a garantía mutua dos seus membros, sen dar lugar ao pagamento de primas nin á constitución de provisións técnicas.
 - e) As realizadas polos organismos de previsión e de asistencia que concedan prestacións variables segundo os recursos dispoñibles e que exixan aos seus partícipes unha contribución a prezo fixado.
 - f) As efectuadas por organismos distintos de entidades aseguradoras cuxo obxecto sexa subministrar aos traballadores, por conta allea ou por conta propia, agrupados no marco dunha empresa ou dun grupo de empresas ou dun sector profesional ou interprofesional, prestacións en caso de morte, en caso de vida ou en caso de cesamento ou de redución de actividades, independentemente de que os compromisos que resulten destas operacións estean ou non cubertos integramente e en todo momento por provisións matemáticas.
3. Non estarán suxeitas aos títulos I a V as entidades aseguradoras e reaseguradoras cuxa liquidación se lle encomendase ao Consorcio de Compensación de Seguros.

Artigo 5. *Operacións prohibidas ás entidades aseguradoras.*

1. Quedan prohibidas ás entidades aseguradoras as seguintes operacións:
 - a) As que carezan de base técnica actuarial.
 - b) Calquera outra actividade comercial e a prestación de garantías distintas das propias da actividade aseguradora. Non se entenderá incluída en tal prohibición a colaboración con entidades non aseguradoras para a distribución dos servizos producidos por estas.
 - c) As actividades de mediación en seguros privados definidas na súa normativa específica.
2. A realización por unha entidade aseguradora das actividades previstas neste artigo determinará a súa nulidade de pleno dereito.

CAPÍTULO II

Definicións

Artigo 6. *Entidades.*

Para os efectos do establecido nesta lei e nas demais disposicións reguladoras da supervisión e contratación dos seguros privados, entenderase por:

1. Entidade aseguradora: unha entidade autorizada para realizar, conforme o disposto por esta lei ou pola lexislación doutro Estado membro, actividades de seguro directo de vida ou de seguro directo distinto do seguro de vida.

2. Entidade aseguradora cativa: entidade aseguradora propiedade dunha entidade non financeira, ou dunha entidade financeira que non sexa unha entidade aseguradora ou reaseguradora ou forme parte dun grupo de entidades aseguradoras ou reaseguradoras, definido no artigo 131.1.f), e que ten por obxecto ofrecer cobertura de seguro exclusivamente para os riscos da entidade ou entidades ás cales pertence ou dunha ou varias entidades do grupo de que forma parte.

3. Entidade aseguradora domiciliada nun terceiro país: unha entidade aseguradora que, se tiver o seu domicilio social nalgún Estado membro, estaría obrigada, de acordo coas disposicións dese Estado, a obter unha autorización para realizar a actividade aseguradora.

4. Entidade reaseguradora: unha entidade que recibise autorización de acordo co disposto nesta lei, ou conforme a lexislación doutro Estado membro, para realizar actividades de reaseguro.

5. Entidade reaseguradora cativa: entidade reaseguradora propiedade dunha entidade non financeira, ou dunha entidade financeira que non sexa unha entidade aseguradora ou reaseguradora ou forme parte dun grupo de entidades aseguradoras ou reaseguradoras, definido no artigo 131.1.f), e que ten por obxecto ofrecer cobertura de reaseguro exclusivamente para os riscos da entidade ou entidades ás cales pertence ou dunha ou varias entidades do grupo de que forma parte.

6. Entidade reaseguradora domiciliada nun terceiro país: unha entidade que, se tiver o seu domicilio social nun Estado membro, estaría obrigada, de acordo coas disposicións dese Estado, a obter unha autorización para realizar a actividade reaseguradora.

7. Reaseguro: a actividade consistente na aceptación de riscos cedidos por unha entidade aseguradora ou por unha entidade reaseguradora, incluídas as entidades aseguradoras ou reaseguradoras domiciliadas en terceiros países.

8. Reaseguro limitado: reaseguro en que o potencial máximo de perda explícito, expresado en termos de risco económico máximo transferido, derivado tanto dun risco de subscripción significativo como da transferencia dun risco temporal, supera a prima durante a totalidade do período de vixencia do contrato por unha contía limitada pero significativa, xunto con, polo menos, unha das seguintes características:

- a) Consideración explícita e material do valor temporal do diñeiro.
- b) Disposicións contractuais que moderen o equilibrio da experiencia económica entre as partes no tempo, co fin de lograr a transferencia de risco prevista.

9. Entidade financeira, calquera das seguintes:

- a) Unha entidade de crédito, unha empresa financeira ou unha empresa de servizos bancarios auxiliares, segundo se regulan na normativa de entidades de crédito.
- b) Unha entidade aseguradora, unha entidade reaseguradora, ou unha sociedade de carteira de seguros das definidas no artigo 131.1.i).
- c) Unha empresa de servizos de investimento ou unha sociedade financeira, segundo se regulan na normativa de servizos de investimento.

d) Unha sociedade financeira mixta de carteira consonte o artigo 2.7 da Lei 5/2005, do 22 de abril, de supervisión dos conglomerados financeiros e pola que se modifican outras leis do sector financeiro.

10. Entidade con función especial: entidade, dotada ou non de personalidade xurídica, distinta dunha entidade aseguradora ou reaseguradora existente, que asuma riscos de entidades aseguradoras ou reaseguradoras e financie plenamente a súa exposición a estes riscos a través dunha emisión de débeda ou dalgún outro mecanismo de financiamento en que os dereitos de reembolso dos provedores da dita débeda ou outro mecanismo de financiamento estean subordinados ás obrigas de reaseguro da dita entidade.

11. Contraparte central autorizada: unha contraparte central que foi autorizada pola autoridade competente do Estado membro en que estea establecida ou ben, cando se encontre establecida nun terceiro país, se foi recoñecida pola Autoridade Europea de Valores e Mercados (AEVM).

12. Axencia de cualificación crediticia externa: unha axencia de cualificación crediticia recoñecida, certificada e rexistrada como tal ou un banco central que emita cualificacións crediticias.

13. Oficina nacional: organización profesional que está constituída de acordo coa Recomendación n.º 5, adoptada o 25 de xaneiro de 1949 polo Subcomité de Transportes por Estrada do Comité de Transportes Interiores da Comisión Económica para Europa da Organización das Nacións Unidas, e que agrupa as entidades aseguradoras que obtivesen nun Estado autorización para operar no ramo de responsabilidade civil en vehículos terrestres automóbiles.

En España é oficina nacional a Oficina Española de Aseguradores de Automóbiles (Ofesauto).

14. Fondo nacional de garantía: organismo creado por cada Estado membro, de acordo coas súas propias disposicións legais, regulamentarias e administrativas, que ten como misión reparar, polo menos ata os límites da obriga do aseguramento, os danos materiais ou corporais causados por un vehículo non identificado ou polo cal non fose satisfeita a obriga de aseguramento.

En España é fondo nacional de garantía o Consorcio de Compensación de Seguros.

Artigo 7. *Autoridade de supervisión nacional.*

Para os efectos do establecido nesta lei e nas demais disposicións reguladoras da supervisión e contratación dos seguros privados, entenderase por autoridade de supervisión a autoridade nacional facultada conforme a lexislación do seu Estado para supervisar entidades aseguradoras e reaseguradoras.

A autoridade de supervisión nacional, facultada para supervisar entidades aseguradoras e reaseguradoras nos termos desta lei, é a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, sen prexuízo das facultades atribuídas directamente ao ministro de Economía e Competitividade, e das competencias que, se é o caso, correspondan ás comunidades autónomas.

Artigo 8. *Estado membro de orixe, Estado membro de acollida e actividades en réxime de dereito de establecemento e de libre prestación de servizos.*

Para os efectos do establecido nesta lei e nas demais disposicións reguladoras da supervisión e contratación dos seguros privados, entenderase por:

1. Estado membro de orixe:

a) O Estado membro en que estea situado o domicilio social da entidade aseguradora que cubra o risco, nos seguros distintos do seguro de vida, ou que contraia o compromiso, nos seguros de vida.

b) O Estado membro en que estea situado o domicilio social da entidade reaseguradora, no caso do reaseguro.

2. Estado membro de acollida:

a) O Estado membro, distinto do de orixe, en que estea situada a sucursal que cubra o risco ou contraia o compromiso.

b) O Estado membro, distinto do de orixe, en que a entidade aseguradora ou reaseguradora preste servizos; en caso de seguros de vida enténdese por Estado membro de prestación de servizos aquel en que se contraia o compromiso e, no caso de seguros distintos do de vida, aquel en que estea localizado o risco.

3. Estado membro de localización do risco:

a) O Estado membro en que se encontren os bens, cando o seguro se refira a inmoables, ou ben a estes e ao seu contido, se este último está cuberto pola mesma póliza de seguro.

Cando o seguro se refira a bens mobles que se encontren nun inmovible, e para efectos dos tributos e recargas legalmente exixibles, o Estado membro en que se encuentre situado o inmovible, mesmo se este e o seu contido non están cubertos pola mesma póliza de seguro, con excepción dos bens en tránsito comercial.

b) O Estado membro de matriculación, cando o seguro se refira a vehículos de calquera natureza.

c) O Estado membro en que o tomador do seguro asinase o contrato, se a súa duración é inferior ou igual a catro meses e se refire a riscos que sobreveñan durante unha viaxe ou fóra do domicilio habitual do tomador do seguro, calquera que sexa o ramo afectado.

d) En todos os casos non expresamente recollidos nas letras anteriores, aquel en que o tomador do seguro teña a súa residencia habitual ou, se for unha persoa xurídica, aquel en que se encuentre o seu domicilio social ou a sucursal a que se refire o contrato.

4. Estado membro do compromiso: o Estado membro en que o tomador do seguro teña a súa residencia habitual, se é unha persoa física, ou o seu domicilio social ou unha sucursal, no caso de que o contrato se refira a esta última, se é unha persoa xurídica.

5. Establecemento: o domicilio social ou a sucursal dunha entidade.

6. Sucursal: todo establecemento dunha entidade aseguradora ou reaseguradora que estea situado no territorio dun Estado membro distinto do de orixe.

Asimilarase a unha sucursal toda presenza permanente dunha entidade aseguradora domiciliada noutro Estado membro, aínda que esta presenza non adopte a forma dunha sucursal e se exerza mediante unha oficina administrada polo propio persoal daquela ou por unha persoa independente, pero con poderes para actuar permanentemente por conta da entidade aseguradora como o faría unha sucursal.

7. Sucursais de entidades aseguradoras ou reaseguradoras de terceiros países: toda presenza permanente no territorio dun Estado membro dunha entidade aseguradora ou reaseguradora domiciliada fóra da Unión Europea, que estea autorizada e realice operacións de seguros ou reaseguros nese Estado membro.

8. Réxime de dereito de establecemento: a actividade desenvolvida nun Estado membro por unha sucursal establecida nel dunha entidade aseguradora ou reaseguradora domiciliada noutro Estado membro.

9. Réxime de libre prestación de servizos: a actividade desenvolvida por unha entidade aseguradora ou reaseguradora domiciliada nun Estado membro desde o seu domicilio social, ou desde unha sucursal daquela noutro Estado membro, consistente en cubrir un risco, contraer un compromiso ou realizar actividades de reaseguro nun Estado membro distinto.

Artigo 9. *Relacións de participación ou control entre entidades.*

Para os efectos desta lei e das demais disposicións reguladoras da supervisión e contratación dos seguros privados, e sen prexuízo do establecido no artigo 131.1, entenderase por:

1. Entidade matriz: aquela entidade que posúa ou poida posuír, directa ou indirectamente, o control doutra ou doutras.

2. Entidade filial: aquela entidade sobre a cal unha entidade matriz posúa ou poida posuír, directa ou indirectamente, o control.

3. Control: a relación existente entre unha entidade matriz e unha filial ou unha relación da mesma natureza entre calquera persoa física ou xurídica e unha empresa, nas situacións previstas no artigo 42 do Código de comercio e nas súas disposicións de desenvolvemento.

4. Participación: a posesión, de maneira directa ou mediante un vínculo de control, dunha porcentaxe igual ou superior ao 20 por 100 dos dereitos de voto ou do capital dunha empresa.

5. Participación significativa nunha entidade aseguradora ou reaseguradora: a posesión nunha entidade aseguradora ou reaseguradora, de maneira directa ou indirecta, de polo menos un 10 por 100 do capital ou dos dereitos de voto ou calquera outra posibilidade de exercer unha influencia notable na xestión da entidade.

6. Vínculos estreitos: toda relación entre dúas ou máis persoas físicas ou xurídicas se están unidas a través dunha participación ou mediante un vínculo de control. Así mesmo, a situación en que dúas ou máis persoas físicas ou xurídicas, entre as cales se encontre unha entidade aseguradora ou reaseguradora, estean vinculadas, de forma duradeira, a unha mesma persoa física ou xurídica por un vínculo de control.

7. Participacións en entidades financeiras e de crédito:

a) As participacións que posúan as empresas de seguros e de reaseguros en:

1.º Entidades de crédito e entidades financeiras, para efectos do artigo 1 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito;

2.º Empresas de servizos de investimento, para efectos do artigo 62 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

b) Os créditos subordinados e os instrumentos recollidos na parte segunda, título I, capítulo 4, do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e as empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012, que posúan as empresas de seguros e de reaseguros fronte ás entidades definidas na anterior letra a) en que teñan participacións.

Artigo 10. *Mercados regulados.*

Para os efectos do establecido nesta lei e nas demais disposicións reguladoras da supervisión e contratación dos seguros privados, entenderase por mercados regulados:

1. Os mercados secundarios oficiais españois definidos no artigo 31 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e os recoñecidos como mercados regulados pola lexislación doutro Estado membro.

2. No caso de mercados situados nun terceiro país, os que satisfagan exixencias comparables ás dos mercados regulados indicados no punto anterior, e nos cales os instrumentos financeiros negociados teñan unha calidade comparable á dos instrumentos negociados nos mercados regulados situados na Unión Europea.

Artigo 11. *Grandes riscos.*

Para os efectos do establecido nesta lei e nas demais disposicións reguladoras da supervisión e contratación dos seguros privados, entenderase por contratos de seguro de grandes riscos os seguintes:

a) Os de vehículos ferroviarios, vehículos aéreos, vehículos marítimos, lacustres e fluviais, mercadorías transportadas (comprendidas as equipaxes e demais bens transportados), a responsabilidade civil en vehículos aéreos (comprendida a responsabilidade do transportista) e a responsabilidade civil de vehículos marítimos, lacustres e fluviais (comprendida a responsabilidade civil do transportista).

b) Os de crédito e de caución cando o tomador e o asegurado exerzan a título profesional unha actividade industrial, comercial ou liberal e o risco se refira a esta actividade.

c) Os de vehículos terrestres (non ferroviarios), incendio e elementos naturais, outros danos aos bens, responsabilidade civil en vehículos terrestres automóbiles (comprendida a responsabilidade do transportista), responsabilidade civil en xeral e perdas pecuniarias diversas, sempre que o tomador supere os límites de, polo menos, dous dos tres criterios seguintes:

Activo total do balance: 6.200.000 euros.

Importe neto do volume de negocios: 12.800.000 euros.

Número medio de empregados durante o exercicio: 250 empregados.

Se o tomador do seguro forma parte dun grupo de sociedades cuxas contas consolidadas se establezan de acordo co disposto nos artigos 42 a 49 do Código de comercio, os criterios mencionados anteriormente aplicaranse sobre a base das contas consolidadas.

Artigo 12. *Coaseguro comunitario.*

Para os efectos do establecido nesta lei e nas demais disposicións reguladoras da supervisión e contratación dos seguros privados, entenderase por operacións de coaseguro comunitario as que reúnan as seguintes condicións:

1. Que dean lugar á cobertura dun ou máis riscos que se poidan cualificar como grandes riscos.

2. Que participen na cobertura do risco varias entidades aseguradoras, unha das cales será a entidade aseguradora abridora, de forma non solidaria, en calidade de coaseguradoras, por medio dun contrato único, mediante unha prima global e para unha mesma duración.

3. Que cubran riscos localizados na Unión Europea.

4. Que, para os efectos da cobertura do risco, a entidade aseguradora abridora estea habilitada para cubrir a totalidade do risco.

5. Que polo menos unha das entidades coaseguradoras participe no contrato por medio do seu domicilio social ou dunha sucursal establecida nun Estado membro distinto do Estado da entidade aseguradora abridora.

6. Que a entidade aseguradora abridora asuma plenamente as funcións que lle corresponden no coaseguro e, en particular, determine as condicións de seguro e de tarificación.

Artigo 13. *Sistema de goberno e externalización de funcións.*

Para os efectos do establecido nesta lei e nas demais disposicións reguladoras da supervisión dos seguros privados, entenderase por:

1. Función: nun sistema de goberno, a capacidade dunha entidade aseguradora ou reaseguradora para levar a cabo determinadas tarefas do goberno da entidade.

2. Sistema de goberno da entidade: estrutura organizativa transparente e apropiada, cunha clara distribución e unha adecuada separación de funcións, un sistema eficaz para garantir a transmisión de información, que garanta a xestión sa e prudente da actividade e os mecanismos eficaces de control interno dunha entidade aseguradora ou reaseguradora, que inclúen as seguintes funcións fundamentais: a función de xestión de riscos, a función de verificación do cumprimento, a función de auditoría interna e a función actuarial.

3. Externalización de funcións: calquera tipo de acordo celebrado entre unha entidade aseguradora ou reaseguradora e un terceiro, xa sexa ou non unha entidade suxeita a supervisión, en virtude do cal este, directamente ou por subcontratación, realiza unha actividade ou unha función que, noutras circunstancias, realizaría a propia entidade aseguradora ou reaseguradora.

Artigo 14. *Riscos.*

Para os efectos do establecido nesta lei e nas demais disposicións reguladoras da supervisión e contratación dos seguros privados, entenderase por:

1. Risco de subscrición: o risco de perda ou de modificación adversa do valor dos compromisos derivados da actividade aseguradora, debido á inadecuación das hipóteses de tarificación e constitución de provisións.

2. Risco de mercado: o risco de perda ou de modificación adversa da situación financeira resultante, directa ou indirectamente, de flutuacións no nivel e na volatilidade dos prezos de mercado dos activos, pasivos e instrumentos financeiros.

3. Risco de crédito: o risco de perda ou de modificación adversa da situación financeira resultante de flutuacións na solvencia dos emisores de valores, das contrapartes e de calquera debedor ao cal están expostas as entidades aseguradoras e reaseguradoras, en forma de risco de incumprimento da contraparte, risco de diferencial ou concentración de risco de mercado.

4. Risco operacional: o risco de perda derivado da inadecuación ou da disfunción de procesos internos, do persoal ou dos sistemas, ou de sucesos externos.

5. Risco de liquidez: o risco de que as entidades aseguradoras e reaseguradoras non poidan realizar os investimentos e demais activos co fin de facer fronte ás súas obrigas financeiras no momento do vencemento.

6. Risco de concentración: toda exposición a riscos que comporte unha perda potencial suficientemente importante como para poñer en perigo a solvencia ou a situación financeira das entidades aseguradoras e reaseguradoras.

7. Técnicas de redución do risco: todas as que permiten ás entidades aseguradoras e reaseguradoras transferir unha parte ou a totalidade dos seus riscos a terceiros.

8. Efectos de diversificación: a redución da exposición ao risco das entidades aseguradoras e reaseguradoras, e dos seus grupos, relacionada coa diversificación das súas actividades, e resultante da posibilidade de compensar o resultado negativo dun risco co resultado máis favorable doutro risco, cando non exista unha total correlación entre estes riscos.

9. Previsión de distribución de probabilidade: unha función matemática que asigna a un conxunto exhaustivo de sucesos futuros mutuamente excluíntes unha probabilidade de realización.

10. Medida do risco: unha función matemática que asigna un valor monetario a unha determinada previsión de distribución de probabilidade e que crece monotonamente co nivel de exposición ao risco subxacente a esa previsión de distribución de probabilidade.

Artigo 15. *Medidas de saneamento e procedementos de liquidación.*

Para os efectos do establecido nesta lei, e nas demais disposicións reguladoras da supervisión e contratación dos seguros privados, entenderase por:

1. Autoridades competentes: as autoridades administrativas ou xudiciais dos Estados membros competentes en materia de medidas de saneamento ou de procedementos de liquidación.

2. Medidas de saneamento: aquelas que, implicando a actuación das autoridades competentes, estean destinadas a manter ou restablecer a situación financeira da entidade aseguradora ou reaseguradora e afecten os dereitos preexistentes de terceiros alleos á propia entidade.

3. Medidas de control especial: aquelas que, implicando a actuación das autoridades competentes, estean destinadas a controlar e revertir a situación de deterioración financeira ou de xestión da entidade e sexan necesarias para salvagardar as obrigas que deriven dos contratos de seguro, de reaseguro, así como calquera outro interese da propia entidade que poida afectar a súa solvencia ou viabilidade.

4. Procedemento de liquidación: o procedemento colectivo que supoña a liquidación dos activos e a distribución do produto da liquidación entre os acredores, accionistas ou socios, segundo proceda, e que implique algún tipo de actuación da autoridade administrativa ou xudicial, estea ou non fundamentado na insolvencia e teña carácter voluntario ou obrigatorio.

5. Administrador provisional: toda persoa ou órgano nomeado polas autoridades competentes dun Estado membro para administrar as medidas de saneamento.

6. Liquidador: toda persoa ou órgano nomeado polas autoridades competentes ou polos órganos sociais da entidade aseguradora para xestionar os procedementos de liquidación.

7. Compromiso por contrato de seguro: todo compromiso que unha entidade aseguradora contraia con asegurados, tomadores de seguros, beneficiarios ou terceiros prexudicados con dereito de acción directa contra a entidade aseguradora, e que teña a súa orixe nun contrato de seguro ou en calquera operación prevista no anexo B), letra a), números 2, 3 e 4, desta lei, no ámbito do seguro directo, incluídos aqueles en que aínda se descoñezan determinados elementos da débeda.

TÍTULO I

Órganos de supervisión e competencias

CAPÍTULO I

Competencias da Administración xeral do Estado

Artigo 16. *Competencias de supervisión da Administración xeral do Estado.*

1. As competencias da Administración xeral do Estado na supervisión das entidades aseguradoras e reaseguradoras e no desenvolvemento ordenado dos mercados de seguros e reaseguros serán exercidas polo ministro de Economía e Competitividade e pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, nos termos fixados nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, sen prexuízo das funcións que corresponden ás comunidades autónomas no ámbito das súas competencias.

2. En materia de regulación e supervisión dos seguros privados correspóndelle ao ministro de Economía e Competitividade:

- a) Autorizar o acceso á actividade aseguradora e reaseguradora, e a súa revogación.
- b) Autorizar o cálculo do capital de solvencia obrigatorio utilizando un modelo interno.
- c) Autorizar a constitución, modificación e disolución de grupos mutuais.
- d) Aprobar normas sobre transparencia de mercado e protección dos dereitos dos usuarios no ámbito dos seguros.
- e) Acordar a disolución administrativa das entidades aseguradoras e reaseguradoras e, se é o caso, encomendar a súa liquidación ao Consorcio de Compensación de Seguros.
- f) Impoñer as sancións por infraccións moi graves nos termos dispostos no título VIII.

g) Autorizar as cesións de carteira, as modificacións estruturais e, de ser o caso, as agrupacións e unións temporais das entidades aseguradoras e reaseguradoras, reguladas no capítulo VI do título III, sen prexuízo do previsto na Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, en relación co control de concentracións económicas, e nas disposicións comunitarias aplicables.

h) O exercicio daquelas potestades que lle atribúan esta lei e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 17. *Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.*

1. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións formará parte, na súa condición de autoridade supervisora española, da Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación (AESPX), conforme o disposto no Regulamento n.º 1094/2010, do 24 de novembro, do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se crea unha autoridade europea de supervisión.

No exercicio das funcións de supervisión encomendadas por esta lei e polas súas normas de desenvolvemento, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións analizará e, se é o caso, tomará en consideración as directrices e recomendacións emanadas da Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación. Cando a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións se aparte desas directrices ou recomendacións, farao mediante resolución motivada.

2. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá ditar disposicións en desenvolvemento da normativa de seguros que estea contida en reais decretos ou en ordes do ministro de Economía e Competitividade, sempre que estas normas a habiliten de modo expreso para iso, logo de informe da Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións.

Tales disposicións recibirán a denominación de circulares, tramitaranse polo procedemento regulado no artigo 24 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, serán publicadas no «Boletín Oficial del Estado» e entrarán en vigor conforme o disposto no ordinal primeiro do artigo 2 do Código civil.

3. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, a través da súa sede electrónica, promoverá a difusión de tanta información sexa necesaria para asegurar a consecución dos fins establecidos nesta lei e a tramitación dos procedementos que lle competen por vía electrónica.

4. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións elaborará e dará publicidade a un informe anual en que se reflecta a súa actividade supervisora e a situación xeral dos mercados de seguros e fondos de pensións.

5. As resolucións que dite a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións no exercicio das potestades administrativas que se lle confiren nesta lei serán susceptibles de recurso ante o ministro de Economía e Competitividade, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 18. *Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións.*

1. A Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións é o órgano colexiado administrativo asesor do Ministerio de Economía e Competitividade nos asuntos concernentes á regulación e supervisión dos seguros privados, do reaseguro, dos plans e fondos de pensións e da mediación en seguros e reaseguros.

2. Correspóndelle á Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións:

a) Emitir informe sobre os proxectos de disposicións de carácter xeral sobre materias directamente relacionadas cos seguros privados, reaseguro, plans e fondos de pensións e a mediación en seguros e reaseguros, co obxecto de facer efectivo o principio de audiencia dos sectores afectados no procedemento de elaboración de tales disposicións. O informe que emita non será vinculante.

- b) Realizar os estudos e informes que lle sexan solicitados polo seu presidente.
- c) Formular recomendacións xerais ou de carácter particular nas materias sinaladas na letra a) e en relación cos seguros obrigatorios.

3. A Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións será presidida polo director xeral de Seguros e Fondos de Pensións e dela formarán parte, como vogais, representantes da Administración xeral do Estado, asegurados e usuarios, partícipes de plans de pensións, entidades aseguradoras, entidades xestoras de fondos de pensións, mediadores de seguros, organizacións sindicais e empresariais, corporacións de prestixio relacionadas co seguro privado, actuarios, peritos de seguros e comisarios de avarías, na forma e coa composición que regulamentariamente se determine.

Ademais, o presidente poderá solicitar a asistencia doutras persoas ou entidades en condición de expertos, segundo a natureza dos asuntos que se vaian tratar.

4. A Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións será convocada nos supostos en que a lei prevé que se lle consulte e cando así o decida o seu presidente.

5. En defecto das normas contidas nesta lei e no seu regulamento de desenvolvemento, así como doutras que se poidan establecer para complementar o seu réxime e funcionamento, a Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións rexerese polas normas sobre funcionamento dos órganos colexiados previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e polas demais disposicións de dereito administrativo común aplicables a este tipo de órganos.

CAPÍTULO II

Competencias das comunidades autónomas

Artigo 19. *Distribución de competencias.*

1. As comunidades autónomas que, de acordo cos seus estatutos de autonomía, asumisen competencias na ordenación de entidades aseguradoras e reaseguradoras teranas con respecto daquelas entidades cuxo domicilio social, ámbito de operacións e localización dos riscos, no caso de seguros distintos do de vida, ou asunción dos compromisos, no suposto de seguros de vida, se circunscriban ao territorio da respectiva comunidade autónoma, de acordo cos seguintes criterios:

a) No ámbito de competencias normativas, correspóndelles o desenvolvemento legislativo das bases da ordenación e supervisión de entidades aseguradoras e reaseguradoras contidas nesta lei e nas disposicións regulamentarias básicas que a complementen. En canto ás cooperativas de seguro e mutualidades de previsión social, terán, ademais, competencia exclusiva na regulación da súa organización e funcionamento.

b) No ámbito de competencias de execución correspóndenlles as de ordenación e supervisión de entidades aseguradoras e reaseguradoras que se lle outorgan á Administración xeral do Estado nesta lei, excepto as competencias de outorgamento da autorización administrativa para o exercicio da actividade aseguradora e a súa revogación, que quedarán en todo caso reservadas ao Estado, que comunicará, de ser o caso, á respectiva comunidade autónoma. As referencias que nesta lei se conteñen ao Ministerio de Economía e Competitividade e á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións entenderanse feitas ao órgano autonómico competente, con excepción das que se refiren a entidades españolas que actúen no ámbito da Unión Europea ou entidades europeas que operen en España.

Tamén lles corresponde ás comunidades autónomas a autorización do acceso á actividade aseguradora ás cooperativas de seguro e mutualidades de previsión social, así como a súa revogación, logo de informe da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións en ambos os dous casos. O transcurso do prazo máximo legal para resolver o procedemento de autorización ou revogación quedará suspendido desde a solicitude ata

a recepción do citado informe. Este prazo de suspensión non poderá exceder en ningún caso os tres meses. A comunidade autónoma comunicarlle á citada dirección xeral cada autorización que conceda, así como a súa revogación.

2. As comunidades autónomas que, de acordo cos seus estatutos de autonomía, asumisen competencias en materia de ordenación e supervisión de entidades aseguradoras teranas sobre as axencias de subscripción que actúen exclusivamente por conta destas.

3. Para estes efectos, os órganos competentes das comunidades autónomas remitirán, cando sexa solicitada pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e, en todo caso, anualmente, a información e documentación de cada entidade a que se refiren os artigos 80 e 114 desta lei e o seu desenvolvemento regulamentario. Así mesmo, as comunidades autónomas facilitarán á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións o acceso mediante medios electrónicos á información relativa aos seus rexistros administrativos de entidades aseguradoras e reaseguradoras.

4. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e os órganos competentes das comunidades autónomas manterán a necesaria cooperación para os efectos de homoxeneizar a información documental e coordinar as súas actividades de supervisión.

TÍTULO II

Acceso á actividade aseguradora e reaseguradora

CAPÍTULO I

Acceso á actividade das entidades aseguradoras e reaseguradoras españolas

Sección 1.ª Condicións de acceso á actividade

Artigo 20. *Autorización administrativa.*

1. O acceso ás actividades definidas no artigo 3.1 por entidades aseguradoras e reaseguradoras domiciliadas en España estará supeditado á obtención previa de autorización administrativa do ministro de Economía e Competitividade.

2. Tamén será precisa autorización administrativa nos seguintes supostos:

- a) Para estender a actividade dunha entidade aseguradora a outros ramos distintos dos autorizados.
- b) Para a ampliación dunha autorización dunha entidade aseguradora que abrangue só unha parte dos riscos incluídos nun ramo.
- c) Para permitir a unha entidade aseguradora exercer a súa actividade nun territorio de ámbito superior ao inicialmente autorizado.
- d) Para a ampliación do ámbito territorial de actuación ou da actividade desenvolvida por unha entidade reaseguradora.

3. A solicitude de autorización presentarse na Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e deberá ir acompañada dos documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos a que se refire o artigo 22 desta lei e do seu regulamento de desenvolvemento. O prazo máximo para resolver o procedemento de autorización e notificar a resolución é de seis meses. Transcorrido este prazo sen se ter notificado resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude presentada.

4. A autorización outorgada polo ministro de Economía e Competitividade será válida en toda a Unión Europea, sen prexuízo do establecido no artigo 21.1.

5. A autorización determinará a inscrición no rexistro administrativo regulado no artigo 40.

6. Toda autorización concedida a unha entidade aseguradora ou reaseguradora para actuar en todo o territorio nacional será comunicada pola Dirección Xeral de Seguros e

Fondos de Pensións á Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación co fin de que esta autoridade inclúa a súa denominación social na lista pública de entidades aseguradoras e reaseguradoras autorizadas e de que manteña actualizada esa lista.

Artigo 21. *Alcance da autorización.*

1. A autorización ás entidades aseguradoras concederáse por ramos, conforme a clasificación establecida no anexo desta lei. Abranguerá o ramo completo e a cobertura dos riscos accesorios ou complementarios daquel, segundo proceda.

A autorización permitirá á entidade aseguradora exercer actividades en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos na Unión Europea, salvo que o solicitante só desexe cubrir unha parte dos riscos correspondentes ao ramo autorizado, exercer a súa actividade nun territorio de ámbito menor ao do territorio nacional, ou realizar operacións comprendidas no artigo 46.2.

As entidades aseguradoras así autorizadas poderán aceptar operacións de reaseguro nos mesmos ramos que abrangan a autorización.

2. A autorización ás entidades reaseguradoras concederáse para actividades de reaseguro de vida, actividades de reaseguro distinto do de vida, ou para todo tipo de actividades de reaseguro e permitirá á entidade reaseguradora exercer en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos na Unión Europea.

A actividade reaseguradora exerceráse con total separación respecto dos tomadores de seguro e dos asegurados.

Sección 2.^a Requisitos para a obtención de autorización

Artigo 22. *Requisitos xerais da autorización de entidades aseguradoras e reaseguradoras.*

Serán requisitos necesarios para que as entidades aseguradoras e reaseguradoras domiciliadas en España obteñan e conserven a autorización administrativa os seguintes:

1. Adoptar unha das formas xurídicas previstas nesta lei.
2. Limitar o seu obxecto social á actividade aseguradora e reaseguradora.
3. Presentar e atermos a un programa de actividades.
4. Dispoñer do capital social ou fondo mutual mínimo e dos fondos propios básicos admisibles para cubrir o mínimo absoluto do capital mínimo obrigatorio.
5. Manter fondos propios básicos admisibles para cubrir en todo momento o capital mínimo obrigatorio, así como fondos propios admisibles para cubrir o capital de solvencia obrigatorio.
6. Indicar as achegas e participacións no capital social ou fondo mutual de todos os socios. Deberáse facer constar expresamente que socios teñen o control e que socios teñen a condición de entidade aseguradora, entidade de crédito ou empresa de servizos de investimento, así como, se é o caso, as participacións, independentemente da súa contía, das cales sexa titular calquera socio nunha entidade aseguradora, nunha entidade de crédito ou nunha empresa de servizos de investimento.
7. Informar sobre a existencia de vínculos estreitos con outras persoas ou entidades.
8. Que os que, baixo calquera título, exerzan a dirección efectiva da entidade ou desempeñen as funcións que integran o seu sistema de goberno, sexan persoas que cumpran as exixencias de honorabilidade e as condicións necesarias de cualificación e experiencia profesionais a que se refire o artigo 38.
9. Dispoñer dun sistema eficaz de goberno que reúna os requisitos previstos no artigo 65.

Artigo 23. *Denegación da autorización.*

1. O ministro de Economía e Competitividade denegará a autorización cando a entidade aseguradora ou reaseguradora non acredite o cumprimento dos requisitos exixidos no artigo 22.

2. A denegación farase mediante orde ministerial, que se lle notificará á entidade interesada e poñerá fin á vía administrativa.

Artigo 24. Operacións realizadas sen autorización administrativa.

1. Serán nulos de pleno dereito os contratos de seguro celebrados e as demais operacións sometidas a esta lei realizados por entidade non autorizada, cuxa autorización administrativa fose revogada, ou que transgridan os límites da autorización administrativa concedida.

2. Quen contratase con ela non estará obrigado a cumprir a súa obriga de pagamento da prima e terá dereito á devolución da prima pagada, salvo que, con anterioridade, tivese lugar un sinistro. Se antes de tal devolución acaece un sinistro, amparado polo contrato se fose válido, a entidade que o celebre estará obrigada a satisfacer unha indemnización cuxa contía se fixará de acordo coas normas que rexen o pagamento da prestación conforme o contrato de seguro, sen prexuízo do deber de indemnizar os restantes danos e perdas que puidese ocasionar.

Esta obriga será solidaria entre a entidade e os que, desempeñando nela cargos de administración ou dirección, autorizasen ou permitisen a celebración de tales contratos ou operacións, todo isto sen prexuízo da infracción administrativa en que puidesen incurrir tanto a entidade como os mencionados administradores ou directores.

3. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións requirirá calquera persoa física ou xurídica que, sen ter obtido a preceptiva autorización ou transgredindo os límites desta, realice operacións sometidas a esta lei, para que cese inmediatamente no exercicio da dita actividade, e acordará a publicidade que considere necesaria para información do público.

Artigo 25. Organizacións e agrupacións.

1. Non precisarán autorización administrativa previa as organizacións, dotadas ou non de personalidade xurídica, que se creen con carácter de permanencia para a distribución da cobertura de riscos entre entidades aseguradoras ou para a prestación de servizos comúns relacionados coa súa actividade, así como as agrupacións de entidades aseguradoras a que se refire o artigo 93, pero nun e noutro caso deberán notificalo á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións cunha antelación dun mes á iniciación da actividade organizada ou agrupada.

2. A citada dirección xeral poderá suspender as actividades a que se refire este artigo ou requirir modificacións nestas, cando aprecie que non se axustan aos preceptos desta lei.

Artigo 26. Consulta previa a autoridades de supervisión.

Deberá ser obxecto de consulta previa coa autoridade supervisora competente do correspondente Estado membro a autorización dunha entidade aseguradora ou reaseguradora cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

1. Que a nova entidade vaia estar controlada por unha entidade aseguradora ou reaseguradora, unha entidade de crédito, unha empresa de servizos de investimento ou unha sociedade xestora de institucións de investimento colectivo ou de fondos de pensións, autorizada noutro Estado membro.

2. Que o seu control o vaia exercer a empresa dominante dunha entidade aseguradora ou reaseguradora, dunha entidade de crédito, dunha empresa de servizos de investimento ou dunha sociedade xestora de institucións de investimento colectivo ou de fondos de pensións, autorizada noutro Estado membro.

3. Que o seu control o vaian exercer as mesmas persoas físicas ou xurídicas que controlen unha entidade aseguradora ou reaseguradora, unha entidade de crédito, unha empresa de servizos de investimento ou unha sociedade xestora de institucións de investimento colectivo ou de fondos de pensións, autorizada noutro Estado membro.

Esa consulta alcanzará, en especial, a avaliación da idoneidade dos socios e a honorabilidade, cualificación e experiencia dos que, baixo calquera título, exerzan a dirección efectiva e dos que desempeñen as funcións que integran o sistema de goberno da nova entidade ou da entidade dominante, e poderase reiterar para a avaliación continuada do cumprimento dos ditos requisitos por parte das entidades aseguradoras españolas.

Artigo 27. *Natureza, forma e denominación das entidades aseguradoras e reaseguradoras.*

1. A actividade aseguradora unicamente poderá ser realizada por entidades privadas que adopten algunha das seguintes formas:

- a) sociedade anónima,
- b) sociedade anónima europea,
- c) mutua de seguros,
- d) sociedade cooperativa,
- e) sociedade cooperativa europea,
- f) mutualidade de previsión social.

As mutuas de seguros, as sociedades cooperativas e as mutualidades de previsión social unicamente poderán operar a prima fixa.

2. As entidades reaseguradoras deberán adoptar a forma xurídica de sociedade anónima ou sociedade anónima europea.

3. Tamén poderán realizar a actividade aseguradora e reaseguradora as entidades que adopten calquera forma de dereito público, sempre que teñan por obxecto a realización de operacións de seguro ou reaseguro en condicións equivalentes ás das entidades aseguradoras ou reaseguradoras privadas.

As entidades a que se refire o parágrafo anterior axustaranse ao disposto nesta lei, na falta de regras especiais contidas na súa normativa específica, e quedarán sometidas tamén, no exercicio da súa actividade aseguradora, á lexislación do contrato de seguro e á competencia dos tribunais da orde civil.

Artigo 28. *Constitución.*

As entidades aseguradoras e reaseguradoras constituiranse mediante escritura pública, que deberá ser inscrita no Rexistro Mercantil. Coa dita inscrición adquirirán a súa personalidade xurídica as sociedades anónimas, as mutuas de seguros e as mutualidades de previsión social. As cooperativas de seguros adquirirán a personalidade xurídica de acordo coa súa normativa específica.

Artigo 29. *Denominación.*

Na denominación social das entidades aseguradoras e reaseguradoras incluíranse as palabras «seguros» ou «reaseguros», ou ambas á vez, conforme o seu obxecto social, que quedan reservadas en exclusiva para as ditas entidades. Tamén quedan reservadas as expresións «mutuas de seguros», «cooperativas de seguros» e «mutualidades de previsión social», que deberán ser incluídas na súa denominación polas entidades desa natureza.

Artigo 30. *Domicilio social.*

1. O domicilio social das entidades aseguradoras e reaseguradoras deberase situar dentro do territorio español, cando estea en España o centro da súa efectiva administración e dirección, ou o seu principal establecemento ou explotación.

2. O traslado do domicilio social dunha entidade aseguradora ou reaseguradora domiciliada en España ao estranxeiro deberá ser autorizado polo ministro de Economía e

Competitividade, logo de publicación do acordo de traslado de domicilio e o transcurso dun mes desde a publicación do último anuncio en que se advirta aos tomadores do seu dereito a comunicar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións as razóns que, se é o caso, poidan ter para estar desconformes co traslado. Non obstante, poderase prescindir da dita información pública cando se denegue a autorización por non reunir os requisitos legalmente exixibles.

3. O traslado do domicilio social dunha entidade aseguradora ao estranxeiro deberá ser obxecto de notificación individual aos tomadores de seguro. Na notificación individual deberase informar sobre a autoridade supervisora á cal quedará sometida a entidade aseguradora unha vez realizado o traslado do domicilio social e sobre o dereito dos tomadores a resolver os contratos de seguro.

4. Establecerase regulamentariamente o procedemento de traslado de domicilio previsto nos puntos anteriores.

5. No suposto de traslado a España do domicilio social dunha entidade aseguradora ou reaseguradora domiciliada no estranxeiro, resultará de aplicación o disposto no artigo 20.

Artigo 31. *Obxecto social.*

1. O obxecto social das entidades aseguradoras será exclusivamente a práctica das operacións de seguro e demais actividades definidas no artigo 3.

2. O obxecto social das entidades aseguradoras que pretendan operar en calquera modalidade do ramo de vida será a realización de operacións do dito ramo unicamente e a cobertura de riscos complementarios do ramo de vida. Ademais, logo de obter a pertinente autorización administrativa, poderán realizar operacións nos ramos 1 (accidentes) e 2 (enfermidade), establecidos no anexo A).a) desta lei, sen someterse, neste caso, ás limitacións e requisitos exixibles á cobertura de riscos complementarios.

3. O obxecto social das entidades aseguradoras que pretendan operar en calquera dos ramos do seguro directo distinto do de vida non poderá comprender a realización de operacións do ramo de vida. Non obstante, se só están autorizadas para os riscos comprendidos nos ramos 1 (accidentes) e 2 (enfermidade), establecidos no anexo A).a) desta lei, poderán operar no ramo de vida se obteñen a pertinente autorización administrativa.

4. O obxecto social das entidades reaseguradoras será exclusivamente a actividade de reaseguro e as operacións conexas. Entenderase por operacións conexas a realización de estudos estatísticos ou actuariais, análises de riscos ou investigacións para os seus clientes, así como calquera outra actividade relacionada ou derivada da actividade reaseguradora. Poderanse considerar tamén incluídas no obxecto social das entidades reaseguradoras, funcións de sociedade de carteira e as actividades relacionadas co sector financeiro.

Artigo 32. *Programa de actividades.*

O programa de actividades é o documento que recolle o plan estratéxico do proxecto empresarial e deberá conter indicacións ou xustificacións completas e adecuadas relativas a todos aqueles requisitos, previsións, estimacións e condicións ou políticas que se determinen regulamentariamente.

Artigo 33. *Capital social.*

1. As sociedades anónimas e cooperativas de seguros deberán ter os seguintes capitais sociais mínimos cando pretendan operar nos ramos que a seguir se enumeran:

a) 9.015.000 euros nos ramos de vida, caución, crédito, calquera dos que cubran o risco de responsabilidade civil e na actividade exclusivamente reaseguradora.

b) 2.103.000 euros nos ramos de accidentes, enfermidade, defensa xurídica, asistencia e decesos.

No caso de entidades aseguradoras que unicamente practiquen o seguro de enfermidade outorgando prestacións de asistencia sanitaria e limiten a súa actividade a un ámbito territorial con menos de dous millóns de habitantes, será suficiente a metade do capital ou fondo mutual previsto no parágrafo anterior.

c) 3.005.000 euros, nos restantes.

2. O capital social mínimo das sociedades anónimas estará totalmente subscrito e desembolsado polo menos nun cincuenta por cento. Os desembolsos de capital por riba do mínimo axustaranse á lexislación mercantil xeral.

En todo caso, o capital estará representado por títulos nominativos ou anotacións en conta nominativas.

3. As entidades que exerzan a súa actividade en varios ramos de seguro directo distintos do de vida deberán ter o capital social correspondente ao ramo para o cal se exixa maior contía.

Se, consonte o artigo 31.2 ou 3, exercen actividade tamén no ramo de vida, o capital social será o correspondente á suma dos requiridos para o ramo de vida e para un dos ramos distintos ao de vida dos que operen.

Artigo 34. *Fondo mutual.*

1. As mutuas de seguros deberán acreditar fondos mutuais permanentes, achegados polos seus mutualistas ou constituídos con excedentes dos exercicios sociais, cuxas contías mínimas, segundo os ramos en que pretendan operar, serán as sinaladas como capital social desembolsado das sociedades anónimas.

Non obstante, para as mutuas con réxime de derrama pasiva requiriranse as tres cuartas partes da dita contía.

2. As mutualidades de previsión social que obtivesen a autorización administrativa para operar por ramos deberán acreditar un fondo mutual cuxa contía mínima será a que corresponda entre as sinaladas como capital social desembolsado das sociedades anónimas no artigo 33.1, sen prexuízo do disposto no artigo 45.2.c) para as mutualidades que operen por ramos e continúen realizando operacións de seguro do artigo 44.1.

3. O resto de mutualidades de previsión social deberán acreditar un fondo mutual de 30.050,61 euros. Así mesmo, formarán co seu patrimonio un fondo de manobra que lles permita pagar os sinistros e gastos sen esperar ao cobramento das derramas.

4. Cando as mutuas de seguros e as mutualidades de previsión social que operen por ramos, exerzan a súa actividade en varios ramos de seguro seralles de aplicación o indicado no artigo 33.3, e entenderanse feitas ao fondo mutual as referencias ao capital social.

5. O fondo mutual debe estar sempre integramente subscrito e desembolsado.

Artigo 35. *Limitacións á repartición de dividendos, derramas ou calquera tipo de retribución vinculada ao capital social.*

As entidades aseguradoras e reaseguradoras non poderán distribuír dividendos, derramas ou calquera outro tipo de retribución vinculada ao capital social desembolsado, á prima de emisión, ao fondo mutual desembolsado ou a calquera outro elemento de capital equivalente dos fondos propios básicos para mutuas ou mutualidades, nas seguintes circunstancias:

a) En caso que non se alcance o capital de solvencia obrigatorio ou o capital mínimo obrigatorio ou,

b) Se a repartición destes dividendos, derramas ou outras retribucións vinculadas a estes elementos de capital pode derivar nun incumprimento do capital de solvencia obrigatorio ou do capital mínimo obrigatorio.

Artigo 36. *Socios.*

As persoas físicas ou xurídicas que, directa ou indirectamente, participen na entidade aseguradora ou reaseguradora mediante unha participación significativa nela deberán ser idóneas para que a xestión desta sexa sa e prudente, de conformidade co disposto regulamentariamente.

Artigo 37. *Vínculos estreitos.*

Os vínculos estreitos entre a entidade aseguradora ou reaseguradora e outras persoas físicas ou xurídicas, en caso de existiren, non poderán obstaculizar o adecuado exercicio da supervisión da entidade.

As disposicións dun terceiro país alleo á Unión Europea que regulen unha ou varias das persoas coas cales a entidade aseguradora ou reaseguradora manteña vínculos estreitos, ou a aplicación das ditas disposicións, tampouco poderán obstaculizar o adecuado exercicio da supervisión da entidade.

Artigo 38. *Honorabilidade e aptitude dos que exerzan a dirección efectiva ou desempeñen funcións que integran o sistema de goberno da entidade.*

1. As entidades aseguradoras e reaseguradoras e as entidades dominantes de grupos de entidades aseguradoras garantirán que todas as persoas que exerzan a dirección efectiva, baixo calquera título, e os que desempeñen as funcións que integran o sistema de goberno cumpran en todo momento os seguintes requisitos:

- a) Ser persoas de recoñecida honorabilidade comercial e profesional.
- b) Posuír coñecementos e experiencia adecuados para facer posible a xestión sa e prudente da entidade.

2. Entenderase que exercen a dirección efectiva dunha entidade aseguradora ou reaseguradora os que teñan cargos de administración ou dirección. Consideraranse como tales:

- a) Os administradores ou membros dos órganos colexiados de administración. Poderán desempeñar cargos de administración as persoas xurídicas pero, neste caso, deberán designar na súa representación unha persoa física que reúna igualmente os requisitos anteriormente citados.
- b) Os directores xerais e asimilados, entendendo por tales todas aquelas persoas que exerzan na entidade a alta dirección baixo a dependencia directa do seu órgano de administración, de comisións executivas ou de conselleiros delegados daquel.

3. As entidades aseguradoras e reaseguradoras, así como as entidades dominantes de grupos de entidades aseguradoras, comunicarán á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións o nomeamento, así como todo cambio na identidade das persoas que exerzan a dirección efectiva da entidade ou do grupo, baixo calquera título, e os que desempeñen as funcións que integren o sistema de goberno da entidade, xunto con toda a información necesaria para avaliar se as persoas que, se é o caso, se nomeasen, cumpren as exixencias de honorabilidade e aptitude. Igualmente informarán a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións cando algunha das persoas previstas nos puntos anteriores fose substituída por non cumprir xa os requisitos de honorabilidade e aptitude. Estas comunicacións realizaranse nun prazo máximo de quince días hábiles contados desde o momento do nomeamento.

4. Determinaranse regulamentariamente os supostos en que se entende que se cumpren os requisitos de honorabilidade e aptitude de quen leva a dirección efectiva ou desempeña funcións que integran o sistema de goberno das entidades, así como os requisitos de información que deberá ser remitida á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións para os efectos de avaliar o seu cumprimento.

Artigo 39. *Responsabilidade e deberes dos órganos de administración ou dirección das entidades aseguradoras ou reaseguradoras.*

1. O órgano de administración da entidade aseguradora ou reaseguradora asumirá a responsabilidade do cumprimento, por parte desta, das disposicións contidas nesta lei e das demais normas reguladoras dos seguros privados.

2. Será de aplicación aos membros do órgano de administración das entidades aseguradoras, calquera que sexa a súa forma xurídica, o disposto sobre os deberes dos administradores no capítulo III do título VI do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.

3. Os cargos de dirección asumirán a responsabilidade derivada do cumprimento das funcións que teñan atribuídas de acordo coa estrutura organizativa da entidade e das funcións que lles fosen delegadas polo órgano de administración.

Artigo 40. *Rexistro administrativo.*

1. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións levará un rexistro administrativo, no cal se inscribirán as seguintes entidades e persoas:

a) As entidades aseguradoras e reaseguradoras españolas, e os socios cunha participación significativa na entidade aseguradora ou reaseguradora.

b) Os que, baixo calquera título, exerzan a dirección efectiva das entidades aseguradoras e reaseguradoras, das sociedades de carteira de seguros, das sociedades financeiras mixtas de carteira, das sociedades mixtas de carteira de seguros e das sociedades de grupo mutual que sexan cabeceira dun grupo asegurador. No caso de que sexa designada unha persoa xurídica como membro do órgano de administración, inscribírase ademais a persoa física que a represente.

c) Os grupos e subgrupos supervisados pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, de acordo co previsto no título V desta lei.

d) As entidades aseguradoras da Unión Europea que operen en España en réxime de dereito de establecemento ou libre prestación de servizos e os seus apoderados ou representantes, así como os que leven a dirección efectiva destas sucursais e as sucursais de entidades reaseguradoras da Unión Europea que voluntariamente o soliciten.

e) As sucursais de entidades aseguradoras ou reaseguradoras de terceiros países autorizadas en España, así como os seus apoderados ou representantes e as persoas que leven a dirección efectiva destas sucursais.

f) As organizacións para a distribución da cobertura de riscos entre entidades aseguradoras ou para a prestación de servizos comúns relacionados coa súa actividade, e os seus altos cargos.

2. Determinaranse regulamentariamente os actos inscribíbles e o réxime de inscrición.

3. O rexistro administrativo será público e garantirase o seu acceso mediante o uso de medios electrónicos. Os interesados poderán acceder aos datos inscritos, tendo en conta que o acceso a datos de carácter persoal se rexerá polo disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e demais leis que resulten de aplicación.

4. As comunidades autónomas que teñan competencias de ordenación e supervisión conforme o artigo 19.1 levarán o correspondente rexistro administrativo. Cada inscrición que se practique no dito rexistro comunicaráse de forma telemática á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

Sección 3.^a Mutuas de seguros, cooperativas de seguros e mutualidades de previsión social

Artigo 41. Mutuas de seguros.

1. As mutuas de seguros son sociedades mercantís sen ánimo de lucro, que teñen por obxecto a cobertura aos socios, sexan persoas físicas ou xurídicas, dos riscos asegurados mediante unha prima fixa pagadoira ao comezo do período do risco.

2. As mutuas poderán constituír grupos mutuais conforme os requisitos que se establezan regulamentariamente.

3. Nos casos de disolución da mutua e nos de transformación, fusión e escisión en que a entidade resultante da transformación ou fusión, ou beneficiaria da escisión sexa unha sociedade anónima, así como nos de cesión global de activo e pasivo, os mutualistas actuais e os que o fosen nos cinco últimos anos, ou con anterioridade se así o prevén os estatutos, percibirán, polo menos, a metade do valor do patrimonio da mutua.

Artigo 42. Cooperativas de seguros.

As cooperativas de seguros, que teñen por obxecto a cobertura aos socios dos riscos asegurados mediante unha prima fixa pagadoira ao comezo do período do risco, rexeranse polas seguintes disposicións:

a) A condición de socio cooperativista será inseparable da de tomador do seguro ou de asegurado, sempre que este último sexa o pagador final da prima.

b) Salvo disposición contraria dos estatutos sociais, os cooperativistas non responderán das débedas da sociedade. No caso de que, conforme os estatutos sociais, os cooperativistas respondan das débedas da sociedade, a súa responsabilidade limitarase a unha cantidade igual ao importe da prima anual correspondente a cada un deles. A cláusula estatutaria sobre responsabilidade persoal do socio cooperativista polas débedas sociais deberá figurar nas pólizas de seguro de forma destacada.

c) A inscrición no Rexistro Mercantil e rexistro de sociedades cooperativas correspondente deberá ter lugar con carácter previo á autorización administrativa regulada no artigo 20.

d) No demais, rexeranse polas disposicións desta lei, polo seu desenvolvemento regulamentario, e polos preceptos do texto refundido da Lei de sociedades de capital aos cales se remite, así como polas disposicións regulamentarias que a desenvolvan e, supletoriamente, pola lexislación de cooperativas.

As cooperativas sometidas a ordenación e supervisión das comunidades autónomas que asumisen competencias en materia aseguradora rexeranse polas disposicións ditas por aquelas, polas disposicións desta lei e polas normas que a desenvolvan e, supletoriamente, polos preceptos do texto refundido da Lei de sociedades de capital.

Artigo 43. Mutualidades de previsión social.

1. As mutualidades de previsión social son entidades aseguradoras que exercen unha modalidade aseguradora de carácter voluntario complementaria ao sistema de Seguridade Social obrigatoria, mediante achegas dos mutualistas, persoas físicas ou xurídicas, ou doutras entidades ou persoas protectoras. Aquelas mutualidades de previsión social que se encontran recoñecidas como alternativas á Seguridade Social na disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, exercen ademais unha modalidade aseguradora alternativa á alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

Cando nunha mutualidade de previsión social todos os seus mutualistas sexan empregados, os seus socios protectores ou promotores sexan as empresas, institucións ou empresarios individuais nas cales presten os seus servizos e as prestacións que se outorguen sexan unicamente consecuencia de acordos de previsión entre estas e aqueles, entenderase que a mutualidade actúa como instrumento de previsión social empresarial.

2. As mutualidades de previsión social deberán cumprir os seguintes requisitos:
 - a) O disposto para as mutuas de seguros no artigo 41.
 - b) A condición de socio mutualista será inseparable da de tomador do seguro ou de asegurado, sempre que este último sexa o pagador final da prima.
 - c) Establecer igualdade de obrigas e dereitos para todos os mutualistas, sen prexuízo de que as achegas e prestacións garden a relación estatutariamente establecida coas circunstancias que concorran en cada un deles.
 - d) Salvo disposición contraria nos estatutos sociais, os mutualistas non responderán das débedas da mutualidade. No caso de que, conforme o previsto nos estatutos sociais, os mutualistas respondan das ditas débedas, a súa responsabilidade limitarase a unha cantidade inferior ao terzo da suma das cotas que satisfixesen nos tres últimos exercicios, con independencia do exercicio corrente. A cláusula estatutaria sobre responsabilidade persoal do mutualista polas débedas sociais deberá figurar nos regulamentos de prestacións e pólizas de seguro de forma destacada.
 - e) A incorporación dos mutualistas á mutualidade de previsión social será en todo caso voluntaria e requirirá unha declaración individual do solicitante, ou ben de carácter xeral derivada de acordos adoptados polos órganos representativos dunha cooperativa ou dun colexio profesional, salvo oposición expresa do mutualista, sen que se poidan poñer límites para ingresar na mutualidade de previsión social distintos aos previstos nos seus estatutos por razóns xustificadas.
 - f) A incorporación dos mutualistas poderá ser realizada directamente pola propia mutualidade de previsión social ou ben a través da actividade de mediación en seguros, isto último sempre e cando cumplan os requisitos de fondo mutual e garantías financeiras que sexan exixibles. Non obstante, os mutualistas poderán participar na incorporación de novos socios e na xestión de cobramento das cotas; en tal caso, poderán percibir a compensación económica adecuada fixada estatutariamente.
 - g) Realizar só as operacións aseguradoras e outorgar as prestacións sociais enumeradas no artigo 44, sen prexuízo do disposto no artigo 45 para as mutualidades de previsión social autorizadas para operar por ramos.
 - h) Asumir directamente os riscos garantidos aos seus mutualistas, sen practicar operacións de coaseguro nin de aceptación en reaseguro, ben que poderán realizar operacións de cesión en reaseguro con entidades autorizadas para operar en España. Non obstante, as mutualidades de previsión social que teñan autorización para operar por ramos de seguro poderán realizar operacións de coaseguro e aceptar en reaseguro.
 - i) As remuneracións e demais ingresos dos administradores por desprazamento, aloxamento e manutención, percibidos pola súa xestión na mutualidade formará parte dos gastos de administración, que non poderán exceder os límites fixados na normativa correspondente. Non obstante, as mutualidades de previsión social autorizadas para operar por ramos non estarán suxeitas a límites nos seus gastos de administración.
 - j) No suposto de que unha mutualidade exerza o control maioritario sobre outras entidades e aboe aos administradores destas últimas algunha contía en concepto dos gastos fixados na alínea anterior, estes computarán como gastos de administración da mutualidade.
3. As mutualidades de previsión social poderán constituír grupos mutuais conforme os mesmos requisitos que se establezan regulamentariamente para os grupos de mutuas.
4. Determinaranse regulamentariamente para as mutualidades de previsión social as normas do réxime xurídico das mutuas de seguros que lles sexan de aplicación.

Artigo 44. Ámbito de cobertura e prestacións das mutualidades de previsión social.

1. Na previsión de riscos sobre as persoas, as continxencias que poden cubrir son as de morte, viuvez, orfandade, xubilación e dependencia, e garantirán prestacións económicas en forma de capital ou renda. Así mesmo, poderán outorgar prestacións por razón de matrimonio, maternidade, fillos e defunción. E poderán

realizar operacións de seguro de accidentes e invalidez para o traballo, enfermidade, defensa xurídica e asistencia, así como prestar axudas familiares para remediar necesidades motivadas por feitos ou actos xurídicos que impidan temporalmente o exercicio da profesión.

As prestacións económicas que se garantan non poderán exceder os 30.000 euros como renda anual nin do seu equivalente actuarial como percepción única de capital, calculado conforme a base técnica establecida para o cálculo da citada renda, co límite de 300.000 euros.

Os límites previstos no parágrafo anterior poderanse actualizar por orde do ministro de Economía e Competitividade, considerando a suficiencia das garantías financeiras para atender as prestacións actualizadas.

Non obstante, para aquelas mutualidades que estean incursas nalgunha das situacións previstas nos artigos 159.1 e 172 desta lei, as novas prestacións económicas que se garantan non poderán exceder os 18.000 euros como renda anual nin os 78.000 euros como percepción única de capital.

2. Na previsión de riscos sobre as cousas, só poderán garantir os que se relacionan a seguir e dentro do importe cuantitativo dos ditos bens:

a) Vivendas de protección oficial e outras de interese social, sempre que estean habitadas polo propio mutualista e pola súa familia.

b) Maquinaria, bens e instrumentos de traballo de mutualistas que sexan emprendedores e pequenos empresarios. Para estes efectos, entenderase por pequenos empresarios os traballadores autónomos por conta propia e os profesionais e empresarios, incluídos os agrícolas, que non empreguen máis de cinco traballadores.

c) Colleitas de leiras cultivadas directa e persoalmente polo agricultor ou pola súa familia, sempre que non queden comprendidas no plan anual de seguros agrarios combinados, e os bosques, gando, colmeas, viveiros piscícolas e granxas de cría de animais para consumo que estean integrados na unidade de explotación familiar.

3. Cada mutualidade poderá outorgar a totalidade ou parte das prestacións mencionadas nos dous puntos anteriores.

4. Ademais do previsto nos números 1 e 2, as mutualidades de previsión social que cumpran os requisitos de fondo mutual e garantías financeiras poderán outorgar prestacións sociais vinculadas ás citadas operacións de seguros de acordo co seguinte:

a) Deberán ser autorizadas especificamente pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ou polo organismo da comunidade autónoma competente.

b) O outorgamento de prestacións sociais realizarase con absoluta separación económico-financieira e contable respecto das súas operacións de seguro.

c) Os recursos que dediquen á actividade de prestación social serán da súa libre disposición.

5. Ás mutualidades de previsión social que non obtivesen a autorización administrativa a que se refire o artigo 45 seralles de aplicación, en todo caso, o principio de proporcionalidade recollido no artigo 65.

Artigo 45. Mutualidades de previsión social autorizadas para operar por ramos de seguro.

1. As mutualidades de previsión social poderán operar por ramos de seguro e non estarán suxeitas aos límites impostos no artigo 44, sempre que obteñan a autorización administrativa previa.

A autorización poderase conceder para o ramo de vida ou para os seguintes ramos de seguro distinto do de vida, establecidos no anexo A).a) desta lei: ramo 1 (accidentes), ramo 2 (enfermidade), ramo 16 (perdas pecuniarias diversas), ramo 17 (defensa xurídica), ramo 18 (asistencia) e ramo 19 (decesos), tendo en conta o establecido no artigo 31.

2. Son requisitos necesarios para que unha mutualidade de previsión social poida obter e conservar a autorización administrativa para operar por ramos os seguintes:

a) Ter transcorrido, polo menos, un prazo de cinco anos desde a obtención da autorización administrativa para realizar actividade aseguradora.

b) Non ter estado suxeita a medidas de control especial, nin se lle ter incoado procedemento administrativo de disolución ou de revogación da autorización administrativa durante os dous anos anteriores á presentación da solicitude de autorización.

c) Posuír o mínimo de fondo mutual, os fondos propios básicos admisibles para cubrir o mínimo absoluto do capital mínimo obrigatorio e os fondos propios admisibles para cubrir o capital de solvencia obrigatorio, así como ter constituídas as provisións técnicas, todo isto nos mesmos termos que esta lei establece para as mutuas de seguros.

Cando unha mutualidade de previsión social obteña autorización administrativa para operar no ramo de vida e continúe realizando operacións de seguros distintos do de vida, deberá dispoñer dun fondo mutual mínimo correspondente á suma do requirido ás mutuas de seguros para o ramo de vida e o mínimo previsto no artigo 34.3.

Cando unha mutualidade de previsión social obteña autorización administrativa para operar nun ou varios ramos de seguros distintos do de vida e continúe realizando operacións de seguro de vida, deberá dispoñer dun fondo mutual mínimo correspondente á suma do requirido ás mutuas de seguros para o ramo autorizado para o cal se exixa maior contía e o mínimo previsto no artigo 34.3.

d) Ter uns ingresos brutos anuais por primas e un importe bruto total de provisións técnicas superior aos límites que se establezan regulamentariamente para o réxime especial de solvencia a que se refire o artigo 101.

e) Presentar e aterse a un programa de actividades consonte o artigo 32 en relación con aqueles ramos de seguro para os cales solicite a autorización.

3. A solicitude de autorización para operar por ramos será tramitada pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ou, se é o caso, polo órgano competente da comunidade autónoma, e deberá ir acompañada dos documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos exixidos no número 2. A autorización concederáse por ramos e abranguerá o ramo completo e a cobertura dos riscos accesorios ou complementarios daquel, segundo proceda.

En todo o demais, o procedemento e a resolución administrativa axustaranse ao disposto con carácter xeral nos artigos 20 a 22.

4. Se a autorización administrativa se obtén no ramo de vida, a mutualidade de previsión social poderá continuar realizando ademais, se é o caso, operacións de seguro de accidentes, enfermidade e decesos. Se a autorización administrativa o é en calquera dos ramos distintos ao de vida, a mutualidade de previsión social poderá, ademais de realizar as operacións de seguro correspondentes ao ramo autorizado, continuar realizando as do artigo 44.1. En ambos os dous casos estarán exentas das limitacións que impón o artigo 43.2, letras g) e h), unicamente nos ramos de seguro en que obtivesen a autorización administrativa.

5. A realización por unha mutualidade de previsión social das actividades que este artigo suxeita a unha autorización administrativa para operar por ramos, sen obtela previamente, será considerada como operación prohibida e quedará suxeita para os efectos e responsabilidades administrativas previstos no artigo 5, á regulación sobre as medidas de control especial do título VI, e ao réxime de infraccións e sancións do título VIII.

6. As mutualidades de previsión social poderán renunciar á autorización concedida para operar por ramos, e volver ao réxime de cobertura e prestacións regulado no artigo 44, nos termos que se establezan regulamentariamente.

Sección 4.^a Actividade das entidades aseguradoras e reaseguradoras españolas en réxime de dereito de establecemento e libre prestación de servizos na Unión Europea

Artigo 46. Entidades españolas que poden operar na Unión Europea.

1. As entidades aseguradoras e reaseguradoras españolas que obtivesen a autorización válida en toda a Unión Europea consonte o artigo 20 poderán exercer, nos mesmos termos da autorización concedida, as súas actividades en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos en todo o territorio da Unión Europea.

2. Non será de aplicación o disposto no punto anterior:

a) Ás operacións de seguro cando os riscos sexan cubertos polo Consorcio de Compensación de Seguros.

b) Ás entidades aseguradoras que se acollan ao réxime especial de solvencia, regulado no capítulo VIII do título III desta lei.

c) Ás seguintes operacións de seguro distinto ao de vida:

1.^a As realizadas por mutuas de seguros que concertasen con outra mutua un acordo sobre o reaseguro íntegro dos contratos de seguro que subscribisen ou a substitución da mutua cesionaria pola cedente para a execución dos compromisos resultantes dos ditos contratos.

2.^a As do ramo 19 (decesos) dos regulados no anexo A).a) desta lei.

3. A actividade en réxime de dereito de establecemento ou libre prestación de servizos na Unión Europea das entidades aseguradoras españolas inscribírase no rexistro regulado no artigo 40, facendo constar os datos que se detallan nos artigos seguintes e nas disposicións regulamentarias de desenvolvemento.

Artigo 47. Condicións para o establecemento de sucursais.

1. Toda entidade aseguradora española que se propoña establecer unha sucursal no territorio doutro Estado membro deberá comunicarllo á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e xuntar a información que se determine regulamentariamente.

2. No prazo máximo de tres meses a partir da recepción da comunicación a que fai referencia o punto anterior, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións informará deste asunto a autoridade supervisora do Estado membro da sucursal e xuntará unha certificación de que a entidade aseguradora dispón do capital de solvencia obrigatorio e do capital mínimo obrigatorio, calculado de acordo co disposto nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, e informará da dita remisión a entidade aseguradora.

3. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderase negar a remitir a dita información cando, á vista da documentación presentada pola entidade aseguradora, teña razóns para dudar da idoneidade do seu sistema de goberno, da súa situación financeira ou da aptitude e honorabilidade do apoderado xeral, de acordo co disposto no artigo 38. A negativa a remitir a información ao Estado membro da sucursal deberá ser notificada á entidade aseguradora, a cal poderá interpoñer o correspondente recurso contra ela. Transcorrido o prazo de tres meses sen ter sido notificada a resolución expresa, considerarase denegada a comunicación de información.

4. Se a autoridade supervisora do Estado membro da sucursal indica á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións as condicións en que, por razóns de interese xeral, deban ser exercidas as ditas actividades no referido Estado membro da sucursal, a devandita dirección xeral comunicarllo á entidade aseguradora interesada.

5. A entidade aseguradora poderá establecer a sucursal e comezar as súas actividades desde que a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións lle notifique a conformidade da autoridade supervisora do Estado membro da sucursal ou as condicións de exercicio por ela indicadas. Tamén poderá iniciar a actividade transcorrido o prazo de dous meses desde a comunicación efectuada pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a que se refire o número 2.

6. A modificación do contido dalgún dos datos comunicados de acordo co disposto no número 1 axustarase ao procedemento regulado neste artigo. A entidade aseguradora comunicarallo, ademais, á autoridade supervisora do Estado membro da sucursal en que se vaia establecer ou estea establecida e tanto esta como a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións dispoñerán dun prazo común dun mes para exercer as funcións que lles atribúe este artigo.

7. A sucursal conservará a súa documentación no enderezo no Estado membro da sucursal en que lle poden reclamar e entregar os documentos.

Artigo 48. *Comunicación para operar en libre prestación de servizos.*

1. Toda entidade aseguradora española que se propoña exercer por primeira vez nun ou en máis Estados membros actividades en réxime de libre prestación de servizos deberá informar do seu proxecto a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, indicando a natureza dos riscos ou compromisos que se propoña cubrir.

2. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións comunicará a información recibida de acordo co establecido no punto anterior, no prazo máximo dun mes a partir da súa recepción, ao Estado ou Estados membros en cuxo territorio se propoña a entidade aseguradora desenvolver as súas actividades en réxime de libre prestación de servizos. Determinarase regulamentariamente o contido desta comunicación.

3. A entidade aseguradora poderá iniciar a súa actividade a partir da data certificada en que a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións lle notifique que cursou a comunicación a que se refire o número 2.

4. Toda modificación da natureza dos riscos ou compromisos que a entidade aseguradora pretenda cubrir en réxime de libre prestación de servizos se axustará ao procedemento e aos requisitos establecidos nos puntos anteriores.

Artigo 49. *Información estatística relativa ás actividades transfronteirizas das entidades aseguradoras españolas.*

As entidades aseguradoras españolas que operen en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos deberán comunicar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a información estatística que regulamentariamente se estableza, a cal poderá remitila, nun prazo razoable, ás autoridades de supervisión dos Estados membros interesados que así o soliciten.

Sección 5.^a Actividade das entidades aseguradoras e reaseguradoras españolas en terceiros países

Artigo 50. *Creación de entidades e outras operacións en terceiros países.*

1. A creación por entidades aseguradoras ou reaseguradoras españolas de sociedades dominadas estranxeiras, a adquisición da condición de dominante en sociedades estranxeiras, o establecemento de sucursais e, se é o caso, a actividade en réxime de libre prestación de servizos en países non membros da Unión Europea exixirá comunicación á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións cun mes de antelación.

Cando as actividades citadas prexudiquen a situación financeira e de solvencia da entidade, a mencionada dirección xeral, no prazo dun mes, poderá acordar motivadamente a prohibición das ditas actividades ou establecer condicións para a súa realización.

2. Se transcorrido o prazo anterior non se formulou oposición, deberase comunicar a realización da operación á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións unha vez que se fixese efectiva.

CAPÍTULO II

Acceso á actividade en España de entidades aseguradoras e reaseguradoras doutros Estados da Unión Europea*Sección 1.ª Disposicións xerais para entidades aseguradoras e reaseguradoras*

Artigo 51. *Entidades aseguradoras e reaseguradoras doutros Estados membros que poden operar en España.*

1. As entidades aseguradoras domiciliadas noutros Estados membros, que obtivesen a autorización para operar no seu Estado de orixe, poderán exercer as súas actividades en España en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos.

Non se poderán acoller ao disposto no parágrafo anterior as entidades aseguradoras excluídas do ámbito de aplicación da Directiva 2009/138/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, sobre o seguro de vida, o acceso á actividade de seguro e de reaseguro e o seu exercicio (Solvencia II), conforme o disposto nos seus artigos 4 e 7, nin os organismos de dereito público enumerados nos artigos 8 e 10 da citada directiva.

2. As entidades aseguradoras referidas no primeiro parágrafo do número 1 deberán respectar as disposicións ditadas por razóns de interese xeral, e as do capítulo VII do título III, sobre condutas de mercado que, se é o caso, resulten aplicables. Deberán presentar, nos mesmos termos que as entidades aseguradoras españolas, todos os documentos que lles exixa a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións co obxecto de comprobar se respectan en España as disposicións españolas que lles son aplicables.

3. As entidades reaseguradoras domiciliadas noutros Estados membros que obtivesen a autorización para operar no seu Estado de orixe poderán exercer as súas actividades en España en réxime de dereito de establecemento ou de libre prestación de servizos, sen que sexa necesaria autorización administrativa nin comunicación previa, aínda que deberán respectar as disposicións ditadas por razóns de interese xeral e as de supervisión que, se é o caso, resulten aplicables. Deberán presentar, nos mesmos termos que as entidades reaseguradoras españolas, todos os documentos que lles exixa a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións co obxecto de comprobar se respectan en España as disposicións españolas que lles son de aplicación.

4. Presentarase en castelán a documentación contractual e demais información que a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ten dereito a exixir ou que lle deba ser remitida polas entidades aseguradoras domiciliadas noutro Estado membro que operen en España en réxime de dereito de establecemento ou de libre prestación de servizos.

Artigo 52. *Observancia das disposicións legais por parte das entidades aseguradoras e reaseguradoras que operan en España en réxime de dereito de establecemento ou de libre prestación de servizos.*

1. Se a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións comproba que unha entidade aseguradora ou reaseguradora que opere en España en réxime de dereito de establecemento ou de libre prestación de servizos non respecta as disposicións españolas que lle son aplicables, requiriráa para que acomode a súa actuación ao ordenamento xurídico español. En defecto da pertinente adecuación por parte da entidade, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións informará disto a autoridade supervisora do Estado membro de orixe, co obxecto de que adopte as medidas pertinentes para que a entidade aseguradora ou reaseguradora poña fin a esa situación irregular e as notifique á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

2. Se, por falta de adopción das medidas pertinentes ou porque as adoptadas resultan inadecuadas, persiste a infracción do ordenamento xurídico español, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá adoptar, tras informar disto as autoridades

supervisoras do Estado membro de orixe, as medidas de prohibición de pólizas e tarifas reguladas no artigo 120 e as medidas de control especial do capítulo II do título VI que, en ambos os casos, lle sexan aplicables.

Ademais, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, ou a autoridade supervisora do Estado membro de orixe, poderá remitir o asunto á Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación e solicitar a súa asistencia.

3. En caso de urxencia, as medidas a que se refire o punto anterior poderán ser adoptadas pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións sen necesidade do requirimento e da información exixidos polo número 1.

Artigo 53. *Tributos e recargas.*

Os contratos de seguro celebrados en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos que cubran riscos localizados ou asuman compromisos en España estarán suxeitos ás recargas a favor do Consorcio de Compensación de Seguros para cubrir as necesidades deste no exercicio das súas funcións de compensación de perdas derivadas de acontecementos extraordinarios acaecidos en España, de fondo nacional de garantía no seguro de responsabilidade civil derivada da circulación de vehículos automóbiles e na súa función de liquidador de entidades aseguradoras, así como ás demais recargas e tributos legalmente exixibles nas mesmas condicións que os contratos subscritos con entidades aseguradoras españolas.

Artigo 54. *Seguro de responsabilidade civil en vehículos terrestres automóbiles.*

As entidades aseguradoras que operen en España en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizo no seguro de responsabilidade civil en vehículos terrestres automóbiles, excluída a responsabilidade do transportista, deberán integrarse na Oficina Española de Aseguradores de Automóbiles (Ofesauto).

Sección 2.^a Actividade en réxime de dereito de establecemento de entidades aseguradoras e reaseguradoras domiciliadas noutros Estados membros

Artigo 55. *Condicións de acceso á actividade en réxime de dereito de establecemento.*

1. Antes de que unha sucursal en España dunha entidade aseguradora domiciliada noutro Estado membro se estableza e comece a exercer a súa actividade en réxime de dereito de establecemento, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá indicar á autoridade supervisora do Estado membro de orixe as condicións en que, por razóns de interese xeral, deberá ser exercida a actividade en España.

A citada dirección xeral dispoñerá para iso dun prazo de dous meses, contado desde que reciba da autoridade supervisora do Estado membro de orixe a comunicación á cal fai referencia o artigo 47.2.

A sucursal poderase establecer e comezar a súa actividade en España desde que a autoridade supervisora do Estado membro de orixe lle notifique a conformidade ou as condicións indicadas pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións. Tamén poderá iniciala cando, transcorrido o citado prazo de dous meses, non recibise a dita notificación.

2. Toda modificación na sucursal dalgún dos aspectos referidos no artigo 47.1 estará suxeita a idéntico procedemento, pero o prazo, que será común, reducirase a un mes.

Artigo 56. *Supervisión de sucursais en España polas autoridades do Estado de orixe.*

Cando unha entidade aseguradora ou reaseguradora autorizada noutro Estado membro exerza a súa actividade en España a través dunha sucursal, as autoridades de supervisión do Estado membro de orixe poderán proceder, por si mesmas ou por medio de persoas designadas para iso, logo de información á Dirección Xeral de Seguros e Fondos

de Pensións, á verificación da información necesaria para poder realizar a supervisión financeira da entidade.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións participará na dita verificación nos termos que regulamentariamente se determinen.

A Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación poderá participar nas verificacións que se realicen de forma conxunta cos demais supervisores intervinientes.

Sección 3.^a Actividade en libre prestación de servizos de entidades aseguradoras e reaseguradoras domiciliadas noutros Estados membros

Artigo 57. Condicións de acceso á actividade en réxime de libre prestación de servizos.

As entidades aseguradoras domiciliadas noutro Estado da Unión Europea poderán iniciar ou, se é o caso, modificar a súa actividade en España en réxime de libre prestación de servizos desde que reciban a comunicación de que a autoridade supervisora do Estado membro de orixe remitiu á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a comunicación a que se refire o artigo 48.2.

Artigo 58. Requisitos específicos para o seguro de responsabilidade civil en vehículos terrestres automóbiles.

1. As entidades aseguradoras domiciliadas noutro Estado da Unión Europea que pretendan operar en España en réxime de libre prestación de servizos cubrindo os riscos do ramo de responsabilidade civil en vehículos terrestres automóbiles, excluída a responsabilidade do transportista, deberán cumprir os seguintes requisitos con carácter previo ao comezo da súa actividade en España:

a) Comunicar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións o nome e o domicilio dun representante persoa física que resida habitualmente en España ou persoa xurídica que estea establecida nela, coas seguintes facultades:

1.^a Atender as reclamacións que presenten os terceiros prexudicados. Para tal efecto, deberán ter poderes suficientes para representar a entidade aseguradora, mesmo para o pagamento das indemnizacións, e para defendela ante os tribunais e autoridades administrativas españolas.

2.^a Representar a entidade aseguradora ante as autoridades xudiciais e administrativas españolas competentes en todo o concernente ao control da existencia e validez das pólizas de seguro de responsabilidade civil que resulte da circulación de vehículos terrestres automóbiles.

b) Formular ante a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a declaración expresa responsable de que a entidade aseguradora se integrou na Oficina Española de Aseguradores de Automóbiles (Ofesauto) e que vai aplicar as recargas legalmente exixibles a favor do Consorcio de Compensación de Seguros.

2. Se a entidade aseguradora non designase o representante a que se refire o número 1.a), asumirá as súas funcións o representante designado en España para a tramitación e liquidación dos sinistros ocorridos noutro Estado membro, cando o prexudicado teña a súa residencia en España.

Artigo 59. Obrigas tributarias.

As entidades aseguradoras domiciliadas noutro Estado da Unión Europea que pretendan operar en España en réxime de libre prestación de servizos estarán obrigadas a practicar retención ou ingreso á conta e a ingresar o importe no Tesouro, así como a informar a Administración tributaria, en relación coas operacións que se realicen en

España, nos termos previstos na normativa reguladora dos impostos sobre a renda das persoas físicas, sobre sociedades e sobre a renda de non residentes.

Artigo 60. *Axencias de subscrición.*

1. As entidades aseguradoras poderán subscribir contratos de apoderamento con persoas xurídicas españolas para a subscrición de riscos en nome e por conta daquelas.

2. A axencia de subscrición en España accederá á súa actividade logo de obter a autorización administrativa da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións. Determinaranse regulamentariamente os requisitos e o procedemento para obter e conservar a autorización administrativa.

3. Tamén será precisa autorización administrativa para que unha axencia de subscrición poida operar para outras entidades aseguradoras distintas das autorizadas e para que poida subscribir negocio noutros riscos distintos dos inicialmente solicitados e autorizados cunha determinada entidade coa cal xa estea autorizada. Estableceranse regulamentariamente os requisitos e o procedemento para obter a ampliación da autorización administrativa.

4. Serán aplicables ás axencias de subscrición as normas sobre participacións significativas contidas nos artigos 85 a 88, entendendo que as mencións alí realizadas ás entidades aseguradoras se refiren ás axencias de subscrición, cando o transmitente ou o adquirente sexan unha entidade aseguradora, un mediador de seguros, un corredor de reaseguros ou outra axencia de subscrición.

5. A denominación «axencia de subscrición» queda reservada ás sociedades definidas neste artigo. Na documentación mercantil de subscrición de seguros e publicidade que as axencias de subscrición realicen con carácter xeral ou a través de medios telemáticos, deberán mencionar a súa natureza de axencia de subscrición e a ou as entidades aseguradoras con quen celebren contrato de apoderamento.

6. Os departamentos e servizos de atención ao cliente das entidades aseguradoras atenderán e resolverán as queixas e reclamacións que se presenten en relación coa actuación das axencias de subscrición nos termos que estableza a normativa sobre protección do cliente de servizos financeiros.

7. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións revogará a autorización administrativa concedida ás axencias de subscrición nos termos establecidos no número 3, letras a) e b), número 4, letras a), b), d), e) e f), e nos números 6 e 7 do artigo 169, entendendo que as referencias alí contidas ás entidades aseguradoras se fan ás axencias de subscrición.

A causa de revogación da autorización administrativa por falta efectiva de actividade desta lei referirase a que todos os poderes concedidos á axencia de subscrición fosen revogados.

8. Serán aplicables ás axencias de subscrición as medidas de control especial contidas no artigo 160 en canto lles sexa de aplicación.

9. O réxime de infraccións e sancións será o establecido no título VIII desta lei.

CAPÍTULO III

Acceso á actividade en España de entidades aseguradoras e reaseguradoras de terceiros países

Sección 1.^a Entidades aseguradoras de terceiros países

Artigo 61. *Autorización de sucursais de entidades aseguradoras de terceiros países.*

1. O ministro de Economía e Competitividade poderá autorizar entidades aseguradoras domiciliadas en terceiros países non membros da Unión Europea para establecer sucursais en España, sempre que cumpran os requisitos que regulamentariamente se establezan.

2. O prazo máximo para resolver o procedemento e notificar a resolución é de seis meses. Transcorrido este prazo sen se ter notificado resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude presentada.

3. Outorgada a autorización administrativa, a sucursal, o seu apoderado xeral e quen exerza a dirección efectiva inscribanse no rexistro administrativo que regula o artigo 40.

4. Non se exixirán ás sucursais establecidas en España de entidades aseguradoras de nacionalidade suíza no ámbito dos seguros distintos ao seguro de vida os requisitos que se determinen regulamentariamente.

Artigo 62. Limitacións á actividade en España das entidades aseguradoras de terceiros países.

Queda prohibido concertar en España operacións de seguro directo con entidades aseguradoras de terceiros países alleos á Unión Europea ou facelo a través de mediadores de seguros privados que realicen a súa actividade para aquelas. Do anterior exceptúase o suposto en que as ditas entidades aseguradoras contraten a través de sucursais legalmente establecidas en España.

Sección 2.ª Entidades reaseguradoras de terceiros países

Artigo 63. Sucursais de entidades reaseguradoras de terceiros países.

1. O establecemento de sucursais en España de entidades reaseguradoras de terceiros países requirirá a autorización administrativa previa do ministro de Economía e Competitividade, que se outorgará de acordo co previsto no artigo 61, para actividades de reaseguro de vida, actividades de reaseguro distinto do de vida ou para todo tipo de actividades de reaseguro.

2. A autorización das sucursais determinará a inscrición no rexistro administrativo previsto no artigo 40.

Artigo 64. Actividade en España das entidades reaseguradoras de terceiros países desde o país de orixe.

As entidades reaseguradoras de terceiros países poderán exercer actividade en España desde o país onde teñan o seu domicilio social, pero non desde sucursais situadas fóra de España, mesmo cando estean establecidas na Unión Europea.

TÍTULO III

Exercicio da actividade

CAPÍTULO I

Sistema de goberno das entidades aseguradoras e reaseguradoras

Artigo 65. Requisitos xerais do sistema de goberno.

1. Todas as entidades aseguradoras e reaseguradoras dispoñerán dun sistema eficaz de goberno que garanta a xestión sa e prudente da actividade e que sexa proporcionado á súa natureza, ao volume e á complexidade das súas operacións.

2. O sistema de goberno comprenderá políticas escritas de goberno corporativo que incluírán, entre outras, unha estrutura organizativa transparente e apropiada, cunha clara distribución e unha adecuada separación de funcións, mecanismos eficaces para garantir a transmisión da información e políticas e prácticas de remuneración adecuadas ás características das entidades.

3. O sistema de goberno da entidade comprenderá as seguintes funcións: xestión de riscos, verificación do cumprimento e auditoría interna e actuarial.

O sistema de goberno establecerá mecanismos eficaces que garantan o cumprimento das exixencias de aptitude e honorabilidade das persoas que dirixen de maneira efectiva a entidade ou desempeñan nela as funcións fundamentais que o integran, previstas no artigo 38, e dos requisitos establecidos nesta lei e na normativa de desenvolvemento en relación coa xestión de riscos, a avaliación interna prospectiva de riscos, o control interno e de cumprimento, a auditoría interna, a función actuarial e a externalización de funcións ou actividades.

4. O responsable último do sistema de goberno será o órgano de administración das entidades aseguradoras e reaseguradoras.

5. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións verificará o sistema de goberno das entidades aseguradoras e reaseguradoras e avaliará os riscos emerxentes identificados polas ditas entidades que poidan afectar a súa solidez financeira, e poderá exixirlles que adopten as medidas necesarias para mellorar e consolidar o seu sistema de goberno.

Artigo 66. Sistema de xestión de riscos, avaliación interna de riscos e solvencia, sistema de control interno e funcións do sistema de goberno.

1. As entidades aseguradoras e reaseguradoras establecerán un sistema eficaz de xestión de riscos que comprenderá as estratexias, os procesos e os procedementos de información necesarios para identificar, medir, vixiar, xestionar e notificar de forma continua os riscos a que, a nivel individual e agregado, estean ou poidan estar expostas, e as súas interdependencias.

Ese sistema de xestión de riscos será eficaz e estará debidamente integrado na estrutura organizativa e no proceso de toma de decisións da entidade, e terá debidamente en conta as persoas que a dirixen de forma efectiva ou exercen as funcións que integran o sistema de goberno.

As entidades aseguradoras e reaseguradoras establecerán unha función de xestión de riscos que facilite a aplicación do sistema de xestión de riscos.

2. Como parte do seu sistema de xestión de riscos, as entidades aseguradoras e reaseguradoras realizarán unha avaliación interna de riscos e solvencia con carácter periódico e, en todo caso, inmediatamente despois de calquera cambio significativo do seu perfil de risco.

A avaliación interna de riscos e solvencia formará parte integrante da estratexia de negocio e terase en conta de forma continua nas decisións estratéxicas da entidade.

As entidades aseguradoras e reaseguradoras comunicarán á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións os resultados de cada avaliación interna de riscos e solvencia, nos termos que se determine regulamentariamente.

A avaliación interna de riscos e de solvencia non servirá para calcular nin axustar o capital obrigatorio.

3. As entidades aseguradoras e reaseguradoras deberán establecer, documentar e manter en todo momento un sistema de control interno apropiado á súa organización.

Este sistema constará, polo menos, de procedementos administrativos e contables, dunha estrutura adecuada, de mecanismos apropiados de información a todos os niveis da entidade e dunha función de verificación do cumprimento.

A función de verificación do cumprimento comprenderá o asesoramento ao órgano de administración acerca do cumprimento das disposicións legais, regulamentarias e administrativas que afecten a entidade, así como acerca do cumprimento da súa normativa interna. Comportará, así mesmo, a avaliación do impacto de calquera modificación do contorno legal nas operacións da entidade e a determinación e avaliación do risco de cumprimento.

4. As entidades aseguradoras e reaseguradoras contarán cunha función eficaz de auditoría interna, que incluírá a comprobación da adecuación e eficacia do sistema de control interno e doutros elementos do sistema de goberno da entidade e desenvolverase de acordo co establecido na regulación de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras e da actividade de auditoría de contas.

A función de auditoría interna deberá ser obxectiva e independente das funcións operativas.

As conclusións e recomendacións derivadas da auditoría interna notificaránselle ao órgano de administración, que determinará que accións se deberán adoptar con respecto a cada unha delas e garantirá que as ditas accións se leven a cabo.

5. As entidades aseguradoras e reaseguradoras contarán cunha función actuarial efectiva.

A función actuarial será desempeñada por persoas que teñan coñecementos suficientes de matemática actuarial e financeira, acordes coa natureza, co volume e coa complexidade dos riscos inherentes á actividade da entidade aseguradora ou reaseguradora, e que poidan acreditar a oportuna experiencia en relación coas normas profesionais e doutra índole aplicables.

6. Determinaranse regulamentariamente os riscos que deberá incluír o sistema de xestión de riscos, así como o alcance da avaliación interna e da función actuarial.

Artigo 67. *Externalización de funcións.*

1. As entidades aseguradoras ou reaseguradoras poderán externalizar as súas funcións ou actividades operativas críticas ou importantes salvo cando concorran as seguintes circunstancias:

- a) Se prexudique sensiblemente a calidade do seu sistema de goberno,
- b) Aumente indebidamente o risco operacional, menoscabe a capacidade da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións para supervisar o cumprimento das obrigas da entidade ou afecte o servizo continuo e satisfactorio para os tomadores de seguros.

2. Coa finalidade de evitar estes efectos negativos, deberase designar dentro da entidade unha persoa responsable da función ou actividade externalizada, que conte coa experiencia e cos coñecementos suficientes para comprobar a actuación dos provedores de servizos.

3. As entidades aseguradoras e reaseguradoras comunicarán previamente á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a externalización de funcións ou actividades críticas ou importantes, así como calquera cambio posterior significativo en relación coas ditas funcións ou actividades. Esta dirección xeral poderase opoñer a elas, no prazo dun mes desde a recepción da comunicación, cando se dea algún dos supostos establecidos no número 1.

Consideraranse significativos os cambios relativos ao responsable da función, ao fornecedor do servizo ou ao alcance das actividades externalizadas.

4. En todo caso, as entidades aseguradoras e reaseguradoras que externalicen parte das súas funcións seguirán respondendo do cumprimento de todas as obrigas establecidas nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento.

CAPÍTULO II

Valoración de activos e pasivos, garantías financeiras e investimentos

Sección 1.ª Valoración de activos e pasivos e normas sobre provisións técnicas

Artigo 68. *Valoración de activos e pasivos.*

As entidades aseguradoras e reaseguradoras valorarán os activos e pasivos de acordo coas seguintes normas:

1. Os activos valoraranse polo importe polo cal se poderían intercambiar entre partes interesadas e debidamente informadas que realicen unha transacción en condicións de interdependencia mutua.

2. Os pasivos valoraranse polo importe polo cal se poderían transferir ou liquidar entre partes interesadas e debidamente informadas que realicen unha transacción en condicións de independencia mutua.

3. Ao valorar os pasivos consonte o número 2, non se realizará ningún axuste para ter en conta a solvencia propia da entidade aseguradora ou reaseguradora.

Artigo 69. *Provisións técnicas.*

1. As entidades aseguradoras e reaseguradoras computarán entre as súas débedas as provisións técnicas necesarias para reflectir todas as obrigas derivadas de contratos de seguro e de reaseguro.

2. O valor das provisións técnicas corresponderase co importe actual que as entidades aseguradoras e reaseguradoras terían que pagar se transferisen as súas obrigas de seguro e reaseguro de maneira inmediata a outra entidade aseguradora ou reaseguradora.

3. Para os efectos do cálculo das provisións técnicas utilizarase a información facilitada polos mercados financeiros e os datos xeralmente dispoñibles sobre riscos de subscripción, información coa cal o citado cálculo deberá ser coherente.

4. As provisións técnicas valoraranse de forma prudente, fiable e obxectiva.

5. Determinaranse regulamentariamente as provisións técnicas que se computarán e as técnicas, métodos e hipóteses para o seu cálculo, así como as condicións de aplicación do axuste por casamento á estrutura temporal de tipos de xuro sen risco e do axuste por volatilidade á estrutura temporal de tipos de xuro sen risco.

6. Cando a entidade aseguradora ou reaseguradora desexe aplicar o axuste por casamento a que se refire o punto anterior, deberá obter a autorización previa da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, nos termos e condicións que se establezan na normativa da Unión Europea de directa aplicación.

O prazo máximo para resolver o procedemento da autorización previa e notificación da resolución é de seis meses. Transcorrido este prazo sen se ter notificado resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude presentada.

Artigo 70. *Exixencia de incremento do importe das provisións técnicas.*

1. Por requirimento da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, as entidades aseguradoras e reaseguradoras deberán demostrar a adecuación do nivel das súas provisións técnicas, así como a aplicabilidade e a pertinencia dos métodos empregados, e a idoneidade dos datos estatísticos de base utilizados.

2. Na medida en que o importe e o cálculo das provisións técnicas non se ataña ao previsto nas disposicións aplicables, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá exixir ás ditas entidades que incrementen o importe das provisións técnicas ata situalas no nivel exixido.

Tales requirimentos non constituirán unha medida de control especial das reguladas no capítulo II do título VI. As facultades de supervisión en relación coas provisións técnicas dentro dun procedemento de medidas de control especial serán de aplicación sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior.

Sección 2.^a Fondos propios

Artigo 71. *Determinación dos fondos propios.*

1. Os fondos propios das entidades aseguradoras e reaseguradoras estarán constituídos pola suma dos fondos propios básicos e os fondos propios complementarios. Determinaranse regulamentariamente os elementos que integran cada un deles.

O importe de cada elemento dos fondos propios complementarios que a entidade desexe incluír entre os fondos propios, para efectos de solvencia, reflectirá a súa capacidade de absorción de perdas e basearase en hipóteses prudentes e realistas, e

estará suxeito á autorización previa da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións nos termos e condicións que se establezan na normativa da Unión Europea de directa aplicación.

A autorización previa da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións aprobará o importe monetario de cada elemento dos fondos propios complementarios, ou o método para calcular o dito importe. Neste último caso, a autorización estenderase ao importe determinado conforme este método e, ademais, deberá fixar o seu prazo de validez.

O prazo máximo para resolver o procedemento da autorización previa e notificación da resolución é de tres meses, salvo que concorran circunstancias excepcionais, caso en que se poderá ampliar a seis. Transcorrido este prazo sen se ter notificado resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude presentada.

2. Regulamentariamente poderán establecerse os supostos e as condicións en que os fondos excedentarios constituídos polos beneficios acumulados que non se destinaron a ser distribuídos aos tomadores e aos beneficiarios de seguros, e que cumpran os criterios establecidos nel para seren clasificados como fondos propios de nivel 1 conforme o artigo 72, non se considerarán obrigas derivadas dos contratos de seguros ou reaseguros.

Artigo 72. *Clasificación dos fondos propios en niveis.*

1. Os elementos dos fondos propios clasifícanse en tres niveis: nivel 1, nivel 2 e nivel 3. Os criterios de clasificación nestes niveis serán determinados na normativa da Unión Europea de directa aplicación.

2. As entidades aseguradoras e reaseguradoras clasificarán os seus fondos propios conforme os mencionados criterios. Para tal fin, remitiranse á lista dos elementos dos fondos propios regulados na normativa da Unión Europea de directa aplicación.

3. Determinaranse regulamentariamente os límites aplicables aos niveis 1, 2 e 3, as obrigas das entidades aseguradoras respecto ás clasificacións de fondos e o procedemento de autorización por parte da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións para a inclusión de elementos non incorporados á lista do punto anterior, sen prexuízo da normativa da Unión Europea de directa aplicación.

Artigo 73. *Admisibilidade dos fondos propios.*

1. Os fondos propios básicos serán computables para a cobertura do capital de solvencia obrigatorio e do capital mínimo obrigatorio.

2. Os fondos propios complementarios só serán computables para a cobertura do capital de solvencia obrigatorio. Os fondos propios complementarios non se admitirán para cubrir o capital mínimo obrigatorio.

Sección 3.^a Capital de solvencia obrigatorio

Artigo 74. *Cálculo do capital de solvencia obrigatorio.*

1. O capital de solvencia obrigatorio calcularase partindo do principio de continuidade do negocio da entidade e será igual ao valor en risco dos fondos propios básicos dunha entidade aseguradora ou reaseguradora, cun nivel de confianza do 99,5 por cento e un horizonte temporal dun ano.

2. As entidades aseguradoras e reaseguradoras calcularán o capital de solvencia obrigatorio cunha periodicidade mínima anual e comunicarán os resultados deste cálculo á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

3. As entidades aseguradoras e reaseguradoras deberán cubrir en todo momento o capital de solvencia obrigatorio cos fondos propios, básicos ou complementarios que resulten admisibles.

O importe admisible de fondos propios para a cobertura do capital de solvencia obrigatorio será igual á suma do importe do nivel 1, do importe admisible do nivel 2 e do importe admisible do nivel 3.

4. Establecerase regulamentariamente o cálculo do capital de solvencia obrigatorio.

5. Adicionalmente, a entidade aseguradora ou reaseguradora estará obrigada a remitir esta información, no prazo dun mes desde que se detectan as variacións, cando o seu perfil de risco ou os seus fondos propios se poidan ter apartado significativamente das hipóteses nas cales se baseou a última información achegada á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

Sen prexuízo desta obriga, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá exixir á entidade aseguradora ou reaseguradora que volva elaborar e presentar novos cálculos, en relación coa información que se debe remitir, cando haxa indicios de que o perfil de risco da entidade variou significativamente desde a data de referencia da última información presentada.

Artigo 75. *Métodos de cálculo do capital de solvencia obrigatorio.*

1. O capital de solvencia obrigatorio poderase calcular de acordo cos métodos seguintes:

a) Mediante o uso da fórmula estándar; poderanse aplicar simplificacións e parámetros específicos, se é o caso.

b) Mediante o uso de modelos internos completos ou parciais.

2. A utilización de modelos internos ou de parámetros específicos requirirá aprobación administrativa previa, por solicitude da entidade. O prazo máximo para resolver o procedemento e notificar a resolución é de seis meses. Transcorrido este prazo sen se ter notificado resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude.

3. Os métodos de cálculo do capital de solvencia obrigatorio, os procedementos de autorización e aplicación e os efectos do seu incumprimento desenvolveranse regulamentariamente e segundo a normativa da Unión Europea de directa aplicación.

Artigo 76. *Exixencia de capital de solvencia obrigatorio adicional.*

Tras as actuacións de supervisión e con carácter excepcional, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá exixir á entidade aseguradora ou reaseguradora supervisada, mediante resolución motivada, un capital adicional. Os supostos de exixencia de capital adicional, o procedemento aplicable e os prazos de revisión desenvolveranse regulamentariamente e segundo a normativa da Unión Europea de directa aplicación.

Artigo 77. *Responsabilidade do órgano de administración en relación cos modelos internos.*

1. Os órganos de administración das entidades aseguradoras e reaseguradoras deberán dar a súa conformidade expresa á solicitude de autorización do modelo interno dirixida á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, e igualmente no que respecta á solicitude de autorización de calquera modificación posterior dese modelo.

2. É responsabilidade dos órganos de administración das entidades implantar os sistemas necesarios que garantan o permanente bo funcionamento do modelo interno.

En particular, deberán velar para que o deseño e o funcionamento do modelo interno sexan sempre eficaces, e para que o dito modelo siga reflectindo apropiadamente o perfil de risco da entidade.

*Sección 4.^a Capital mínimo obrigatorio**Artigo 78. Capital mínimo obrigatorio.*

1. As entidades aseguradoras e reaseguradoras deberán posuír fondos propios básicos admisibles para cubrir o capital mínimo obrigatorio, que se corresponderá co importe dos fondos propios básicos admisibles por debaixo do cal os tomadores e os beneficiarios, en caso de continuaren as entidades a súa actividade, estarían expostos a un nivel de risco inaceptable.

O importe admisible de fondos propios básicos para a cobertura do capital mínimo obrigatorio será igual á suma do importe do nivel 1 e do importe admisible de elementos dos fondos propios básicos clasificados no nivel 2.

2. O capital mínimo obrigatorio calcularase como unha función lineal dun conxunto ou subconxunto das seguintes variables netas de reaseguro: as provisións técnicas, as primas devindicadas, os capitais en risco, os impostos diferidos e os gastos de administración da entidade. A función lineal calibrarase en función do valor en risco dos fondos propios básicos dunha entidade aseguradora ou reaseguradora, cun nivel de confianza do 85 por 100 e un horizonte temporal dun ano.

3. O capital mínimo obrigatorio non será inferior ao 25 por 100 nin excederá o 45 por 100 do capital de solvencia obrigatorio da entidade, incluído calquera capital de solvencia obrigatorio adicional exixido.

En todo caso terá os seguintes importes mínimos absolutos:

a) 2.500.000 euros cando se trate de entidades aseguradoras que operen en ramos de seguro distintos do seguro de vida, incluídas as entidades aseguradoras cativas, excepto cando estean cubertos todos ou algúns dos riscos de responsabilidade civil, crédito e caución [ramos 10 a 15 do anexo A).a) desta lei], caso en que non será inferior a 3.700.000 euros;

b) 3.700.000 euros no caso das entidades aseguradoras que operen no ramo de vida, incluídas as entidades aseguradoras cativas;

c) 3.600.000 euros cando se trate de entidades reaseguradoras, excepto no caso das entidades reaseguradoras cativas, para as cales o capital mínimo obrigatorio non será inferior a 1.200.000 euros;

d) A suma dos importes fixados nas letras a) e b) cando se trate de entidades aseguradoras que realicen simultaneamente actividades de seguro de vida e de seguros distintos do de vida.

4. Para as mutuas con réxime de derrama pasiva e as cooperativas, o importe mínimo absoluto do capital mínimo obrigatorio será de tres cuartas partes do exixido para as restantes entidades.

Cando as citadas entidades non operen nos ramos de responsabilidade civil, crédito, caución nin realicen actividade exclusivamente reaseguradora, e o seu importe anual de primas ou cotas non supere os cinco millóns de euros durante tres anos consecutivos, o capital mínimo obrigatorio non poderá ser inferior a 800.000 euros se operan no ramo de vida, a 200.000 euros se operan nos ramos doutros danos aos bens, defensa xurídica ou decesos, e a 300.000 euros se operan nos restantes. En caso de que a entidade supere o importe de cinco millóns de euros durante tres anos consecutivos, con efectos a partir do cuarto ano aplicarase o importe mínimo previsto no parágrafo anterior.

Non obstante, estarán exentas do importe mínimo absoluto do capital mínimo obrigatorio as mutuas acollidas ao mencionado réxime cando non operen nos ramos de vida, responsabilidade civil, crédito ou caución nin realicen actividade exclusivamente reaseguradora e o seu importe anual de primas ou cotas non exceda os 750.000 euros.

5. Para as mutualidades de previsión social que non obtivesen a autorización administrativa para operar por ramos, o importe mínimo absoluto do capital mínimo obrigatorio será as tres cuartas partes do exixido no parágrafo primeiro do punto anterior.

Non obstante, para as mutualidades que prevexan nos seus estatutos a posibilidade de realizar derramas de cotas ou de reducir as prestacións e cuxo importe anual de cotas non supere os cinco millóns de euros durante tres exercicios consecutivos, o importe mínimo absoluto do capital mínimo obrigatorio será o previsto no parágrafo segundo do punto anterior. En caso de que a entidade supere o importe de cinco millóns de euros durante tres anos consecutivos, a partir do cuarto ano os importes mínimos serán os establecidos no parágrafo anterior.

Estarán exentas do importe mínimo absoluto do capital mínimo obrigatorio as mutualidades de previsión social cuxo obxecto exclusivo sexa outorgar prestacións ou subsidios de docencia ou educación e, en todo caso, aquelas mutualidades de previsión social que non operen por ramos, que prevexan nos seus estatutos a posibilidade de realizar derramas de cotas ou de reducir as prestacións, que non cubran riscos de vida e cuxo importe de cotas non exceda os 750.000 euros.

Para os efectos deste punto, asimílanse os riscos cubertos por estas mutualidades de previsión social aos ramos de seguros na forma prevista regulamentariamente para o capital de solvencia obrigatorio.

6. As entidades aseguradoras e reaseguradoras calcularán o capital mínimo obrigatorio polo menos trimestralmente e comunicarán os resultados deste cálculo á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións. Non obstante o anterior, non será necesario calcular trimestralmente o capital de solvencia obrigatorio para a aplicación dos límites previstos no primeiro parágrafo do número 3.

Sección 5.^a Investimentos

Artigo 79. Normas sobre investimentos das entidades aseguradoras e reaseguradoras.

1. As entidades aseguradoras e reaseguradoras deberán investir os seus recursos consonte o principio de prudencia. Investirán só en activos e instrumentos cuxos riscos poidan determinar, medir, vixiar, xestionar e controlar debidamente, ademais de informar adecuadamente deles a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións. Estes riscos teranse en conta na avaliación das necesidades globais de solvencia dentro da avaliación interna de riscos e solvencia.

2. Regulamentariamente e mediante normativa da Unión Europea de directa aplicación desenvólvense as normas sobre investimentos.

CAPÍTULO III

Información pública sobre a situación financeira e de solvencia

Artigo 80. Informe sobre a situación financeira e de solvencia.

1. As entidades aseguradoras e reaseguradoras publicarán, con carácter anual, un informe sobre a súa situación financeira e de solvencia. Determinaranse regulamentariamente o contido, a forma e os prazos para a publicación deste informe.

2. As entidades aseguradoras e reaseguradoras dispoñerán de sistemas e estruturas adecuados para cumprir os requisitos exixidos en relación coas obrigas de información e publicación do informe sobre a situación financeira e de solvencia, e contarán cunha política escrita que garanta a adecuación permanente de toda información publicada.

O informe público sobre a situación financeira e de solvencia será aprobado polo órgano de administración da entidade con carácter previo á súa publicación.

Artigo 81. Dispensa de divulgación de información no informe sobre a situación financeira e de solvencia.

1. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá autorizar ás entidades aseguradoras e reaseguradoras a non divulgación de información cando tal divulgación

permita aos competidores da entidade adquirir indebidamente unha vantaxe significativa ou cando os compromisos cos tomadores de seguros ou con outras contrapartes obriguen a entidade ao segredo ou á confidencialidade.

Neste caso, as entidades farán unha declaración ao respecto no seu informe sobre a situación financeira e de solvencia e indicarán as razóns.

2. O indicado no punto anterior non se aplicará á información relativa á xestión do capital, cuxo contido se desenvolverá regulamentariamente.

Artigo 82. *Actualizacións do informe sobre a situación financeira e de solvencia e información voluntaria adicional.*

1. Cando algunha circunstancia importante afecte de forma significativa a información publicada no informe sobre a situación financeira e de solvencia, as entidades aseguradoras e reaseguradoras publicarán a oportuna información sobre a súa natureza e os seus efectos. Determinarase regulamentariamente qué se considera circunstancia importante e as medidas que a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións pode adoptar en tales casos.

2. As entidades aseguradoras e reaseguradoras poderán publicar, con carácter voluntario, calquera información ou explicación referida á súa situación financeira e de solvencia cuxa publicación non sexa preceptiva, de acordo cos artigos 80 e 81 desta lei e do seu regulamento de desenvolvemento e co número 1 deste artigo.

CAPÍTULO IV

Obrigas contables

Artigo 83. *Contabilidade das entidades aseguradoras e reaseguradoras.*

1. A contabilidade das entidades aseguradoras e reaseguradoras rexerese polas súas normas específicas e, no seu defecto, polas establecidas no Código de comercio, no Plan xeral de contabilidade e nas demais disposicións da lexislación mercantil en materia contable.

2. O exercicio económico de toda clase de entidades aseguradoras e reaseguradoras coincidirá co ano natural.

Estableceranse regulamentariamente as normas específicas de contabilidade a que se refire o punto anterior, as obrigas contables das entidades aseguradoras, os principios contables de aplicación obrigatoria, as normas sobre formulación de contas anuais, os criterios de valoración dos elementos integrantes delas, así como o réxime de aprobación, verificación, depósito e publicidade das ditas contas.

3. O ministro de Economía e Competitividade, logo do informe do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas e da Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións, poderá ditar as normas específicas de contabilidade a que se refire o número 1, en particular o plan de contabilidade das entidades aseguradoras, así como as súas modificacións e normas complementarias.

O ministro de Economía e Competitividade poderalle encomendar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións o desenvolvemento das normas específicas de contabilidade das entidades aseguradoras e reaseguradoras, e a súa adecuación ás normas internacionais de información financeira que resulten de aplicación, logo de informe do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas e da Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións.

Artigo 84. *Formulación de contas consolidadas dos grupos de entidades aseguradoras e reaseguradoras.*

1. Será de aplicación aos grupos de entidades aseguradoras e reaseguradoras definidos no número 3 do presente artigo o disposto no artigo 43 bis do Código de comercio.

Non obstante o anterior, cando, conforme o disposto no citado artigo, non se apliquen as normas internacionais de información financeira adoptadas polos regulamentos da Unión Europea, a formulación das contas consolidadas dos grupos de entidades aseguradoras e reaseguradoras rexeráse polas súas normas específicas e, no seu defecto, polas establecidas no Código de comercio e nas súas disposicións de desenvolvemento.

2. A determinación das normas específicas aplicables para a formulación de contas consolidadas dos grupos de entidades aseguradoras e reaseguradoras realizarase conforme o previsto no artigo 83.3. Esta determinación efectuarase respectando os principios que sobre a presentación das contas dos grupos de sociedades se conteñen no libro I do Código de comercio e nas súas disposicións de desenvolvemento, e poderán introducirse as adaptacións de obrigado cumprimento que resulten necesarias para os grupos de entidades aseguradoras e reaseguradoras.

3. Para os efectos deste artigo, entenderase por grupo de entidades aseguradoras e reaseguradoras aquel en que se dea algunha das seguintes circunstancias:

- a) A sociedade dominante é unha entidade aseguradora ou reaseguradora.
- b) A sociedade dominante é unha entidade cuxa actividade principal consista en ter participacións en entidades aseguradoras ou reaseguradoras.
- c) Cando, estando integrado por entidades aseguradoras e reaseguradoras e por entidades doutro tipo, a actividade das primeiras sexa a máis importante do grupo.

O concepto de grupo previsto no presente artigo para os efectos da formulación de contas consolidadas é independente do previsto para a supervisión de grupos no título V desta lei.

CAPÍTULO V

Réxime de participacións en entidades aseguradoras e reaseguradoras

Artigo 85. Obrigas relativas á adquisición de participacións en entidades aseguradoras e reaseguradoras.

1. Toda persoa física ou xurídica que, por si soa ou actuando de forma concertada con outras, adquirise, directa ou indirectamente, unha participación nunha entidade aseguradora ou reaseguradora, de forma que a súa porcentaxe de capital ou de dereitos de voto resulte igual ou superior ao cinco por cento, sempre que non resulte de aplicación o número 2 seguinte, nun prazo máximo de dez días hábiles contados desde o momento da adquisición informará por escrito a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e a entidade participada, indicando a contía da participación alcanzada.

2. Toda persoa física ou xurídica que, por si soa ou actuando de forma concertada con outra, decidise adquirir, directa ou indirectamente, mesmo nos supostos de aumento ou redución de capital, fusións e escisións, unha participación significativa nunha entidade aseguradora ou reaseguradora ou ben incrementar a súa participación significativa, de modo que a proporción dos seus dereitos de voto ou de participación no capital chegue a ser igual ou superior aos límites do vinte por cento, trinta por cento ou cincuenta por cento e tamén cando, en virtude da adquisición, se puidese chegar a controlar a entidade aseguradora ou reaseguradora, notificarallo previamente por escrito á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, facendo constar a contía da dita participación, os termos e condicións da adquisición e o prazo máximo en que se pretenda realizar a operación, e achegará a documentación que regulamentariamente se estableza.

Esta obriga corresponde tamén á entidade aseguradora ou reaseguradora da cal se adquira ou aumente a participación significativa referida.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións avaliará a idoneidade de quen se propón adquirir ou incrementar a participación e a solidez financeira da adquisición ou do incremento proposto de acordo cos criterios e co procedemento que se determinen regulamentariamente. A información que se lle subministre deberá ser pertinente para a

avaliación, e proporcional e adecuada á natureza de quen se propón adquirir ou incrementar a participación e á adquisición proposta. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderase opoñerse á adquisición ou formular obxeccións contra esta.

3. Para os efectos de determinar se existe unha participación significativa nunha entidade aseguradora ou reaseguradora, non se terán en conta os dereitos de voto ou a porcentaxe de capital resultante do aseguramento dunha emisión ou dunha colocación de instrumentos financeiros nin da colocación de instrumentos financeiros baseada nun compromiso firme, sempre que os ditos dereitos non se exerzan para intervir na administración do emisor e se cedan no prazo dun ano desde a súa adquisición. Determinaranse regulamentariamente as accións, as achegas e os dereitos de voto que se deberán integrar no cómputo dunha participación.

En calquera caso, enténdese por influencia notable a posibilidade de nomear ou destituír algún membro do órgano de administración da entidade aseguradora.

4. O disposto neste artigo para as entidades aseguradoras e reaseguradoras entenderase sen prexuízo da aplicación das normas sobre ofertas públicas de adquisición e información sobre participacións significativas contidas na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e nas súas normas de desenvolvemento, e sen prexuízo da aplicación das normas sobre control de concentracións económicas contidas na Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.

Artigo 86. *Efectos do incumprimento.*

1. Cando se efectúe unha das adquisicións ou incrementos regulados no artigo 85 sen ter notificado previamente á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ou, téndoo notificado, non transcorre o prazo previsto regulamentariamente, ou se media a oposición expresa da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, produciranse os seguintes efectos:

a) Non se poderán exercer os dereitos políticos correspondentes ás participacións adquiridas irregularmente. Se chegan a exercerse, os correspondentes votos serán nulos e os acordos serán impugnables conforme o previsto no capítulo IX do título V do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, para o que estará lexitimada a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

b) Se for preciso, adoptaranse sobre a entidade aseguradora ou reaseguradora algunha ou algunhas das medidas de control especial previstas nos artigos 160 a 163.

c) Ademais, impoñeranse as sancións administrativas que correspondan conforme o disposto no capítulo II do título VIII.

2. Cando se acredite que os titulares dunha participación significativa exercen unha influencia que vaia en detrimento da xestión sa e prudente dunha entidade aseguradora ou reaseguradora, que dane gravemente a súa situación financeira, ou que deixasen de ser idóneos de forma sobrepida, poderanse adoptar algunha ou algunhas das medidas previstas no punto anterior, aínda que a suspensión dos dereitos de voto non poderá exceder os tres anos. Con carácter excepcional, o ministro de Economía e Competitividade, por proposta da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, poderá revogar a autorización.

Artigo 87. *Obrigas relativas á redución dunha participación significativa nunha entidade aseguradora ou reaseguradora.*

1. Toda persoa física ou xurídica que decidise deixar de ter, directa ou indirectamente, unha participación significativa nalgunha entidade aseguradora ou reaseguradora, notificarallo previamente por escrito á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e comunicará a contía prevista da diminución da súa participación. A dita persoa deberá tamén notificar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións se decidiu reducir a súa participación significativa, de tal forma que a porcentaxe de dereitos de voto ou capital

posuído resulte inferior ao vinte, trinta ou cincuenta por cento ou ben que pode chegar a perder o control da entidade aseguradora ou reaseguradora.

Esta obriga corresponde tamén á entidade aseguradora ou reaseguradora da cal se diminúa ou deixe de ter a participación significativa referida.

2. O incumprimento deste deber de información será sancionado segundo o previsto no capítulo II do título VIII.

Artigo 88. *Obrigas de información adicionais.*

As entidades aseguradoras comunicarán, ao tempo de presentar a súa información periódica, e tamén cando sexan requiridas para o efecto pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, a identidade dos accionistas ou socios que posúan participacións significativas, a contía destas participacións e as alteracións que se produzan no accionariado. En particular, os datos sobre participación significativa obteranse da xunta xeral anual de accionistas ou socios, ou da información recibida en virtude das obrigas derivadas da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

CAPÍTULO VI

Operacións societarias

Sección 1.^a Cesión de carteira

Artigo 89. *Cesión de carteira entre entidades aseguradoras.*

1. Corresponderalle ao ministro de Economía e Competitividade autorizar a operación de cesión de carteira entre entidades aseguradoras.

2. A solicitude de autorización deberá ser resolta dentro dos seis meses seguintes á súa recepción na Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, ou ao momento en que se complete a documentación exigible e, en todo caso, dentro dos doce meses seguintes á súa recepción. Cando a solicitude non sexa resolta no prazo anterior, poderase entender desestimada. Establecerase regulamentariamente o procedemento de autorización, así como as consecuencias que a cesión de carteira produza.

3. A cesión de carteira de contratos de seguro entre entidades aseguradoras poderá ser:

a) Parcial, cando abranxa un conxunto de pólizas dentro dun ou máis ramos, agrupadas atendendo a un criterio obxectivo, que deberá quedar determinado claramente no convenio de cesión, coas condicións que se establezan regulamentariamente.

b) Total, cando abranxa a totalidade das pólizas correspondentes a un ou máis ramos. Neste caso, a autorización da cesión declarará a revogación á entidade cedente da autorización administrativa para operar no ramo ou ramos cedidos.

Sección 2.^a Modificacións estruturais

Artigo 90. *Modificacións estruturais.*

1. Corresponderalle ao ministro de Economía e Competitividade autorizar as operacións de transformación, fusión, cesión global de activo e pasivo ou escisión, en que interveña unha entidade aseguradora, ou calquera acordo que teña efectos económicos ou xurídicos análogos aos anteriores. Para estes efectos, e con carácter previo á concesión da autorización, solicitarase informe ao Banco de España, ao Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias e á Comisión Nacional do Mercado de Valores, nos aspectos da súa competencia.

2. A solicitude de autorización deberá ser resolta dentro dos seis meses seguintes á súa recepción na Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, ou no momento en

que se complete a documentación exigible e, en todo caso, dentro dos doce meses seguintes á súa recepción. Cando a solicitude non sexa resolta no prazo anterior, poderase entender desestimada. Establecerase regulamentariamente o resto dos termos do procedemento de autorización.

3. En todo o non regulado expresamente nesta lei e no seu regulamento de desenvolvemento, e na medida en que non se opoña a ela, aplicarase á transformación, fusión, cesión global de activo e pasivo, e escisión de entidades aseguradoras, a normativa mercantil e, en concreto, o disposto na Lei 3/2009, do 3 de abril, sobre modificacións estruturais das sociedades mercantís e, nos supostos que resulte de aplicación, a lexislación de cooperativas.

4. En todo o non regulado expresamente nesta lei, e na medida en que non se opoña a ela, aplicarase á fusión, cesión global de activo e pasivo, e escisión de entidades reaseguradoras a normativa mercantil e, en concreto, o disposto na Lei 3/2009, do 3 de abril, sobre modificacións estruturais das sociedades mercantís.

Artigo 91. *Supostos excepcionais de modificacións estruturais.*

Excepcionalmente, o ministro de Economía e Competitividade poderá autorizar a transformación, fusión, cesión global de activo e pasivo, e escisión de entidades aseguradoras en supostos distintos aos previstos regulamentariamente cando, atendidas as singulares circunstancias que concorran na entidade aseguradora que o solicite, a entidade aseguradora afectada obteña un desenvolvemento máis adecuado da actividade, sempre que isto non menoscabe as súas garantías financeiras, os dereitos dos asegurados e a transparencia na asunción das obrigas derivadas dos contratos de seguro.

Sección 3.^a Modificacións estatutarias

Artigo 92. *Modificacións estatutarias.*

Deberán ser comunicadas á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensiós as modificacións dos estatutos que, polo seu obxecto, deban constar no rexistro administrativo especial.

A comunicación á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensiós deberase efectuar dentro dos dez días hábiles seguintes ao da adopción do acordo de modificación estatutaria.

Sección 4.^a Agrupacións e unións temporais de entidades aseguradoras ou reaseguradoras

Artigo 93. *Agrupacións de interese económico e unións temporais de entidades aseguradoras ou reaseguradoras.*

1. As entidades aseguradoras e reaseguradoras poderán constituír agrupacións de interese económico e unións temporais de empresas, neste último caso exclusivamente entre si, de acordo coa lexislación xeral que as regula e con sometemento ao control da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensiós, ademais do que prevé a dita lexislación.

2. Excepcionalmente, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensiós poderá autorizar unións temporais de empresas en que se integren entidades aseguradoras ou reaseguradoras con outras que non o sexan cando, atendidas as singulares circunstancias que concorran na entidade aseguradora ou reaseguradora que solicite a unión temporal, a entidade obteña un desenvolvemento máis adecuado da actividade, sempre que isto non menoscabe as súas garantías financeiras, os dereitos dos asegurados e a transparencia na asunción das obrigas derivadas dos contratos de seguro.

CAPÍTULO VII

Condutas de mercado*Sección 1.^a Pólizas e tarifas**Artigo 94. Tarifas de primas e bases técnicas.*

1. As tarifas de primas deberanse fundamentar en bases técnicas e en información estatística elaborada de acordo co disposto nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento. Deberán ser suficientes, segundo hipóteses actuariais razoables, para lle permitir á entidade aseguradora satisfacer o conxunto das obrigas derivadas dos contratos de seguro e, en particular, constituír as provisións técnicas adecuadas.

No cálculo das tarifas, dentro do ámbito de aplicación da Directiva 2004/113/CE, do Consello, pola que se aplica o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres no acceso a bens e servizos e a súa subministración, non se poderán establecer diferenzas de trato entre mulleres e homes nas primas e prestacións das persoas aseguradas, cando estas consideren o sexo como factor de cálculo. En ningún caso, os custos relacionados co embarazo e co parto xustificarán diferenzas nas primas e nas prestacións das persoas consideradas individualmente.

Exceptúanse do disposto no parágrafo anterior os contratos de seguro vinculados a unha relación laboral, nos cales se permite a diferenciación nas primas e prestacións cando estea xustificada por factores actuariais.

Así mesmo, deberán respectar os principios de equidade, indivisibilidade e invariabilidade.

2. As tarifas de primas responderán ao réxime de liberdade de competencia no mercado de seguros sen que, para estes efectos, teña o carácter de práctica restritiva da competencia a utilización de estatísticas comúns, por parte das entidades aseguradoras e reaseguradoras, para a elaboración individual das súas tarifas de primas de risco, sempre e cando as ditas estatísticas se elaboren de conformidade cos regulamentos da Unión Europea ditados para a aplicación do artigo 101.3 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

Artigo 95. Control das pólizas, tarifas e documentación técnica da actividade.

1. As condicións contractuais e modelos de pólizas, as tarifas de primas e as bases técnicas non estarán suxeitas a autorización administrativa nin deberán ser obxecto de remisión sistemática á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

Non obstante, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá requirir a presentación, sempre que o entenda pertinente, das condicións contractuais, dos modelos de pólizas, das tarifas de primas e das bases técnicas das entidades aseguradoras, así como dos modelos de contratos, primas e calquera outra documentación relacionada coa actividade reaseguradora, para controlar se respectan os principios actuariais, as disposicións contidas nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento e as reguladoras do contrato de seguro.

A existencia contida no parágrafo precedente non poderá constituír para a entidade aseguradora ou reaseguradora condición previa para o exercicio da súa actividade.

2. As entidades aseguradoras e reaseguradoras terán á disposición da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a documentación a que se refire este artigo no seu domicilio social.

*Sección 2.^a Deber de información**Artigo 96. Deber xeral de información ao tomador de seguro.*

1. Antes de celebrar un contrato de seguro, a entidade aseguradora deberá informar por escrito o tomador sobre o Estado membro e a autoridade a que corresponde o control da actividade da propia entidade aseguradora, aspecto que deberá, así mesmo, figurar na póliza e en calquera outro documento en que se formalice todo contrato de seguro. Así mesmo, deberase subministrar ao tomador toda a información establecida no regulamento de desenvolvemento da lei.

2. Antes de celebrar un contrato de seguro distinto ao seguro de vida, se o tomador é unha persoa física, ou calquera contrato de seguro de vida, a entidade aseguradora deberá informar por escrito o tomador sobre a lexislación aplicable ao contrato, sobre as disposicións relativas ás reclamacións que se poidan formular e sobre os demais aspectos que se determinen regulamentariamente.

3. Nos seguros de vida en que o tomador asume o risco do investimento informarase de forma clara e precisa acerca de que o importe que se vai percibir depende de fluctuacións nos mercados financeiros, alleos ao control do asegurador e cuxos resultados históricos non son indicadores de resultados futuros.

Naquelas modalidades de seguro de vida en que o tomador non asuma o risco do investimento informarase da rendibilidade esperada da operación considerando todos os custos. As modalidades ás cales resulta aplicable, así como a metodoloxía de cálculo da rendibilidade esperada, determinaranse regulamentariamente.

4. Antes da celebración dun contrato de seguro de decesos ou seguro de enfermidade, en calquera das súas modalidades de cobertura, a entidade aseguradora deberá informar por escrito o tomador do seguro sobre os criterios que se deben aplicar para a renovación da póliza e actualización das primas en períodos sucesivos, nos termos que se determinen regulamentariamente.

5. Durante todo o período de vixencia do contrato de seguro sobre a vida, a entidade aseguradora deberá informar o tomador das modificacións da información inicialmente subministrada e, así mesmo, sobre a situación da súa participación en beneficios, nos termos e prazos que regulamentariamente se determinen.

6. A dita información será accesible e facilitarase nos formatos e canles adecuados ás necesidades das persoas con discapacidade, de forma que poidan acceder efectivamente ao seu contido sen discriminacións e en igualdade de condicións.

*Sección 3.^a Mecanismos de solución de conflitos. Outras disposicións**Artigo 97. Mecanismos de solución de conflitos.*

1. Os conflitos que poidan xurdir entre tomadores de seguro, asegurados, beneficiarios, terceiros prexudicados ou habentes dereito de calquera deles con entidades aseguradoras serán resoltos polos xuíces e tribunais competentes.

2. Así mesmo, poderán someter voluntariamente as súas diverxencias a decisión arbitral, nos termos dos artigos 57 e 58 do texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2007, do 16 de novembro.

3. Igualmente, poderán someter as súas diverxencias a un mediador, nos termos previstos na Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís.

4. En calquera caso, e salvo aqueles supostos en que a lexislación de protección dos consumidores e usuarios o impida, tamén poderán someter á arbitrase as cuestións litixiosas, xurdidas ou que poidan xurdir, en materia de libre disposición conforme dereito, nos termos da Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitrase.

5. Nos termos previstos na normativa vixente sobre protección de clientes de servizos financeiros, contida na Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, e nas súas normas de desenvolvemento, as entidades aseguradoras estarán

obrigadas a atender e resolver as queixas e reclamacións que os tomadores, asegurados, beneficiarios, terceiros prexudicados ou habentes dereito de calquera deles poidan presentar, relacionados cos seus intereses e dereitos legalmente recoñecidos. Para estes efectos, as entidades deberán contar cun departamento ou servizo de atención ao cliente encargado de atender e resolver as queixas e reclamacións.

Artigo 98. *Publicidade.*

1. As entidades aseguradoras poderán facer publicidade dos seus servizos a través de todos os medios de comunicación, respectando sempre o disposto na Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, e disposicións de desenvolvemento, así como as normas precisas para a súa adaptación ás entidades aseguradoras recollidas no regulamento de desenvolvemento desta lei.

2. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá aprobar mediante circulares, de acordo co recollido no artigo 17.2, normas especiais en materia de publicidade das actividades recollidas nesta lei.

3. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións exercerá as accións procedentes con obxecto de conseguir a cesación ou rectificación da publicidade que resulte contraria ás disposicións a que se refiren os puntos anteriores, sen prexuízo das sancións que resulten aplicables de acordo co capítulo II do título VIII.

Artigo 99. *Protección de datos de carácter persoal.*

1. As entidades aseguradoras poderán tratar os datos dos tomadores, asegurados, beneficiarios ou terceiros prexudicados, así como dos seus habente dereito, sen necesidade de contar co seu consentimento, para os únicos efectos de garantir o pleno desenvolvemento do contrato de seguro e o cumprimento das obrigas establecidas nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.

O tratamento dos datos das persoas antes indicadas para calquera finalidade distinta das especificadas no parágrafo anterior deberá contar co consentimento específico dos interesados.

2. As entidades aseguradoras poderán tratar sen consentimento do interesado os datos relacionados coa súa saúde nos seguintes supostos:

a) Para a determinación da asistencia sanitaria que se lle debese facilitar ao prexudicado, así como da indemnización que, se é o caso, procede, cando estas deban ser satisfeitas pola entidade.

b) Para o adecuado aboamento aos prestadores sanitarios ou o reintegro ao asegurado ou os seus beneficiarios dos gastos de asistencia sanitaria que se levasen a cabo no ámbito dun contrato de seguro de asistencia sanitaria.

O tratamento dos datos limitarase, nestes casos, a aqueles que resulten imprescindibles para o aboamento da indemnización ou a prestación derivada do contrato de seguro. Os datos non poderán ser obxecto de tratamento para ningunha outra finalidade, sen prexuízo das obrigas de información establecidas nesta lei.

As entidades aseguradoras deberán informar o asegurado, o beneficiario ou o terceiro prexudicado acerca do tratamento e, de ser o caso, da cesión dos datos de saúde, nos termos previstos no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, salvo que, tratándose de seguros colectivos, tal obriga sexa asumida contractualmente polo tomador.

3. As entidades aseguradoras que formen parte dun grupo para os efectos previstos no título V poderán intercambiar, sen necesidade de contar co consentimento do interesado, os datos de carácter persoal que resulten necesarios para o cumprimento das obrigas de supervisión establecidas nesta lei. Os datos non se poderán utilizar para ningunha outra finalidade se non se conta co consentimento específico do interesado para isto.

4. As entidades aseguradoras ou, se é o caso, reaseguradoras, poderán comunicar ás súas entidades reaseguradoras, sen consentimento do tomador do seguro, asegurado, beneficiario ou terceiro prexudicado, os datos que sexan estritamente necesarios para a celebración do contrato de reaseguro, nos termos previstos no artigo 77 da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro, ou a realización das operacións conexas, entendéndose por tales a realización de estudos estatísticos ou actuariais, análises de riscos ou investigacións para os seus clientes, así como calquera outra actividade relacionada ou derivada da actividade reaseguradora.

A cesión dos ditos datos para calquera finalidade distinta das establecidas no parágrafo anterior requirirá o consentimento do interesado.

5. As entidades que desenvolvesen por conta de entidades aseguradoras actividades obxecto de externalización terán a consideración de encargadas do tratamento, e deberán suxeitarse ao réxime previsto para estas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e na súa normativa de desenvolvemento.

6. Nos supostos de cesión de carteira previstos nesta lei, así como nos de transformación, fusión ou escisión de entidades aseguradoras a que esta se refire, non se producirá cesión de datos, sen prexuízo do cumprimento polo responsable do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

7. As entidades aseguradoras poderán establecer ficheiros comúns que conteñan datos de carácter persoal para a liquidación de sinistros e a colaboración estatístico-actuarial coa finalidade de permitir a tarificación e selección de riscos e a elaboración de estudos de técnica aseguradora. A cesión dos citados datos non requirirá o consentimento previo do afectado, pero si a comunicación a este da posible cesión dos seus datos persoais a ficheiros comúns para os fins sinalados, con expresa indicación do responsable, para que se poidan exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei.

Tamén se poderán establecer ficheiros comúns cuxa finalidade sexa previr a fraude no seguro sen que sexa necesario o consentimento do afectado. Non obstante, será necesaria nestes casos a comunicación ao afectado, na primeira introdución dos seus datos, de quen sexa o responsable do ficheiro e das formas de exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

En todo caso, os datos relativos á saúde só poderán ser obxecto de tratamento co consentimento expreso do afectado.

8. Na información que se lle deberá facilitar ao tomador do seguro conforme o artigo 96 deberá igualmente incorporarse a que, en relación co tratamento dos seus datos persoais, establece o artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

9. As entidades aseguradoras deberán proceder no prazo de dez días á cancelación dos datos que lles fosen facilitados con anterioridade á celebración dun contrato se este non se chega a celebrar, a menos que contén co consentimento específico do interesado, que deberá ser expreso se se trata de datos relacionados coa saúde.

Artigo 100. *Loita contra a fraude en seguros.*

As entidades aseguradoras deberán adoptar medidas efectivas para previr, impedir, identificar, detectar, informar e remediar condutas fraudulentas relativas a seguros, xa se adopten de forma individual ou mediante a súa participación en ficheiros comúns, a que se refire o artigo 99.7.

As entidades aseguradoras tamén poderán subscribir convenios de colaboración co Ministerio do Interior e cos corpos e forzas de seguridade do Estado, así como coas consellerías e policía das comunidades autónomas que teñan funcións análogas, co obxecto de colaborar, cada un no ámbito das súas competencias, na prevención e investigación da fraude no seguro. En todo caso, o intercambio de información que se poida levar a cabo ao abeiro dos ditos convenios respectará o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

CAPÍTULO VIII

Réxime especial de solvenciaArtigo 101. *Ámbito de aplicación.*

1. As entidades aseguradoras domiciliadas en España que non realicen actividades en réxime de dereito de establecemento ou de libre prestación de servizos noutros Estados membros nin en terceiros países poden acollerse a este réxime especial de solvencia, se acreditan ter cumprido todas as condicións exixidas regulamentariamente durante os tres anos inmediatamente anteriores á solicitude e non prevén superar os importes previstos nos próximos cinco anos.

Cando as entidades aseguradoras acollidas a este réxime especial superen algún dos importes enumerados regulamentariamente durante tres exercicios consecutivos, quedarán automaticamente sometidas ao réxime xeral a partir do cuarto exercicio.

2. Adicionalmente, poderanse acoller ao réxime especial de solvencia, na forma en que se estableza regulamentariamente, as entidades aseguradoras domiciliadas en España que non realicen actividades en réxime de dereito de establecemento ou de libre prestación de servizos noutros Estados membros nin en terceiros países, que se encontren en calquera das situacións seguintes:

a) As mutualidades de previsión social que non obtivesen autorización para operar por ramos e que teñan recoñecido no seu regulamento de cotizacións e prestacións un sistema financeiro-actuarial, a través do cal a prestación que obterá o mutualista estará en relación directa coas cotizacións efectivamente realizadas e imputadas, e que os resultados totais no momento do peche do exercicio, positivos ou negativos, unha vez cubertas as obrigas legais e de solvencia da entidade, se trasladen ás provisións dos mutualistas activos.

b) Garantán exclusivamente prestacións para o caso de morte, cando o importe destas prestacións non exceda o valor medio dos gastos funerarios por un falecemento ou cando estas prestacións se sirvan en especie.

3. As entidades aseguradoras pertencentes a un grupo só se poderán acoller ao réxime especial de solvencia se todas elas cumpren, individualmente, os requisitos necesarios para acollerse ao dito réxime.

4. A resolución que dite a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións indicará o exercicio a partir do cal a entidade se pode acoller ao réxime especial de solvencia.

5. As entidades que soliciten autorización administrativa para o exercicio da actividade non se poderán acoller a este réxime especial no momento da autorización inicial para o exercicio da actividade aseguradora.

Artigo 102. *Condicións de exercicio das entidades sometidas ao réxime especial.*

As entidades a que se refire este capítulo axustarán a súa actuación ás disposicións desta lei que lles resulten aplicables e ás súas normas de desenvolvemento, coas seguintes particularidades:

a) A autorización administrativa non abranguerá o exercicio de actividades en réxime de dereito de establecemento ou libre prestación de servizos na Unión Europea.

b) O capital social será o requirido nos artigos 33 e 34.

c) O capital mínimo obrigatorio axustarase ao exixido no artigo 78.

d) Os requisitos e o réxime aplicable á valoración de provisións técnicas, investimentos, fondos propios e capital de solvencia obrigatorio axustaranse ao procedemento que se determine regulamentariamente.

e) Determinaranse regulamentariamente os requisitos do sistema de goberno para este tipo de entidades.

f) Os requisitos de información pública sobre a situación financeira e de solvencia destas entidades serán, na medida que lles resulte de aplicación, os establecidos no capítulo III do título III desta lei e no seu desenvolvemento regulamentario.

CAPÍTULO IX

Coaseguro comunitario. Reaseguro limitado

Artigo 103. *Réxime do coaseguro comunitario.*

1. As entidades aseguradoras que participen en España nunha operación de coaseguro comunitario en calidade de abridoras, así como as súas actividades como tales coaseguradoras, rexeranse polas disposicións aplicables ao contrato de seguro de grandes riscos.

2. Cando un contrato de seguro se poida cualificar de coaseguro comunitario, as obrigas que se impoñen ás entidades aseguradoras que operen en réxime de libre prestación de servizos, segundo o disposto nos artigos 57 a 59, aplicaranse unicamente á entidade abridora da operación.

3. As entidades españolas que participen en operacións de coaseguro comunitario deberán dispoñer de datos estatísticos suficientes sobre as operacións en que participen en cada un dos Estados membros.

Artigo 104. *Provisións técnicas do coaseguro comunitario.*

Se unha entidade aseguradora española participa nunha operación de coaseguro comunitario, calculará as provisións técnicas correspondentes á súa participación na operación de acordo coas disposicións desta lei e coas normas que a desenvolvan, aínda que o importe das citadas provisións técnicas deberá ser como mínimo igual ao importe calculado de acordo coas normas ás cales estivese sometida a entidade abridora da operación.

Artigo 105. *Reaseguro limitado.*

As entidades aseguradoras ou reaseguradoras que celebren contratos ou realicen actividades de reaseguro limitado deberán ter medios suficientes para identificar, medir, vixiar, xestionar, controlar e notificar adecuadamente os riscos que deriven de tales contratos ou actividades. Regulamentariamente poderán adoptarse disposicións específicas respecto aos requisitos para o exercicio de actividades de reaseguro limitado.

CAPÍTULO X

Condicións relativas ao exercicio da actividade por sucursais e filiais de entidades aseguradoras e reaseguradoras de terceiros países

Artigo 106. *Garantías financeiras das sucursais de entidades aseguradoras e reaseguradoras domiciliadas en terceiros países.*

1. As sucursais de entidades aseguradoras e reaseguradoras domiciliadas en terceiros países realizarán a súa actividade con sometemento ás disposicións establecidas nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento para as entidades domiciliadas en España, salvo as relativas á actividade en réxime de dereito de establecemento e en réxime de libre prestación de servizos na Unión Europea, que en ningún caso lles serán aplicables, de modo que os seus riscos sempre deberán estar localizados e os seus compromisos asumidos en España.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, e sen prexuízo dos acordos celebrados pola Unión Europea con terceiros países, teranse en conta as normas que regulamentariamente se especifiquen.

Artigo 107. *Réxime das sucursais de entidades domiciliadas en terceiros países, autorizadas en varios Estados membros.*

1. Non obstante o disposto no artigo 106, e sen prexuízo dos acordos celebrados pola Unión Europea con terceiros países, ás sucursais en España de entidades domiciliadas en terceiros países que, pola súa vez, teñan sucursais noutros Estados membros, poderáselles aplicar o réxime que regulamentariamente se determine.

2. Para a aplicación deste réxime, a entidade deberá solicitalo á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e ás autoridades supervisoras dos outros Estados membros en que teña sucursais, e propoñer motivadamente a autoridade supervisora a que desexa someterse, a cal se encargará, no sucesivo, de verificar a solvencia de todas as sucursais autorizadas na Unión Europea para o conxunto das súas operacións.

A aprobación da solicitude requirirá o acordo de todas as autoridades de supervisión implicadas e o réxime só se poderá aplicar desde a data en que a autoridade de supervisión elixida, en caso de non ser a española, notifique á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións o seu compromiso de comprobar a solvencia de todas as sucursais establecidas na Unión Europea para o conxunto das súas operacións.

3. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións deberá proporcionar á autoridade de supervisión encargada de controlar a solvencia, a información necesaria respecto da sucursal establecida en España, co fin de que esta poida comprobar a solvencia global.

4. A aplicación deste réxime poderá concluír por decisión da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ou de calquera das outras autoridades de supervisión implicadas. A terminación da aplicación do réxime afectará todas as sucursais autorizadas na Unión Europea. Para estes efectos, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións comunicará a súa decisión ao resto de autoridades de supervisión implicadas e, en caso de ter adoptado a decisión outra das autoridades de supervisión implicadas, a terminación na aplicación do réxime producirase desde a data en que a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións reciba a comunicación da autoridade supervisora que adoptase a decisión.

5. Para os efectos da aplicación dos artigos 156, 157 e 160.1.a), a autoridade de supervisión encargada de comprobar a solvencia global será equiparada, en canto ás súas facultades para o conxunto das sucursais, ás autoridades de supervisión de entidades domiciliadas na Unión Europea.

6. En caso de revogación da autorización concedida á sucursal establecida en España, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións informará disto as autoridades de supervisión dos demais Estados membros.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, unha vez recibida a comunicación de revogación da autorización concedida a unha sucursal establecida noutro Estado membro, adoptará as medidas apropiadas e, se a revogación fose motivada por insuficiencia da solvencia global, revogará a autorización concedida á sucursal en España.

Artigo 108. *Equivalencia do réxime de solvencia das entidades reaseguradoras de terceiros países.*

1. Deberase avaliar se o réxime de solvencia que un terceiro país aplica ás actividades de reaseguro de entidades cuxo domicilio social radica nese terceiro país é equivalente ao establecido na Unión Europea, de acordo coas alíneas seguintes:

a) Esta equivalencia será determinada pola Comisión Europea de acordo cos criterios que esta especifique, coa asistencia da Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación.

A listaxe de réximes prudenciais equivalentes será publicada pola Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación no seu sitio web e manterase actualizada. As decisións da Comisión revisaranse periodicamente con obxecto de se manter actualizadas

para atender calquera modificación substancial do réxime de supervisión da Unión Europea e do réxime de supervisión do terceiro país.

b) Cando non se cumpran todos os criterios establecidos na alínea a), a equivalencia pode ser determinada de forma temporal pola Comisión Europea, coa asistencia da Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación, de acordo cos criterios que se establezan regulamentariamente.

A listaxe dos terceiros países para os cales se determinou un réxime de solvencia temporalmente equivalente será publicada pola Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación no seu sitio web e manteraa actualizada. As decisións da Comisión revisaranse regularmente con obxecto de se manter actualizadas cos informes dos progresos realizados polo terceiro país, que serán presentados á Comisión anualmente para a súa avaliación, coa axuda da Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación.

O réxime de equivalencia temporal será de cinco anos a partir do 1 de xaneiro de 2016 ou concluirá na data en que, de conformidade coa alínea a), o réxime prudencial dese terceiro país se considere equivalente, se esta última data é anterior. O dito período poderase prorrogar como máximo un ano máis cando resulte necesario para que a Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación e a Comisión leven a cabo a avaliación da equivalencia para efectos da alínea a).

2. No caso de que o réxime de solvencia dun terceiro país sexa considerado equivalente, os contratos de reaseguro celebrados con entidades reaseguradoras cuxo domicilio social radique nese terceiro país terán igual consideración que os contratos de reaseguro celebrados cunha entidade reaseguradora autorizada de acordo co disposto nesta lei.

TÍTULO IV

Supervisión de entidades aseguradoras e reaseguradoras

CAPÍTULO I

Principios xerais

Artigo 109. *Ámbito subxectivo e obxectivo da supervisión.*

1. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións exercerá as súas funcións de supervisión sobre as entidades aseguradoras e reaseguradoras autorizadas para operar en España, incluídas as actividades que realicen a través de sucursais e en réxime de libre prestación de servizos, así como sobre o resto de entidades e suxeitos recollidos no artigo 2.

2. A supervisión consistirá na verificación continua do correcto exercicio da actividade de seguro ou de reaseguro, da situación financeira, das condutas de mercado e do cumprimento da normativa de supervisión por parte das entidades aseguradoras ou reaseguradoras.

Artigo 110. *Proporcionalidade das actuacións da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.*

1. Sen prexuízo da finalidade principal desta lei, establecida no artigo 1, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións considerará debidamente os efectos das súas decisións na estabilidade do sistema financeiro, en particular en situacións de emerxencia, tendo en conta a información dispoñible no momento oportuno. En períodos de grande inestabilidade, terá en conta, ademais, os posibles efectos procíclicos das súas decisións.

2. As actuacións de supervisión realizaranse de forma proporcionada á natureza, complexidade e envergadura dos riscos inherentes á actividade das entidades aseguradoras ou reaseguradoras.

Artigo 111. *Transparencia da actuación supervisora.*

1. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións exercerá a supervisión das entidades aseguradoras e reaseguradoras de forma transparente e garantindo debidamente a protección da información confidencial.

2. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá elaborar guías técnicas, dirixidas ás entidades sometidas á súa supervisión, indicando os criterios, prácticas ou procedementos que considera adecuados para o cumprimento da normativa de supervisión. Estas guías, que se deberán facer públicas, poderán incluír os criterios que a propia Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións seguirá no exercicio das súas actividades de supervisión.

Para tal fin, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá facer súas, e transmitir como tales, así como desenvolver, complementar ou adaptar as directrices que, dirixidas aos suxeitos sometidos á súa supervisión, aproben os organismos ou comités internacionais activos na regulación ou supervisión de seguros ou plans de pensións.

Artigo 112. *Converxencia de prácticas supervisoras.*

No marco das políticas comunitarias de estabilidade e integración financeira, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións terá en conta, de maneira adecuada, a dimensión europea da supervisión das entidades aseguradoras e reaseguradoras mediante a converxencia nos instrumentos e prácticas de supervisión.

Para estes efectos, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións participará nas actividades da Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación.

Artigo 113. *Facultades xerais de supervisión.*

1. No exercicio das súas funcións de supervisión de entidades aseguradoras e reaseguradoras e nos termos establecidos nesta lei e nas demais normas reguladoras dos seguros privados, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións terá as seguintes facultades:

- a) Requirir toda a información que resulte necesaria para efectos de supervisión, estatísticos e contables, de conformidade co artigo 114.
- b) Acceder a calquera documento baixo calquera forma e recibir unha copia deste.
- c) Requirir de calquera persoa a remisión de información no prazo que razoablemente fixe a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e, se é necesario, citar e tomar declaración a unha persoa para obter información.
- d) Realizar as inspeccións e comprobacións necesarias.
- e) Requirir os rexistros telefónicos e de tráfico de datos de que dispoñan.
- f) Exixir ás entidades aseguradoras e reaseguradoras e aos membros dos seus órganos de administración ou dirección ou ás persoas que os controlen a achega de informes de expertos independentes, auditores dos seus órganos de control interno ou de verificación do cumprimento normativo.
- g) Desenvolver, con carácter complementario ao cálculo do capital de solvencia obrigatorio e cando resulte oportuno, os instrumentos cuantitativos necesarios no marco do proceso de supervisión, co fin de avaliar a capacidade das entidades aseguradoras e reaseguradoras de facer fronte a posibles sucesos ou futuras alteracións das condicións económicas que poidan incidir negativamente na súa situación financeira global. Tamén poderá exixir que as entidades leven a cabo as probas correspondentes.
- h) Adoptar as medidas preventivas e correctoras que sexan necesarias co fin de garantir que as entidades aseguradoras e reaseguradoras se atean ás normas reguladoras da súa actividade que deben cumprir.
- i) Facer pública calquera medida adoptada como consecuencia do incumprimento das normas aplicables, a menos que a súa divulgación poida poñer en grave risco o mercado asegurador ou causar un prexuízo desproporcionado ás persoas afectadas.

j) Cantas outras funcións sexan necesarias para o exercicio da supervisión financeira, da supervisión de condutas de mercado e da supervisión por inspección no ámbito das entidades e dos grupos.

2. As facultades anteriores poderanse exercer tamén con respecto ás actividades externalizadas das entidades aseguradoras e reaseguradoras, de acordo co que se estableza regulamentariamente e na normativa da Unión Europea de directa aplicación.

3. As actuacións de supervisión serán desenvolvidas polos funcionarios pertencentes ao corpo superior de inspectores de seguros do Estado coa colaboración de funcionarios pertencentes aos corpos técnicos da Administración xeral do Estado, así como de funcionarios expertos informáticos.

4. Sen prexuízo das facultades de supervisión enumeradas nos puntos anteriores, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá iniciar o procedemento de supervisión por inspección nos termos establecidos no capítulo IV deste título.

5. En defecto de normas especiais de procedemento, será de aplicación a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 114. Información que se deberá facilitar para efectos de supervisión, estatísticos e contables.

1. As entidades aseguradoras e reaseguradoras subministrarán á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a documentación e información que sexan necesarias para efectos do exercicio da función supervisora. Esta documentación e información incluírá, polo menos, a que resulte necesaria para as actuacións no marco do proceso de supervisión previsto no artigo 117.2.

Adicionalmente, as entidades aseguradoras e reaseguradoras subministrarán á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións documentación e información para efectos estatísticos e contables.

2. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá determinar a natureza, o alcance e o formato da información referida no número 1, cuxa presentación se exixa, ben periodicamente, ben naqueles casos en que se dean situacións definidas de antemán, ben mediante requirimentos individualizados ou ben no transcurso de actuacións inspectoras.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá, ademais, requirir calquera información relativa aos contratos en poder de intermediarios ou aos contratos celebrados con terceiros. Así mesmo, poderá solicitar información a auditores de contas, de conformidade co disposto na normativa reguladora da actividade de auditoría de contas, actuarios e outros expertos externos das entidades.

3. A información a que se refiren os números 1 e 2 comprenderá datos cualitativos ou cuantitativos, xa sexan datos históricos, actuais ou previstos, e xa procedan de fontes internas ou externas, ou calquera combinación adecuada deles, e axustarase aos principios determinados regulamentariamente.

4. As entidades aseguradoras e reaseguradoras deberán dispoñer de sistemas e estruturas apropiados para cumprir os requisitos establecidos neste artigo, así como dunha política escrita, aprobada polo órgano de administración da entidade, que garanta a continua adecuación da información presentada.

Artigo 115. Supervisión de entidades aseguradoras e reaseguradoras da Unión Europea que operan en España en réxime de dereito de establecemento ou de libre prestación de servizos.

1. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións supervisará a actividade das entidades aseguradoras e reaseguradoras doutros Estados membros que operen en España en réxime de dereito de establecemento ou de libre prestación de servizos, en canto ao cumprimento das disposicións que lles resulten aplicables por razón de interese

xeral e as do capítulo VII do título III. Para estes efectos, estarán suxeitas ao procedemento de supervisión por inspección do capítulo IV deste título.

2. Se a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ten motivos para considerar que as actividades dunha entidade aseguradora ou reaseguradora que opere mediante sucursal ou en libre prestación de servizos en España poden afectar a súa solidez financeira, informará disto as autoridades de supervisión do Estado membro de orixe.

3. Cando unha entidade aseguradora ou reaseguradora autorizada noutro Estado membro exerza a súa actividade en España a través dunha sucursal, a autoridade de supervisión do Estado membro de orixe poderá proceder, por si mesma ou por medio das persoas designadas para iso, logo de información á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, á verificación in situ da información necesaria para poder realizar a supervisión financeira da entidade.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá participar na dita verificación.

Artigo 116. Supervisión de sucursais españolas establecidas noutro Estado membro.

1. Cando unha entidade aseguradora ou reaseguradora autorizada en España exerza a súa actividade noutro Estado membro a través dunha sucursal, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá proceder, por si mesma ou por medio das persoas designadas para isto, logo de información á autoridade supervisora do Estado membro de acollida, á verificación in situ da información necesaria para poder realizar a supervisión financeira da entidade.

As autoridades do Estado membro de acollida interesado poderán participar na dita verificación.

Cando a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións comunique ás autoridades de supervisión do Estado membro de acollida que ten a intención de realizar unha inspección consonte o presente artigo, e cando na práctica se lle prohiba exercer o seu dereito a realizar a dita inspección, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá remitir o asunto á Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación e solicitar a súa asistencia. Esta autoridade terá dereito a participar nas inspeccións cando sexan efectuadas de forma conxunta por dúas ou máis autoridades de supervisión.

2. Se a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións é informada pola autoridade de supervisión doutro Estado membro de que unha entidade aseguradora ou reaseguradora española que opere nese Estado mediante sucursal ou en libre prestación de servizos, realiza actividades que poidan afectar a súa solidez financeira, comprobará que a entidade observa os principios prudenciais que lle resultan exixibles.

CAPÍTULO II

Supervisión financeira

Artigo 117. Contido da supervisión financeira.

1. A supervisión financeira consistirá, en particular, na comprobación, para o conxunto de actividades da entidade supervisada, do sistema de goberno, da solvencia, da constitución de provisións técnicas, dos activos e dos fondos propios admisibles, de acordo coas normas que resulten de aplicación, así como na verificación do cumprimento das restantes obrigas impostas nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento.

Ademais, cando se trate de entidades aseguradoras que garantan a prestación dun servizo, a supervisión estenderase tamén aos medios técnicos de que dispoñan as entidades para levar a cabo as operacións que se comprometesen a efectuar.

A supervisión da situación financeira basearase nunha formulación prospectiva e orientada ao risco.

2. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións revisará e avaliará as estratexias, os procesos e os procedementos de información establecidos polas entidades aseguradoras e reaseguradoras, co fin de cumprir as disposicións contidas nesta lei e nas demais normas reguladoras dos seguros privados.

A revisión e avaliación comprenderá a análise da situación legal, técnica e económico-financeira da entidade e, en particular, o cumprimento dos requisitos establecidos no regulamento de desenvolvemento desta lei sobre solvencia, provisións técnicas, capital, normas de investimento, fondos propios e modelos internos cando se utilicen.

3. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións avaliará a adecuación dos métodos e prácticas das entidades aseguradoras e reaseguradoras destinados a determinar posibles sucesos ou futuras alteracións das condicións económicas que poidan incidir negativamente na situación financeira global da entidade considerada. Así mesmo, avaliará a capacidade das entidades para resistir eses posibles sucesos ou futuras alteracións das condicións económicas.

4. As entidades aseguradoras e reaseguradoras deberán emendar as carencias ou deficiencias detectadas no desenvolvemento da supervisión.

5. As revisións e avaliacións levaranse a cabo con regularidade. Establecerase regulamentariamente o alcance mínimo das revisións e avaliacións atendendo á natureza, á envergadura e á complexidade das actividades da entidade aseguradora ou reaseguradora considerada.

CAPÍTULO III

Supervisión de condutas de mercado

Artigo 118. *Contido da supervisión de condutas de mercado.*

A supervisión das condutas de mercado velará pola transparencia e o desenvolvemento ordenado do mercado de seguros, a liberdade dos tomadores para decidir a contratación dos seguros e a aseguradora coa cal o contratan e, en xeral, a protección de tomadores, asegurados e beneficiarios promovendo a difusión de tanta información sexa necesaria para asegurar a consecución deses fins, de conformidade co disposto nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento.

A actuación da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións entenderase sen prexuízo da posible cualificación de tales prácticas como restritivas da competencia polas autoridades de competencia, de acordo co previsto nos artigos 1, 2 e 3 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.

Artigo 119. *Protección administrativa.*

1. A protección dos usuarios no ámbito dos seguros privados exercea a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, nos termos previstos nesta lei, na Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, e nas súas normas de desenvolvemento.

2. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións resolverá as queixas e reclamacións que presenten os tomadores, asegurados, beneficiarios, terceiros prexudicados e asociacións, que estean relacionadas cos seus intereses e dereitos legalmente recoñecidos e que deriven de presuntos incumprimentos polas entidades reclamadas da normativa de transparencia e protección da clientela ou das boas prácticas no mercado de seguros.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións resolverá as queixas e reclamacións presentadas mediante informes motivados, que non terán en ningún caso carácter de acto administrativo impugnabile.

3. A desatención dos requirimentos efectuados pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións derivados dos informes emitidos polo servizo de reclamacións da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións dará lugar, segundo os casos, á

imposición das sancións administrativas correspondentes ás infraccións tipificadas no título VIII ou á prohibición regulada no artigo 120.

4. Cando se aprecien indicios de incumprimentos reiterados ou graves das normas de transparencia e protección á clientela ou das boas prácticas no mercado de seguros por parte dunha entidade aseguradora, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións adoptará as medidas que correspondan no marco dun procedemento de supervisión.

Artigo 120. *Prohibición de pólizas e tarifas.*

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá prohibir mediante resolución a utilización das pólizas e tarifas de primas que non cumpran o disposto nos artigos 94 e 95. Para estes efectos, instruirase o correspondente procedemento administrativo en que se poderá acordar, como medida provisional, a suspensión da utilización das pólizas ou as tarifas de primas.

Previamente á iniciación do procedemento administrativo en que se acorde a referida prohibición, a citada dirección xeral poderá requirir a entidade aseguradora para que acomode as súas pólizas ou tarifas de primas ao disposto nos citados artigos.

CAPÍTULO IV

Supervisión por inspección

Artigo 121. *Actuacións de inspección.*

1. Para o adecuado exercicio das funcións de supervisión que ten atribuídas, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá exercer a facultade inspectora nos termos previstos por este capítulo. A supervisión poderase desenvolver mediante o procedemento de inspección.

2. A inspección poderá versar sobre prácticas de mercado, a situación legal, técnica, económico-financeira e de solvencia, así como sobre as condicións en que exercen a súa actividade e as prácticas de comercialización, co obxecto de que a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poida desempeñar adecuadamente as competencias que ten atribuídas. Poderase realizar con carácter xeral ou referido a cuestións determinadas.

Artigo 122. *Suxeitos da actividade inspectora.*

Poderán ser obxecto de inspección as seguintes entidades e persoas:

a) As entidades aseguradoras e reaseguradoras autorizadas para operar en España, incluídas as actividades que realicen a través de sucursais e en réxime de libre prestación de servizos.

b) O resto de entidades e suxeitos recollidos no artigo 2.

c) As entidades que se presuma que forman parte dun grupo de entidades aseguradoras.

d) Os que realicen operacións que poidan, en principio, cualificarse como de seguros, para comprobar se exercen a actividade sen a autorización administrativa previa.

e) Os que exerzan funcións externalizadas de entidades de seguros e reaseguradoras.

Artigo 123. *Persoal inspector.*

1. As actuacións inspectoras serán realizadas polos funcionarios do corpo superior de inspectores de seguros do Estado. No desempeño das súas funcións terán a condición de autoridade pública.

2. Os funcionarios pertencentes aos corpos técnicos da Administración xeral do Estado, así como os funcionarios expertos informáticos, só poderán colaborar nas

actuacións inspectoras nos termos que se determinen no regulamento de desenvolvemento desta lei.

Artigo 124. *Facultades inspectoras.*

1. Para o correcto exercicio das súas funcións, o persoal inspector poderá examinar os libros, rexistros e documentos, sexa cal sexa o seu soporte, incluídos os programas informáticos e os arquivos magnéticos, ópticos ou de calquera outra clase, relativos ás operacións da entidade, nos termos en que se desenvolva regulamentariamente.

2. Así mesmo, poderán pedir que lles sexa presentada ou entregada unha copia para os efectos da súa incorporación na acta de inspección, e a entidade aseguradora estará obrigada a isto e a darlles as máximas facilidades para o desempeño da súa función. Se a persoa ou entidade inspeccionada ten motivos fundados, poderá opoñerse á entrega dunha copia da documentación aducindo as súas razóns por escrito para a súa incorporación na acta de inspección.

3. As actuacións de inspección poderanse desenvolver indistintamente no domicilio social do suxeito inspeccionado, en calquera das súas sucursais, onde realice total ou parcialmente a súa actividade, nos locais desde onde presten os servizos, funcións ou actividades de seguros e reaseguros cando estes estean externalizados, e nas oficinas da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións cando os elementos sobre os cales se deba realizar poidan ser examinados nelas.

Os funcionarios da Inspección de Seguros do Estado terán acceso ao domicilio social e ás sucursais, locais e oficinas en que desenvolvan actividades a persoa inspeccionada, a entidade ou as entidades que se presume que forman grupo. Tratándose do domicilio constitucionalmente protexido, e en caso de oposición, precisarán da pertinente autorización xudicial e, no caso doutras dependencias, da da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

4. A inspección de prácticas de mercado poderase iniciar sen notificación previa nin identificación dos funcionarios actuantes, asumindo estes a condición de simples usuarios ou interesados nos produtos ou servizos ofrecidos, coa finalidade de coñecer así o máis fielmente posible as condicións reais das ditas prácticas, o que se fará constar no correspondente informe.

Artigo 125. *Documentación das actuacións inspectoras.*

1. As actuacións de inspección documentaranse en actas de inspección, que poderán ser definitivas ou previas.

Levantaranse as actas de inspección previas cando das actuacións inspectoras resulten elementos suficientes para tramitar o procedemento de supervisión por inspección, se a espera ata a formulación da acta definitiva pon en perigo a tutela dos intereses dos asegurados ou a actitude da entidade ou persoa inspeccionada, ou outras circunstancias concorrentes na instrución da inspección así o aconsellan.

2. Con independencia do contido e da forma que se determine regulamentariamente, nas actas de inspección reflectiranse, se é o caso:

a) Os feitos constatados polo inspector actuante que sexan relevantes para efectos da cualificación xurídica da conduta ou actividade inspeccionada.

b) A situación legal, técnica, económico-financeira e de solvencia derivada das actuacións realizadas pola inspección.

c) As causas que poidan determinar a revogación da autorización, a disolución administrativa, a adopción de medidas de control especial, a adopción dun plan de recuperación ou do plan de financiamento a curto prazo, o incremento do importe das provisións técnicas, a exigencia de capital de solvencia obrigatorio adicional, así como a imposición de sancións administrativas.

d) A proposta de revogación da autorización, de disolución administrativa da entidade aseguradora, de adopción de medidas de control especial, dun plan de recuperación ou de

financiamento a curto prazo en supostos de deterioración financeira ou o incremento do importe das provisións técnicas ou a existencia de capital de solvencia obrigatorio adicional.

3. Formarán parte da acta de inspección, para todos os efectos, os seus anexos e as dilixencias redactadas polo inspector durante a súa actividade comprobadora.

4. As actas de inspección teñen natureza de documentos públicos e farán proba dos feitos nelas consignados e comprobados polo inspector actuante, salvo que se acredite o contrario.

Artigo 126. *Procedemento de supervisión por inspección.*

1. O procedemento administrativo de supervisión por inspección axustarase aos seguintes trámites:

a) Iniciarase por acordo da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións no cal se determinarán os aspectos que deben ser obxecto de inspección.

b) As actuacións inspectoras previas ao levantamento da acta terán, desde o acordo da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións polo que se ordene a inspección, a duración que sexa precisa para o adecuado cumprimento do mandato contido na orde de inspección.

c) A acta de inspección será notificada á persoa interesada, quen dispoñerá de quince días para formular as alegacións e propoñer as probas que considere pertinentes en defensa do seu dereito ante a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións. Se se propoñen probas e estas son admitidas, deberán practicarse nun prazo non superior a dez días.

d) Se tras as alegacións da entidade interesada e, se é o caso, a práctica da proba, se realizan novas actuacións de instrución do procedemento administrativo de supervisión por inspección, recolleranse nunha acta complementaria e daráselle a aquela novo trámite de audiencia polo prazo de oito días.

e) Á vista do actuado, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ditará resolución que poñerá fin ao procedemento.

f) No caso de que a acta de inspección conteña proposta de incremento do importe das provisións técnicas, da existencia de capital de solvencia obrigatorio adicional, de adopción de medidas de control especial, dun plan de recuperación ou de financiamento a curto prazo en supostos de deterioración financeira, de revogación da autorización ou de disolución administrativa da entidade aseguradora ou reaseguradora, a resolución adoptará, se procede isto, as medidas de incremento ou de control especial pertinentes, o plan de recuperación ou de financiamento a curto prazo, e iniciará o procedemento de disolución administrativa da entidade aseguradora ou reaseguradora, ou de revogación da autorización administrativa.

2. O prazo para ditar resolución será de seis meses desde a notificación da acta. No caso previsto na letra d) do número 1, este prazo computarase a partir da notificación da acta complementaria.

CAPÍTULO V

Deber de segredo profesional e uso de información confidencial

Artigo 127. *Deber de segredo profesional.*

1. Salvo os datos inscribibles no rexistro administrativo a que se refire o artigo 40, os datos, documentos e informacións que consten en poder da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións en virtude de cantas funcións lle encomenda esta lei terán carácter reservado.

2. Todas as persoas que exerzan ou exercesen unha actividade de ordenación e supervisión de entidades aseguradoras e reaseguradoras, así como aquelas ás cales se

lles encomendasen funcións respecto das ditas entidades, terán obriga de gardar segredo profesional sobre as informacións confidenciais que reciban a título profesional no exercicio de tal función. O incumprimento desta obriga determinará as responsabilidades penais e as demais previstas polas leis. Estas persoas non poderán prestar declaración nin testemuño nin publicar, comunicar ou exhibir datos ou documentos reservados, nin sequera despois de ter cesado no servizo, salvo permiso expreso outorgado pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións que, en ningún caso, se poderá referir aos datos de carácter persoal. Se o dito permiso non fose concedido, a persoa afectada manterá o segredo e quedará exenta da responsabilidade que disto emane.

3. Exceptúanse da obriga de segredo establecida no punto anterior os seguintes supostos:

a) Cando o interesado consinta expresamente a difusión, publicación ou comunicación dos datos.

b) A publicación de datos agregados con fins estatísticos, ou as comunicacións en forma sumaria ou agregada de maneira que as entidades individuais non poidan ser identificadas nin sequera indirectamente.

c) As informacións requiridas polas autoridades xudiciais competentes nun proceso penal.

d) As informacións que, no marco dos procedementos concursais a que se encontre sometida unha entidade aseguradora ou reaseguradora, sexan requiridas polas autoridades xudiciais, sempre que non versen sobre terceiros interesados na rehabilitación da entidade.

e) As informacións que, no marco dos recursos administrativos ou contencioso-administrativos en que se impugnen resolucións administrativas ditadas no exercicio das potestades de supervisión da actividade das entidades aseguradoras e reaseguradoras, sexan requiridas polas autoridades administrativas ou xudiciais competentes.

f) As informacións requiridas polas comisións parlamentarias de investigación, nos termos establecidos polos regulamentos parlamentarios. Para tal efecto, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá solicitar motivadamente dos órganos competentes da Cámara a celebración de sesión secreta ou a aplicación do procedemento establecido para o acceso ás materias clasificadas.

As autoridades xudiciais, así como os membros dunha comisión parlamentaria de investigación que reciban a información de carácter reservado, estarán obrigadas a adoptar as medidas pertinentes que garantan a súa reserva.

4. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo das facultades de investigación conferidas ao Parlamento Europeo no artigo 226 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

Artigo 128. *Intercambio de información confidencial.*

1. Non obstante o disposto no artigo anterior, as informacións confidenciais poderán ser subministradas ás persoas e entidades que se enumeran a seguir para facilitar o cumprimento das súas respectivas funcións, as cales estarán, pola súa vez, obrigadas ao deber de segredo profesional conforme o disposto no dito artigo:

a) As autoridades competentes para a supervisión das entidades aseguradoras e demais entidades financeiras nos restantes Estados membros.

b) O Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores e os demais entes ou órganos encargados da supervisión das contas e da solvencia de entidades financeiras.

c) O Consorcio de Compensación de Seguros no exercicio das súas funcións de liquidador de entidades aseguradoras e de fondo de garantía, así como en relación coa información necesaria para a comprobación das recargas previstas no artigo 18 do texto refundido do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2004, do 29 de outubro.

- d) As autoridades responsables da loita contra o branqueo de capitais.
- e) Os auditores de contas das entidades aseguradoras e reaseguradoras e os seus grupos, e o Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.

2. As informacións confidenciais tamén se poderán subministrar á Administración Tributaria, conforme o disposto nos artigos 93 e 94 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, logo da autorización indelegable do ministro de Economía e Competitividade.

3. Así mesmo, as informacións confidenciais poderán ser recibidas das persoas e entidades referidas no número 1 anterior. As informacións confidenciais así recibidas, así como as obtidas pola inspección de sucursais de entidades aseguradoras e reaseguradoras españolas establecidas noutros Estados membros, non poderán ser obxecto da comunicación a que se refire o dito punto, salvo acordo expreso da autoridade competente que comunicase as informacións ou da autoridade competente do Estado membro da sucursal, respectivamente.

Artigo 129. *Cooperación coa Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación.*

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións proporcionará sen demora á Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación toda a información necesaria para que esta cumpra as súas obrigas.

Artigo 130. *Acordos de cooperación con terceiros países.*

1. Os acordos de cooperación en que se prevexa o intercambio de información coas autoridades de terceiros países competentes para a supervisión das entidades aseguradoras, reaseguradoras e demais entidades financeiras ou con outras autoridades, órganos, persoas físicas ou xurídicas, de terceiros países, requirirán que a información subministrada quede protexida por garantías de segredo profesional polo menos equivalentes ás recollidas no artigo 127, que exista reciprocidade e que o intercambio de información teña por obxecto o cumprimento dos labores de supervisión das ditas autoridades, órganos, persoas físicas ou xurídicas.

2. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá transferir datos persoais a terceiros países, de conformidade co título V da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3. Cando a información teña a súa orixe noutro Estado membro, non poderá ser revelada sen a conformidade expresa das autoridades competentes que a facilitasen e, se é o caso, unicamente coa finalidade para a cal estas autoridades desen a súa conformidade.

4. Sen prexuízo do disposto nos puntos anteriores, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderase negar a facilitar información ás autoridades competentes de terceiros países cando a subministración de tal información prexudique a soberanía, a seguridade ou a orde pública, ou se iniciasen ante as autoridades españolas procedementos xudiciais ou as ditas autoridades ditasen sentenza firme nos ditos procedementos sobre os mesmos feitos e contra os mesmos responsables respecto dos cales se solicite a información.

TÍTULO V

Supervisión de grupos de entidades aseguradoras e reaseguradoras

CAPÍTULO I

Disposicións xerais sobre grupos

Artigo 131. *Definicións e normas sobre a supervisión de grupos de entidades aseguradoras e reaseguradoras.*

1. Para os efectos do disposto neste título, entenderase por:

a) Entidade matriz: a definida como tal no artigo 9, así como calquera entidade que, a xuízo das autoridades de supervisión, exerza de maneira efectiva unha influencia dominante noutra entidade.

b) Entidade filial: a definida como tal no artigo 9, así como calquera entidade sobre a cal, a xuízo das autoridades de supervisión, unha entidade matriz exerza de maneira efectiva unha influencia dominante.

c) Participación: a definida como tal no artigo 9, así como a posesión, directa ou indirecta, de dereitos de voto ou de capital nunha entidade sobre a cal, a xuízo das autoridades de supervisión, se exerce de maneira efectiva unha influencia notable.

d) Entidade participante: unha entidade matriz ou outra entidade que posúa unha participación, ou ben toda entidade vinculada a outra por estaren suxeitas a unha dirección única ou porque os seus órganos de administración, de dirección ou de control, se compoñan maioritariamente das mesmas persoas.

e) Entidade vinculada: unha entidade que sexa filial ou outra entidade na cal se posúa unha participación ou que estea vinculada a outra por estaren suxeitas a unha dirección única ou porque os seus órganos de administración, de dirección ou de control, se compoñan maioritariamente das mesmas persoas.

f) Grupo: todo conxunto de entidades que:

1.º Estea integrado por unha entidade participante, as súas filiais e as entidades nas cales a participante ou as súas filiais posúan unha participación, así como as entidades vinculadas entre si por estaren suxeitas a unha dirección única ou porque os seus órganos de administración, de dirección ou de control, se compoñan maioritariamente das mesmas persoas; ou

2.º Se basee nun recoñecemento, contractual ou doutro tipo, de vínculos financeiros sólidos e sustentables entre esas entidades, que pode incluír mutuas e mutualidades de previsión social, sempre que:

i. Unha desas entidades, que será considerada a entidade matriz, exerza efectivamente, mediante coordinación centralizada, unha influencia dominante nas decisións, incluídas as decisións financeiras, de todas as entidades que forman parte do grupo, que se considerarán entidades filiais;

ii. O establecemento e a disolución da dita relación, para os efectos do presente título, estean sometidos á autorización do supervisor do grupo; e

iii. No caso de se trataren de grupos de mutuas ou de mutualidades de previsión social, se axusten ao que se determine regulamentariamente.

g) Supervisor de grupo: a autoridade de supervisión responsable da supervisión de grupo, determinada de acordo co disposto no artigo 134.

h) Colexio de supervisores: estrutura permanente e flexible de cooperación e coordinación, para facilitar a toma de decisións relativas á supervisión dun grupo.

i) Sociedade de carteira de seguros: unha entidade matriz cuxa actividade principal consista en adquirir e posuír participacións en filiais que sexan exclusiva ou principalmente entidades aseguradoras ou reaseguradoras, incluíndo entidades domiciliadas en terceiros

países cando, neste caso, polo menos unha das filiais estea domiciliada na Unión Europea, e que non sexa unha sociedade financeira mixta de carteira.

j) Sociedade mixta de carteira de seguros: unha entidade matriz, distinta dunha entidade aseguradora, dunha entidade aseguradora dun terceiro país, dunha entidade reaseguradora, dunha entidade reaseguradora dun terceiro país, dunha sociedade de carteira de seguros ou dunha sociedade financeira mixta de carteira entre cuxas filiais haxa, polo menos, unha entidade aseguradora ou reaseguradora.

k) Sociedade financeira mixta de carteira: a definida como tal no artigo 2.7 da Lei 5/2005, do 22 de abril, de supervisión dos conglomerados financeiros e pola que se modifican outras leis do sector financeiro.

l) Operacións intragrupo: todas as operacións que relacionan directa ou indirectamente unha entidade aseguradora con outras entidades do mesmo grupo ou con calquera persoa física ou xurídica estreitamente vinculada ás entidades dese grupo para o cumprimento dunha obriga, sexa ou non contractual, e teña ou non por obxecto un pagamento.

m) Entidades reguladas: as definidas como tales no artigo 2.3 da Lei 5/2005, do 22 de abril, de supervisión dos conglomerados financeiros e pola que se modifican outras leis do sector financeiro.

2. As disposicións desta lei sobre a supervisión de grupos de entidades aseguradoras e reaseguradoras aplicaranse sen prexuízo das obrigas que derivan das normas de supervisión para as entidades consideradas individualmente.

Artigo 132. *Grupos suxeitos a supervisión.*

1. Estarán suxeitos a supervisión os grupos formados por:

a) Entidades aseguradoras ou reaseguradoras que sexan entidade participante en, polo menos, unha entidade aseguradora ou reaseguradora, mesmo nunha entidade aseguradora ou reaseguradora dun terceiro país;

b) Entidades aseguradoras ou reaseguradoras cuxa matriz sexa unha sociedade de carteira de seguros ou unha sociedade financeira mixta de carteira con domicilio social na Unión Europea;

c) Entidades aseguradoras ou reaseguradoras cuxa matriz sexa unha sociedade de carteira de seguros ou unha sociedade financeira mixta de carteira que teña o seu domicilio social fóra da Unión Europea, ou unha entidade aseguradora ou reaseguradora dun terceiro país;

d) Entidades aseguradoras ou reaseguradoras cuxa matriz sexa unha sociedade mixta de carteira de seguros.

2. Cando unha sociedade financeira mixta de carteira estea suxeita a disposicións equivalentes, de conformidade con esta lei e coa Lei 5/2005, do 22 de abril, de supervisión dos conglomerados financeiros e pola que se modifican outras leis do sector financeiro, en particular no que se refire aos requisitos de supervisión en función dos riscos, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, cando sexa o supervisor de grupo, logo de consulta coas demais autoridades de supervisión afectadas, poderá decidir aplicar unicamente as disposicións pertinentes da citada Lei 5/2005 a esa sociedade financeira mixta de carteira.

3. Cando unha sociedade financeira mixta de carteira estea suxeita a disposicións equivalentes de conformidade con esta lei e coa Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, ou coa Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, e as súas respectivas disposicións de desenvolvemento, en particular no que se refire aos requisitos de supervisión en función dos riscos, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, cando sexa o supervisor de grupo, logo de consulta coas demais autoridades responsables da supervisión das filiais da sociedade financeira mixta de carteira, poderá decidir que se lle apliquen á dita sociedade unicamente

as disposicións da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, ou da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

4. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, cando sexa o supervisor de grupo, informará a Autoridade Bancaria de Supervisión e a Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación, das decisións adoptadas en virtude dos números 2 e 3.

Artigo 133. *Ámbito de aplicación da supervisión de grupo.*

1. A supervisión de grupo non implicará obrigatoriamente o exercicio de funcións de supervisión sobre as entidades aseguradoras ou reaseguradoras dun terceiro país, sobre sociedades de carteira de seguros e sociedades financeiras mixtas de carteira, sen prexuízo do que se dispoña regulamentariamente, ou sobre sociedades mixtas de carteira de seguros, todas elas consideradas individualmente.

2. No caso de que a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións sexa o supervisor de grupo, poderá acordar que non se inclúa unha entidade na supervisión de grupo, cando se encontre nalgún dos seguintes supostos:

- a) A entidade estea domiciliada nun terceiro país en que existan impedimentos legais para a remisión da información necesaria, sen prexuízo do que se dispoña regulamentariamente;
- b) A entidade presente un interese pouco significativo en atención aos obxectivos da supervisión de grupo; ou
- c) A inclusión da entidade resulte inadecuada ou induza a erro en relación cos obxectivos da supervisión de grupo.

Non obstante, aínda que, individualmente consideradas, varias entidades do mesmo grupo se poidan excluír ao abeiro do previsto na letra b), as ditas entidades deberanse incluír se conxuntamente presentan interese significativo en canto aos obxectivos da supervisión de grupo.

Nos supostos das letras b) e c), a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, antes de acordar a non inclusión da entidade no ámbito da supervisión de grupo, consultará as demais autoridades de supervisión afectadas.

Unha vez acordada pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a non inclusión na supervisión de grupo dunha entidade aseguradora ou reaseguradora que teña o seu domicilio social noutro Estado membro, en virtude dos supostos das letras b) ou c), as autoridades de supervisión do Estado membro onde estea domiciliada a entidade non incluída poderán solicitar á entidade española que figure á cabeza do grupo toda a información necesaria para a supervisión da entidade aseguradora ou reaseguradora considerada.

3. Cando a autoridade de supervisión doutro Estado membro, que sexa supervisor de grupo, acorde a non inclusión dunha entidade aseguradora ou reaseguradora española na supervisión de grupo en virtude de supostos análogos aos previstos nas letras b) ou c) do punto anterior, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá solicitar á entidade que figure á cabeza do grupo toda a información que poida facilitar a supervisión da entidade aseguradora ou reaseguradora española que non foi incluída na supervisión de grupo.

CAPÍTULO II

Exercicio da supervisión de grupos*Sección 1.^a Funcións e facultades da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións como supervisor de grupo*

Artigo 134. *Exercicio das funcións de supervisor de grupo pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.*

1. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións exercerá as funcións de supervisor de grupo cando todas as entidades do grupo teñan o seu domicilio social en España.

2. No caso de que non todas as entidades do grupo teñan o seu domicilio social en España, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións exercerá as funcións de supervisor de grupo cando se encontre nalgún dos seguintes supostos:

a) Á cabeza do grupo figure unha entidade aseguradora ou reaseguradora que teña o seu domicilio social en España.

b) Á cabeza do grupo figure unha sociedade de carteira de seguros ou sociedade financeira mixta de carteira, se todas as entidades aseguradoras ou reaseguradoras filiais da sociedade de carteira de seguros teñen o seu domicilio social en España.

c) Á cabeza do grupo figure unha sociedade de carteira de seguros ou sociedade financeira mixta de carteira que teña o seu domicilio social en España, se algunha das entidades aseguradoras ou reaseguradoras filiais da sociedade de carteira de seguros ou sociedade financeira mixta de carteira ten tamén o seu domicilio social en España.

d) Á cabeza do grupo figuran varias sociedades de carteira de seguros ou sociedades financeiras mixtas de carteira con domicilio social en España e noutros Estados membros, se ten o seu domicilio social en España a entidade aseguradora ou reaseguradora cuxo balance total sexa o maior de todas as entidades aseguradoras e reaseguradoras con domicilio social na Unión Europea.

e) Varias entidades aseguradoras ou reaseguradoras con domicilio social en distintos Estados membros teñen como matriz unha mesma sociedade de carteira de seguros ou sociedade financeira mixta de carteira que non teña domicilio social en España nin noutro Estado membro onde haxa unha filial, se ten o seu domicilio social en España a entidade aseguradora ou reaseguradora cuxo balance total sexa maior.

f) O grupo careza de matriz, ou en calquera outra circunstancia non recollida nas letras a) a e), se ten o seu domicilio social en España a entidade aseguradora ou reaseguradora cuxo balance total sexa maior.

3. Determinaranse regulamentariamente os casos en que, mesmo non se dando as circunstancias indicadas no número 2, lle corresponderá á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións asumir as funcións de supervisor de grupo, así como os casos en que, concorrendo esas circunstancias, a dita dirección xeral non asuma as funcións de supervisor de grupo.

Artigo 135. *Facultades da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións como supervisor de grupo. Colexio de supervisores.*

1. Cando sexa supervisor de grupo, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións terá as seguintes facultades:

a) A coordinación da recompilación e a difusión de información pertinente ou necesaria para as situacións correntes e de emerxencia, incluída a difusión de información que revista importancia para a función das autoridades de supervisión.

b) A supervisión e avaliación da situación financeira de grupo.

c) A comprobación de que o grupo cumpre as disposicións sobre a solvencia e a concentración de risco, e sobre as operacións intragrupo.

d) O exame do sistema de goberno do grupo e de se os membros do órgano de administración ou dirección da entidade participante cumpren os requisitos establecidos no artigo 38 e demais que se establezan regulamentariamente.

e) A planificación e a coordinación, mediante reunións celebradas polo menos con periodicidade anual ou mediante outros medios apropiados, das actividades de supervisión nas situacións correntes e de emerxencia, en cooperación coas autoridades de supervisión afectadas e tendo en conta o carácter, a dimensión e a complexidade dos riscos inherentes á actividade de todas as entidades que forman parte do grupo.

f) A dirección do proceso de validación dos modelos internos utilizados no nivel de grupo, conforme o disposto no artigo 147, e do proceso destinado a autorizar a aplicación do réxime de grupos con xestión centralizada de riscos.

g) As demais funcións, medidas e decisións asignadas ao supervisor de grupo nesta lei e nas demais normas que resulten de aplicación.

2. Será de aplicación á supervisión de grupos o disposto nos capítulos I, IV e V do título IV, en relación coa supervisión de entidades aseguradoras ou reaseguradoras.

3. Co fin de facilitar o exercicio das tarefas de supervisión de grupo, establecerase un colexio de supervisores. Desenvolveranse regulamentariamente os aspectos relativos aos membros e ao funcionamento dos colexios de supervisores, así como o contido dos acordos de coordinación celebrados entre a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e outras autoridades de supervisión.

Artigo 136. *Acceso á información e verificación.*

1. As persoas físicas e xurídicas incluídas no ámbito da supervisión de grupo, e as súas entidades vinculadas e participantes, deberanse intercambiar toda a información que resulte pertinente para os efectos da supervisión de grupo.

2. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, cando sexa o supervisor de grupo, terá acceso a toda información que resulte pertinente para os efectos do exercicio da supervisión de grupo e isto con independencia da natureza da entidade afectada, nos termos establecidos para a supervisión de entidades individuais nos artigos 113 e 114.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións só se poderá dirixir directamente para solicitar información a entidades do grupo distintas da entidade aseguradora ou reaseguradora suxeita a supervisión de grupo, se tal información foi solicitada a esta e non se facilitou no prazo requirido.

3. Cando das relacións económicas, financeiras ou de xestión dunha entidade aseguradora ou reaseguradora con outras entidades caiba presumir a existencia dun grupo de entidades aseguradoras suxeito a supervisión segundo o disposto nesta lei, sen que as entidades procedesen a calcular o capital de solvencia obrigatorio do grupo, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá solicitar información a estas entidades, ou inspeccionalas, para os efectos de determinar a procedencia deste cálculo.

4. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá verificar a información solicitada, de acordo co número 2 deste artigo, nos locais da entidade aseguradora ou reaseguradora suxeita a supervisión de grupo, así como nos locais das súas entidades vinculadas, nos da súa entidade matriz, nos doutras entidades vinculadas coa entidade matriz e nos das entidades que se presuma que forman grupo.

5. Establecerase regulamentariamente o procedemento de verificación de información por parte da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións de entidades que formen parte dun grupo e estean domiciliadas noutros Estados membros, así como o procedemento de verificación de información de entidades que formen parte dun grupo e estean domiciliadas en España por parte da autoridade supervisora doutro Estado membro.

*Sección 2.ª Colaboración con outras autoridades de supervisión**Artigo 137. Convocatoria e consulta entre as autoridades de supervisión.*

1. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, sexa ou non supervisor de grupo, convocará todas as autoridades de supervisión que participen na supervisión de grupo, como mínimo, cando teña constancia da concorrencia dalgunha das circunstancias seguintes:

- a) Un incumprimento importante respecto do capital de solvencia obrigatorio ou do capital mínimo obrigatorio dunha entidade aseguradora ou reaseguradora individual.
- b) Un incumprimento importante respecto do capital de solvencia obrigatorio no nivel de grupo calculado sobre a base de datos consolidados, ou do capital de solvencia obrigatorio agregado do grupo, calquera que sexa o método de cálculo que se utilice.
- c) Outras circunstancias excepcionais.

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 135, sempre que unha decisión revista importancia para o labor supervisor doutras autoridades de supervisión, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións consultará coas outras autoridades supervisoras do colexio de supervisores que se poidan ver afectadas, con carácter previo á adopción dunha decisión, en relación:

- a) Coa modificación da estrutura accionarial, organizativa ou directiva das entidades aseguradoras e reaseguradoras dun grupo suxeita a autorización previa por parte do supervisor.
- b) Coa decisión sobre a prórroga do período de recuperación consonte o artigo 156.
- c) Coas sancións importantes ou as medidas extraordinarias adoptadas, tales como a existencia dun capital adicional ao capital de solvencia obrigatorio, a imposición de límites no uso dun modelo interno para o cálculo do capital de solvencia obrigatorio, ou outras medidas extraordinarias.

En relación co establecido nas letras b) e c), consultarase sempre co supervisor de grupo.

Ademais, sempre que unha decisión se basee en información recibida doutras autoridades supervisoras, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións consultará coas autoridades de supervisión afectadas antes de adoptar a dita decisión.

3. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá non realizar esa consulta en casos de urxencia ou se considera que a dita consulta podería poñer en perigo a eficacia da decisión. Neste suposto, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións informará as demais autoridades de supervisión afectadas.

Artigo 138. Información solicitada a outras autoridades supervisoras.

1. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, cando sexa o supervisor de grupo, poderá pedir ás autoridades supervisoras do Estado membro en que a entidade matriz teña o seu domicilio social que lle soliciten a esa entidade toda a información que resulte pertinente para o exercicio dos seus dereitos e deberes de coordinación da supervisión de grupo, e que lle faciliten tal información.

2. Cando a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, como supervisor de grupo, necesite calquera información que xa fose facilitada a outras autoridades supervisoras, solicitará inicialmente destas a citada información.

Artigo 139. Cooperación coas autoridades supervisoras das entidades de crédito e de empresas de servizos de investimento.

Se unha entidade aseguradora ou reaseguradora e unha entidade de crédito, unha empresa de servizos de investimento, ou ambas, están directa ou indirectamente vinculadas ou contan cunha entidade participante común, a Dirección Xeral de Seguros e

Fondos de Pensións cooperará estreitamente coas autoridades de supervisión destas últimas, subministrándolles e requirindo delas, sen prexuízo das súas respectivas competencias, toda información que poida simplificar o seu labor.

Sección 3.ª Niveis de supervisión

Artigo 140. Entidade matriz última na Unión Europea.

1. Cando unha entidade aseguradora ou reaseguradora participante ou unha sociedade de carteira de seguros ou unha sociedade financeira mixta de carteira, que teñan domicilio social en España, sexa, pola súa vez, filial doutra entidade aseguradora ou reaseguradora ou doutra sociedade de carteira de seguros ou doutra sociedade financeira mixta de carteira matriz que teña o seu domicilio social noutro Estado membro, a supervisión de grupo realizarase exclusivamente ao nivel da entidade aseguradora ou reaseguradora matriz ou da sociedade de carteira de seguros ou sociedade financeira mixta de carteira última con domicilio social nese outro Estado membro.

2. A supervisión de grupo sobre unha entidade aseguradora ou reaseguradora matriz ou unha sociedade de carteira de seguros ou sociedade financeira mixta de carteira que teñan o seu domicilio social en España e sexa matriz última no nivel da Unión Europea abranguerá a totalidade das entidades que formen parte do grupo.

Artigo 141. Subgrupo nacional de entidades aseguradoras ou reaseguradoras.

1. Cando unha entidade aseguradora ou reaseguradora participante ou unha sociedade de carteira de seguros ou unha sociedade financeira mixta de carteira que teñan o seu domicilio social en España formen parte, pola súa vez, dun grupo cuxa matriz última teña o seu domicilio social noutro Estado membro, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá acordar que quede suxeita á supervisión de grupo a entidade aseguradora ou reaseguradora matriz ou sociedade de carteira de seguros ou sociedade financeira mixta de carteira última con domicilio social en España, que será considerada para estes efectos como matriz dun subgrupo nacional de entidades aseguradoras ou reaseguradoras.

A supervisión do subgrupo nacional requirirá unha resolución motivada da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, logo de consulta ao supervisor de grupo e á entidade matriz última no nivel da Unión Europea.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións xustificará a decisión adoptada tanto ante o supervisor de grupo como ante a entidade aseguradora ou reaseguradora matriz ou sociedade de carteira de seguros ou sociedade financeira mixta de carteira última no nivel da Unión Europea. O supervisor de grupo informará disto o colexio de supervisores.

Non se poderá acordar nin manter a supervisión do subgrupo nacional cando a entidade matriz última a nivel da Unión Europea fose autorizada polo supervisor de grupo a someter a súa filial con domicilio social en España ao réxime de supervisión da solvencia de grupos con xestión centralizada de riscos.

2. A supervisión do subgrupo nacional axustarase ao disposto para a supervisión de grupo, coas particularidades seguintes:

a) A supervisión do subgrupo nacional poderase estender a todas as áreas obxecto da supervisión de grupo ou só a unha ou dúas delas, ben sexa a supervisión da solvencia, a de concentración de risco e operacións intragrupo, ou a de xestión de riscos e control interno.

b) A supervisión da solvencia do subgrupo nacional axustarase, pola súa vez, aos seguintes criterios:

1.º O método para supervisar a solvencia do subgrupo será o elixido polo supervisor de grupo para analizar a solvencia da entidade matriz última no nivel da Unión Europea.

2.º Se a entidade matriz última no nivel da Unión Europea obtivo autorización do supervisor de grupo para calcular o capital de solvencia obrigatorio do grupo e o das entidades aseguradoras e reaseguradoras que formen parte deste de acordo cun modelo interno, tal método utilizarase para o cálculo do capital de solvencia obrigatorio do subgrupo nacional e das entidades aseguradoras e reaseguradoras que o formen.

3.º Se o perfil de risco da entidade matriz última a nivel nacional se aparta significativamente do modelo interno aprobado na Unión Europea, e a entidade considerada non responde adecuadamente aos requirimentos que para o efecto se lle efectúen, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá exixir, mediante resolución motivada, un capital adicional ao capital de solvencia obrigatorio do subgrupo nacional que derive da aplicación do referido modelo ou, en circunstancias excepcionais en que resulte inapropiada tal exixencia, poderá exixir á entidade que calcule o capital de solvencia obrigatorio do subgrupo nacional de acordo coa fórmula estándar. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións dará conta da resolución anterior tanto á entidade como ao supervisor de grupo. O supervisor de grupo informará disto o colexio de supervisores.

4.º A entidade matriz última a nivel nacional non poderá solicitar autorización para someter calquera das súas filiais ao réxime de supervisión da solvencia de grupos con xestión centralizada de riscos.

Artigo 142. *Subgrupo de entidades que abranga subgrupos nacionais de varios Estados membros.*

1. Cando a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións acordase, conforme o disposto no artigo 141, someter á supervisión de grupo un subgrupo nacional, poderá celebrar un acordo coas autoridades de supervisión dos Estados membros en que estean presentes outras entidades vinculadas á mesma matriz última a nivel comunitario, e que sexan matriz última dun subgrupo nacional neses Estados, que a supervisión se realice ao nivel dun subgrupo maior que abranga varios subgrupos nacionais. En tal caso, a supervisión de grupo a nivel de subgrupo unicamente a exercerá o supervisor designado no acordo.

As autoridades de supervisión nacionais implicadas no acordo xustificarán a decisión adoptada tanto ante o supervisor de grupo como ante a entidade aseguradora ou reaseguradora matriz ou sociedade de carteira de seguros ou sociedade financeira mixta de carteira última na Unión Europea. O supervisor de grupo informará disto o colexio de supervisores.

A supervisión do subgrupo que abranga varios Estados membros non poderá incluír entidades que sexan matriz última dun subgrupo nacional noutros Estados membros distintos dos das autoridades de supervisión coas cales se chegase ao citado acordo.

2. No exercicio da supervisión do subgrupo que abranga varios Estados membros aplicaranse as normas previstas para a supervisión dun subgrupo nacional.

CAPÍTULO III

Situación financeira de grupo

Sección 1.ª Solvencia de grupo

Artigo 143. *Supervisión da solvencia de grupo.*

1. As entidades aseguradoras ou reaseguradoras participantes deberán asegurar que o grupo dispón en todo momento dos fondos propios admisibles en contía, como mínimo, igual ao capital de solvencia obrigatorio de grupo, calculado de acordo co previsto nesta lei e nas demais normas que resulten de aplicación.

Cando a entidade matriz do grupo sexa unha sociedade de carteira de seguros ou sociedade financeira mixta de carteira, as entidades aseguradoras e reaseguradoras que

formen parte do grupo deberán asegurar o cumprimento da obriga disposta no parágrafo anterior.

2. As entidades obrigadas conforme o número 1 deberán asegurar que o grupo dispón en todo momento de fondos propios básicos admisibles para cubrir o capital mínimo obrigatorio do grupo, determinado de acordo coas normas que resulten de aplicación, cando resulte exixible.

Artigo 144. *Informe sobre a situación financeira e de solvencia no nivel de grupo.*

1. As entidades aseguradoras e reaseguradoras participantes, as sociedades de carteira de seguros ou as sociedades financeiras mixtas de carteira publicarán anualmente un informe sobre a situación financeira e de solvencia a nivel de grupo. Para estes efectos, aplicarase o disposto nos artigos 80 a 82 para o informe sobre a situación financeira e de solvencia das entidades individuais.

2. As entidades obrigadas conforme o número 1 poderán, logo de conformidade da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensiós, cando sexa o supervisor de grupo, elaborar un só informe sobre a situación financeira e de solvencia, que comprenderá a información no nivel de grupo que se deba facer pública e a información sobre calquera das filiais integrantes do grupo que debe ser identificable individualmente e que se deba facer pública conforme o previsto nos artigos 80 a 82.

Artigo 145. *Cálculo da solvencia no nivel de grupo de entidades participantes.*

O cálculo da solvencia no nivel de grupo de entidades aseguradoras ou reaseguradoras participantes efectuarase de conformidade co método baseado na consolidación contable.

Non obstante, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensiós, cando sexa o supervisor de grupo, poderá acordar, logo de consulta ás demais autoridades de supervisión afectadas e ao propio grupo, a aplicación do método de dedución e agregación, ou unha combinación de ambos os métodos cando a aplicación exclusiva do método baseado na consolidación contable non resulte apropiada.

Artigo 146. *Cálculo da solvencia do grupo consolidado: método baseado na consolidación contable.*

1. O cálculo da solvencia de grupo efectuarase a partir das contas consolidadas.

2. O capital de solvencia obrigatorio de grupo consolidado calcularase de acordo quer coa fórmula estándar quer cun modelo interno aprobado de maneira coherente cos principios e requisitos exixidos a nivel individual. O prazo máximo para resolver o procedemento e notificar a resolución é de seis meses. Transcorrido este prazo sen se ter notificado resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude.

3. Desenvolverase regulamentariamente o sistema de cálculo deste método.

Artigo 147. *Modelo interno de grupo consolidado e das entidades aseguradoras e reaseguradoras do grupo.*

1. As entidades aseguradoras e reaseguradoras participantes e as súas entidades vinculadas, ou ben conxuntamente as entidades vinculadas a unha sociedade de carteira de seguros ou a unha sociedade financeira mixta de carteira, poderán presentar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensiós, cando sexa o supervisor de grupo, a solicitude de autorización para utilizar un modelo interno no cálculo do capital de solvencia obrigatorio de grupo consolidado e do capital de solvencia obrigatorio das entidades aseguradoras e reaseguradoras do grupo.

2. Cando ningunha das entidades aseguradoras ou reaseguradoras do grupo estean situadas noutro Estado membro distinto de España, a aprobación do modelo interno de grupo consolidado e das entidades aseguradoras e reaseguradoras do grupo realizarase de maneira coherente cos principios e requisitos exixidos a nivel individual. O prazo máximo para resolver o procedemento e notificar a resolución é de seis meses.

Transcorrido este prazo sen se ter notificado resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude.

3. Desenvolverase regulamentariamente o procedemento de autorización dun modelo interno de grupo consolidado e das entidades aseguradoras e reaseguradoras do grupo cando algunha entidade do grupo estea situada noutro Estado membro distinto de España. En calquera caso, o prazo máximo para resolver o procedemento e notificar a resolución é de seis meses. Transcorrido este prazo sen se ter notificado resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude.

4. As medidas que se deben adoptar cando o perfil de risco dunha entidade aseguradora ou reaseguradora se aparte significativamente das hipóteses en que se basea o modelo interno que fose autorizado no nivel de grupo recolleranse regulamentariamente.

Artigo 148. Exixencia de capital de solvencia obrigatorio adicional de grupo consolidado.

En caso de que o perfil de risco do grupo non quede adecuadamente reflectido, poderase exixir un capital adicional sobre o capital de solvencia obrigatorio de grupo consolidado.

Artigo 149. Método de dedución e agregación.

1. De acordo co artigo 145, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, cando sexa o supervisor de grupo, poderá autorizar o emprego do método de dedución e agregación nos casos en que se estableza na normativa da Unión Europea de directa aplicación.

2. Desenvolverase regulamentariamente o sistema de cálculo deste método.

Artigo 150. Réxime de grupos con xestión centralizada de riscos.

As entidades matrices poderán presentar unha solicitude de autorización para que as súas filiais se poidan acoller ao réxime de grupos con xestión centralizada de riscos.

Determinaranse regulamentariamente os requisitos para se acoller a este réxime, así como o seu procedemento de autorización.

Sección 2.^a Concentración de risco e operacións intragrupo

Artigo 151. Supervisión da concentración de risco e das operacións intragrupo.

As entidades aseguradoras e reaseguradoras, as sociedades de carteira de seguros e as sociedades financeiras mixtas de carteira están obrigadas a notificar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, cando sexa o supervisor de grupo, coa periodicidade que se estableza regulamentariamente e, como mínimo, unha vez ao ano, toda posible concentración de risco significativa no nivel de grupo, así como todas as operacións significativas que realicen dentro do grupo, incluídas as realizadas cunha persoa física vinculada a calquera entidade do grupo mediante vínculos estreitos.

Sección 3.^a Xestión de riscos e control interno

Artigo 152. Supervisión do sistema de goberno de grupo.

1. Os sistemas de xestión de riscos e de control interno e os procedementos de información implantaranse coherentemente en todas as entidades que formen parte dun grupo, de modo que eses sistemas e procedementos de información poidan ser obxecto de supervisión no nivel de grupo.

O disposto nesta lei en relación co sistema de goberno das entidades aseguradoras e reaseguradoras individualmente consideradas será de aplicación no nivel de grupo.

2. A entidade aseguradora ou reaseguradora participante ou a sociedade de carteira de seguros ou a sociedade financeira mixta de carteira realizarán no nivel de grupo a avaliación interna de riscos e solvencia a que se refire o artigo 66. Esta avaliación interna de riscos e solvencia de grupo estará suxeita a revisión pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións cando sexa o supervisor de grupo.

3. A entidade aseguradora ou reaseguradora participante ou a sociedade de carteira de seguros implantarán procedementos dirixidos a detectar a deterioración da situación financeira do grupo e notificarán no prazo máximo de dez días á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, cando sexa o supervisor de grupo, a deterioración que se puidese ter producido.

Sección 4.^a Incumprimento da solvencia de grupo

Artigo 153. Medidas destinadas a facer fronte a incumprimentos.

1. Se as entidades aseguradoras ou reaseguradoras dun grupo non cumpren as exixencias sobre a solvencia do grupo, a concentración de risco e operacións intragrupo e a xestión de riscos e control interno, establecidas no capítulo III deste título ou, malia cumpriren estas exixencias, está en risco a súa solvencia, ou as operacións intragrupo e as concentracións de risco poñen en perigo a situación financeira da entidade aseguradora ou reaseguradora, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, cando sexa o supervisor de grupo, exixira ás citadas entidades que adopten as medidas necesarias para solucionar a situación. Cando a entidade aseguradora ou reaseguradora teña o seu domicilio social noutro Estado membro, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións informará a autoridade supervisora do Estado membro do domicilio da entidade desta decisión co fin de que poida adoptar as medidas necesarias.

Igualmente, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, como supervisor de grupo, poderá exixir, se é o caso, a adopción de medidas correctoras a unha sociedade de carteira de seguros ou sociedade financeira mixta de carteira matriz. Cando a sociedade de carteira de seguros ou sociedade financeira mixta de carteira matriz teña o seu domicilio social noutro Estado membro, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións informará a autoridade supervisora do Estado do domicilio da sociedade de carteira de seguros co fin de que poida adoptar as medidas necesarias.

2. As sociedades de carteira de seguros ou sociedade financeira mixta de carteira que infrinxan as disposicións legais, regulamentarias ou administrativas adoptadas en aplicación do presente título e as persoas que dirixan esas sociedades de maneira efectiva estarán sometidas ao réxime de infraccións e sancións establecido no título VIII desta lei.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións cooperará co resto de autoridades de supervisión afectadas co fin de garantir que as sancións que se poidan impoñer se fagan efectivas, especialmente cando a administración central ou o establecemento principal dunha sociedade de carteira de seguros non coinciden co seu domicilio social.

CAPÍTULO IV

Grupos con entidades matrices fóra da Unión Europea

Artigo 154. Verificación da equivalencia.

1. No caso de que a entidade matriz dun grupo sexa unha entidade aseguradora ou reaseguradora ou unha sociedade de carteira de seguros ou unha sociedade financeira mixta de carteira, que teñan o seu domicilio social nun terceiro país, as autoridades de supervisión afectadas verificarán a equivalencia do réxime prudencial para a supervisión de grupos deste terceiro país ao previsto neste título, de acordo coas regras seguintes:

a) Esta equivalencia será determinada pola Comisión Europea de acordo cos criterios que esta especifique, coa asistencia da Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación.

A listaxe de réximes prudenciais equivalentes será publicada pola Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación no seu sitio web e manterase actualizada. As decisións da Comisión revisaranse periodicamente co obxecto de se manteren actualizadas para atender calquera modificación substancial do réxime de supervisión da Unión Europea e do réxime de supervisión do terceiro país.

b) Cando non se cumpran todos os criterios establecidos na letra a), a equivalencia pode ser determinada de forma temporal pola Comisión Europea, coa asistencia da Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación, de acordo cos criterios que se establezan regulamentariamente.

A listaxe dos terceiros países para os cales se determinou un réxime de solvencia temporalmente equivalente será publicada pola Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación no seu sitio web e manterase actualizada. As decisións da Comisión revisaranse regularmente co obxecto de se manteren actualizadas cos informes dos progresos realizados polo terceiro país, que serán presentados á Comisión anualmente para a súa avaliación coa axuda da Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación.

O réxime de equivalencia temporal será de cinco anos a partir do 1 de xaneiro de 2016 ou concluirá na data en que, de conformidade coa letra a), o réxime prudencial dese terceiro país se considere equivalente, se esta última data é anterior. Este período poderase prorrogar como máximo un ano máis, cando resulte necesario, para que a Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación e a Comisión leven a cabo a avaliación da equivalencia para os efectos da letra a).

Non se aplicará a equivalencia temporal no caso de que exista unha entidade aseguradora ou reaseguradora situada nun Estado membro cuxo balance total sexa superior ao balance total da empresa matriz situada nun terceiro país. En tal caso, a función de supervisor de grupo será exercida polo supervisor de grupo determinado conforme os criterios previstos no artigo 134.2.

c) Cando non se adoptase ningunha decisión de acordo coas letras a) e b) anteriores, corresponderá á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, cando segundo os criterios previstos no artigo 134.2 sexa o supervisor de grupo, verificar, de oficio ou por instancia da entidade matriz ou de calquera das entidades aseguradoras ou reaseguradoras do grupo autorizadas na Unión Europea, a equivalencia do réxime prudencial para a supervisión de grupos do terceiro país. A Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación asistirá nisto o supervisor de grupo.

Ao proceder á dita verificación, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións consultará, coa asistencia da Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación, as demais autoridades de supervisión afectadas, antes de adoptar unha decisión en canto á equivalencia. Esta decisión tomarase de acordo cos criterios adoptados pola Comisión Europea de acordo coa letra a), así como coas decisións adoptadas previamente bilateralmente con respecto a ese terceiro país, excepto cando sexa necesario atender modificacións substanciais introducidas no réxime de supervisión español ou no réxime de supervisión dese terceiro país.

En caso de desacordo entre as autoridades de supervisión en canto á decisión sobre a equivalencia adoptada, poderase remitir o asunto á Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación e solicitar a súa asistencia nun prazo de tres meses a partir da notificación da decisión pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de pensións, cando actúe como supervisor de grupo.

2. No caso de que a supervisión de grupo no terceiro país sexa considerada equivalente, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións recorrerá á supervisión equivalente exercida polas autoridades supervisoras do terceiro país, e aplicarase o previsto nas seccións 1.^a e 2.^a do capítulo II deste título e nos artigos 144, 148 e o que se

determine regulamentariamente, *mutatis mutandis*, á cooperación coas autoridades de supervisión do terceiro país.

3. Determinaranse regulamentariamente as normas aplicables cando a supervisión de grupos en terceiros países non sexa considerada equivalente.

TÍTULO VI

Situacións de deterioración financeira. Medidas de control especial

CAPÍTULO I

Situacións de deterioración financeira

Artigo 155. *Deterioración financeira das entidades aseguradoras e reaseguradoras.*

As entidades aseguradoras e reaseguradoras implantarán procedementos dirixidos a detectar a deterioración da súa situación financeira e informarán no prazo máximo de dez días a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións da produción de tal deterioración, de calquera insuficiencia con respecto ao capital de solvencia obrigatorio ou con respecto ao capital mínimo obrigatorio, así como en canto se observe risco de que tal insuficiencia se poida producir nos tres meses seguintes.

Artigo 156. *Incumprimento respecto do capital de solvencia obrigatorio.*

1. Cando a entidade aseguradora ou reaseguradora observe un incumprimento respecto do capital de solvencia obrigatorio ou o risco de que se produza nos tres meses seguintes, estará obrigada a someter á aprobación da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións un plan de recuperación, no prazo de dous meses desde que se observase o incumprimento ou o risco de incumprimento.

2. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións requirirá a entidade para que adopte e execute, no prazo de seis meses desde que se observou o incumprimento ou o risco de que se produza, as medidas necesarias para restablecer o nivel de fondos propios admisibles correspondentes á cobertura do capital de solvencia obrigatorio ou para reducir o seu perfil de risco de maneira que se cubra o capital de solvencia obrigatorio. O prazo poderá ser ampliado por tres meses máis.

3. Estableceranse regulamentariamente os supostos e as medidas que se deben adoptar en caso de que situacións adversas excepcionais afecten entidades de seguros e de reaseguros que representen unha cota significativa do mercado ou dos ramos afectados.

Artigo 157. *Incumprimento respecto do capital mínimo obrigatorio.*

Cando a entidade aseguradora ou reaseguradora observe un incumprimento no capital mínimo obrigatorio ou o risco de que se produza nos tres meses seguintes, estará obrigada a someter á aprobación da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, dentro do mes seguinte, un plan de financiamento a curto prazo dirixido a restablecer nun período de tres meses, contado desde que se observase o incumprimento ou o risco de que se produza, os fondos propios básicos admisibles, polo menos, ata o nivel do capital mínimo obrigatorio, ou reducir o perfil de risco de modo que se satisfaga o capital mínimo obrigatorio.

Artigo 158. *Contido do plan.*

O contido do plan de recuperación e das medidas de financiamento a curto prazo previstas neste capítulo establecerase regulamentariamente.

CAPÍTULO II

Medidas de control especial

Artigo 159. *Situacións que poden dar lugar á adopción de medidas de control especial.*

1. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá adoptar medidas de control especial cando as entidades aseguradoras ou reaseguradoras estean nalgunha das seguintes situacións:

- a) Insuficiencia dos fondos propios admisibles para cubrir o capital mínimo obrigatorio.
- b) Insuficiencia dos fondos propios admisibles para cubrir o capital de solvencia obrigatorio.
- c) Déficit superior ao 20 por 100 no cálculo do capital de solvencia obrigatorio.
- d) Incumprimento das normas relativas á valoración de activos e pasivos, incluíndo as provisións técnicas, de forma que se produza unha desviación superior ao 20 por 100 no cálculo dos fondos propios admisibles para cubrir o capital de solvencia obrigatorio, así como, un incumprimento con respecto ás provisións técnicas, cando non se alcance o nivel exixido unha vez requirida a entidade para o seu incremento nos termos do artigo 70.2.
- e) Dificultades financeiras ou de liquidez que determinasen demora ou incumprimento nos seus pagamentos.
- f) Deficiencias relevantes no sistema de goberno ou no sistema de control interno, que impidan a xestión da actividade e, en especial, o cumprimento das obrigas en materia de xestión de riscos, cumprimento, auditoría interna e actuarial ou na externalización de funcións ou actividades.
- g) Dificultade manifesta de realizar o fin social, ou paralización dos órganos sociais de modo que dificulte o seu funcionamento.
- h) Situacións de feito, deducidas de comprobacións efectuadas pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, que poñan en perigo a solvencia da entidade, os intereses dos asegurados ou o cumprimento das obrigas contraídas, así como a falta de adecuación da contabilidade ao plan de contabilidade das entidades aseguradoras, ou a irregularidade da contabilidade ou administración en termos tales que impidan ou dificulten notablemente coñecer a verdadeira situación patrimonial da entidade.

2. As medidas de control especial poderanse adoptar sobre as entidades dominantes de grupos de entidades aseguradoras e reaseguradoras, e sobre as propias entidades aseguradoras e reaseguradoras que formen parte do grupo cando este se encontre nalgunha das situacións descritas no número 1.

Artigo 160. *Medidas de control especial que se poden adoptar.*

1. Con independencia das sancións administrativas que se poidan impoñer, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá adoptar as seguintes medidas de control especial:

- a) Exixirlle á entidade aseguradora un plan de financiamento a curto prazo.
- b) Exixirlle á entidade aseguradora un plan de recuperación para restablecer a súa situación financeira.
- c) Prohibir a disposición dos bens que se determinen da entidade e das súas filiais, salvo que sexan entidades financeiras sometidas a supervisión. Esta medida poderase completar coas seguintes:

1.^a O depósito dos valores e demais bens mobles ou a administración dos bens inmoables por persoa aceptada pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

2.^a A notificación da medida ás entidades de crédito depositarias de efectivo ou de valores.

3.^a A anotación preventiva da prohibición de dispoñer nos rexistros públicos correspondentes, para o cal será título suficiente a resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións en que se acorde a referida prohibición de dispoñer. Durante a vixencia da anotación preventiva non se poderán inscribir nos rexistros públicos dereitos reais de garantía nin anotarse mandamentos xudiciais ou providencias administrativas de embargo, nin as entidades de crédito poderán cargar ou facer efectivo ningún pagamento por mandamentos xudiciais ou de constrinximento ou por calquera outro concepto, sen a autorización previa e expresa da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

d) Prohibir á entidade e ás súas filiais, salvo que estas últimas sexan entidades financeiras sometidas a supervisión que, sen autorización previa da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, poidan realizar os actos de xestión e disposición que se determinen, asumir novas débedas, distribuír dividendos, derramas activas e retornos, contratar novos seguros ou admitir novos socios.

2. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións realizará por conta e con cargo á entidade as comunicacións que, como consecuencia das medidas de control especial adoptadas, se teñan que efectuar aos rexistros públicos.

Artigo 161. *Medidas adicionais de control especial.*

Se o déficit de fondos propios admisibles para cubrir o capital de solvencia obrigatorio é superior ao vinte por cento, cando a insuficiencia afecte o capital mínimo obrigatorio e no resto de situacións descritas no artigo 159.1, letras c) a h), e con obxecto de salvaguardar os intereses dos asegurados, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá adoptar, conxunta ou separadamente, calquera das seguintes medidas:

- a) A prohibición de disposición de bens.
- b) A prohibición dos actos enumerados no artigo 160.1.d).
- c) Suspende a contratación de novos seguros ou a aceptación de reaseguro.
- d) Prohibir a prórroga dos contratos de seguro celebrados pola entidade aseguradora en todos ou nalgúns dos ramos. Para estes efectos, a entidade aseguradora deberá comunicar por escrito aos asegurados a prohibición da prórroga do contrato no prazo de quince días naturais desde que reciba a notificación desta medida de control especial; neste caso, o prazo previsto no parágrafo segundo do artigo 22 da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro, quedará reducido a quince días naturais. Con independencia da comunicación por escrito aos asegurados, a resolución pola que se adopte tal medida publicárase no «Boletín Oficial del Estado» e no «Diario Oficial de la Unión Europea».
- e) Prohibir o exercicio da actividade aseguradora ou reaseguradora no estranxeiro.
- f) Exixir á entidade aseguradora ou reaseguradora que propoña medidas organizativas, financeiras ou doutra índole que sexan adecuadas, formule unha previsión dos seus resultados e fixe os prazos para a súa execución, co fin de superar a situación que deu orixe a esa exixencia. Estas medidas deberán ser sometidas á aprobación da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.
- g) Ordenar ao conselleiro delegado ou cargo similar de administración que dea a coñecer aos demais órganos de administración a resolución administrativa adoptada e, de ser o caso, a acta da Inspección de Seguros, así como aos órganos de administración das filiais.
- h) Convocar os órganos de administración ou a xunta ou asemblea xeral da entidade aseguradora ou reaseguradora, así como designar a persoa que deba presidir a reunión e dar conta da situación.
- i) Substituír provisionalmente os órganos de administración da entidade.
- j) A realización de revisións de cuestións específicas polo auditor de contas da entidade ou por outro auditor de contas, sempre que non supoñan unha vulneración do

réxime de independencia a que estes se encontran suxeitos, de acordo coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas.

Artigo 162. *Colaboración do Consorcio de Compensación de Seguros na execución das medidas de control especial adoptadas.*

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá solicitar a colaboración do Consorcio de Compensación de Seguros para que, en relación coas medidas de control especial adoptadas, leve a cabo as funcións que se determinen regulamentariamente.

Artigo 163. *Intervención da entidade aseguradora.*

1. Como medida de control especial complementaria das previstas nos artigos 160 e 161, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá acordar a intervención da entidade aseguradora ou reaseguradora para garantir o seu correcto cumprimento.

2. Os actos e acordos de calquera órgano da entidade aseguradora ou reaseguradora que se adopten a partir da data da notificación da resolución que acorde a intervención administrativa e que afecten ou garden relación coas medidas de control especial citadas anteriormente non serán válidos nin se poderán levar a cabo sen a aprobación expresa dos interventores designados. Exceptúase desta aprobación o exercicio de accións ou recursos pola entidade intervida contra os actos administrativos de supervisión ou en relación coa actuación dos interventores.

3. Os interventores designados estarán facultados para revogar cantos poderes ou delegacións fosen conferidos polo órgano de administración da entidade aseguradora ou reaseguradora, ou polos seus apoderados, con anterioridade á data de publicación do acordo. Adoptada tal medida, os interventores procederán a exixir a devolución dos documentos onde consten os apoderamentos, así como a promover a inscrición da súa revogación nos rexistros públicos correspondentes.

4. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá solicitar o apoio do Consorcio de Compensación de Seguros para a realización das funcións que teñen asignadas os interventores.

Artigo 164. *Procedemento de adopción de medidas de control especial.*

A adopción de medidas de control especial levarase a cabo mediante un procedemento administrativo tramitado de acordo coas normas do procedemento de supervisión por inspección, coas peculiaridades que se establezan regulamentariamente.

Artigo 165. *Substitución provisional dos órganos de administración.*

A substitución provisional dos órganos de administración da entidade aseguradora ou reaseguradora axustarase ás seguintes regras:

1. A resolución administrativa, de carácter inmediatamente executivo, designará a persoa ou as persoas que deban actuar como administradores provisionais e indicará se o deben facer mancomunada ou solidariamente.

O nomeamento publicárase no «Boletín Oficial del Estado» e inscribírase nos rexistros públicos correspondentes, incluídos, de ser o caso, os existentes no resto de Estados membros, publicación que determinará a súa eficacia fronte a terceiros. A idénticos requisitos e efectos suxeitarase a substitución de administradores provisionais cando sexa preciso proceder a ela.

2. Os administradores provisionais deberán reunir os requisitos exixidos polo artigo 38.

3. Os administradores provisionais terán, ademais, o carácter de interventores, coas facultades expostas no artigo 163, dos actos e acordos da xunta ou a asemblea xeral da entidade aseguradora ou reaseguradora.

4. A obriga de formular as contas anuais da entidade aseguradora ou reaseguradora e a aprobación destas e da xestión social poderán quedar en suspenso, por prazo non superior a un ano contado desde o vencemento do prazo legalmente establecido para o efecto, se a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións considera, por solicitude dos administradores provisionais, que non existen datos ou documentos fiables e completos para isto. Neste caso poderá quedar en suspenso, igualmente, a celebración de xuntas ou asembleas ordinarias de accionistas ou mutualistas para a súa aprobación.

5. Unha vez acordado pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións o cesamento da medida de substitución provisional dos órganos de administración da entidade, os administradores provisionais convocarán inmediatamente a xunta ou asemblea xeral da entidade aseguradora ou reaseguradora, na cal se nomeará o novo órgano de administración. Ata a toma de posesión deste, os administradores provisionais seguirán exercendo as súas funcións.

6. Os administradores provisionais poderán desenvolver a súa actuación no territorio de todos os Estados membros e poderán exercer neles as mesmas funcións e poderes que en España. Para estes efectos, resultará título suficiente para acreditar a condición de administrador unha certificación da resolución pola cal se acorde o seu nomeamento. Só poderán outorgar poderes de representación ou solicitar asistencia cando isto resulte necesario para levar a cabo a execución das medidas no territorio doutros Estados membros e, en particular, para resolver as dificultades que poidan encontrar os acredores residentes neles.

As persoas que os asistan ou representen deben ter recoñecida honorabilidade e reunir as condicións necesarias de cualificación ou experiencia profesional para exercer as súas funcións, nos termos do artigo 38.

Artigo 166. *Efectos das medidas de control especial noutros Estados membros.*

1. Unha vez adoptada pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións sobre unha entidade aseguradora algunha das medidas recollidas nos artigos 160.1.a), b), c) e d), 161.d), e), f) e i) e 163, aquela producirá efectos, de conformidade co previsto na súa lexislación, en todos os Estados membros. Para estes efectos e sen prexuízo do previsto no punto seguinte, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións informará as autoridades supervisoras dos restantes Estados membros do acordo polo cal se adopte a medida e dos seus efectos, no prazo de dez días contados desde que se adopte.

2. Ademais, se se adopta a medida de control especial de prohibición de dispoñer dos bens sobre unha entidade aseguradora española que opere noutros Estados membros en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións solicitará, se é o caso, ás autoridades supervisoras correspondentes que adopten sobre os bens situados no seu territorio as mesmas medidas que a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións adoptase.

Tales medidas rexeranse polo disposto nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento.

Artigo 167. *Medidas adoptadas respecto de entidades aseguradoras domiciliadas noutros Estados membros.*

1. Cando sobre unha entidade aseguradora domiciliada noutro Estado membro, a autoridade supervisora do dito Estado membro adoptase a medida de control especial de prohibición de dispoñer e solicítase da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións que impoña idéntica medida sobre os bens da entidade situados en territorio español, con indicación daqueles que deban ser obxecto dela, a citada dirección xeral impoñerá tal medida.

2. Cando respecto a unha entidade aseguradora domiciliada noutro Estado membro, incluídas as súas sucursais en España ou noutros Estados membros, se adoptase unha medida de saneamento ou un procedemento de liquidación, a dita medida ou procedemento

producirá efectos en España tan pronto como o faga no Estado membro en que se adoptase a medida ou incoase o procedemento.

3. Unha vez que sexa notificada á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a adopción da medida ou a incoación do procedemento, esta publicará no «Boletín Oficial del Estado» un extracto do acordo ou resolución de que derive a medida ou procedemento; en todo caso, no dito extracto constará a autoridade competente do Estado membro que adoptase a medida ou procedemento, a lexislación que resulte de aplicación, así como, se é o caso, a identificación do liquidador ou liquidadores designados.

4. Os administradores provisionais e liquidadores designados pola autoridade competente doutro Estado membro poderán desempeñar a súa función en España; para tales efectos, resultará título suficiente para acreditar a súa condición unha certificación da resolución ou copia legalizada do acordo polo que se efectúe o seu nomeamento ou designación, traducida para o castelán.

5. Tales medidas adoptadas por outros Estados e os procedementos de adopción rexeranse pola lexislación do Estado membro de adopción da medida, sen prexuízo de que para os supostos que a seguir se mencionan se deban observar as seguintes normas e deixando a salvo o que se poida prever nos tratados internacionais:

a) Os efectos das referidas medidas e procedementos nos contratos de traballo sometidos á lexislación española rexeranse por esta.

b) Os dereitos da entidade aseguradora sobre un inmovible, buque ou aeronave que estean suxeitos a inscrición nun rexistro público español rexeranse pola lexislación española.

c) Sen prexuízo do establecido no número 1, a adopción de medidas de saneamento ou a incoación do procedemento de liquidación non afectará os dereitos reais dos acredores ou de terceiros respecto de activos materiais ou inmateriais, mobles ou inmoables, tanto activos específicos como conxuntos de activos indeterminados, cuxa composición está suxeita a modificación, pertencentes á entidade aseguradora que estivesen situados en España no momento de adopción das ditas medidas ou incoación do dito procedemento, nin ao dereito exclusivo a cobrar un crédito, en particular, o dereito garantido por un peñor do cal sexa obxecto o crédito ou pola cesión do dito crédito a título de garantía, cando estas garantías se rexan pola lei española.

d) A adopción de medidas de saneamento ou a incoación dun procedemento de liquidación sobre unha entidade aseguradora compradora dun ben non afectará os dereitos do vendedor baseados nunha reserva de dominio cando o dito ben se encontre, no momento da adopción da medida ou da incoación do procedemento, en territorio español.

A adopción de medidas de saneamento ou a incoación dun procedemento de liquidación sobre unha entidade aseguradora vendedora dun ben, despois de que este fose entregado, non constituirá causa de resolución ou rescisión da venda e non impedirá ao comprador a adquisición da propiedade do ben vendido cando este se encontre, no momento da adopción das medidas ou da incoación do procedemento, en territorio español.

e) A adopción de medidas de saneamento ou a incoación dun procedemento de liquidación non afectará o dereito dun acredor a reclamar a compensación do seu crédito co crédito da entidade aseguradora cando a lei que rexa a liquidación permita a compensación.

f) Os efectos dunha medida de saneamento ou dun procedemento de liquidación nos dereitos e obrigas dos participantes nun mercado regulado español rexeranse exclusivamente pola lei española.

g) A nulidade, anulación ou inoponibilidade dos actos xurídicos prexudiciais para o conxunto dos acredores rexeranse pola lexislación do Estado membro de orixe, salvo que a persoa que se beneficiou do acto prexudicial para o conxunto dos acredores probe que o citado acto está suxeito á lexislación española e que esta lexislación non permite de ningún modo a súa impugnación.

h) A validez da transmisión a título oneroso por parte dunha entidade aseguradora efectuada con posterioridade á adopción dunha medida de saneamento ou incoación dun

procedemento de liquidación, dun inmovible situado en España, buque ou aeronave suxeitos a inscrición nun rexistro público español ou de valores negociables ou outros títulos cuxa existencia e transferencia supoña unha inscrición nun rexistro ou nunha conta prevista pola lexislación española ou estean colocados nun sistema de depósito central regulado pola lexislación española rexeranse pola lexislación española.

i) Os efectos dunha medida de saneamento ou dun procedemento de liquidación nunha causa pendente seguida en España relativa a un ben ou un dereito do cal se desposuíu á aseguradora rexeranse exclusivamente pola lexislación española.

Artigo 168. *Procedementos concursais.*

1. As entidades aseguradoras suxeitas a un procedemento de medidas de control especial non poderán solicitar xudicialmente a declaración de concurso nin acollerse ás medidas previstas no artigo 5 bis da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

2. O xuíz, no suposto de solicitude de concurso, antes de acordar a súa declaración solicitará á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ou, se é o caso, ao organismo supervisor da Comunidade Autónoma competente, informe sobre a situación da entidade e as medidas adoptadas. No caso de que a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, ou o organismo supervisor da comunidade autónoma competente, informe de que a entidade está sometida a algunha medida de control especial, deberá inadmitir a solicitude de concurso ou do mediador concursal.

3. O xuíz, ao declarar en concurso unha entidade aseguradora, procederá de inmediato á notificación da resolución á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ou, de ser o caso, ao organismo supervisor da comunidade autónoma competente. No caso das entidades autorizadas para operar en todo o territorio nacional, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións informará, nos dez días seguintes, as autoridades supervisoras dos restantes Estados membros sobre a existencia do procedemento e os seus efectos. Así mesmo, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións publicará no «Diario Oficial de la Unión Europea» un extracto da mencionada resolución en que se indicará, en todo caso, o órgano xurisdiccional competente e a aplicación ao procedemento da lexislación española.

4. A declaración en concurso dunha entidade aseguradora non impide a adopción de medidas de control especial, ou a súa modificación, e a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ou, se é o caso, o organismo supervisor da comunidade autónoma competente, manterá todas as facultades de revogación e disolución previstas nos artigos 169 a 174. O acordo de disolución dunha entidade en concurso supón a apertura da fase de liquidación, a cal se rexerá pola lexislación concursal.

A adopción de calquera das medidas mencionadas será notificada ao xuíz do concurso, de forma inmediata, pola Dirección Xeral de Seguros e Fondo de Pensións ou, se é o caso, polo organismo supervisor da comunidade autónoma competente.

Unha vez recibida a proposta de convenio, e antes de dar traslado á administración concursal, o xuíz solicitará informe á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ou, se é o caso, ao organismo supervisor da comunidade autónoma competente, co fin de que se pronuncie sobre a viabilidade da continuidade da actividade aseguradora e o cumprimento de todas as garantías de solvencia e de exercicio da actividade aseguradora legalmente exixibles.

Unha vez recibido o dito informe ou transcorrido o prazo outorgado sen que se emitise, o xuíz poñerá en coñecemento da administración concursal xunto coa proposta de convenio, para efectos do previsto nos artigos 107 e 115 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

O alleamento de activos suxeitos á medida de prohibición de disposición, calquera que sexa a fase do procedemento concursal en que teña lugar, precisará a autorización expresa da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ou, se é o caso, do organismo supervisor da comunidade autónoma competente.

5. Tratándose de acredores coñecidos que teñan o seu domicilio noutro Estado membro, deberán ser informados sobre a forma en que deben solicitar o recoñecemento

dos seus créditos e poderán presentar os escritos de reclamación de créditos ou de observacións a estes na forma que se determine regulamentariamente.

6. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ou, se é o caso, o organismo supervisor da comunidade autónoma competente, será parte en todos os procedementos concursais que afecten entidades aseguradoras.

TÍTULO VII

Revogación, disolución e liquidación

CAPÍTULO I

Revogación da autorización administrativa

Artigo 169. *Causas de revogación e os seus efectos.*

1. Correspóndelle ao ministro de Economía e Competitividade a revogación da autorización administrativa concedida ás entidades aseguradoras e reaseguradoras, sen prexuízo do disposto no artigo 19.1.

2. A revogación da autorización administrativa dunha entidade aseguradora poderá ser parcial, cando afecte un ou varios ramos, ou total, cando se estenda a todos os ramos en que estea autorizada a entidade.

Igualmente, a revogación da autorización administrativa dunha entidade reaseguradora poderá ser parcial, cando afecte a actividade de reaseguro de vida ou a actividade de reaseguro distinto do seguro de vida, ou total, cando se estenda a ambas as actividades.

3. Procede a revogación da autorización dun ramo ou ramos ou dunha actividade nos seguintes supostos:

- a) Se a entidade renuncia a ela expresamente.
- b) Cando a entidade non iniciase a súa actividade no prazo dun ano ou cese de exercela durante un período superior a seis meses. A esta inactividade equiparase a falta de efectiva actividade pola entidade aseguradora no ramo ou ramos, nos termos que se determinen regulamentariamente. Para as entidades reaseguradoras, á inactividade por falta de iniciación ou cesamento de exercicio equiparase a falta de efectiva actividade no reaseguro de vida ou no reaseguro distinto de vida.
- c) Cando se produza a cesión total da carteira da entidade aseguradora nun ou máis ramos ou a cesión total da carteira da entidade reaseguradora nunha das actividades.

4. Procede a revogación total da autorización administrativa nos seguintes supostos:

- a) Os indicados no número 3, cando afecten todos os ramos en que está autorizada a entidade aseguradora ou a totalidade da actividade da entidade reaseguradora.
- b) Cando a entidade deixe de cumprir algún dos requisitos establecidos por esta lei para o outorgamento da autorización administrativa ou cando obtivese a autorización mediante declaracións falsas ou inexactas.
- c) Cando a entidade non cumpra coas exigencias de capital mínimo obrigatorio e o plan de financiamento presentado sexa manifestamente inadecuado, ou cando non aplique ou non poida cumprir o plan aprobado nos tres meses seguintes ao momento en que se observe a insuficiencia con respecto ao capital mínimo obrigatorio.
- d) Cando se acorde a disolución.
- e) Cando se lle impuxese á entidade a sanción administrativa de revogación da autorización.
- f) Cando se acredite que os titulares dunha participación significativa exercen unha influencia que vaia en detrimento da xestión sa e prudente da entidade aseguradora ou reaseguradora, que dane gravemente a súa situación financeira ou aqueles deixasen de ser idóneos de forma sobrevida.

5. O Goberno poderá revogar totalmente a autorización concedida a entidades aseguradoras e reaseguradoras españolas con participación estranxeira maioritaria en aplicación do principio de reciprocidade ou cando o aconsellen circunstancias extraordinarias de interese nacional. En ningún caso será aplicable esta causa de revogación ás entidades aseguradoras e reaseguradoras españolas en que a participación estranxeira maioritaria proceda de países da Unión Europea.

6. Cando concorra algunha das causas de revogación previstas no número 3.b) ou no número 4, letras b) e c), o ministro de Economía e Competitividade, antes de acordar a revogación da autorización administrativa, poderá conceder un prazo, que non excederá os seis meses, para que a entidade que o solicitase proceda a emendala.

7. A resolución de revogación da autorización administrativa deberase notificar no prazo máximo de seis meses e quedará en suspenso o dito prazo durante o tempo que, se é o caso, se lle conceda á entidade para superar a causa de revogación.

8. A revogación da autorización administrativa determinará, en todos os casos, a prohibición inmediata de subscribir novos contratos de seguro ou de reaseguro pola entidade, así como a liquidación das operacións de seguro dos ramos afectados pola revogación, con sometemento ao disposto na sección 2.^a do capítulo II deste título.

En caso de revogación total da autorización, procederá a disolución administrativa da entidade aseguradora ou reaseguradora, sen necesidade de aterse ao disposto nos artigos 173 e 174.1, salvo nos casos a que se refire o artigo 172.1 e 2.

9. En caso de revogación da autorización dunha entidade aseguradora ou reaseguradora autorizada para actuar en todo o territorio nacional, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións informará as autoridades de supervisión dos restantes Estados membros para que adopten as medidas oportunas para impedir que a entidade aseguradora ou reaseguradora inicie novas operacións no seu territorio.

Así mesmo, en colaboración coas mencionadas autoridades, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións adoptará as medidas que resulten oportunas para salvagardar os intereses dos asegurados e, en particular, poderá prohibir a libre disposición dos activos da entidade aseguradora.

10. Toda revogación de autorización dunha entidade aseguradora ou reaseguradora autorizada para actuar en todo o territorio nacional será notificada á Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación, co fin de que a dita autoridade manteña actualizada a listaxe pública de entidades aseguradoras autorizadas a que se fai referencia o artigo 20.6.

Así mesmo, a resolución pola que se adopte a revogación publicarase no «Boletín Oficial del Estado» e no «Diario Oficial de la Unión Europea».

Artigo 170. *Revogación da autorización administrativa a entidades aseguradoras domiciliadas noutros Estados membros.*

Cando a autoridade supervisora dunha entidade aseguradora domiciliada noutro Estado membro, que opere en España en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos, lle revogue a autorización administrativa, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións prohibiralle á dita entidade aseguradora a contratación de novos seguros en ambos os dous réximes.

Neste caso, e co obxecto de salvagardar os intereses dos asegurados, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá adoptar, en colaboración coa referida autoridade, as medidas de control especial reguladas nos artigos 160 e 161.

Artigo 171. *Revogación da autorización administrativa das sucursais de entidades domiciliadas en terceiros países.*

1. Será causa de revogación da autorización administrativa concedida á sucursal dunha entidade aseguradora domiciliada nun país non membro da Unión Europea, ademais das enumeradas no artigo 169, números 3 e 4, que concorran na dita sucursal calquera das circunstancias que, nunha entidade aseguradora española, son causa de

disolución. Ademais, o Goberno poderá revogar a autorización a estas sucursais, cando así o aconsellen circunstancias extraordinarias de interese nacional.

No suposto de que unha entidade aseguradora domiciliada nun país non membro da Unión Europea teña sucursais establecidas en España e noutros Estados membros, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións informará o resto de autoridades supervisoras implicadas e coordinará con elas as súas actuacións.

2. A necesidade de salvagarda dos intereses dos asegurados, beneficiarios, prexudicados ou doutras entidades aseguradoras exixida por esta lei para acordar a intervención da liquidación dunha entidade aseguradora presúmese, en todo caso, na liquidación que afecte sucursais de entidades estranxeiras domiciliadas en países non membros da Unión Europea cuxas sedes centrais fosen disoltas.

CAPÍTULO II

Disolución e liquidación de entidades aseguradoras e reaseguradoras

Sección 1.^a Disolución

Artigo 172. *Causas de disolución.*

Son causas de disolución das entidades aseguradoras e reaseguradoras:

1. A revogación da autorización administrativa que afecte todos os ramos ou actividades en que opera a entidade. Non obstante, a revogación non será causa de disolución cando a propia entidade renuncie á autorización administrativa e esta renuncia veña unicamente motivada pola modificación do seu obxecto social para desenvolver unha actividade distinta ás enumeradas no artigo 3.1.

2. A cesión total da carteira de contratos de seguro cando afecte todos os ramos en que opera a entidade. Non obstante, estas cesións de carteira ou actividade non serán causa de disolución cando na escritura pública de cesión a cedente manfeste a modificación do seu obxecto social para desenvolver unha actividade distinta ás enumeradas no artigo 3.1 ou, no caso de mutuas de seguros e mutualidades de previsión social, que se transformen nunha sociedade de capital con actividade distinta da aseguradora.

3. Ter quedado reducido o número de socios nas mutuas de seguros, cooperativas de seguros e mutualidades de previsión social a unha cifra inferior ao mínimo regulamentariamente establecido.

4. Non realizar as derramas pasivas.

5. As causas de disolución enumeradas no artigo 363 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, tendo en conta o seguinte:

a) Tratándose de mutuas de seguros e de mutualidades de previsión social, as referencias que neste precepto se fan ao capital social deberanse entender feitas ao fondo mutual.

b) Entenderase por patrimonio neto o definido no artigo 36.1.c) do Código de comercio.

6. Para as cooperativas de seguros, as causas de disolución recollidas na súa lexislación específica.

Artigo 173. *Acordo de disolución.*

1. A disolución, salvo no suposto de cumprimento do termo fixado nos estatutos, requirirá o acordo da xunta ou asemblea xeral. Para estes efectos, os administradores deberán convocala para a súa celebración no prazo de dous meses desde a concorrencia

da causa de disolución e calquera socio poderá requirir os administradores para que convoquen a xunta ou asemblea se, ao seu xuízo, existe causa lexítima para a disolución.

2. No acordo de disolución deberase incluír a relación de bens e dereitos que representen os activos asignados ás provisións técnicas no rexistro de investimentos e os que cubran os requirimentos de capital obrigatorio da entidade aseguradora.

Artigo 174. *Disolución administrativa.*

1. No caso de que exista causa legal de disolución e a xunta ou asemblea non é convocada ou, se o é, non se celebra, non se pode lograr o acordo ou este é contrario á disolución, os administradores estarán obrigados a solicitar a disolución administrativa da entidade no prazo de dez días naturais, contados desde a data en que se debería ter convocado a xunta ou asemblea consonte o artigo 173, cando non sexa convocada, ou desde a data prevista para a súa celebración, cando aquela non se constituíse, ou finalmente, desde o día da celebración, cando o acordo de disolución non se poida lograr ou este fose contrario á disolución.

2. Unha vez coñecida pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a concurrencia dunha causa de disolución, así como o incumprimento polos órganos sociais do disposto no punto anterior, procederase á disolución administrativa da entidade.

Sección 2.ª Liquidación

Artigo 175. *Normas xerais de liquidación.*

1. A liquidación das entidades aseguradoras e reaseguradoras españolas que teñan adoptada forma de sociedade anónima, mutua de seguros ou mutualidade de previsión social rexerese polo disposto nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento e, no non disposto nela, polas normas aplicables ás sociedades de capital.

A liquidación das cooperativas de seguros réxese polo disposto na lexislación de cooperativas que sexa de aplicación en todo o non disposto nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

2. A liquidación garantirá aos mutualistas e aos cooperativistas os mesmos dereitos que teñen os socios das sociedades de capital e, en especial, o dereito de información e o dereito a participar no patrimonio resultante da liquidación.

3. Durante o período de liquidación non se poderán celebrar as operacións definidas no artigo 3.1, pero os contratos de seguro vixentes no momento da disolución conservarán a súa eficacia ata a conclusión do período do seguro en curso e vencerán no dito momento sen posibilidade de prórroga, sen prexuízo da declaración de vencemento anticipado.

4. A liquidación dunha entidade española comprenderá tamén a de todas súas sucursais.

As obrigas derivadas dos contratos celebrados en réxime de dereito de establecemento e en réxime de libre prestación de servizos terán o mesmo tratamento que as obrigas que resulten dos demais contratos de seguro da entidade en liquidación, sen distinción de nacionalidade dos acredores por contrato de seguro.

Cando unha entidade reaseguradora española sexa liquidada, as obrigas derivadas dos contratos de reaseguro celebrados en réxime de dereito de establecemento e en réxime de libre prestación de servizos terán o mesmo tratamento que as obrigas que resulten dos demais contratos de reaseguro da entidade en liquidación.

Artigo 176. *Efectos noutros Estados membros da liquidación de entidades españolas.*

1. A resolución administrativa ou o acordo de que derive a liquidación será recoñecido no territorio dos demais Estados membros, de conformidade co previsto na súa lexislación, e producirá efectos neles tan pronto como o faga en España.

Para estes efectos, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, no prazo de dez días contados desde o seguinte á data en que se dite a resolución ou teña

coñecemento do acordo, informará as autoridades supervisoras dos restantes Estados membros sobre a existencia do procedemento e os seus efectos.

Así mesmo, publicará no «Diario Oficial de la Unión Europea» un extracto da dita resolución ou acordo que, en todo caso, indicará a competencia da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións sobre o procedemento, que a lexislación aplicable ao dito procedemento de liquidación é a contida nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, así como a identificación do liquidador ou liquidadores nomeados.

2. Os liquidadores poderán desenvolver a súa actuación no territorio de todos os Estados membros e poderán exercer neles as mesmas funcións e poderes que en España. Para estes efectos, resultará título suficiente para acreditar a condición de liquidador unha certificación da resolución ou unha copia legalizada do acordo polo que se efectúe o seu nomeamento.

Igualmente, poderán outorgar poderes de representación ou solicitar asistencia cando isto resulte necesario para levar a cabo o proceso de liquidación no territorio doutros Estados membros e, en particular, para resolver as dificultades que poidan encontrar os acredores residentes neles.

En todo caso, as persoas que os asistan ou representen deben ter recoñecida honorabilidade e reunir as condicións necesarias de cualificación e experiencia profesional para exercer as súas funcións, nos mesmos termos que os liquidadores.

Artigo 177. Efectos en España da liquidación de entidades aseguradoras domiciliadas noutros Estados membros e que operan en España en réxime de dereito de establecemento ou de libre prestación de servizos.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá requirir as autoridades supervisoras doutros Estados membros información acerca do estado e desenvolvemento dos procedementos de liquidación que se leven a cabo respecto ás entidades sometidas á supervisión das ditas autoridades e que operen en España en réxime de dereito de establecemento ou de libre prestación de servizos e dará publicidade a esta.

Toda decisión relativa á incoación dun procedemento de liquidación dunha entidade aseguradora ou reaseguradora, incluídas as sucursais que posúa noutros Estados membros, adoptada de conformidade coa lexislación do Estado membro de orixe, unha vez comunicada á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, se recoñecerá sen máis trámites e producirá efecto en España en canto o faga no Estado membro de incoación do procedemento.

Artigo 178. Supervisión da liquidación.

1. As entidades en liquidación están suxeitas a supervisión ata a cancelación da inscrición no rexistro administrativo.

2. A liquidación non afectará a vixencia das medidas que no exercicio da función supervisora se adoptasen e poderanse, ademais, adoptar as seguintes:

a) A intervención da liquidación, suxeitando a esta as actuacións dos liquidadores nos termos definidos neste artigo, no artigo 163 e nas súas disposicións regulamentarias de desenvolvemento.

b) A separación, nomeamento de liquidadores ou encomenda da liquidación ao Consorcio de Compensación de Seguros nos supostos enumerados no artigo 14 do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo Real decreto lexislativo 7/2004, do 29 de outubro.

c) Dispoñer, de oficio ou por pedimento dos liquidadores, a cesión da carteira de contratos de seguro da entidade para facilitar a súa liquidación.

d) Determinar a data de vencemento anticipado do período de duración dos contratos de seguro que integren a carteira da entidade en liquidación, para evitar prexuízos aos acredores por contrato de seguro. Tal determinación respectará o equilibrio económico das prestacións nos contratos afectados e deberá ter lugar coa necesaria publicidade, cunha

antelación de quince días naturais á data en que deba ter efecto e, salvo que concorran circunstancias excepcionais que aconsellen non demorar a data de vencemento, simultaneamente ao cumprimento polos liquidadores do deber de informar que se determine regulamentariamente.

- e) Requirit información aos liquidadores sobre a marcha da liquidación.

Artigo 179. *Protección dos créditos por contrato de seguro.*

1. Nos procesos de liquidación terán a consideración de créditos por contrato de seguro os seguintes:

- a) Os dos tomadores, asegurados e beneficiarios dun contrato de seguro e os dos terceiros prexudicados a que se refire o artigo 73 da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro. Inclúense os créditos derivados da prestación do servizo de reparación ou de reposición do ben sinistrado ou da asistencia ou a prestación en especie a que se obrigase a entidade aseguradora no contrato de seguro.

- b) Os de quen celebrese coas entidades aseguradoras contratos afectados polo disposto no artigo 24 para as operacións realizadas sen autorización administrativa, ou ben realizados en incumprimento das medidas de control especial de suspensión da contratación de novos seguros ou da aceptación de reaseguro e de prohibición da prórroga dos contratos de seguro celebrado, previstas respectivamente no artigo 161, letras c) e d).

- c) Os créditos satisfeitos polo Consorcio de Compensación de Seguros en virtude do previsto no artigo 11.e) do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2004, do 29 de outubro.

2. Os créditos por contrato de seguro terán a consideración de créditos con privilexio especial sobre os seguintes bens e dereitos:

- a) Os activos asignados ás provisións técnicas no rexistro especial de activos para efectos de liquidación e os asignados aos requirimentos de capital obrigatorio da entidade aseguradora. Tamén teñen tal consideración este tipo de activos da entidade aseguradora que, incumprindo a normativa aplicable, non figuren no rexistro debidamente asignados.

- b) Os bens respecto dos cales se adoptase a medida de control especial de prohibición de dispoñer, aínda que tal medida non fose obxecto de inscrición rexistral.

3. Para os efectos da liquidación, as entidades manterán actualizado un rexistro especial dos activos que representen as provisións técnicas calculadas e investidas de conformidade co previsto na normativa aplicable. Mediante regulamento regularanse os requisitos do dito rexistro especial de activos.

4. O pagamento dos créditos por contrato de seguros farase con cargo aos bens e dereitos afectos, e satisfaranse a pro rata, con preferencia sobre calquera outro crédito.

Respecto dos créditos contra a entidade aseguradora que non gocen da prioridade a que se refire o número 2, resultará de aplicación o sistema de prelación establecido pola Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

Artigo 180. *Réxime xurídico dos liquidadores.*

1. A honorabilidade, cualificación e experiencia profesional dos liquidadores axustaranse aos criterios previstos no artigo 38 para os administradores.

2. Os liquidadores estarán suxeitos ao mesmo réxime de responsabilidade administrativa que os administradores dunha entidade aseguradora.

Artigo 181. *Proceso de liquidación.*

1. Os liquidadores subscribirán, en unión dos administradores, o inventario, un censo dos socios ou mutualistas que o fosen no momento da disolución e o balance da entidade e deberán sometelos, nun prazo non superior a un mes desde o seu nomeamento, á

Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ou, se a liquidación é intervida, ao interventor.

2. Os liquidadores adoptarán as medidas necesarias para ultimar a liquidación no prazo máis breve posible, e poderán ceder a carteira de contratos de seguro da entidade de forma parcial, total ou global, logo de autorización, así como pactar o rescate ou resolución dos contratos de seguro.

3. O alleamento dos inmobles poderá ter lugar sen poxa pública cando a liquidación sexa intervida ou cando, tendo sido taxados para estes efectos por sociedades de taxación autorizadas e inscritas no Rexistro do Banco de España, o prezo de alleamento non sexa inferior ao de taxación. Requirirá, en todo caso, a autorización previa da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

4. Cando o valor de realización dun activo resulte menor que o seu valor estimado no rexistro especial de activos para efectos de liquidación, os liquidadores deberán xustificar esta situación ante a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

5. Unha vez aboados todos os créditos, os liquidadores procederán á repartición do haber líquido resultante entre os socios ou, de ser o caso, entre os mutualistas nos termos previstos nesta lei. Cando se trate dunha cooperativa de seguros, a repartición do haber líquido resultante rexerá pola lexislación de cooperativas que sexa de aplicación.

6. Unha vez concluídas as operacións de liquidación e, se é o caso, a división do patrimonio resultante da liquidación, o ministro de Economía e Competitividade declarará extinguida a entidade en liquidación e cancelaranse os asentos no rexistro administrativo. Esta resolución publicarase no «Boletín Oficial del Estado».

A cancelación no rexistro administrativo determinará, nos supostos de declaración de extinción da entidade, a posterior cancelación, pola súa vez, no Rexistro Mercantil e no Rexistro de Sociedades Cooperativas, cando esta sexa a forma xurídica.

Por excepción, procederá a cancelación dos asentos no dito rexistro administrativo sen declaración de extinción da entidade, e nese momento poderá iniciar a actividade consonte o obxecto social modificado, cando teña lugar a cesión xeral da carteira ou a revogación da autorización, sempre que, en ambos os casos, se procedese a modificar o obxecto social da entidade sen disolución desta e previamente a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións comprobe que se executou a cesión de carteira ou se liquidaron as operacións de seguro, respectivamente.

7. Durante o período de liquidación, a entidade poderá ofrecerlle ao ministro de Economía e Competitividade a remoción da causa de disolución e solicitar deste a rehabilitación da autorización administrativa revogada. Esta rehabilitación só se poderá conceder cando a entidade cumpra todos os requisitos exixidos durante o funcionamento normal e garanta a totalidade dos dereitos de asegurados e acredores, mesmo os daqueles cuxos contratos de seguro fosen declarados vencidos durante o período de liquidación. Se se acorda a rehabilitación da autorización administrativa revogada, entenderase removida de pleno dereito a causa de disolución, cancelarse a inscrición practicada no Rexistro Mercantil e daráselle ao acordo de rehabilitación a mesma publicidade que o dito precepto impón para o acordo de disolución.

Artigo 182. *Efectos sobre as accións fronte a entidades aseguradoras en liquidación.*

1. Nos supostos de liquidación intervida ou asumida polo Consorcio de Compensación de Seguros, e respecto dos bens sobre os cales se adoptase a medida de prohibición de disposición do artigo 160.1.c), non se poderán inscribir nos rexistros públicos dereitos reais de garantía nin anotar mandamentos xudiciais ou providencias administrativas de embargo desde a data da publicación no «Boletín Oficial del Estado» da orde ministerial de disolución, sen prexuízo da efectividade dos créditos que, se é o caso, se pretendan garantir coas citadas inscricións ou anotacións.

Os encargados dos rexistros farán constar por nota marxinal o feito da disolución e o peche do folio rexistral aos actos a que se refire o parágrafo anterior. Se se acorda a rehabilitación da autorización administrativa revogada, cancelarse a referida nota marxinal.

2. Nos supostos de liquidación intervida polo Ministerio de Economía e Competitividade, as accións individuais exercidas polos acredores, antes do comezo da liquidación ou durante ela, poderán continuar ata o pronunciamento de sentenza firme, pero a súa execución quedará suspendida e o crédito que, se é o caso, declare a dita sentenza ao seu favor liquidarase cos dos demais acredores. Non obstante, transcorrido un ano desde que a sentenza adquira firmeza, a suspensión quedará alzada automaticamente sen necesidade de declaración nin resolución ao respecto, calquera que sexa o estado en que se encontre a liquidación.

O disposto no parágrafo anterior non é aplicable ás accións no exercicio de dereitos reais sobre bens situados fóra do territorio español, que se rexerán pola súa lexislación específica, nin ás accións no exercicio dun dereito real de garantía que se rexa por unha lei distinta á española.

Sección 3.^a Liquidación polo Consorcio de Compensación de Seguros

Artigo 183. Actuación do Consorcio de Compensación de Seguros na liquidación de entidades aseguradoras e reaseguradoras.

O Consorcio de Compensación de Seguros, en diante o Consorcio, asumirá a condición de liquidador das entidades aseguradoras e reaseguradoras españolas, calquera que sexa a súa forma ou natureza xurídica, nos supostos previstos nesta lei e no texto refundido do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2004, do 29 de outubro.

Artigo 184. Normas xerais substantivas.

1. O Consorcio substituirá todos os órganos sociais da entidade cuxa liquidación se lle encomendase. En consecuencia, non procederá a celebración das xuntas ou asembleas ordinarias ou extraordinarias de accionistas, mutualistas ou cooperativistas da entidade.

Non obstante, os recursos administrativos e contencioso-administrativos interpostos pola entidade aseguradora ou reaseguradora contra os actos de supervisión do Ministerio de Economía e Competitividade con anterioridade á asunción da liquidación polo Consorcio poderán ser continuados polos administradores no seu propio nome, se comparecen para estes efectos ante o órgano administrativo ou xurisdiccional no prazo dun mes desde a publicación no «Boletín Oficial del Estado» da encomenda da liquidación ao Consorcio.

2. O Consorcio, como órgano liquidador, en representación dos acredores e en defensa dos seus dereitos, instará, cando isto proceda, a exixencia de responsabilidades de toda índole, civís ou penais, sen obriga de prestar ningunha fianza, en que puidesen ter incorrido os que desempeñaron cargos de administración ou dirección da entidade en liquidación.

Cando como consecuencia destas accións, os tribunais sinalen indemnizacións ou calquera outra compensación económica a prol da entidade e finalizase a súa liquidación, o Consorcio, se así se acordou no plan de liquidación aprobado pola xunta de acredores, distribuirá o importe obtido entre os acredores que non recuperasen a totalidade dos seus créditos, de acordo cos criterios establecidos no citado plan de liquidación e, no caso de entidades solventes, entre os socios ou mutualistas da entidade.

3. En ningún caso, o Consorcio, os seus órganos, representantes ou apoderados serán considerados debedores nin responsables das obrigas e responsabilidades que incumban á entidade cuxa liquidación se lle encomenda, ou aos seus administradores.

4. Nas liquidacións intervidas, a intervención da liquidación cesará no momento que esta se lle encomende ao Consorcio.

5. En caso de que existan entidades filiais participadas maioritariamente pola entidade aseguradora ou reaseguradora en liquidación e cuxo obxecto social sexa a xestión de activos por conta da entidade en liquidación, a encomenda ao Consorcio da liquidación da entidade aseguradora ou reaseguradora implicará o nomeamento deste como liquidador das ditas entidades filiais, con substitución de todos os órganos sociais.

Para a inscrición de tal nomeamento no Rexistro Mercantil abondará a resolución administrativa correspondente, na cal se declare a liquidación conxunta do grupo de sociedades.

A liquidación das entidades filiais levarase a cabo conforme as normas do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo. Se a filial resulta insolvente, o Consorcio estará exento de solicitar o concurso e tramitaranse todas as liquidacións de forma coordinada.

6. A encomenda da liquidación dunha entidade aseguradora ou reaseguradora ao Consorcio supoñerá o cambio do seu domicilio social, para todos os efectos legais, ao domicilio que designe o Consorcio. O cambio de domicilio afectará tamén as entidades filiais controladas maioritariamente pola entidade en liquidación, cuxo obxecto social sexa a xestión de activos por conta da dita entidade en liquidación.

Para a inscrición do cambio de domicilio social no Rexistro Mercantil e nos rexistros administrativos será suficiente a certificación do acordo adoptado, expedida polo presidente do Consorcio.

O cambio de domicilio e as súas modificacións posteriores notificaranse na forma e coa publicidade que a lexislación mercantil determine para as modificacións estatutarias.

Artigo 185. *Normas xerais de procedemento.*

O procedemento de liquidación polo Consorcio axustarase ás seguintes especialidades:

1. Unha vez encomendada a liquidación ao Consorcio, todos os acredores estarán suxeitos ao procedemento de liquidación por este e nin os acredores nin a entidade aseguradora poderán solicitar a declaración de concurso, sen prexuízo de que as accións de toda índole exercidas ante os tribunais contra a dita aseguradora, anteriores á disolución ou durante o período de liquidación, continúen a súa tramitación ata a obtención de sentenza ou resolución xudicial firme. Pero a execución da sentenza, dos embargos preventivos, administracións xudicialmente acordadas e demais medidas cautelares adoptadas pola autoridade xudicial, a do auto que despache a execución no procedemento executivo, os procedementos xudiciais sumarios e executivos extraxudiciais sobre bens hipotecados ou peñorados que se encontren en territorio español, así como a execución das providencias administrativas de constrinximento, quedarán en suspenso desde a encomenda da liquidación ao Consorcio e durante a tramitación por este do procedemento liquidador.

2. Teranse por vencidas, na data de publicación no «Boletín Oficial del Estado» da resolución administrativa pola cal se encomenda a liquidación ao Consorcio, as débedas pendentes da aseguradora, sen prexuízo do desconto correspondente se o pagamento daquelas se verifica antes do tempo prefixado na obriga, e deixarán de devindicar xuros todas as débedas da aseguradora, salvo os créditos hipotecarios e pignoraticios, ata onde alcance a respectiva garantía.

3. Os administradores ou liquidadores, de teren sido nomeados, entregarán ao Consorcio o inventario, o censo de socios e mutualistas e o balance da entidade no prazo dun mes desde que asumise a liquidación, sen que o Consorcio o deba someter á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións nin ao interventor, nin estar suxeito ás obrigas que impoñen os artigos 383 e 388 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.

De non recibir dos administradores ou liquidadores a documentación e información necesarias, o Consorcio formulará un inventario dos bens da entidade, un censo de socios e mutualistas e unha relación de débedas na data da asunción da liquidación, utilizando para o efecto os antecedentes e datos ao seu alcance, que servirán de base para formular a documentación precisa para o cumprimento das obrigas contables e tributarias legalmente exixibles, sen que asuma ningunha responsabilidade en caso de erro ou omisión sobre datos que non figuren na documentación ou antecedentes encontrados.

4. No cumprimento do deber de información aos acredores, farase constar expresamente a especial circunstancia de que a liquidación foi asumida polo Consorcio.

Así mesmo, desde o momento en que teña coñecemento da existencia de créditos laborais ou presuma a posibilidade da súa existencia, comunicarllo ao Fondo de Garantía Salarial, comunicación que producirá os efectos da citación a que se refire o artigo 33.3 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

5. Cando a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións acorde de oficio a cesión de carteira dunha entidade en liquidación, non será de aplicación o previsto no Regulamento de desenvolvemento desta lei no referente á información pública e ao dereito de oposición.

6. O alleamento dos inmobles da entidade aseguradora en liquidación poderá ter lugar sen poxa pública e non precisará autorización da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, sen prexuízo de que no alleamento dos ditos activos se observen as normas de transparencia debidas e da necesidade de solicitar o levantamento da medida cautelar nos bens cautelados.

7. No non regulado expresamente nesta lei, serán de aplicación as normas sobre liquidación e extinción do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, e será de aplicación supletoria a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

Artigo 186. Compra de créditos con cargo a recursos do Consorcio de Compensación de Seguros.

1. Con cargo aos recursos do Consorcio afectos á súa actividade liquidadora e coa finalidade de mellorar e conseguir unha máis rápida satisfacción dos dereitos dos acredores por contrato de seguro, de conformidade co artigo 179, incluídas as administracións públicas que teñan tal condición, o Consorcio poderá ofrecer a adquisición por cesión dos seus créditos, polo importe que lles correspondería en proporción ao previsible haber líquido resultante, tendo en conta, para estes únicos efectos, as seguintes normas:

a) Incorporaranse ao activo a totalidade dos bens, dereitos e créditos, incluídos, se é o caso, os xuros, dos cales sexa titular a aseguradora, aínda que sobre eles estean pendentes ou se teñan que iniciar actuacións xudiciais ou extraxudiciais para o seu mantemento no patrimonio da entidade ou reintegración a este. Os créditos a favor da entidade computaranse polo seu valor contabilizado, incrementado nos xuros, se procede, e sen deducir para estes efectos as correccións de valor que se teñan que constituír en función da posible insolvencia dos debedores.

b) Os investimentos materiais e financeiros valoraranse pola contía que resulte superior das dúas seguintes: o prezo de adquisición máis o importe das melloras efectuadas sobre aquelas, incrementados nas regularizacións e actualizacións legalmente posibles, ou o valor de realización.

c) Non se terá en conta, para efectos de fixar a porcentaxe que se lles ofrecerá aos acredores por contrato de seguro a que se refire o artigo 179.1, a orde de prelación de créditos nin os gastos de liquidación anticipados polo Consorcio.

Así mesmo, tamén con cargo aos seus propios recursos, o Consorcio poderá adquirir os créditos dos traballadores derivados de salarios e, se é o caso, as indemnizacións debidas a aqueles como consecuencia da extinción das relacións laborais, cos límites previstos no artigo 53.1.b) do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, para os supostos de despedimentos colectivos ou de extinción por causas obxectivas do artigo 52.c) do citado texto refundido, e que deriven exclusivamente da liquidación, subrogándose na posición deses acredores no plan de liquidación da entidade.

O Consorcio poderá adquirir a parte de salarios e indemnización por extinción da relación laboral que corresponde aboar ao Fondo de Garantía Salarial, subrogándose na posición do traballador fronte ao referido organismo.

A resolución administrativa que encomende a liquidación ao Consorcio de Compensación de Seguros será suficiente para producir os efectos previstos nos números 6 e 7 do artigo 33 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, en relación coas prestacións que deba aboar o Fondo de Garantía Salarial.

Para os efectos do previsto no artigo 51, números 9 e 10, do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, o despedimento colectivo nunha entidade insolvente cuxa liquidación se lle encomendase ao Consorcio terá o mesmo tratamento que as empresas incursas en procedemento concursal.

O Consorcio poderá adquirir, polos seus valores reais e sempre que resulte conveniente para o máis eficaz desenvolvemento da súa función liquidadora, toda clase de créditos contra as entidades en liquidación, subrogándose nos dereitos dos perceptores, con mantemento do rango que tivesen os créditos adquiridos. Así mesmo, poderá realizar cantos convenios considere convenientes para un mellor desenvolvemento do proceso de liquidación.

2. A adquisición por cesión dos créditos a que se refire o número 1 non supoñerá, en ningún caso, asunción das débedas da entidade aseguradora en liquidación por parte do Consorcio.

A cesión dos ditos créditos, calquera que sexa a cantidade satisfeita, alcanzará o total importe daqueles e en idéntica orde de preferencia que lles corresponda. Os seus titulares non poderán formular ningunha reclamación por este concepto. Tampouco poderán efectuar reclamación contra o Consorcio os titulares destes créditos que optasen por non aceptar a oferta formulada polo Consorcio, que manterán a titularidade dos seus créditos e deberán estar ás resultas da liquidación.

Artigo 187. *Pagamentos con cargo aos recursos da entidade.*

O Consorcio poderá satisfacer anticipadamente, con cargo aos recursos da entidade aseguradora en liquidación, os créditos dos acredores con dereito real nos termos e pola orde establecida na lexislación hipotecaria. Se non se alcanza a satisfacción dos ditos créditos, os acredores referidos terán na liquidación, para cobrar o importe non satisfeito, a preferencia que lles corresponda segundo a natureza do seu crédito.

Artigo 188. *Xunta xeral de acredores.*

1. Simultaneamente á formulación do plan de liquidación, o Consorcio convocará a xunta xeral de acredores cunha antelación non inferior a un mes nin superior a dous. Citaraos mediante notificación persoal e dará á convocatoria a publicidade que, de acordo coas circunstancias do caso, considere pertinente. Ata o día sinalado para a celebración da xunta, os acredores ou os seus representantes poderán examinar o plan de liquidación. Ata os quince días antes do sinalado para a xunta, poderase solicitar a exclusión ou inclusión de créditos, así como a impugnación da contía dos incluídos mediante escrito dirixido ao Consorcio, ou por comparecencia ante este organismo, designando os documentos da liquidación ou presentando a documentación de que se queira valer o solicitante en xustificación do seu dereito. O Consorcio resolverá sobre cada reclamación sen ulterior recurso, sen prexuízo do dereito de impugnación a que se refire o número 4, e formulará a lista definitiva de acredores.

2. A xunta celebrarase no día, na hora e no lugar sinalados na convocatoria, poderá continuar nos días consecutivos que resulten necesarios e será presidida por un representante do Consorcio. Poderán concorrer, persoalmente ou por medio de representante, todos os acredores incluídos na lista definitiva. A xunta de acredores quedará legalmente constituída se os créditos dos concorrentes e representados suman, polo menos, tres quintos do pasivo do debedor en primeira convocatoria e calquera que sexa o número dos créditos concorrentes e representados en segunda convocatoria; entre unha e outra deberán mediar, polo menos, vinte e catro horas.

3. Unha vez que o representante do Consorcio declare legalmente constituída a xunta, comezará a sesión pola lectura do plan de liquidación e procederá ao debate e ulterior votación sobre el. O plan de liquidación entenderase aprobado sempre que voten a favor do plan acredores cuxos créditos importen máis da metade do montante dos créditos presentes e representados, tanto en primeira como en segunda convocatoria, e quedarán obrigados todos os acredores por aquel, sen que ningún teña dereito de abstención, e será de aplicación á facenda pública acreedora o disposto no artigo 10.3 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Se o plan de liquidación non é aprobado polos acredores, o Consorcio solicitará a declaración de concurso.

4. Dentro dos oito días seguintes á celebración da xunta, os acredores que non concorresen a ela ou que, concorrendo, discrepasen do voto da maioría ou que fosen eliminados polo Consorcio da lista definitiva a que se refire o número 1, poderán impugnar xudicialmente o plan de liquidación. A impugnación unicamente poderá fundarse nas seguintes causas:

a) Defectos nas formas prescritas para a convocatoria, celebración, deliberación e adopción de acordos da xunta de acredores.

b) Falta de capacidade ou representación nalgún dos votantes, inclusión ou exclusión indebida de créditos ou figurar na lista definitiva de acredores con cantidade maior ou menor da que se considere xusta, sempre que en calquera destes casos a estimación da pretensión inflúa decisivamente na formación da maioría.

c) Erro na estimación do activo ou na prelación de créditos padecido polo Consorcio.

En todo o demais, a impugnación do plan de liquidación axustarase ao disposto na Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, para a oposición á aprobación do convenio.

5. Transcorrido o prazo sinalado no número 4 sen que se formulase oposición, ou unha vez ditada sentenza firme que a resolva, o Consorcio ratificará o plan de liquidación axustándoo ás posibles modificacións que puidesen resultar da votación na xunta de acredores ou, se é o caso, ás introducidas pola sentenza definitiva que resolverse a impugnación e ás variacións sobrevidas nos activos.

6. O Consorcio procederá ao pagamento dos créditos en execución do plan de liquidación ratificado. Os créditos non reclamados consignaranse en depósito no propio Consorcio á disposición dos seus lexítimos donos durante un prazo de vinte anos, transcorrido o cal sen ter sido reclamados se ingresarán no Tesouro público. Executado o plan de liquidación, procederá á extinción da entidade e á cancelación nos rexistros na forma prevista no artigo 181.6. Será de aplicación o disposto no artigo 400 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo.

7. Se, como consecuencia do desfase temporal, distinto ao caso de impugnación do plan de liquidación previsto no número 5 deste mesmo artigo, entre a aprobación en xunta xeral de acredores do plan de liquidación e o efectivo pagamento dos créditos aos acredores e, se é o caso, a división do haber social entre os socios, resulta un remanente ou aparecen activos sobrevidos, estes incorporaranse ao patrimonio do Consorcio para os efectos previstos no punto seguinte.

8. Os créditos recoñecidos por sentenza firme notificada ao acredor en data posterior á celebración da xunta xeral de acredores, así como aqueles que o Consorcio recoñeza, por constatar que son axustados a dereito, con posterioridade á dita xunta, serán satisfeitos polo Consorcio co remanente a que se refire o punto anterior e, na súa falta, cos seus propios recursos nos mesmos termos que lles correspondese de ter estado incluídos no plan de liquidación. No caso de créditos por contrato de seguro a que se refire o artigo 179, a porcentaxe que se aboará será, se é o caso, a aprobada por aplicación dos beneficios de liquidación do artigo 186, se é superior á que resulte do plan de liquidación.

9. Cando a entidade aseguradora en liquidación se encontre en situación de insolvencia, se a xunta de acredores aproba o plan de liquidación, a recuperación polo

Consortio dos gastos de liquidación quedará condicionada a que sexan totalmente satisfeitos os demais recoñecidos na liquidación.

Artigo 189. *Actuación do Consortio de Compensación de Seguros nos procedementos concursais.*

1. O xuíz, á vista do informe emitido pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións conforme o disposto no artigo 168.2, poderá acordar de oficio a apertura da fase de liquidación sen máis trámites, cos efectos previstos nos artigos 143 e seguintes da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, e coas especialidades previstas nesta lei. Neste caso, a administración concursal presentará, simultaneamente co informe previsto no artigo 74 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, o plan de liquidación conforme o artigo 148 da mesma lei.

2. A administración concursal dunha entidade aseguradora exerceraa exclusivamente o Consortio de Compensación de Seguros. Igualmente, en caso de solicitude de mediador concursal conforme o previsto no artigo 5 bis da dita lei, o nomeamento recaerá no Consortio de Compensación de Seguros.

3. En calquera caso, nos supostos de declaración xudicial de concurso de entidades aseguradoras, o Consortio de Compensación de Seguros, ademais de asumir as funcións que lle atribúe o artigo 14.2 do texto refundido do seu estatuto legal, aprobado polo Real decreto lexislativo 7/2004, do 29 de outubro, liquidará, de ser o caso, o importe dos bens a que se refire o artigo 179.2 para o único efecto de distribuílo entre os asegurados, beneficiarios e terceiros prexudicados, sen prexuízo dos dereitos que continúen correspondéndolles no procedemento concursal.

Dentro do concurso, os acredores por contrato de seguro terán a consideración de acredores especialmente privilexiados nos termos previstos no artigo 179.

4. Se a entidade aseguradora concursada carece da liquidez necesaria, o Consortio poderá anticipar os gastos que sexan precisos, con cargo aos seus propios recursos, para o adecuado desenvolvemento do procedemento concursal. Non obstante, o pagamento dos dereitos de procuradores e honorarios de letrados intervinientes na solicitude ou oposición ao concurso, así como nos incidentes e recursos que poidan derivar, serán por conta das partes que os designen, sen que proceda o seu anticipo polo Consortio.

5. Os créditos con privilexio especial dos acredores por contrato de seguro a que se refire o artigo 179 poderán ser satisfeitos durante a fase común do concurso se así o considera conveniente a administración concursal, con cargo aos bens a que se refire o artigo 186, tanto se o pagamento se pode realizar sen necesidade do seu alleamento como se este é necesario, alleamento que levará a cabo o Consortio de Compensación de Seguros conforme o disposto no número 3.

6. O Consortio poderá aplicar os beneficios de liquidación do artigo 186 sen prexuízo de levar a efecto a liquidación dos bens afectos na forma prevista no número 3.

7. O informe sobre a cualificación previsto no número 3 do artigo 175 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, será emitido polo Consortio como órgano de liquidación da entidade, que será parte interesada no incidente en representación dos acredores. Este remitirase tan pronto como o Consortio tivese posibilidade de coñecer suficientemente os antecedentes e situación da entidade, para determinar o inventario de activo e a relación de acredores e poder emitir un informe razoado sobre as causas da insolvencia e a cualificación correspondente. Para estes efectos, o xuíz deixará en suspenso a apertura da sección autónoma de cualificación prevista no artigo 174 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, ata que o órgano liquidador lle notifique que xa se está en condicións de emitir o referido informe que, en todo caso, deberá ser sempre antes da convocatoria da xunta de acredores.

8. Finalizado o concurso, se este se resolveu finalmente liquidando a entidade, será de aplicación o disposto no artigo 188.8.

TÍTULO VIII

Infraccións e sancións

CAPÍTULO I

Infraccións

Artigo 190. *Suxeitos infractores.*

1. Son suxeitos infractores as persoas físicas ou xurídicas que incorran nas accións ou omisións tipificadas como infracción nesta lei e, en particular, as seguintes:

- a) As entidades aseguradoras ou reaseguradoras.
- b) As sociedades de carteira de seguros, as sociedades financeiras mixtas de carteira e as sociedades mixtas de carteira de seguros, cando sexan matrices dun grupo de entidades aseguradoras suxeito a supervisión e as sociedades de grupo mutual, de acordo co previsto no título III.
- c) As entidades que, se é o caso, deban formular e aprobar as contas consolidadas dos grupos de entidades aseguradoras e reaseguradoras previstos no artigo 84.
- d) As entidades obrigadas dos conglomerados financeiros cando se trate dunha entidade aseguradora ou dunha sociedade financeira mixta de carteira, sempre que neste último caso corresponda á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións desempeñar a función de coordinador da supervisión adicional do dito conglomerado financeiro.
- e) As persoas físicas ou entidades que sexan titulares de participacións significativas en entidades aseguradoras ou reaseguradoras.
- f) As persoas que exerzan a dirección efectiva, baixo calquera título, en calquera das entidades descritas nas letras anteriores ou exerzan nelas algunha das funcións do sistema de goberno previstas no artigo 65.3.
- g) As persoas para quen legalmente se estableza algunha prohibición ou mandato en relación co ámbito obxectivo desta lei.
- h) Os liquidadores de entidades aseguradoras ou reaseguradoras.

2. En relación coa letra f) do punto anterior, considerarase que exercen a dirección efectiva, baixo calquera título, os que teñan cargos de administración e dirección na entidade nos termos do artigo 38.2, así como os que, sen teren sido designados formalmente, desempeñen de facto tales responsabilidades.

Artigo 191. *Responsabilidade de partícipes, liquidadores ou cargos de administración e dirección.*

1. Os suxeitos infractores previstos no artigo 190.1, letras e) a h), cando estes sexan os responsables das infraccións cometidas polas entidades, poderán ser os únicos sancionados pola súa comisión.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, non serán considerados responsables das infraccións cometidas polas entidades enumeradas nas letras a), b) e c) do artigo 190.1 os que exerzan cargos de administración, nos seguintes casos:

- a) Cando os que, formando parte de órganos colexiados de administración, non asistisen por causa xustificada ás reunións correspondentes ou votasen en contra ou salvarsen o seu voto en relación coas decisións ou acordos que desen lugar ás infraccións.
- b) Cando estas infraccións sexan exclusivamente imputables a comisións executivas, conselleiros delegados, directores xerais ou órganos asimilados, ou outras persoas con funcións previstas no artigo 65.

A ausencia de responsabilidade non eximirá da obriga de reposición da situación alterada ao seu estado orixinal, prevista no artigo 206.1, en caso de que obtivesen ganancias derivadas das decisións ou acordos que desen lugar ás infraccións.

Artigo 192. *Potestade sancionadora respecto de entidades aseguradoras domiciliadas noutros Estados membros.*

As entidades aseguradoras domiciliadas noutros Estados membros que operen en España en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos están suxeitas á potestade sancionadora do Ministerio de Economía e Competitividade nos termos previstos neste título, no que sexa de aplicación e coas seguintes precisións:

- a) A sanción de revogación da autorización entenderase substituída pola prohibición de que inicie novas operacións no territorio español, así como pola prohibición de renovación das pólizas vixentes.
- b) A iniciación do procedemento comunicáraselles ás autoridades supervisoras do Estado membro de orixe para que, sen prexuízo das sancións que procedan de acordo con esta lei, adopten as medidas que consideren apropiadas para que, se é o caso, a entidade poña fin á súa actuación infractora ou evite a súa reiteración no futuro. Ultimado o procedemento, o Ministerio de Economía e Competitividade notificará a decisión adoptada ás citadas autoridades.
- c) Considéranse cargos de administración e dirección das sucursais o apoderado xeral e as demais persoas que dirixan de forma efectiva a dita sucursal.

Artigo 193. *Clases de infraccións.*

As infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Artigo 194. *Infraccións moi graves.*

Terán a consideración de infraccións moi graves:

1. O incumprimento da obriga de dispoñer do capital mínimo obrigatorio.
2. O incumprimento da obriga de dispoñer dos fondos propios admisibles para cubrir o capital de solvencia obrigatorio, cando deste incumprimento derive unha desviación igual ou superior ao 20 por cento.
3. O incumprimento das normas relativas á valoración de activos e pasivos, incluíndo as provisións técnicas, de forma que se produza unha desviación superior ao 20 por cento no cálculo dos fondos propios admisibles para cubrir o capital de solvencia obrigatorio.
4. O incumprimento das normas relativas ao cálculo do capital de solvencia obrigatorio cando deste incumprimento derive unha desviación igual ou superior ao 20 por cento.
5. Carecer da contabilidade exixida legalmente, así como o incumprimento da obriga de someter as súas contas anuais a auditoría de contas conforme a lexislación vixente.
6. O exercicio de actividades alleas ao obxecto social que teñan legalmente determinado con carácter exclusivo ou a realización de operacións prohibidas por normas de ordenación ou supervisión con rango de lei ou con incumprimento dos requisitos establecidos nestas, salvo que teña un carácter simplemente ocasional ou illado.
7. En caso de insuficiencia do capital mínimo obrigatorio ou do capital de solvencia obrigatorio, non realizar a comunicación á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións nos supostos e prazos establecidos nos artigos 156 e 157 ou non presentar o plan de financiamento ou de recuperación previstos nos citados artigos.
8. O incumprimento da obriga de comunicar en prazo a existencia da causa de disolución.
9. O incumprimento reiterado das medidas de control especial establecidas nos artigos 160 e 161. Para estes efectos, enténdese que o incumprimento ten o carácter de reiterado cando se incumpra a resolución de adopción das medidas e non se atenda no prazo concedido o requirimento que para o efecto lle formule a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

10. Presentar deficiencias no sistema de goberno, especialmente no relativo ás funcións de xestión de riscos, control interno, verificación do cumprimento e actuarial, así como na externalización de funcións ou actividades, cando tales deficiencias diminúan a solvencia ou poñan en perigo a viabilidade da entidade aseguradora ou reaseguradora ou a do grupo definido no artigo 131.1.f), ou conglomerado financeiro a que pertenza.

11. A falta de remisión de cantos datos ou documentos deban ser subministrados á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, ou a falta de veracidade dos remitidos, cando con isto se poña en perigo a xestión sa e prudente da entidade aseguradora ou reaseguradora ou a do grupo definido no artigo 131.1.f), ou conglomerado financeiro a que pertenza, ou se dificulte a apreciación da súa solvencia e cando, de se ter presentado correctamente, se deduza que a entidade ou o grupo ou conglomerado financeiro estarían incurso en causa de adopción de medidas de control especial, en situacións de deterioración financeira ou en situacións que dean lugar á existencia dun capital de solvencia obrigatorio adicional.

12. A adquisición ou incremento dunha participación significativa nunha entidade aseguradora ou reaseguradora incumprindo o disposto no artigo 85, cando esta operación implique a transmisión de control nela.

13. A cesión de carteira, a transformación, fusión, escisión e extinción de entidades aseguradoras ou reaseguradoras sen a preceptiva autorización ou, cando fose outorgada, sen axustarse a ela.

14. A escusa, negativa ou resistencia á actuación inspectora, sempre que medie requirimento expreso e por escrito ao respecto. Considerarase escusa, negativa ou resistencia á actuación inspectora toda acción ou omisión da entidade ou persoas con quen se entendan as actuacións que tenda a dilatar indebidamente, entorpecer ou impedir estas.

15. O incumprimento do deber de publicar o informe sobre a situación financeira e de solvencia.

16. A falta de remisión polas entidades aseguradoras que operen no ramo 8 do anexo A).a): Incendio e elementos naturais, da información que se debe subministrar para os efectos da liquidación e recadación das taxas polo mantemento do servizo de prevención e extinción de incendios ou das contribucións especiais polo establecemento ou ampliación do servizo de prevención e extinción de incendios, en cumprimento da obriga establecida pola disposición adicional décimo cuarta, cando tal conduta teña carácter reincidente.

17. A realización de actos ou operacións que sexan contrarias ás normas sobre transparencia de mercado e protección dos dereitos dos usuarios no ámbito dos seguros, sempre que polo número de afectados, pola reiteración da conduta ou polos efectos sobre a confianza da clientela e a estabilidade do sistema financeiro, tales incumprimentos se poidan considerar como especialmente relevantes.

18. Reter indebidamente, sen ingresalas dentro de prazo, as recargas obrigatorias recadadas a favor do Consorcio de Compensación de Seguros.

19. O incumprimento da obriga de subministrar ao órgano competente a información a que se refire a lexislación reguladora do rexistro de contratos de seguros de cobertura de falecemento, así como a falta de veracidade da información remitida, cando esta conduta teña carácter reincidente.

20. A falta de remisión da información a que se refire o artigo 2.2 do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2004, do 29 de outubro, e as súas normas de desenvolvemento, así como a falta de veracidade da información remitida cando con isto se dificulte o control do efectivo cumprimento da obriga de aseguramento ou a identificación da entidade aseguradora que debe asumir os danos e perdas ocasionados nun accidente de circulación, sempre que tales condutas teñan carácter reincidente.

21. O incumprimento do deber de veracidade informativa debida aos seus socios, aos asegurados e ao público en xeral, así como o incumprimento ou cumprimento defectuoso das obrigas de información aos asegurados e mutualistas dos futuros dereitos

estimados derivados de instrumentos de carácter complementario ou alternativo á Seguridade Social que recollan compromisos por xubilación, sempre que polo número de afectados ou pola importancia da información, tal incumprimento se poida considerar como especialmente relevante.

Artigo 195. *Infraccións graves.*

Terán a consideración de infraccións graves:

1. O incumprimento da obriga de dispoñer dos fondos propios admisibles para cubrir o capital de solvencia obrigatorio, cando deste incumprimento derive unha desviación igual ou superior ao 10 por cento e non constitúa infracción moi grave.

2. O incumprimento das normas relativas á valoración de activos e pasivos, incluíndo as provisións técnicas, de forma que se produza unha desviación igual ou superior ao 10 por cento no cálculo dos fondos propios admisibles para cubrir o capital de solvencia obrigatorio, cando non constitúa infracción moi grave.

3. O incumprimento das normas relativas ao cálculo do capital de solvencia obrigatorio cando dese incumprimento derive unha desviación igual ou superior ao 10 por cento e non constitúa infracción moi grave.

4. O incumprimento das normas sobre contabilización de operacións e formulación das contas anuais, sempre que non constitúa infracción moi grave, así como as relativas á elaboración dos estados financeiros de obrigada comunicación á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

5. A realización simplemente ocasional ou illada de actividades alleas ao obxecto social exclusivo ou de actos ou operacións prohibidos por normas de ordenación e supervisión ou con incumprimento dos requisitos establecidos nestas.

6. O incumprimento da obriga de comunicar en prazo o acordo de disolución ou a solicitude de disolución administrativa.

7. Presentar deficiencias no sistema de goberno, especialmente no relativo ás funcións de xestión de riscos, control interno, auditoría interna, actuarial, así como na externalización de funcións ou actividades e sempre que isto non constitúa infracción moi grave.

8. A falta de remisión de cantos datos ou documentos deban ser subministrados á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, ou a falta de veracidade dos remitidos, cando con isto se dificulte a apreciación da solvencia da entidade aseguradora ou reaseguradora ou do grupo definido no artigo 131.1.f), ou conglomerado financeiro a que pertenza e cando, de se ter presentado correctamente, se deduza unha diminución nos ratios de solvencia declarados.

9. O reiterado incumprimento dos acordos ou resolucións da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións. Para estes efectos, enténdese que o incumprimento ten o carácter de reiterado cando se incumpra un acordo ou resolución e non se atenda o requirimento que para o efecto lle formule a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

10. A adquisición ou o incremento dunha participación significativa nunha entidade aseguradora ou reaseguradora incumprindo o disposto no artigo 85.

11. O incumprimento polos liquidadores, ou polos que desempeñaron cargos de administración ou dirección nos cinco anos anteriores á data de disolución, das obrigas que lles impón o artigo 180.

12. Non recadar na forma e prazo procedentes, facelo indebidamente de modo insuficiente e, en xeral, incumprir as súas obrigas de recadación das recargas legalmente exixibles a favor do Consorcio de Compensación de Seguros.

13. O incumprimento do deber de veracidade informativa debida aos seus socios, mutualistas, asegurados ou ao público en xeral, así como a realización de calquera acto ou operación con incumprimento das normas reguladoras da publicidade e deber de información das entidades aseguradoras ou reaseguradoras.

14. A falta de substitución, conforme o previsto no artigo 38.3, daqueles en quen conorra causa de incapacidade ou prohibición, así como a falta de remisión á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións da información necesaria para a avaliación das exixencias de honorabilidade e aptitude, e a súa remisión incompleta ou a falta de veracidade na información remitida.

15. O incumprimento pola entidade aseguradora das normas imperativas da lexislación específica sobre contrato de seguro, cando durante os dous anos anteriores á súa comisión se desatendesen máis de dez requirimentos da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións no prazo concedido para o efecto, por se teren entendido fundadas as queixas e reclamacións formuladas no procedemento de protección administrativa dos clientes de servizos financeiros, cando non sexa considerado como infracción moi grave.

16. A realización de actos ou operacións con incumprimento das normas sobre transparencia de mercado e protección dos dereitos dos usuarios no ámbito dos seguros, sempre que isto non supoña a comisión dunha infracción moi grave de conformidade co previsto no artigo anterior, salvo que teña carácter ocasional ou illado.

17. As condutas discriminatorias por razón de sexo contra os tomadores, asegurados, beneficiarios ou terceiros prexudicados, cando fosen así declaradas por sentenza xudicial, de acordo coa normativa sobre a igualdade efectiva de homes e mulleres.

18. A ausencia ou mal funcionamento dos departamentos ou servizos de atención ao cliente, unha vez que, transcorrido o prazo concedido para o efecto pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, non se procedese á emenda das deficiencias detectadas por esta.

19. O incumprimento da obriga de subministrar ao órgano competente a información a que se refire a lexislación reguladora do rexistro de contratos de seguros de cobertura de falecemento, así como a falta de veracidade da información remitida.

20. O incumprimento das medidas de control especial cando non sexa considerado moi grave.

21. A falta de remisión polas entidades aseguradoras que operen no ramo 8 do anexo A).a): Incendio e elementos naturais, da información que se debe subministrar para os efectos da liquidación e recadación das taxas polo mantemento do servizo de prevención e extinción de incendios ou das contribucións especiais polo establecemento ou ampliación do servizo de prevención e extinción de incendios, en cumprimento da obriga establecida pola disposición adicional décimo cuarta.

22. A falta de remisión da información a que se refire o artigo 2.2 do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2004, do 29 de outubro, e as súas normas de desenvolvemento, así como a falta de veracidade da información remitida cando con isto se dificulte o control do efectivo cumprimento da obriga de aseguramento ou a identificación da entidade aseguradora que debe asumir os danos e perdas ocasionados nun accidente de circulación.

23. O incumprimento do deber de presentar a oferta motivada ou dar a resposta motivada a que se refiren os artigos 7 e 22.3 do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2004, do 29 de outubro, cando tal conduta teña carácter reincidente.

Artigo 196. *Infraccións leves.*

Terán a consideración de infraccións leves:

1. O incumprimento da obriga de dispoñer dos fondos propios admisibles para cubrir o capital de solvencia obrigatorio cando deste incumprimento derive unha desviación inferior ao 10 por cento.

2. O incumprimento das normas relativas á valoración de activos e pasivos, incluíndo as provisións técnicas, de forma que se produza unha desviación no cálculo dos fondos propios admisibles para cubrir o capital de solvencia obrigatorio inferior ao 10 por cento.

3. O incumprimento das normas relativas ao cálculo do capital de solvencia obrigatorio cando deste incumprimento derive unha desviación inferior ao 10 por cento.

4. A remisión fóra de prazo de cantos datos ou documentos deban ser subministrados á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, ou a súa falta de veracidade cando non constituía infracción grave ou moi grave. En particular, a remisión, fóra dos prazos e forma determinados regulamentariamente, da documentación e información necesarias para permitir o mantemento actualizado do rexistro administrativo regulado no artigo 40.

5. O incumprimento pola entidade aseguradora das normas imperativas da lexislación específica sobre contrato de seguro, se non atende no prazo dun mes o requirimento que para o efecto lle formule a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións cando entendese fundadas as queixas e reclamacións formuladas no procedemento de protección administrativa dos clientes de servizos financeiros.

6. Deixar de ter unha participación significativa incumprindo o disposto no artigo 85.

7. Presentar de forma incompleta ou inexacta os estados financeiros de obrigada comunicación á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

8. O incumprimento dos acordos ou resolucións da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, cando non constituía unha infracción grave.

9. A realización de actos ou operacións que sexan contrarias ás normas sobre transparencia de mercado e protección dos dereitos dos usuarios no ámbito dos seguros, cando non constituían infracción grave ou moi grave conforme o disposto nos dous artigos anteriores.

10. O incumprimento do deber de presentar a oferta motivada ou dar a resposta motivada a que se refiren os artigos 7 e 22.3 do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2004, do 29 de outubro, cando non constituía infracción grave.

11. O incumprimento da decisión emitida polo defensor do cliente dunha entidade aseguradora cando sexa favorable á reclamación formulada por un tomador de seguro, asegurado, beneficiario ou terceiro prexudicado.

12. Ingresar fóra de prazo as recargas recadadas a favor do Consorcio de Compensación de Seguros.

13. En xeral, os incumprimentos de preceptos de obrigada observancia para as entidades aseguradoras comprendidos en normas con rango de lei de supervisión dos seguros privados, sempre que non constituían infracción grave ou moi grave. Para estes efectos, entenderanse por normas de supervisión dos seguros privados as comprendidas nesta lei e nas súas disposicións regulamentarias de desenvolvemento e, en xeral, as que figuren en normas que conteñan preceptos de obrigada observancia referidos ao ámbito obxectivo desta lei.

Artigo 197. *Prescripción de infraccións.*

1. As infraccións moi graves prescribirán aos cinco anos, as graves, aos catro, e as leves, aos dous anos.

2. O prazo de prescripción das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese. Nas infraccións derivadas dunha actividade continuada, a data inicial do cómputo será a de finalización da actividade ou a do último acto con que a infracción se consume.

3. Interromperá a prescripción a iniciación do procedemento sancionador con coñecemento do interesado, e restablecerase se o expediente sancionador está paralizado máis de dous meses por causa non imputable ao presunto responsable.

Tamén interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de inspección en que se poña de manifesto a comisión da infracción e restablecerase unha vez ditada a resolución que poña fin ao dito procedemento.

CAPÍTULO II

Sancións

Artigo 198. *Sancións administrativas ás entidades por infraccións moi graves.*

Pola comisión de infraccións moi graves imponse á entidade infractora unha ou varias das seguintes sancións:

- a) Revogación da autorización administrativa.
- b) Suspensión da autorización administrativa para operar nun ou en varios ramos en que estea autorizada a entidade aseguradora ou para operar nunha ou en varias das actividades en que estea autorizada a entidade reaseguradora, por un período non superior a dez anos nin inferior a cinco.
- c) Multa por importe máximo do 1 por cento do seu volume de negocio e superior a 240.001 euros. Para estes efectos, entenderase por volume de negocio as primas periodificadas, entendidas como as primas devindicadas corrixidas coa variación da revisión para primas non consumidas, no último exercicio económico pechado con anterioridade á comisión da infracción. Para aquelas entidades que operen en réxime dereito de establecemento ou de libre prestación de servizos, esta cifra referirase ao volume de negocio en España.

Esta sanción poderase imponse simultaneamente coas sancións previstas nas letras a), b) e d).

- d) Amoestación pública con publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Esta sanción poderase imponse simultaneamente coas sancións previstas nas letras a), b) e c).

Artigo 199. *Sancións administrativas ás entidades por infraccións graves.*

Pola comisión de infraccións graves imponse á entidade infractora unha ou varias das seguintes sancións:

- a) Suspensión da autorización administrativa para operar nun ou en varios ramos en que estea autorizada a entidade aseguradora ou para operar nunha ou en varias das actividades en que estea autorizada a entidade reaseguradora, por un período de ata cinco anos.

- b) Multa por importe máximo de 240.000 euros e superior a 60.000 euros.

Esta sanción poderase imponse simultaneamente coas sancións previstas nas letras a) e c).

- c) Amoestación pública con publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Esta sanción poderase imponse simultaneamente coas sancións previstas nas letras a) e b).

Artigo 200. *Sancións administrativas ás entidades por infraccións leves.*

Pola comisión de infraccións leves imponse á entidade infractora unha ou varias das seguintes sancións:

- a) Multa por importe máximo de 60.000 euros.
- b) Amoestación privada.

Artigo 201. *Responsabilidade en caso de fusión, cesión global de activo e pasivo ou escisión.*

No caso de entidades extinguidas por fusión, cesión global de activo e pasivo ou escisión, a responsabilidade administrativa destas polas sancións de multa no ámbito da supervisión dos seguros privados será exixible á entidade absorbente ou de nova creación, tendo en conta, para o caso da escisión, a porcentaxe do patrimonio adquirido.

Artigo 202. *Sancións por infraccións moi graves cometidas por partícipes, liquidadores, por quen, baixo calquera título, exerza a dirección efectiva e por quen desempeñe as funcións que integran o sistema de goberno.*

Pola comisión de infraccións moi graves, poderanse impoñer unha ou varias das seguintes sancións a cada suxeito infractor:

- a) Separación do cargo, con inhabilitación para exercer cargos de administración, dirección, liquidación e desempeño das funcións previstas no artigo 66 en calquera entidade aseguradora ou reaseguradora, por un prazo máximo de dez anos.
- b) Suspensión temporal no exercicio do cargo por prazo non inferior a un ano nin superior a cinco anos.
- c) Multa por importe máximo de 500.000 euros e superior a 150.000 euros. Esta sanción poderase impoñer simultaneamente coas sancións previstas nas letras a) e b).
- d) Amoestación pública con publicación no «Boletín Oficial del Estado». Esta sanción poderase impoñer simultaneamente coas sancións previstas nas letras a), b) e c).

Artigo 203. *Sancións por infraccións graves cometidas por partícipes, liquidadores, por quen, baixo calquera título, exerza a dirección efectiva e por quen desempeñe as funcións que integran o sistema de goberno.*

Pola comisión de infraccións graves, poderanse impoñer unha ou varias das seguintes sancións a cada suxeito infractor:

- a) Suspensión temporal no exercicio do cargo por prazo non superior a un ano.
- b) Multa por importe máximo de 150.000 euros e superior a 30.000 euros. Esta sanción poderase impoñer simultaneamente coa sanción prevista na letra a).
- c) Amoestación pública con publicación no «Boletín Oficial del Estado». Esta sanción poderase impoñer simultaneamente coas sancións previstas nas letras a) e b).

Artigo 204. *Sancións por infraccións leves cometidas por partícipes, liquidadores, por quen, baixo calquera título, exerza a dirección efectiva e por quen desempeñe as funcións que integran o sistema de goberno.*

Pola comisión de infraccións leves, poderanse impoñer unha ou varias das seguintes sancións a cada suxeito infractor:

- a) Multa por importe máximo de 30.000 euros.
- b) Amoestación privada.

Artigo 205. *Criterios de gradación das sancións.*

1. Na imposición de sancións teranse en conta os factores de agravación ou atenuación que poidan concorrer.

2. Consideraranse agravantes ou atenuantes, segundo os casos, as seguintes circunstancias:

- a) A natureza e o número de feitos constitutivos da infracción, así como o grao de intencionalidade na súa comisión.
- b) A gravidade do perigo creado ou dos prexuízos causados.
- c) As ganancias obtidas, se é o caso, como consecuencia dos actos ou omisións constitutivos da infracción.
- d) A conduta desenvolvida con anterioridade polo suxeito infractor en relación coa comisión de infraccións da mesma natureza, previstas nos artigos 194, 195 e 196, que non prescribisen e fosen declaradas por resolución firme.
- e) O grao de responsabilidade nos feitos que conorra no infractor.
- f) A relevancia do posto ocupado ou das funcións desempeñadas polo responsable na estrutura organizativa da entidade.

g) As consecuencias desfavorables dos feitos para o sector asegurador, o sistema financeiro ou a economía nacional.

h) Ter procedido voluntariamente á reparación dos danos ou perdas causados.

i) A dimensión da entidade infractora medida en función do importe total do seu balance, e o volume de negocio, medido en función do importe do seu volume de primas no último exercicio económico terminado con anterioridade á comisión da infracción.

j) As consecuencias que a contía da sanción que se vai impoñer poidan ter na continuidade ou viabilidade da entidade infractora.

k) No caso de insuficiencia do capital de solvencia obrigatorio ou do capital mínimo obrigatorio, as dificultades obxectivas que poidan ter concurrido para alcanzar ou manter o nivel legalmente exixido.

l) As remuneracións obtidas polo suxeito infractor no exercicio do seu cargo, así como a súa situación económica e as demais circunstancias persoais deste.

m) O nivel de cooperación dos suxeitos infractores na clarificación e tramitación dos expedientes sancionadores.

3. As circunstancias agravantes ou atenuantes das infraccións aplicaranse por cada suxeito infractor e por cada infracción cometida, e poderán ser consideradas como moi cualificadas en atención á súa especial relevancia.

4. As sancións que se impoñerán dividiranse en tres graos, mínimo, medio e máximo. Cada grao comprenderá o resultado de dividir o importe máximo do tempo ou da contía pecuniaria prevista na sanción que se vai impoñer en tres tramos. Atendendo á concorrencia ou non de circunstancias atenuantes ou agravantes, fixarase a sanción segundo as seguintes regras:

a) Cando nas infraccións moi graves concorran máis de dúas circunstancias de agravación e, polo menos, dúas delas sexan moi cualificadas, impoñerase a sanción prevista no artigo 198.a) e, se é o caso, no artigo 202.a). Para a gradación nesta última atenderase á concorrencia doutras circunstancias distintas ás dúas de agravación moi cualificadas determinantes da imposición desta sanción.

b) Cando nas infraccións moi graves e graves concorran circunstancias de agravación e, polo menos, unha delas sexa moi cualificada, impoñeranse as sancións previstas no artigo 198.b) ou no artigo 199.a) e, se é o caso, as do artigo 202.b) ou 203.a), respectivamente, sempre que nas infraccións moi graves non concorran as circunstancias determinantes da aplicación do disposto na letra a) anterior. Ademais, para a gradación da sanción atenderase, en todos os casos e de acordo cos criterios do número 2, á concorrencia doutras circunstancias distintas á de agravación moi cualificada determinante da imposición destas sancións.

c) Cando concorran circunstancias de agravación e atenuación para unha mesma infracción, compensaranse racionalmente para a determinación da sanción, graduando o valor dunhas e doutras, e aplicando ao que resulte os seguintes criterios:

1.º Cando concorra unha soa circunstancia de agravación, a sanción impoñerase no grao medio.

2.º Cando concorran varias circunstancias de agravación, ou unha soa moi cualificada, a sanción impoñerase no grao máximo.

d) Cando non concorran circunstancias de atenuación nin de agravación, ou estas queden compensadas, impoñerase a sanción no grao mínimo.

e) Con carácter xeral, dentro dos límites de cada grao, a contía da sanción situarase na metade do grao que lle corresponda, debéndose motivar en caso contrario, e tendo en conta que, se concorren circunstancias de atenuación, a sanción que se aplicará será a resultante de multiplicar o importe da metade do grao por 0,5 tantas veces como circunstancias de atenuación concorran. Se unha circunstancia de atenuación é considerada como moi cualificada, computarase como se se tratar de dúas circunstancias de atenuación que non teñen tal consideración.

f) Cando se impoñan simultaneamente varias sancións por unha mesma infracción, as circunstancias agravantes ou atenuantes existentes aplicaranse para a gradación de todas as sancións correspondentes a esa infracción.

Artigo 206. Medidas inherentes á imposición de sancións administrativas.

1. O órgano que impoña a sanción poderá exixir ao infractor o cesamento da conduta e a reposición ao seu estado orixinario da situación por el alterada no prazo que para o efecto se determine.

2. Así mesmo, no suposto de que, polo número e pola clase das persoas afectadas polas sancións de separación ou suspensión, resulte necesario para asegurar a continuidade na administración e dirección da entidade, o órgano que impoña a sanción poderá dispoñer o nomeamento, con carácter provisional, dun ou de máis administradores ou dos membros que se precisen para que o órgano colexiado de administración poida adoptar acordos, e sinalará as súas funcións en ambos os dous casos. O nomeamento dos administradores provisionais rexerá polo disposto nas normas xerais desta lei e exercerán os seus cargos ata que o órgano competente da entidade, que deberá ser convocado de modo inmediato, provexa os correspondentes nomeamentos e tomen posesión os designados ou, se é o caso, ata que transcorra o prazo de separación ou suspensión.

3. A imposición das sancións, salvo a consistente en amoestación privada, farase constar no rexistro administrativo de entidades aseguradoras e reaseguradoras e no dos altos cargos de entidades aseguradoras e reaseguradoras e, unha vez que sexan executivas, deberán ser obxecto de comunicación á inmediata xunta ou asemblea xeral que se celebre con posterioridade.

As sancións de separación do cargo e suspensión, unha vez que sexan executivas, faranse constar, ademais, no Rexistro Mercantil e, se é o caso, no Rexistro de Cooperativas.

4. Igualmente, as sancións, salvo a consistente en amoestación privada, unha vez que sexan executivas, comunicaranse á Comisión Nacional do Mercado de Valores e ao Banco de España.

5. A cancelación dos antecedentes por sancións no rexistro administrativo poderase realizarse de oficio ou por instancia dos interesados, sempre que transcorrese, sen ter sido sancionado de novo, o prazo dun ano para as sancións por infraccións leves, tres anos para as sancións por infraccións graves e cinco anos para as sancións por infraccións moi graves. Este prazo contarase desde o día seguinte a aquel en que quedase cumprida a sanción.

Artigo 207. Concorrenza de procedementos administrativos e procesos penais.

O exercicio da potestade sancionadora será independente da eventual concorrencia de delitos ou faltas de natureza penal. Non obstante, cando se considere que os feitos poden ser constitutivos de delito, poñeranse en coñecemento da autoridade xudicial ou do Ministerio Fiscal e quedará suspendido o procedemento administrativo sancionador ata que se dite pronunciamiento xudicial firme. Tamén se acordará a suspensión do procedemento administrativo sancionador ata que se dite pronunciamiento xudicial firme cando se teña coñecemento de que se está tramitando un proceso penal polos mesmos feitos ou por outros cuxa separación dos sancionables de acordo con esta lei sexa racionalmente imposible.

Non cabe impoñer sanción administrativa cando se ditase sanción penal e exista identidade de suxeito, feito e fundamento. Se procede reiniciar o procedemento administrativo sancionador, a resolución administrativa que se dite deberá respectar a apreciación dos feitos que conteña o pronunciamiento xudicial.

Artigo 208. *Exercicio de actividades e uso de denominacións reservadas ás entidades aseguradoras e reaseguradoras.*

1. As persoas ou entidades, así como quen de feito ou de dereito exerza cargos de administración ou dirección nelas, que realicen operacións de seguro ou reaseguro sen contar coa preceptiva autorización administrativa ou que utilicen as denominacións propias das entidades aseguradoras ou reaseguradoras sen selo, serán sancionadas con multa por importe de ata 500.000 euros, ademais de darse publicidade á conduta constitutiva da infracción. Se, despois de seren requiridas para que cesen inmediatamente na realización de actividades ou na utilización das denominacións, continúan realizándoas ou utilizándoas, serán sancionadas con multa por importe de ata 1.000.000 de euros, que poderá ser reiterada con ocasión de posteriores requirimentos.

2. Será competente para a imposición das sancións e para a formulación dos requirimentos regulados no punto anterior o director xeral de Seguros e Fondos de Pensións. Os requirimentos formularanse logo de audiencia da persoa ou entidade afectada e as multas impoñeranse consonte o procedemento aplicable para a imposición das sancións ás entidades aseguradoras ou reaseguradoras.

3. O disposto neste artigo entenderase sen prexuízo das demais responsabilidades, mesmo de orde penal, que poidan resultar exixibles.

Artigo 209. *Prescrición das sancións.*

1. As sancións por infraccións moi graves prescribirán aos cinco anos, as sancións por infraccións graves, aos catro, e as sancións por infraccións leves farano aos dous anos.

2. O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola cal se impón a sanción ou, se é o caso, desde o quebrantamento da sanción imposta, se esta se comezou a cumprir.

3. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, da execución da sanción, e reiniciará o prazo se a dita execución está paralizada durante máis de tres meses por causa non imputable ao infractor.

CAPÍTULO III

Procedemento sancionador

Artigo 210. *Regulación do procedemento sancionador.*

1. O procedemento sancionador regularase:

a) Polas normas especiais establecidas nesta lei e na normativa regulamentaria ditada no seu desenvolvemento.

b) Na súa falta, aplicarase o previsto no Real decreto 2119/1993, do 3 de decembro, sobre procedemento sancionador aplicable aos suxeitos que actúan nos mercados financeiros, e no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora. Así mesmo, resultará de aplicación supletoria o título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Establecerase regulamentariamente un procedemento simplificado cando se trate de infraccións leves ou, mesmo sendo graves, cando os feitos estean claramente determinados por se teren probado noutras actuacións sancionadoras ou consignado en actas da Inspección de Seguros, por os teren recoñecido ou declarado os propios interesados, por constaren en rexistros administrativos ou por outras circunstancias xustificadas.

Artigo 211. Denuncia pública.

Mediante a denuncia pública poderanse poñer en coñecemento da Administración feitos ou situacións que poidan ser constitutivos de infraccións de normas de supervisión dos seguros privados.

Unha vez recibida unha denuncia, remitiráselle ao órgano competente para realizar as actuacións que poidan proceder. Este órgano poderá acordar o arquivo da denuncia cando se considere infundada ou cando non se concreten ou identifiquen suficientemente os feitos ou as persoas denunciadas. Poderanse iniciar as actuacións que procedan se existen indicios suficientes de veracidade nos feitos imputados e estes son descoñecidos para a Administración. Neste caso, a denuncia non formará parte do expediente administrativo.

Non se considerará o denunciante interesado nas actuacións administrativas que se inicien como consecuencia da denuncia nin será informado do seu resultado. Tampouco estará lexitimado para a interposición de recursos ou reclamacións en relación cos resultados das ditas actuacións.

Artigo 212. Competencias administrativas.

1. O inicio dos procedementos sancionadores corresponderalle ao director xeral de Seguros e Fondos de Pensións, quen designará como instrutor un funcionario destinado na Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

2. A resolución dos procedementos sancionadores por infraccións graves e leves corresponderá ao director xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

No caso de infraccións moi graves, a resolución corresponderá ao ministro de Economía e Competitividade, por proposta da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

3. A execución das sancións corresponderá á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

Artigo 213. Prazos.

1. O prazo para resolver e notificar a resolución no procedemento sancionador será dun ano contado desde a adopción do acordo de iniciación. No caso de seguirse o procedemento simplificado, o prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses.

2. Tanto o prazo para ditar resolución como os prazos para a realización dos trámites previstos neste capítulo poderán ser ampliados segundo o previsto nos artigos 42.6 e 49 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e a decisión adoptada deberáselles notificar aos interesados.

Disposición adicional primeira. Réxime aplicable aos Estados do Espazo Económico Europeo que non formen parte da Unión Europea.

As disposicións desta lei que fan referencia aos Estados membros da Unión Europea, ás entidades aseguradoras e reaseguradoras domiciliadas neles ou á actividade neles das entidades aseguradoras e reaseguradoras españolas serán tamén aplicables aos Estados parte do Acordo do Espazo Económico Europeo que non son membros da Unión Europea, ás entidades aseguradoras e reaseguradoras domiciliadas neles e á actividade das entidades aseguradoras e reaseguradoras españolas neses Estados.

Disposición adicional segunda. Establecemento e información sobre seguros obrigatorios.

1. Poderase exixir a quen exerza determinadas actividades que presenten un risco directo e concreto para a saúde ou para a seguridade das persoas, incluída a seguridade

financeira, a subscripción dun seguro ou outra garantía equivalente que cubra os danos e perdas que poida provocar e dos cales sexa responsable.

A garantía exixida deberá ser proporcionada á natureza e ao alcance do risco cuberto.

2. A obriga de subscripción de seguros deberase establecer mediante normas con rango de lei que deberán contar cun informe preceptivo da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, ou do órgano competente das comunidades autónomas, con obxecto de que poidan formular observacións en materia de técnica aseguradora.

A realización de actividades carecendo do correspondente seguro obrigatorio será constitutiva de infracción administrativa moi grave, salvo o disposto na súa normativa específica.

Será suxeito infractor a persoa física ou xurídica que estea obrigada á subscripción do seguro, que poderá ser sancionado con multa de 1.000 a 20.000 euros.

A instrución e resolución do procedemento sancionador corresponderá á Administración pública competente por razón na materia cuxa regulación impón a subscripción do seguro obrigatorio.

3. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións comunicarlle á Comisión Europea, de acordo co rexistro que se desenvolva regulamentariamente e que xestionará o Consorcio de Compensación de Seguros, os seguros obrigatorios existentes en España, indicando as disposicións específicas que regulan o seguro obrigatorio.

4. Para tal efecto, os órganos competentes das comunidades autónomas comunicaranlle á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, no prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, os seguros obrigatorios existentes na súa respectiva comunidade e, no prazo dun mes desde a súa aprobación, os seguros obrigatorios que se establezan con posterioridade, indicando as especificacións do punto anterior.

Disposición adicional terceira. *Validez da autorización administrativa en toda a Unión Europea.*

A autorización administrativa concedida ás entidades aseguradoras e reaseguradoras españolas ao abeiro da lexislación anterior a esta lei, cando se estenda a todo o territorio español, será válida en toda a Unión Europea nos termos do disposto no artigo 21, salvo no caso das mutualidades de previsión social que non estean autorizadas para operar por ramos de seguro e das entidades aseguradoras acollidas ao réxime especial de solvencia.

Disposición adicional cuarta. *Validez das autorizacións de ampliación de prestacións concedidas a mutualidades de previsión social.*

As mutualidades de previsión social que con anterioridade á entrada en vigor desta lei obtivesen a autorización administrativa para a ampliación de prestacións pero cumprisen os requisitos para acollerse ao réxime especial de solvencia poderán continuar operando por ramos.

Disposición adicional quinta. *Información á Comisión Europea e á Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación sobre dificultades das entidades aseguradoras ou reaseguradoras españolas.*

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións informará a Comisión Europea e a Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación das dificultades de carácter xeral que encontren as entidades aseguradoras ou reaseguradoras españolas para establecerse e exercer a súa actividade nun terceiro país.

Disposición adicional sexta. *Entidades con función especial.*

As entidades con función especial domiciliadas en España que cumpran as condicións establecidas na normativa específica que lles resulte de aplicación, poderán solicitar en España autorización administrativa para o exercicio das súas actividades, que outorgará

o ministro de Economía e Competitividade conforme o procedemento que se determine regulamentariamente, tendo en conta a normativa da Unión Europea de directa aplicación. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución é de seis meses. Transcorrido este prazo sen se ter notificado resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude.

Disposición adicional sétima. *Revisión dos importes expresados en euros.*

Os importes expresados en euros nos artigos 11 e 78 revisaranse cada cinco anos, modificando o seu importe inicial en euros no cambio porcentual dos índices harmonizados de prezos para o consumo de todos os Estados membros da Unión Europea, de acordo co publicado por Eurostat, a partir do 31 de decembro de 2015 ata a data da revisión, arredondados á alza a un múltiplo de 100.000 euros. Se o cambio porcentual desde a revisión previa é inferior ao cinco por cento, non se efectuará ningunha revisión dos importes.

Os importes revisados serán publicados pola Comisión Europea no «Diario Oficial de la Unión Europea» e aplicaranse no prazo de doce meses a partir da citada publicación.

Para facilitar o seu coñecemento e aplicación, estas actualizacións faranse públicas, igualmente, mediante resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

Disposición adicional oitava. *Obrigas dos auditores de contas das entidades aseguradoras e reaseguradoras.*

Os auditores de contas das entidades aseguradoras ou reaseguradoras terán a obriga de comunicar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, no prazo establecido na normativa reguladora de auditoría de contas, calquera feito ou decisión sobre unha entidade aseguradora ou reaseguradora de que tivesen coñecemento no exercicio da súa función de auditoría practicada á mesma ou a outra entidade coa cal a dita entidade aseguradora ou reaseguradora teña un vínculo estreito resultante dunha relación de control, cando o citado feito ou decisión poida:

- a) Constituír unha violación grave da normativa de supervisión dos seguros privados;
- b) Prexudicar a continuidade do exercicio da actividade da entidade aseguradora ou reaseguradora;
- c) Implicar a abstención da opinión do auditor de contas, ou unha opinión desfavorable ou con excepcións, ou impedir a emisión do informe de auditoría;
- d) Supoñer un incumprimento con respecto ao capital de solvencia obrigatorio, ou
- e) Supoñer un incumprimento con respecto ao capital mínimo obrigatorio.

Disposición adicional novena. *Actuarios de seguros.*

Os actuarios de seguros poderán desempeñar, en todo caso, a función actuarial a que se refire o artigo 66.5 e o seu desenvolvemento regulamentario.

En calquera caso, son actuarios os que obtivesen un título superior universitario de carácter avanzado e especializado en Ciencias Actuariais e Financeiras.

Disposición adicional décima. *Peritos de seguros, comisarios de avarías e liquidadores de avarías.*

Son peritos de seguros os que ditaminan sobre as causas do sinistro, a valoración dos danos e as demais circunstancias que inflúen na determinación da indemnización derivada dun contrato de seguro e formulan a proposta de importe líquido da indemnización.

Son comisarios e liquidadores de avarías os que desenvolven as funcións que lles atribúe a Lei 14/2014, do 24 de xullo, de navegación marítima.

Os peritos de seguros, comisarios de avarías e liquidadores de avarías que interveñan no procedemento de taxación pericial contraditoria deberán ter coñecemento técnico suficiente da lexislación sobre contrato de seguro e, se se trata de profesións reguladas,

estar en posesión de titulación na materia sobre a cal se debe ditaminar, co alcance que se estableza regulamentariamente.

Disposición adicional décimo primeira. *Concertos de entidades aseguradoras con organismos da Administración da Seguridade Social.*

Sen prexuízo do establecido nos artigos 77 e 199 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, e nesta lei, as normas de supervisión dos seguros privados serán aplicables ás garantías financeiras, bases técnicas e tarifas de primas que correspondan ás obrigas que asuman as entidades aseguradoras en virtude dos concertos que, se é o caso, e logo de informe da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ou órgano competente das comunidades autónomas, establezan con organismos da Administración da Seguridade Social, ou con entidades de dereito público que teñan encomendada, de conformidade coa súa lexislación específica, a xestión dalgúns dos réximes especiais da Seguridade Social.

Os modelos de pólizas de seguros establecidos en virtude dos concertos a que se refire o parágrafo anterior deberán estar á disposición da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións ou órganos competentes das comunidades autónomas.

Disposición adicional décimo segunda. *Comunicacións entre supervisores en materia de sancións.*

No caso de que o Banco de España, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ou a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións inicien un procedemento sancionador contra unha entidade financeira sometida ao control doutro dos supervisores, comunicarán esta circunstancia ao supervisor correspondente, o cal poderá solicitar a información que considere relevante para os efectos das súas competencias de supervisión.

Disposición adicional décimo terceira. *Seguro de caución a favor de administracións públicas.*

O contrato de seguro de caución celebrado con entidade aseguradora autorizada para operar no ramo de caución será admisible como forma de garantía ante as administracións públicas en todos os supostos en que a lexislación vixente exixa ou permita ás entidades de crédito ou aos establecementos financeiros de crédito constituíren garantías ante as ditas administracións. Son requisitos para que o contrato de seguro de caución poida servir como forma de garantía ante as administracións públicas os seguintes:

a) Terá a condición de tomador do seguro quen deba prestar a garantía ante a Administración pública, e a de asegurado a dita Administración.

b) A falta de pagamento da prima, sexa única, primeira ou seguintes, non dará dereito ao asegurador a resolver o contrato, nin este quedará extinguido, nin a cobertura do asegurador suspendida nin este liberado da súa obriga no caso de que se produza o sinistro consistente no concurso das circunstancias en virtude das cales deba facer efectiva a garantía.

c) O asegurador non poderá opoñer ao asegurado as excepcións que lle poidan corresponder contra o tomador do seguro.

d) A póliza en que se formalice o contrato de seguro de caución axustarase ao modelo aprobado por orde do ministro de Economía e Competitividade.

Disposición adicional décimo cuarta. *Obrigas adicionais de información das entidades aseguradoras que operan no ramo de incendio e elementos naturais.*

1. As entidades aseguradoras que operen no ramo 8 (Incendio e elementos naturais), previsto no anexo A).a) desta lei, deberán remitir ao Consorcio de Compensación de

Seguros, coa periodicidade e mediante o procedemento que se determine por resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, a seguinte información:

a) Datos identificativos da entidade aseguradora: denominación social, domicilio e clave administrativa con que figura inscrita no Rexistro Administrativo de Entidades Aseguradoras e Reaseguradoras.

b) Primas cobradas no exercicio por contratos de seguro de incendios, distribuídas por termos municipais en función dos riscos asumidos por bens situados en cada un deles.

Para estes efectos, as primas que se deben considerar serán o 100 por 100 das correspondentes ao seguro de incendio e o 50 por 100 das correspondentes aos seguros multiriscos que inclúan o risco de incendios.

En caso de existencia de coaseguro, a obriga recaerá en cada entidade coaseguradora en función da súa cota de participación.

2. Esta obriga resultará de aplicación tanto ás entidades aseguradoras españolas como ás domiciliadas noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo que exerzan a súa actividade en España en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos.

A información será obxecto de tratamento automatizado.

3. O Consorcio de Compensación de Seguros facilitará, por solicitude dos órganos competentes para a liquidación e a recadación das taxas polo mantemento do servizo de prevención e extinción de incendios e das contribucións especiais polo establecemento ou ampliación do servizo de extinción de incendios, información desagregada por termos municipais e entidades aseguradoras, de forma que se poida determinar a porcentaxe que o volume de primas do seguro de incendios dunha entidade aseguradora representa sobre a suma do volume de primas de todas as entidades aseguradoras que cobren o risco de incendios de bens situados nun municipio.

A información anterior subministrárase directamente ou a través da Federación Española de Municipios e Provincias nos prazos e mediante o procedemento que determine a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións. Para estes efectos, o Consorcio de Compensación de Seguros e a Federación Española de Municipios e Provincias poderán subscribir os acordos de colaboración que sexan necesarios.

Igualmente, o Consorcio de Compensación de Seguros subministrará a información á «Xestora de Concertos para a Contribución aos Servizos de Extinción de Incendios AIE», como organización máis representativa das entidades aseguradoras para a subscripción dos convenios de colaboración para o cumprimento das obrigas tributarias.

4. A obriga prevista no número 1 ten a consideración de norma de ordenación e supervisión dos seguros privados e o seu incumprimento constituirá infracción administrativa de acordo co disposto nesta lei.

O Consorcio de Compensación de Seguros remitirá á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións unha relación das entidades aseguradoras que, estando autorizadas para operar no ramo citado, non remiten a información a que se refire o número 1. Así mesmo, o Consorcio de Compensación de Seguros comunicará á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións as incidencias significativas que se poidan producir no cumprimento desta obriga.

Sen prexuízo das infraccións administrativas derivadas do incumprimento da obriga e á vista das comunicacións do Consorcio de Compensación de Seguros, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá formular requirimentos ás entidades aseguradoras ou exixir a realización de auditorías informáticas, ou a aplicación doutras medidas conducentes a garantir a veracidade da información subministrada.

5. O formato do ficheiro de datos para a remisión da información de primas cobradas polas entidades aseguradoras será establecido por resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

Disposición adicional décimo quinta. *Bases técnicas e calibración dos riscos do seguro de decesos.*

Determinarase regulamentariamente o réxime simplificado aplicable aos seguros de decesos, no nivel de bases técnicas, provisións e capital de solvencia obrigatorio, en función dos riscos específicos deste tipo de seguros.

Disposición adicional décimo sexta. *Introdución progresiva das autorizacións establecidas por esta lei e outras medidas de adaptación a Solvencia II.*

1. A partir da publicación desta lei, as entidades aseguradoras e reaseguradoras poderán presentar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións as solicitudes de aprobación relativas a un modelo interno completo ou parcial, de conformidade co artigo 75.1.b), ou a un modelo interno de grupo, de conformidade cos artigos 146 e 147, e será competencia do ministro de Economía e Competitividade a decisión sobre estas autorizacións.

2. Así mesmo, a partir desa data, as entidades aseguradoras e reaseguradoras poderán solicitar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións autorización para os seguintes aspectos:

- a) Os fondos propios complementarios a que se refire o artigo 71.
- b) A clasificación dos elementos de fondos propios a que se refire o artigo 72.
- c) A utilización de parámetros específicos a que se refire o artigo 75.1 a).
- d) A creación de entidades con función especial de conformidade coa disposición adicional sexta.
- e) Os fondos propios complementarios dunha sociedade de carteira de seguros intermedia, de conformidade co que se dispoña regulamentariamente.
- f) O uso do submódulo de risco de renda variable baseado na duración regulado regulamentariamente.
- g) O uso do axuste por casamento da estrutura temporal pertinente de tipos de interese sen risco, de conformidade co artigo 69.5.
- h) O uso da medida transitoria sobre os tipos de xuro sen risco a que se refire a disposición derradeira décimo oitava.
- i) O uso da medida transitoria sobre as provisións técnicas a que se refire a disposición derradeira décimo novena.

3. A partir do 1 de setembro de 2015, as entidades aseguradoras que cumpran o sinalado no artigo 101 poderán solicitar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a aplicación do réxime especial de solvencia regulado no capítulo VIII do título III.

4. En relación coa supervisión a nivel de grupo das entidades aseguradoras e reaseguradoras, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións é competente para:

- a) Determinar o nivel e o ámbito de aplicación da supervisión de grupo, de conformidade cos artigos 133 e 140 a 142.
- b) Identificar o supervisor de grupo, de conformidade co artigo 134.
- c) Establecer un colexio de supervisores, de conformidade co artigo 135.
- d) Autorizar o disposto no número 2, letras c), h) e i), a nivel de grupo, de conformidade co que se estableza na normativa da Unión Europea de directa aplicación.
- e) Decidir a dedución de calquera participación en entidades de crédito, empresas de servizos de investimento e institucións financeiras vinculadas, tal e como se desenvolve regulamentariamente.
- f) Autorizar a elección do método para calcular a solvencia de grupo, de conformidade co que se dispoña regulamentariamente.
- g) Realizar a valoración sobre a equivalencia, de ser o caso, de conformidade co artigo 154.
- h) Autorizar a aplicación do réxime de xestión centralizada de riscos, de conformidade co artigo 150.

i) Determinar os métodos que garanten unha adecuada supervisión de grupos de terceiros países non equivalentes e determinar o nivel de verificación de equivalencia, de conformidade co disposto regulamentariamente.

5. As resolucións que poñan fin aos procedementos tramitados conforme esta disposición non producirán efectos ata o 1 de xaneiro de 2016, sempre que se ditasen antes desta data.

Disposición adicional décimo sétima. *Obrigatoriedade da comunicación a través de medios electrónicos.*

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá establecer mediante circular a obrigatoriedade de comunicarse con ela por medios electrónicos, nos supostos previstos no artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Disposición adicional décimo oitava. *Réxime de cálculo das provisións técnicas para efectos contables.*

Mentres non se modifique o Real decreto 1317/2008, do 24 de xullo, polo que se aproba o Plan de contabilidade das entidades aseguradoras, para efectos contables, seguirán sendo de aplicación os artigos que se determinen regulamentariamente do Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, e da súa normativa de desenvolvemento.

Disposición adicional décimo novena. *Remisións normativas.*

As referencias normativas efectuadas noutras disposicións ao texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, entenderanse efectuadas aos preceptos correspondentes desta lei.

Disposición adicional vixésima. *Reasignación de recursos.*

As obrigas derivadas do cumprimento desta lei atenderanse mediante reasignación dos recursos ordinarios do Ministerio de Economía e Competitividade, sen requirir dotacións adicionais.

Disposición transitoria primeira. *Réxime das mutuas de seguros, mutualidades de previsión social e cooperativas a prima variable.*

As mutuas de seguros a prima variable e as mutualidades de previsión social a prima variable que, no momento da entrada en vigor desta lei, estean autorizadas para o exercicio da actividade aseguradora de acordo co previsto no texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, así como as mutualidades de previsión social e cooperativas a prima variable que, de conformidade co previsto no artigo 69.2 b) do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, fosen autorizadas para o exercicio da actividade aseguradora nalgunha das comunidades autónomas no ámbito das súas competencias, non poderán seguir exercendo a actividade aseguradora con esa forma xurídica.

No prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, as mutuas de seguro a prima variable deberanse transformar en mutuas de seguros a prima fixa, en sociedades anónimas ou ben acordar a súa disolución e liquidación. As mutualidades de previsión social e as cooperativas a prima variable poderanse transformar adicionalmente en

mutualidades de previsión social a prima fixa e en cooperativas a prima fixa, respectivamente.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio de adaptación ás contías mínimas de capital social e fondo mutual.*

1. As entidades aseguradoras que, no momento da entrada en vigor desta lei, sigan acollidas ao réxime previsto na disposición adicional sexta do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, poderán seguir mantendo o dito réxime, sempre que teñan adecuadamente calculadas, contabilizadas e investidas as provisións técnicas, dispoñan do capital de solvencia obrigatorio e do capital mínimo obrigatorio legalmente exixible e non estean incurso nun procedemento de medidas de control especial, nin estean incurso en causas de disolución ou revogación da autorización administrativa.

2. As entidades que optasen polo disposto no punto anterior e deixen de cumprir algún dos requisitos exixidos neste deberán someter á autorización da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións un plan de viabilidade desde o momento en que deixen de cumprir os ditos requisitos. Se a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións autoriza o plan de viabilidade, fixará as condicións e o prazo, que non poderá ser superior a dous anos, en que as ditas entidades deberán alcanzar, en todo caso, o capital social ou fondo mutual mínimos exixidos polos artigos 33 ou 34 desta lei, segundo proceda. O incumprimento do prazo previsto, en relación co plan de viabilidade, será causa de disolución.

3. As entidades aseguradoras que optasen polo disposto no número 1 poderán manter a actividade nos ramos en que estivesen autorizadas, pero sen ampliála a outros ramos distintos.

Disposición transitoria terceira. *Procedementos administrativos en curso.*

Os procedementos administrativos iniciados antes da entrada en vigor desta lei rexeranse pola normativa anterior.

Disposición transitoria cuarta. *Réxime transitorio nas condicións de exercicio das mutualidades de previsión social que non obtivesen autorización administrativa de ampliación de prestacións.*

1. Desde o 1 de setembro ata o 31 de decembro de 2015, as mutualidades de previsión social que non teñan autorización para ampliación de prestacións poderán solicitar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións acollerse ao réxime especial previsto no artigo 102 desta lei. O prazo máximo de vixencia deste réxime transitorio será de tres anos desde a entrada en vigor desta lei.

2. Para acollerse a este réxime especial deberán presentar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, xunto coa solicitude, un plan de adaptación ao réxime xeral de Solvencia II.

Disposición transitoria quinta. *Réxime de determinadas operacións de seguro realizadas por mutualidades de previsión social ao abeiro do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro. Excepción de límites a prestacións en forma de capital.*

1. As mutualidades de previsión social autorizadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei que, sen teren autorización para ampliación de prestacións, viñesen realizando operacións de seguro de defensa xurídica ou asistencia, ou prestasen axudas familiares para remediar a necesidades motivadas por feitos ou actos xurídicos que impidan temporalmente o exercicio da profesión, poderán seguir realizando estas operacións con carácter indefinido.

As coberturas de riscos que se realicen incumprindo o disposto no parágrafo anterior terán a consideración de operacións prohibidas, conforme o disposto polo artigo 5 desta lei.

2. As mutualidades de previsión social que, ao abeiro da lexislación anterior a esta lei, viñesen garantindo legalmente prestacións ás persoas en contía superior aos límites fixados no artigo 44.1 desta lei poderán seguir garantindo as prestacións que tivesen establecidas, pero non poderán adoptar acordos de aumento ou revalorización das prestacións mentres sigan sendo superiores aos límites mencionados no referido precepto, nin incorporar novos mutualistas a esas pólizas ou regulamentos de prestacións.

Disposición transitoria sexta. *Auxiliares asesores inscritos en 1 de xaneiro de 2016.*

Os auxiliares asesores que o 1 de xaneiro de 2016 figuren inscritos no rexistro previsto no artigo 52 da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados, causarán baixa de oficio, ao ter desaparecido a obriga legal de inscrición.

Disposición transitoria sétima. *Réxime das prestacións sociais autorizadas ás mutualidades de previsión social ao abeiro do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro.*

1. As mutualidades de previsión social que, no momento da entrada en vigor desta lei, tivesen autorización para outorgar prestacións sociais conforme o disposto no artigo 64.2 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, poderán continuar outorgándoas, mesmo cando as prestacións sociais para as cales fosen autorizadas non estean vinculadas ás operacións de seguros a que se refire o artigo 44.1 desta lei, cumprindo as condicións establecidas nel, así como as seguintes:

a) Desde a entrada en vigor desta lei os órganos sociais da mutualidade de previsión social non poderán acordar o outorgamento de novas prestacións sociais a favor das súas mutualistas que non cumpran o disposto no artigo 44.4 desta lei.

b) As que xa fosen acordadas polos órganos sociais con anterioridade á entrada en vigor desta lei poderán seguir outorgándose ata a súa total extinción, sen posibilidade de prórroga.

c) As prestacións sociais que se acorden incumprindo o disposto nas letras a) e b) deste punto terán a consideración de operacións prohibidas conforme o disposto polo artigo 5 desta lei.

2. As mutualidades de previsión social que, no momento da entrada en vigor desta lei, tivesen autorización para outorgar prestacións sociais ao abeiro do disposto no artigo 64.2 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, e sempre que as prestacións sociais para as cales fosen autorizadas se axusten ao disposto polo artigo 44.1 desta lei, poderán seguir outorgándoas nos termos exixidos por este último precepto.

Disposición transitoria oitava. *Réxime transitorio da actividade reaseguradora das federacións de mutualidades de previsión social.*

Os contratos de reaseguro subscritos entre as mutualidades de previsión social e as federacións de mutualidades de previsión social ao abeiro do disposto en lexislacións anteriores, que se encontren vixentes no momento da entrada en vigor desta lei, poderanse manter ata o seu vencemento, sen posibilidade de renovación ou prórroga.

Disposición transitoria novena. *Réxime transitorio do capital mínimo obrigatorio.*

1. As entidades aseguradoras e reaseguradoras que, no momento da entrada en vigor desta lei, cumpran a marxe de solvencia establecida no artigo 17 do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2004, do 29 de outubro, e pola súa normativa de desenvolvemento, pero non dispoñan de fondos propios básicos admisibles suficientes para cubrir o capital mínimo obrigatorio conforme o artigo 78 desta lei, estarán obrigadas a cumprir o establecido neste último precepto antes do 31 de decembro de 2016. En caso contrario, revogarase a autorización administrativa para desenvolver a actividade aseguradora ou reaseguradora.

O anterior non impedirá a aplicación, cando proceda, das medidas de control especial que resulten pertinentes.

2. Ata o 31 de decembro de 2017, as porcentaxes previstas no primeiro parágrafo do artigo 78.3 desta lei para o cálculo do límite do capital mínimo obrigatorio aplicaranse exclusivamente ao capital de solvencia obrigatorio, sen incluír calquera capital de solvencia obrigatorio adicional exixido.

Disposición transitoria décima. *Ámbito de aplicación do réxime especial de solvencia.*

Desde o 1 de setembro ata o 31 de decembro de 2015, as entidades aseguradoras domiciliadas en España que non realicen actividades en réxime de dereito de establecemento ou de libre prestación de servizos noutros Estados membros nin en terceiros países poderán acollerse ao réxime especial de solvencia regulado no capítulo VIII do título III, cando o soliciten á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e acrediten que cumpren todas as condicións que regulamentariamente se establezan durante o exercicio anterior á solicitude.

Disposición transitoria décimo primeira. *Entidades aseguradoras e reaseguradoras que a partir do 1 de xaneiro de 2016 non subscriban novos contratos.*

1. As entidades aseguradoras e reaseguradoras que a partir do 1 de xaneiro de 2016 non subscriban novos contratos de seguro ou reaseguro e xestionen exclusivamente a súa carteira de contratos existente para poñer fin ás súas actividades non estarán suxeitas aos títulos I a V desta lei, sempre e cando cumpran algunha das condicións seguintes:

a) A entidade comunícase á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións que cesará a súa actividade antes do 1 de xaneiro de 2019.

b) A entidade sexa obxecto de medidas de reorganización previstas no título VI desta lei e se nomease un administrador.

2. As entidades a que se refire o número 1 estarán suxeitas ao disposto nos títulos I a V desta lei a partir das seguintes datas:

a) Para as do número 1.a), a partir do 1 de xaneiro de 2019 ou a partir dunha data anterior se a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións non está satisfeita cos progresos realizados con vistas á cesación da actividade da entidade.

b) Para as do número 1.b), a partir do 1 de xaneiro de 2021 ou a partir dunha data anterior se a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións non está satisfeita cos progresos realizados con vistas ao cesamento da actividade da entidade.

3. Para poderse acoller a esta medida transitoria, as entidades aseguradoras e reaseguradoras deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Se a entidade forma parte dun grupo, todas as entidades que forman parte del deben deixar de subscribir novos contratos de seguros ou de reaseguros.

b) Presentar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións un informe anual en que estableza os progresos realizados con vistas ao cesamento da súa actividade.

c) Notificar á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a aplicación desta medida transitoria.

4. Esta medida transitoria non impedirá que ningunha entidade poida operar de acordo con esta lei e co seu regulamento de desenvolvemento.

Disposición transitoria décimo segunda. *Vixencia temporal.*

Sen prexuízo do disposto na disposición adicional décimo oitava, ata que se diten as disposicións regulamentarias de desenvolvemento desta lei manterán a súa vixencia o Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 decembro; o Regulamento de mutualidades de previsión social, aprobado polo Real decreto 1430/2002, do 27 de decembro; o Plan de contabilidade das entidades aseguradoras, aprobado polo Real decreto 1317/2008, do 24 de xullo, e as demais disposicións de carácter xeral ditadas en desenvolvemento do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, en todo o que non se opoñan a esta lei.

Disposición transitoria décimo terceira. *Réxime transitorio das modificacións introducidas na Lei de contrato de seguro a través da disposición derradeira primeira desta lei.*

As entidades aseguradoras dispoñerán dun prazo de seis meses para adaptar as pólizas que se comercialicen a partir da entrada en vigor desta lei ás modificacións introducidas a través da súa disposición derradeira primeira na Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro. Transcorrido este e durante un prazo máximo dun ano, as entidades de seguros adaptarán, no momento da súa renovación, as pólizas correspondentes aos contratos vixentes. Non obstante, serán de aplicación directa aqueles preceptos que teñan carácter imperativo desde a entrada en vigor desta lei.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei e, en particular, as seguintes:

- a) Os artigos 33.a), 75 e a definición de grandes riscos do artigo 107.2 da Lei 50/1980, de contrato de seguro.
- b) O Real decreto 2020/1986, do 22 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de funcionamento da Comisión Liquidadora de Entidades Aseguradoras.
- c) O Real decreto 2226/1986, do 12 de setembro, polo que se confían á Comisión Liquidadora de Entidades Aseguradoras as funcións atribuídas á comisión creada polo Real decreto lei 11/1981, do 20 de agosto.
- d) O Real decreto 731/1987, do 15 de maio, polo que se aproba o Regulamento do Consorcio de Compensación de Seguros, en canto poida estar en vigor.
- e) A Orde do 25 de marzo de 1988 pola que se complementa o Real decreto 2020/1986, do 22 de agosto.
- f) O Real decreto 312/1988, do 30 de marzo, polo que se lle encomenda á Comisión Liquidadora de Entidades Aseguradoras a liquidación das entidades de previsión social.
- g) O Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, excepto os seus artigos 9, 10 e 24 polo que se refire ás mutuas, mutualidades de previsión social e cooperativas de seguros; a disposición adicional sexta; a disposición adicional sétima e a referencia contida na disposición derogatoria do real decreto lexislativo, letra a).8.^a, pola que se mantén en vigor a disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, que deben seguir vixentes.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro.*

Modifícase a Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro, nos seguintes termos:

Un. O número 3 do artigo oitavo queda redactado como segue:

«3. Natureza do risco cuberto, describindo, de forma clara e comprensible, as garantías e coberturas outorgadas no contrato, así como, respecto a cada unha delas, as exclusións e limitacións que as afecten destacadas tipograficamente.»

Dous. O artigo once queda redactado como segue:

«1. O tomador do seguro ou o asegurado deberán durante a vixencia do contrato comunicar ao asegurador, tan pronto como lles sexa posible, a alteración dos factores e as circunstancias declaradas no cuestionario previsto no artigo anterior que agraven o risco e sexan de tal natureza que, se fosen coñecidas por este no momento da perfección do contrato, non o celebraría ou concluiríao en condicións máis gravosas.

2. Nos seguros de persoas o tomador ou o asegurado non teñen obriga de comunicar a variación das circunstancias relativas ao estado de saúde do asegurado, que en ningún caso se considerarán agravación do risco.»

Tres. O artigo vinte e dous queda redactado como segue:

«1. A duración do contrato será determinada na póliza, a cal non poderá fixar un prazo superior a dez anos. Non obstante, poderase establecer que se prorrogue unha ou máis veces por un período non superior a un ano cada vez.

2. As partes poden opoñerse á prórroga do contrato mediante unha notificación escrita á outra parte, efectuada cun prazo de, polo menos, un mes de anticipación á conclusión do período do seguro en curso cando quen se opoña á prórroga sexa o tomador, e de dous meses cando sexa o asegurador.

3. O asegurador deberá comunicar ao tomador, polo menos con dous meses de antelación á conclusión do período en curso, calquera modificación do contrato de seguro.

4. As condicións e os prazos da oposición á prórroga de cada parte, ou a súa inoponibilidade, deberán destacarse na póliza.

5. O disposto nos puntos precedentes non será de aplicación en canto sexa incompatible coa regulación do seguro sobre a vida.»

Catro. Engádesse unha sección quinta, dentro do título III denominada «Seguros de decesos e dependencia», cos seguintes artigos:

«Artigo cento seis bis.

1. Polo seguro de decesos o asegurador queda obrigado, dentro dos límites establecidos neste título e no contrato, a prestar os servizos funerarios pactados na póliza para o caso en que se produza o falecemento do asegurado.

O exceso da suma asegurada sobre o custo do servizo prestado polo asegurador corresponderá ao tomador ou, na súa falta, aos herdeiros.

2. No suposto de que o asegurador non puidese proporcionar a prestación por causas alleas á súa vontade, forza maior ou por se ter realizado o servizo a través doutros medios distintos aos ofrecidos pola aseguradora, o asegurador quedará obrigado a satisfacer a suma asegurada aos herdeiros do asegurado falecido e non será responsable da calidade dos servizos prestados.

3. En caso de concorrencia de seguros de decesos nunha mesma aseguradora, o asegurador estará obrigado a devolver, por pedimento do tomador,

as primas pagadas da póliza que decidise anular desde que se produciu a concorrencia.

4. En caso de falecemento, se se produce a concorrencia de seguros de decesos en máis dunha aseguradora, o asegurador que non puidese cumprir coa súa obriga de prestar o servizo funerario nos termos e condicións previstos no contrato, virá obrigado ao pagamento da suma asegurada aos herdeiros do asegurado falecido.

5. A oposición á prórroga do contrato só poderá ser exercida polo tomador.

Artigo cento seis ter.

1. Polo seguro de dependencia o asegurador queda obrigado, dentro dos límites establecidos neste título e no contrato, para o caso de que se produza a situación de dependencia, ao cumprimento da prestación convida coa finalidade de atender, total ou parcialmente, directa ou indirectamente, as consecuencias prexudiciais para o asegurado que deriven da dita situación.

2. Para os efectos deste artigo, enténdese por situación de dependencia a prevista na normativa reguladora da promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

3. A prestación de asegurador poderá consistir en:

- a) Aboarlle ao asegurado o capital ou a renda convida.
- b) Reembolsarlle ao asegurado os gastos derivados da asistencia.
- c) Garantirle ao asegurado a prestación dos servizos de asistencia; o asegurador deberá poñer á disposición do asegurado os ditos servizos e asumir directamente o seu custo.

4. A oposición á prórroga do contrato só poderá ser exercida polo tomador.

Artigo cento seis quáter.

Nos seguros de asistencia sanitaria, dependencia e de decesos, as entidades aseguradoras garantirán aos asegurados a liberdade de elección do prestador do servizo, dentro dos límites e condicións establecidos no contrato. Nestes casos, a entidade aseguradora deberá poñer á disposición do asegurado, de forma facilmente accesible, unha relación de prestadores de servizos que garanta unha efectiva liberdade de elección, salvo naqueles contratos en que expresamente se prevexa un único prestador.

Nos seguros de decesos será de aplicación o disposto no artigo 106 bis.2 cando os herdeiros contratasen os servizos por medios distintos aos ofrecidos pola aseguradora, conforme o parágrafo anterior.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2016, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social:

Un. Suprímese o número 2 do punto nove do artigo 12.

Dous. Suprímese o número catorce do artigo 12.

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.*

Modifícase a Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, nos seguintes termos:

Un. O número 1 do artigo 19 queda redactado como segue:

«1. O réxime de garantías exixibles para as obras de edificación comprendidas no artigo 2 desta lei farase efectivo de acordo coa obrigatoriedade que se estableza

en aplicación da disposición adicional segunda, tendo como referente as seguintes garantías:

a) Seguro de danos materiais, seguro de caución ou garantía financeira, para garantir, durante un ano, o resarcimento dos danos materiais por vicios ou defectos de execución que afecten elementos de terminación ou acabamento das obras, que poderá ser substituído pola retención polo promotor dun 5 por 100 do importe da execución material da obra.

b) Seguro de danos materiais, seguro de caución ou garantía financeira, para garantir, durante tres anos, o resarcimento dos danos causados por vicios ou defectos dos elementos construtivos ou das instalacións que ocasionen o incumprimento dos requisitos de habitabilidade do número 1, letra c), do artigo 3.

c) Seguro de danos materiais, seguro de caución ou garantía financeira, para garantir, durante dez anos, o resarcimento dos danos materiais causados no edificio por vicios ou defectos que teñan a súa orixe ou afecten a cimentación, os soportes, as vigas, os forxados, os muros de carga ou outros elementos estruturais, e que comprometan directamente a resistencia mecánica e a estabilidade do edificio.»

Dous. Modifícase a disposición adicional primeira, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional primeira. *Percepción de cantidades á conta do prezo durante a construción.*

Un. Obrigas dos promotores que perciban cantidades anticipadas.

1. As persoas físicas e xurídicas que promovan a construción de toda clase de vivendas, incluídas as que se realicen en réxime de comunidade de propietarios ou sociedade cooperativa, e que pretendan obter dos adquirentes entregas de diñeiro para a súa construción, deberán cumprir as condicións seguintes:

a) Garantir, desde a obtención da licenza de edificación, a devolución das cantidades entregadas máis os xuros legais, mediante contrato de seguro de caución suscrito con entidades aseguradoras debidamente autorizadas para operar en España, ou mediante aval solidario emitido por entidades de crédito debidamente autorizadas, para o caso de que a construción non se inicie ou non chegue a bo fin no prazo convindo para a entrega da vivenda.

b) Percibir as cantidades anticipadas polos adquirentes a través de entidades de crédito nas cales se deberán depositar en conta especial, con separación de calquera outra clase de fondos pertencentes ao promotor, incluído o suposto de comunidades de propietarios ou sociedade cooperativa, e das que unicamente poderá dispoñer para as atencións derivadas da construción das vivendas. Para a apertura destas contas ou depósitos, a entidade de crédito, baixo a súa responsabilidade, exixira a garantía a que se refire a condición anterior.

2. A garantía estenderase ás cantidades achegadas polos adquirentes, incluídos os impostos aplicables, máis o xuro legal do diñeiro.

Dous. Requisitos das garantías.

1. Para que un contrato de seguro de caución poida servir como garantía das cantidades anticipadas na construción e venda de vivendas deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Suscribirse unha póliza de seguro individual por cada adquirente, na cal se identifique o inmovible para cuxa adquisición se entregan de forma anticipada as cantidades ou os efectos comerciais.

b) A suma asegurada incluírá a contía total das cantidades anticipadas no contrato de compravenda, de adhesión á promoción ou fase da cooperativa ou

instrumento xurídico equivalente, incluídos os impostos aplicables, incrementada no xuro legal do diñeiro desde a entrega efectiva do anticipo ata a data prevista da entrega da vivenda polo promotor.

c) Será tomador do seguro o promotor, a quen lle corresponderá o pagamento da prima por todo o período de seguro ata a elevación a escritura pública do contrato de compravenda, de adhesión á promoción ou fase da cooperativa ou instrumento xurídico equivalente.

d) Corresponde a condición de asegurado ao adquirente ou adquirentes que figuren no contrato de compravenda.

e) O asegurador non poderá opoñer ao asegurado as excepcións que lle poidan corresponder contra o tomador do seguro. A falta de pagamento da prima polo promotor non será, en ningún caso, excepción opoñible.

f) A duración do contrato non poderá ser inferior á do compromiso para a construción e a entrega das vivendas. En caso de que se conceda prórroga para a entrega das vivendas, o promotor poderá prorrogar o contrato de seguro mediante o pagamento da correspondente prima, e deberá informar o asegurado da dita prórroga.

g) A entidade aseguradora poderá comprobar durante a vixencia do seguro os documentos e datos do promotor-tomador que garden relación coas obrigas contraídas fronte aos asegurados.

h) En caso de que a construción non se inicie ou non chegue a bo fin no prazo convindo, o asegurado, sempre que requirise de maneira fidedigna o promotor para a devolución das cantidades achegadas á conta, incluídos os impostos aplicables e os seus xuros, e este no prazo de trinta días non procedese á súa devolución, poderá reclamar ao asegurador o aboamento da indemnización correspondente. Igualmente, o asegurado poderá reclamar directamente ao asegurador cando non resulte posible a reclamación previa ao promotor.

O asegurador deberá indemnizar o asegurado no prazo de trinta días contados desde que formule a reclamación.

i) En ningún caso serán indemnizables as cantidades que non se acredite que foron achegadas polo asegurado, aínda que se inclúsen na suma asegurada do contrato de seguro, por se ter pactado a súa entrega adiada no contrato de cesión.

j) O asegurador poderá reclamar ao promotor-tomador as cantidades satisfeitas aos asegurados e, para este efecto, subrogarase nos dereitos que correspondan a estes.

k) No caso de que a entidade aseguradora satisfíxese a indemnización ao asegurado como consecuencia do sinistro cuberto polo contrato de seguro, o promotor non poderá allear a vivenda sen ter resarcido previamente á entidade aseguradora pola cantidade indemnizada.

l) En todo o non especificamente disposto, seralle de aplicación a Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro.

2. Para que un aval poida servir como garantía das cantidades anticipadas na construción e venda de vivendas, deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Deberá ser emitido e mantido en vigor pola entidade de crédito, pola contía total das cantidades anticipadas no contrato de compravenda, de adhesión á promoción ou fase da cooperativa ou instrumento xurídico equivalente, incluídos os impostos aplicables, incrementada no xuro legal do diñeiro desde a entrega efectiva do anticipo ata a data prevista da entrega da vivenda polo promotor.

b) En caso de que a construción non se inicie ou non chegue a bo fin no prazo convindo, o beneficiario, sempre que requirise de maneira fidedigna o promotor para a devolución das cantidades entregadas á conta, incluídos os impostos aplicables e os seus xuros, e este no prazo de trinta días non procedese á súa devolución, poderá exixir ao avalista o aboamento das ditas cantidades. Igualmente, o

beneficiario poderá reclamar directamente ao avalista cando non resulte posible a reclamación previa ao promotor.

c) Transcorrido un prazo de dous anos, contado desde o incumprimento polo promotor da obriga garantida sen que fose requirido polo adquirente para a rescisión do contrato e a devolución das cantidades anticipadas, producirase a caducidade do aval.

Tres. Información contractual.

Nos contratos para a adquisición de vivendas en que se pacte a entrega ao promotor, incluído o suposto de comunidades de propietarios ou sociedade cooperativa, de cantidades anticipadas, deberase facer constar expresamente:

a) Que o promotor se obriga á devolución ao adquirente das cantidades percibidas á conta, incluídos os impostos aplicables, máis os xuros legais en caso de que a construción non se inicie ou remate nos prazos convidados que se determinen no contrato, ou non se obteña a cédula de habitabilidade, licenza de primeira ocupación ou o documento equivalente que faculden para a ocupación da vivenda.

b) Referencia ao contrato de seguro ou aval bancario que se recollen no número un.1.a) desta disposición, con indicación da denominación da entidade aseguradora ou da entidade avalista.

c) Designación da entidade de crédito e da conta a través da cal o adquirente debe facer entrega das cantidades que se comprometese a anticipar como consecuencia do contrato celebrado.

No momento do outorgamento do contrato de compravenda, o promotor, incluído o suposto de comunidades de propietarios ou sociedade cooperativa, fará entrega ao adquirente do documento que acredite a garantía, referida e individualizada ás cantidades que deben ser anticipadas á conta do prezo.

Catro. Execución da garantía.

Se a construción non se chega a iniciar ou a vivenda non é entregada, o adquirente poderá optar entre a rescisión do contrato con devolución das cantidades entregadas á conta, incluídos os impostos aplicables, incrementadas nos xuros legais, ou conceder ao promotor prórroga, que se fará constar nunha cláusula adicional do contrato outorgado, especificando o novo período coa data de terminación da construción e entrega da vivenda.

Cinco. Cancelación da garantía.

Unha vez expedida a cédula de habitabilidade, a licenza de primeira ocupación ou o documento equivalente que faculden para a ocupación da vivenda polo órgano administrativo competente e acreditada polo promotor a entrega da vivenda ao adquirente, cancelaranse as garantías outorgadas pola entidade aseguradora ou avalista. Cumpridas as condicións anteriores, producirase igual efecto se o adquirente refusase recibir a vivenda.

Seis. Publicidade da promoción de vivendas.

Na publicidade da promoción de vivendas con percepción de cantidades á conta con anterioridade á iniciación das obras ou durante o período de construción, será obrigatorio facer constar que o promotor axustará a súa actuación e contratación ao cumprimento dos requisitos establecidos na presente lei, facendo mención expresa da entidade aseguradora ou avalista garante, así como da entidade de crédito na cal figura aberta a conta especial en que se deberán ingresar as cantidades anticipadas.

Sete. Infraccións e sancións.

O incumprimento das obrigas impostas neste disposición constitúe infracción en materia de consumo. Aplicarase o disposto no réxime sancionador xeral sobre protección dos consumidores e usuarios previsto na lexislación xeral e na normativa autonómica correspondente, sen prexuízo das competencias atribuídas pola normativa vixente á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

O incumprimento da obriga de constituír garantía a que se refire o número un.1 desta disposición dará lugar a unha sanción de ata o 25 por 100 das cantidades cuxa devolución deba ser asegurada ou a que corresponda segundo o disposto na normativa propia das comunidades autónomas.

Ademais do anterior, impoñeránselle ao promotor, incluído o suposto de comunidades de propietarios ou sociedade cooperativa, as infraccións e sancións que poidan corresponder conforme a lexislación específica en materia de ordenación da edificación.

Oito. Desenvolvemento regulamentario.

Reglamentariamente poderán determinarse os organismos públicos de promoción de vivendas que se exceptúen dos requisitos establecidos nesta disposición adicional.

O Goberno poderá ditar as disposicións complementarias para o desenvolvemento do disposto nesta disposición adicional.»

Tres. Engádesse unha disposición transitoria terceira, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria terceira. *Adaptación ao réxime introducido pola disposición adicional primeira «Percepción de cantidades á conta do prezo durante a construción», na súa redacción dada pola Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades aseguradoras e reaseguradoras, que modifica a Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.*

As entidades aseguradoras deberán, antes do 1 de xullo de 2016 e para as cantidades que se entreguen á conta a partir desa data, adaptar as pólizas vixentes en 1 de xaneiro de 2016 ao réxime introducido pola disposición derradeira terceira. dous da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades aseguradoras e reaseguradoras, pola que se modifica a disposición adicional primeira «Percepción de cantidades á conta do prezo durante a construción» da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.»

Catro. Engádesse unha disposición derogatoria terceira coa seguinte redacción:

«Disposición derogatoria terceira.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei e, en particular, as seguintes:

- a) A Lei 57/1968, do 27 de xullo, sobre percepción de cantidades anticipadas na construción e venda de vivendas.
- b) O Decreto 3114/1968, do 12 de decembro, sobre aplicación da Lei 57/1968, do 27 de xullo, ás comunidades e cooperativas de vivendas.
- c) A Orde do 29 de novembro de 1968 sobre o seguro de afianzamento de cantidades anticipadas para vivendas, no que poida estar en vigor.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro.*

Modifícase o texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2002, do 29 de novembro, nos seguintes termos:

Un. O artigo 2 queda redactado como segue:

«Artigo 2. *Natureza dos fondos de pensións.*

Os fondos de pensións son patrimonios creados co exclusivo obxecto de dar cumprimento a plans de pensións, cuxa xestión, custodia e control se realizarán de acordo coa presente lei.

Tamén se poderán crear fondos de pensións abertos co obxecto de canalizar os investimentos doutros fondos de pensións, segundo o previsto no artigo 11 ter.»

Dous. O número 2 do artigo 10 queda redactado como segue:

«2. Fixaranse regulamentariamente as condicións a que se suxeitarán as relacións entre o plan e o fondo de pensións e, en particular, as referentes ao traspaso da conta de posición do plan desde un fondo de pensións a outro, así como á liquidación do plan. Regulamentariamente poderanse establecer as condicións e os requisitos en que a comisión de control dun plan de pensións adscrito a un fondo pode canalizar recursos da súa conta de posición a outros fondos de pensións ou adscribirse a varios, xestionados, de ser o caso, por diferentes entidades xestoras.»

Tres. Os números 9 e 10 do artigo 11 quedan redactados como segue:

«9. En relación cos procesos de investimento desenvolvidos, os fondos de pensións poderán encadrarse dentro de dous tipos:

a) Fondo pechado, que instrumenta exclusivamente os investimentos do plan ou plans de pensións integrados nel.

b) Fondo aberto, caracterizado por poder canalizar os investimentos doutros fondos de pensións e de plans de pensións adscritos a outros fondos, de acordo co previsto no artigo 11 ter.

10. Nos fondos de pensións que integran plans de pensións de prestación definida poderase requirir a constitución dun patrimonio inicial mínimo, segundo niveis fixados regulamentariamente, en razón das garantías exixidas para o seu correcto desenvolvemento financeiro.»

Catro. Introdúcese un novo artigo 11 ter coa seguinte redacción:

«Artigo 11 ter. *Fondos de pensións abertos.*

1. Poderanse constituír fondos de pensións abertos co obxecto de canalizar investimentos doutros fondos de pensións e de plans de pensións adscritos a outros fondos de pensións, de acordo co previsto neste artigo.

Os fondos de pensións abertos encadraranse necesariamente nunha das categorías seguintes:

a) Fondos de pensións abertos de emprego, destinados a canalizar investimentos de fondos de pensións de emprego. Nos termos que se establezan regulamentariamente, os plans de pensións do sistema de emprego tamén poderán canalizar recursos da súa conta de posición a fondos de pensións abertos de emprego.

b) Fondos de pensións abertos persoais, destinados a canalizar investimentos de fondos de pensións persoais. Nos termos que se establezan regulamentariamente, os plans de pensións do sistema individual e asociado tamén poderán canalizar recursos da súa conta de posición a fondos de pensións abertos persoais.

Cada un dos fondos de pensións investidores e dos plans de pensións investidores terá unha conta de participación no fondo aberto.

A integración directa de plans de pensións en fondos de pensións abertos será potestativa e, en todo caso, deberá ser da mesma categoría de emprego ou persoal.

2. Nos fondos de pensións abertos de emprego constituirase unha comisión de control do fondo formada por representantes dos fondos e plans de pensións investidores e, se é o caso, dos plans integrados directamente, que serán designados polas comisións de control dos ditos fondos e plans entre os seus membros. Mentres exista un único fondo investidor ou un único plan de pensións investidor ou integrado, a comisión de control deste exercerá como comisión de control do fondo de pensións aberto.

Nos fondos de pensións abertos persoais non será precisa a constitución dunha comisión de control do fondo aberto e corresponderán, se é o caso, á entidade xestora as funcións que a normativa lle atribúe a aquela.

A comisión de control do fondo de pensións aberto rexeráse polo disposto no artigo 14 e nas normas que o desenvolvan regulamentariamente, entendendo, se é o caso, realizadas a fondos de pensións investidores ou plans de pensións investidores as referencias a plans de pensións.

Os gastos de funcionamento da comisión de control do fondo de pensións aberto serán soportados polo fondo, aínda que se poderá acordar a súa asunción total ou parcial polas entidades xestoras ou depositarias ou promotoras dos plans de pensións.

3. Para a constitución dun fondo de pensións aberto precisarase o acordo das entidades xestora e depositaria.

Os fondos de pensións abertos constituiranse, logo de autorización administrativa, de acordo co procedemento regulado nos artigos 11 e 11 bis coas especificacións que, se é o caso, se establezan regulamentariamente. A súa denominación deberá ir seguida, en todo caso, da expresión «fondo de pensións aberto».

A escritura pública de constitución do fondo de pensións aberto deberá incluír as súas normas de funcionamento, nas cales se especificará o seu ámbito de actuación expresando o seu obxecto como fondo aberto, a súa categoría de emprego ou persoal e os contidos mínimos previstos no artigo 11.2.c), no que sexan de aplicación, entendendo, se é o caso, realizada a contas de participación a referencia a contas de posición.

Un fondo de pensións pechado de emprego ou persoal poderase converter en fondo de pensións aberto, nos termos establecidos regulamentariamente.

4. Os fondos de pensións abertos rexeranse polas disposicións desta lei e polas súas normas de desenvolvemento relativas a fondos de pensións que non sexan específicas dos fondos de emprego ou persoais destinados exclusivamente a integrar plans de pensións, entendendo, se é o caso, realizadas a fondos de pensións investidores ou plans de pensións investidores as referencias a plans de pensións.

Reglamentariamente poderán regularse requisitos e condicións específicos para a actividade e o funcionamento dos fondos de pensións abertos e, en particular, poderase exixir un patrimonio mínimo.

Serán aplicables aos fondos de pensións abertos as disposicións do capítulo IX entendendo realizadas, se é o caso, aos fondos de pensións investidores e plans de pensións investidores as referencias a plans de pensións.»

Cinco. A letra g) do número 1 do artigo 20 queda redactada como segue:

«Aos socios e ás persoas físicas membros do consello de administración, así como aos directores xerais e asimilados a estes últimos das entidades xestoras de fondos de pensións, resultaralles de aplicación o disposto nos artigos 36 e 38 da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, sen prexuízo da súa concreción regulamentaria.»

Seis. O número 6 do artigo 20 queda redactado como segue:

«6. Será causa de disolución das entidades xestoras de fondos de pensións, ademais das enumeradas no artigo 363 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, a revogación da autorización administrativa, salvo que a propia entidade renuncie á dita autorización. Tal renuncia estará unicamente motivada pola modificación do seu obxecto social para desenvolver unha actividade distinta ao obxecto social exclusivo de administración de fondos de pensións a que se refire a letra c) do número 1 precedente.

O acordo de disolución, ademais da publicidade que prevén o artigo 369 da Lei de sociedades de capital, inscribírase no Rexistro Administrativo e publicarase no “Boletín Oficial del Estado” e a entidade extinguida cancelárase no rexistro administrativo, ademais de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 396 da Lei de sociedades de capital.

Non obstante o anterior, a disolución, liquidación e extinción das entidades aseguradoras autorizadas como xestoras de fondos de pensións rexeranse pola normativa específica da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras.»

Sete. Os números 1 e 2 do artigo 24 quedan redactados como segue:

«1. Correspóndelle ao Ministerio de Economía e Competitividade a ordenación e a supervisión administrativa do cumprimento das normas da presente lei, que poderá solicitar das entidades xestoras e depositarias, das entidades ou persoas nas cales delegasen ou externalizasen funcións, dos comercializadores de plans de pensións individuais, dos promotores dos plans de pensións, das comisións de control, dos actuarios, así como dos representantes dos fondos de pensións doutros Estados membros, toda a información que sexa precisa para comprobar o correcto cumprimento das disposicións legais e regulamentarias.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións formará parte, na súa condición de autoridade supervisora española en materia de fondos de pensións, da Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación (AESPX), conforme o disposto no Regulamento n.º 1094/2010, do 24 de novembro, do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se crea unha Autoridade Europea de Supervisión. En materia de fondos de pensións será de aplicación o establecido no artigo 17 da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras.

2. Será de aplicación á inspección de entidades xestoras e de plans e fondos de pensións o disposto sobre a inspección de entidades aseguradoras no capítulo IV do título IV da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras.

Na falta de mención expresa en contrario nas especificacións dos plans de pensións ou nas normas de funcionamento dos fondos de pensións, todas as actuacións derivadas da inspección dos plans e fondos de pensións, excepto as que se refiran ás persoas físicas, se entenderán notificadas cando a comunicación se efectúe ante a entidade xestora correspondente.

Así mesmo, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá ordenar a inspección das entidades depositarias de fondos de pensións para comprobar o

correcto cumprimento da normativa relativa aos plans e fondos de pensións. Neste caso, informárase da orde de inspección o ente ou órgano administrativo ao cal, se é o caso, correspondan o control e a supervisión da entidade, e poderá solicitar daquel a súa actuación ou asistencia nos supostos que sexa preciso; será aplicable, igualmente, o disposto sobre a inspección de entidades aseguradoras no citado capítulo IV do título IV da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras.»

Oito. Os números 4 e 5 do artigo 24 quedan redactados como segue:

«4. Os datos, documentos e informacións que estean en poder do Ministerio de Economía e Competitividade no exercicio das súas funcións de ordenación e supervisión dos fondos de pensións, salvo os contidos nos rexistros administrativos de carácter público, terán carácter reservado.

Todas as persoas que exerzan ou exercesen unha actividade de ordenación e supervisión en materia de fondos de pensións, así como aquelas ás cales o Ministerio de Economía e Competitividade encomendase funcións respecto delas, están sometidas ao deber de segredo profesional nos mesmos termos e coas mesmas responsabilidades e excepcións establecidas no capítulo V do título IV da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras.

5. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá ordenar a inspección das funcións transferidas a un terceiro, así como as de comercialización de plans de pensións, para comprobar se se desenvolven de conformidade coa normativa de plans e fondos de pensións. Neste caso, informárase da orde de inspección o ente ou órgano administrativo ao cal, se é o caso, correspondan o control e a supervisión do prestador do servizo, e poderá solicitar daquel a súa actuación ou asistencia nos supostos en que sexa necesario; será aplicable o disposto sobre a inspección de entidades aseguradoras no citado capítulo IV do título IV da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras.»

Novo. Engádese unha nova letra d) no número 2 do artigo 31 coa seguinte redacción:

«d) Cando transcorra un ano sen que o fondo de pensións aberto canalice ningún investimento doutros fondos de pensións nin de plans de pensións nin integre ningún plan de pensións, ou cando se aprecie a falta efectiva de actividade nos termos que regulamentariamente se determinen.»

Dez. Os números 2 e 3 do artigo 34 quedan redactados como segue:

«2. Con independencia da sanción administrativa que, se é o caso, proceda impoñer, as medidas de control especial, de acordo coas características da situación, poderán consistir en:

1.º Respecto das entidades xestoras poderase adoptar calquera das medidas que para as entidades aseguradoras se regulan nos artigos 160 e 161 da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, na medida que lles sexan aplicables, coa peculiaridade de que a referencia que nos ditos preceptos se fai á suspensión da contratación de novos seguros pola entidade aseguradora ou a aceptación de reaseguro e a prohibición de prórroga dos contratos de seguro xa celebrados debe entenderse como a suspensión da xestión e administración de novos fondos de pensións pola entidade xestora.

Ademais, poderase adoptar a medida de suspender a entidade xestora nas súas funcións de administración do fondo ou fondos de pensións, caso en que a comisión de control do fondo deberá designar unha entidade que substitúa a anterior, logo de

autorización da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, quen poderá proceder á súa designación se aquela non o fixer.

2.º Respecto dos plans e fondos de pensións poderanse adoptar, así mesmo, as medidas reguladas nos artigos 160 e 161 da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, na medida en que lles sexan aplicables, coas seguintes peculiaridades: que o plan de financiamento ou de recuperación deben ser aprobados pola comisión de control do plan de pensións ou fondo de pensións, que a suspensión da contratación de novos seguros ou de aceptación de reaseguro e a prohibición de prórroga dos contratos de seguro xa celebrados queda substituída pola medida de suspensión da integración de novos plans de pensións ou de novos partícipes nos plans de pensións, e que as referencias que nos ditos preceptos se fan á entidade aseguradora ou aos seus órganos de administración deben entenderse feitas, respectivamente, ao plan ou fondo de pensións ou, segundo os casos, ás entidades xestoras ou depositarias ou ás comisións de control do fondo ou dos plans de pensións.

3.º Así mesmo, como medida de control especial complementaria das recollidas nos puntos anteriores, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá acordar a intervención da entidade xestora e do fondo ou fondos de pensións para garantir o seu correcto cumprimento, de conformidade co establecido no artigo 163 da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras.

3. En todo o demais será de aplicación, en materia de medidas de control especial que se deben adoptar sobre entidades xestoras e plans e fondos de pensións, o disposto nos artigos 164 e 165 da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, sobre procedemento administrativo de adopción de medidas de control especial e substitución provisional dos órganos de administración, pero entendéndose feitas á comisión de control ou, se é o caso, á entidade xestora as referencias aos órganos de administración da entidade aseguradora, cando as medidas que se van adoptar o sexan sobre plans e fondos de pensións.

O xuíz que declare en concurso unha entidade xestora ou depositaria de fondos de pensións procederá de inmediato á notificación da resolución á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións. Esta última poderá solicitar aos xuíces dos concursos información acerca do estado e evolución dos procedementos concursais que afecten entidades xestoras e depositarias de fondos de pensións.»

Once. O artigo 36 queda redactado como segue:

«Artigo 36. *Sancións administrativas.*

1. Ás entidades e persoas referidas no número 1 do artigo 35 desta lei, salvo as mencionadas nos números 2, 3 e 4 seguintes, seranlles aplicables as sancións administrativas previstas nos artigos 198, 199 e 200 da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, aínda que as de suspensión da autorización administrativa efectiva se referirán ao exercicio de actividade como xestora ou depositaria de calquera fondo de pensións ou á habilitación para ser promotor de plans de pensións do sistema individual. Na multa por infracción moi grave prevista na letra c) do artigo 198 da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, entenderase por volume de negocio as achegas a plans de pensións do último exercicio cerrado con anterioridade á comisión da infracción. Para estes efectos, computaranse as seguintes achegas: en caso das entidades xestoras e depositarias, a totalidade de achegas aos plans de pensións baixo a súa xestión e custodia, respectivamente; en caso de promotores de plans distintos das entidades xestoras e depositarias, a totalidade das achegas

aos plans de pensións dos cales son promotores; en caso de persoas ou entidades nas cales se delegasen funcións, a totalidade das achegas aos plans de pensións adscritos aos fondos de pensións a que afecte esa delegación; e, en caso de liquidadores distintos de entidades xestoras ou depositarias, a totalidade das achegas a plans de pensións adscritos aos fondos de pensións a que afecte a liquidación.

2. Os expertos actuarios e as entidades en que desenvolvan a súa actividade, polas súas actuacións en relación cos plans e fondos de pensións, serán sancionados pola comisión de infraccións moi graves cunha das seguintes sancións: prohibición de emitir os seus ditames na materia por un período non superior a dez anos nin inferior a cinco ou multa por importe desde 150.253,02 euros ata 300.506,05 euros. Pola comisión de infraccións graves impoñeráse aos actuarios unha das seguintes sancións: prohibición de emitir ditames na materia nun período de ata cinco anos ou multa por importe desde 30.050,61 euros ata 150.253,02 euros. Pola comisión de infraccións leves impoñeráselle ao actuario a sanción de multa, que poderá alcanzar ata o importe de 30.050,61 euros. Se o actuario actúa en nome dunha sociedade, as mesmas sancións serán aplicables, ademais, á dita sociedade.

3. Será de aplicación aos cargos de administración e dirección das entidades referidas no número 1 do artigo 35 desta lei, excepto aos que desenvolvan a súa actividade en entidades comercializadoras, o réxime de responsabilidade que para os cargos de administración ou de dirección de entidades aseguradoras regulan os artigos 191, 202, 203 e 204 da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, aínda que a inhabilitación para exercer cargos de administración ou dirección a que se refire a letra a) do artigo 202 o será, segundo os casos, en calquera entidade xestora ou depositaria, en calquera entidade en que os actuarios desenvolvan a súa actividade ou, finalmente, en calquera comisión ou subcomisión de control dos plans e dos fondos de pensións.

Igualmente, será de aplicación o réxime dos artigos 191, 202, 203 e 204 da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras, aos cargos de administración e dirección das entidades promotoras de plans de pensións e aos de entidades en que se delegasen funcións da xestora ou depositaria.

Nestes supostos a inhabilitación virá referida, segundo os casos, a exercer cargos de administración e dirección nas citadas entidades para o exercicio de funcións e facultades relativas aos plans e fondos de pensións.

4. Serán de aplicación as sancións administrativas previstas nos artigos 56.1, letras b), c) e d); 56.2 e 56.3 da Lei 26/2006, de mediación de seguros e reaseguros privados, ás persoas ou entidades comercializadoras, aínda que a suspensión temporal se entenderá referida ao exercicio da actividade de comercialización de plans de pensións.

Así mesmo, serán de aplicación as sancións administrativas previstas nos artigos 57.3, letras b) e c), e 57.4 da Lei 26/2006, de mediación de seguros e reaseguros privados, aos cargos de administración e dirección das entidades comercializadoras. Nestes supostos, a suspensión temporal virá referida, segundo os casos, a exercer cargos de administración e dirección nas citadas entidades para o exercicio de funcións e facultades relativas aos plans e fondos de pensións.

As sancións a que se refiren os parágrafos anteriores impoñeranse nos termos sinalados nos citados artigos 56 e 57.

5. A inobservancia polo partícipe do límite de achega previsto no número 3 do artigo 5, salvo que o exceso de tal límite sexa retirado antes do día 30 de xuño do ano seguinte, será sancionada cunha multa equivalente ao 50 por cento do dito exceso, sen prexuízo da inmediata retirada do citado exceso do plan ou plans de pensións correspondentes. Esta sanción será imposta, en todo caso, a quen realice

a achega, sexa ou non participe, aínda que o participe quedará exonerado cando se realizase sen o seu coñecemento.

6. Para os efectos do exercicio da potestade sancionadora a que se refiren este artigo e o anterior, serán de aplicación as normas contidas nos artigos 197, 201 e 205 a 213, ambos os dous incluídos, da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras.

Cando o infractor sexa entidade de crédito ou entidade ou persoa á cal se transferisen ou que exerza como comercializador de plans de pensións, ou cargos de administración e dirección das anteriores, para a imposición da sanción será preceptivo o informe do ente ou órgano administrativo a que corresponda o control e a supervisión das ditas entidades ou persoas.

7. As persoas ou entidades, así como quen de feito ou de dereito exerza cargos de administración ou dirección nelas, que desenvolvan a actividade propia dos fondos de pensións ou das entidades xestoras de fondos de pensións sen contar coa preceptiva autorización administrativa ou que utilicen as denominacións «plan de pensións», «fondo de pensións», «entidade xestora de fondos de pensións» ou «entidade depositaria de fondos de pensións» sen selo, serán sancionadas de acordo co disposto no artigo 208 da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras.»

Doce. O artigo 46 queda redactado como segue:

«Artigo 46. *Representantes en España dos fondos de pensións de emprego doutros Estados membros.*

Os fondos de pensións domiciliados noutros Estados membros que pretendan desenvolver en España plans de pensións de emprego suxeitos á lexislación española virán obrigados a designar un representante, persoa física con residencia habitual en España ou persoa xurídica nela establecida, coas seguintes facultades:

a) Atender as reclamacións que presenten as comisións de control, partícipes e beneficiarios dos plans suxeitos á lexislación española adscritos ao fondo. Para tal efecto, deberá ter poderes suficientes para representar o fondo de pensións, mesmo para ordenar o aboamento de prestacións.

b) Representar o fondo de pensións ante as autoridades xudiciais e administrativas españolas en todo o concernente ao desenvolvemento dos plans e ás actividades do fondo en España.

O ministro de Economía e Competitividade poderá ditar normas detalladas relativas ao contido, á forma e aos prazos das obrigas previstas neste artigo.»

Trece. A disposición adicional segunda queda redactada como segue:

«Disposición adicional segunda. *Prazo de resolución das solicitudes de autorización administrativa e inscrición.*

As peticións de autorizacións administrativas e de inscrición reguladas na presente lei deberán ser resoltas dentro dos tres meses seguintes á data de presentación da solicitude. O silencio administrativo terá carácter positivo.»

Catorce. A disposición adicional oitava queda redactada como segue:

«Disposición adicional oitava. *Disposición anticipada dos dereitos económicos nos sistemas de previsión social complementaria análogos aos plans de pensións.*

Os dereitos económicos dos asegurados ou mutualistas derivados de primas, achegas e contribucións aboadas a plans de previsión asegurados, plans de previsión social empresarial e contratos de seguro concertados con mutualidades de previsión social recollidos no artigo 51 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do

imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, poderán facerse efectivos anticipadamente nos supostos excepcionais de liquidez e de disposición anticipada previstos para os plans de pensións no número 8 do artigo 8 desta lei, nos termos e condicións establecidos no dito precepto e nas normas que o desenvolven regulamentariamente.

No caso dos plans de previsión social empresarial e dos concertados con mutualidades de previsión social para os traballadores das empresas, a disposición anticipada de dereitos derivados de primas, achegas ou contribucións realizadas con, polo menos, dez anos de antigüidade será posible se así o permite o compromiso e se prevé na correspondente póliza de seguro ou regulamento de prestacións. No caso de que a entidade aseguradora conte con investimentos afectos, o dereito de disposición anticipada valorarase polo valor de mercado dos activos asignados.

Nas mutualidades de previsión social que, en virtude do establecido na disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, actúen como sistema alternativo á alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, non se poderán facer efectivos os dereitos económicos dos produtos ou seguros utilizados para cumprir coa dita función alternativa nos supostos de liquidez previstos nos parágrafos primeiro e segundo do número 8 do artigo 8 desta lei.»

Quince. Engádesse unha disposición transitoria oitava nova coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria oitava. *Fondos de pensións abertos existentes con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.*

Os fondos de pensións de emprego ou persoais inscritos no Rexistro Administrativo de Fondos de Pensións que, en 31 de decembro de 2015, estivesen operando como fondos de pensións abertos poderán continuar a dita actividade, así como seguir aplicando o seu réxime anterior de composición da comisión de control do fondo, mentres manteñan plans de pensións directamente integrados.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.*

Modifícase a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, nos seguintes termos:

Un. Engádesse un novo punto ao artigo 233.

«5. No caso de entidades aseguradoras, o mediador designado deberá ser o Consorcio de Compensación de Seguros.»

Dous. Na disposición adicional segunda «Réxime especial aplicable a entidades de crédito, empresas de servizos de investimento e entidades aseguradoras», dáselle nova redacción ao número 2.h):

«h) Os títulos VI e VII da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades aseguradoras e reaseguradoras; e o texto refundido do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2004, do 29 de outubro.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.*

Engádesse unha nova disposición adicional décimo sétima ao texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, nos termos que se indican a seguir:

«Disposición adicional décimo sétima. *Obtención de información para efectos da liquidación e recadación das taxas polo mantemento do servizo de prevención e extinción de incendios e das contribucións especiais polo establecemento ou ampliación dos servizos de extinción de incendios.*

As entidades locais solicitarán das entidades aseguradoras a información necesaria para a liquidación e recadación das taxas pola prestación do servizo de prevención e extinción de incendios e das contribucións especiais polo establecemento ou ampliación dos servizos de extinción de incendios, conforme o procedemento que se establece na disposición adicional décimo cuarta da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades aseguradoras e reaseguradoras.»

Disposición derradeira sétima. *Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2016, modifícase a letra e) do número 1 do artigo 31 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo, que queda redactada da seguinte forma:

«e) As entidades aseguradoras domiciliadas noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo que operen en España en réxime de libre prestación de servizos, en relación coas operacións que se realicen en España.»

Disposición derradeira oitava. *Modificación do texto refundido do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2004, do 29 de outubro.*

Modifícase o texto refundido do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo Real decreto legislativo 7/2004, do 29 de outubro, nos seguintes termos:

Un. O número 1 do artigo 6 queda redactado como segue:

«1. O Consorcio, en materia de riscos extraordinarios, terá por obxecto indemnizar, na forma establecida neste estatuto legal, en réxime de compensación, as perdas derivadas de acontecementos extraordinarios acaecidos en España e que afecten riscos situados nela.

Igualmente, serán indemnizables por parte do Consorcio os danos persoais derivados de acontecementos extraordinarios acaecidos no estranxeiro cando o asegurado da póliza teña a súa residencia habitual en España.

Para estes efectos, serán perdas os danos directos nas persoas e nos bens, así como, nos termos e cos límites que regulamentariamente se determinen, as perdas pecuniarias como consecuencia daqueles. Entenderanse, igualmente nos termos que regulamentariamente se determinen, por acontecementos extraordinarios:

a) Os seguintes fenómenos da natureza: terremotos e maremotos, as inundacións extraordinarias, as erupcións volcánicas, a tempestade ciclónica atípica e as caídas de corpos siderais e aerólitos.

b) Os ocasionados violentamente como consecuencia de terrorismo, rebelión, sedición, motín e tumulto popular.

c) Feitos ou actuacións das Forzas Armadas ou das forzas e corpos de seguridade en tempo de paz.»

Dous. A letra b) do artigo 7 queda redactada como segue:

«b) Polo que se refire a seguros de cousas, os ramos de vehículos terrestres, vehículos ferroviarios, incendio e elementos naturais, outros danos aos bens e

perdas pecuniarias diversas, así como as modalidades combinadas destes, ou cando se contraten de forma complementaria. Tamén no ramo de responsabilidade civil en vehículos terrestres automóbiles.

Non obstante, será obrigatoria unha única recarga no ramo de responsabilidade civil de vehículos terrestres automóbiles se ademais da cobertura de seguro de responsabilidade civil de subscrición obrigatoria do automóbil se tivese contratado con carácter voluntario un seguro de responsabilidade civil ou un seguro de danos en relación co mesmo vehículo de motor.»

Tres. O número 5 do artigo 8 queda redactado como segue:

«5. Nos seguros contra danos e responsabilidade civil en vehículos terrestres automóbiles, o Ministerio de Economía e Competitividade, por proposta do Consorcio, poderá fixar unha franquía a cargo do asegurado para os supostos en que o Consorcio teña obriga de indemnizar.»

Catro. O artigo 14 queda redactado como segue:

«Artigo 14. *En relación coa liquidación de entidades aseguradoras.*

1. O Consorcio asumirá a condición de liquidador das entidades aseguradoras españolas sinaladas no artigo 27.1 da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades aseguradoras e reaseguradoras, suxeitas á competencia de execución do Estado ou das comunidades autónomas, cando lle encomende a súa liquidación o ministro de Economía e Competitividade ou o órgano competente da respectiva comunidade autónoma.

Poderá serlle encomendada a liquidación nos seguintes supostos:

- a) Simultaneamente á disolución da entidade aseguradora se se procede a ela administrativamente.
- b) Se, disolta unha entidade, esta non nomea os liquidadores antes dos quince días seguintes ao da disolución, ou cando o nomeamento dentro dese prazo o fose sen cumprir os requisitos legais e estatutarios.
- c) Cando os liquidadores incumpran as normas que para a protección dos asegurados se establecen na Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades aseguradoras e reaseguradoras, as que rexen a liquidación ou a dificulten. Tamén cando, por se atrasar a liquidación ou por concorreren circunstancias que así o aconsellen, a Administración entenda que a liquidación se debe encomendar ao Consorcio. No caso de que a liquidación sexa intervida, a encomenda ao Consorcio acordarase logo de informe do interventor.
- d) Mediante aceptación da petición da propia entidade aseguradora, se se aprecia causa xustificada.

2. Correspóndenlle ao Consorcio, nos termos previstos na lexislación concursal, a condición e as funcións propias da administración concursal nos procedementos de concurso a que se encontre sometida calquera entidade aseguradora, e isto sen que sexa necesaria a aceptación do cargo. A súa actuación nos ditos procedementos non será retribuída.

O Consorcio deberá comunicar ao xulgado a identidade da persoa física que deba representalo no exercicio do seu cargo, á cal resultarán de aplicación as normas contidas no artigo 28 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, coas excepcións que nel se establecen.

Ademais, exercerá as funcións de mediador concursal cando así o solicite unha entidade aseguradora, conforme o disposto no artigo 5 bis da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

3. Se é o caso, levará a efecto a liquidación separada dos bens a que se refire o artigo 175 da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades aseguradoras e reaseguradoras.

4. Nos termos que regulamentariamente se determinen e logo de acordo da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, o Consorcio poderá levar a cabo actividades de información aos acredores por contrato de seguro en relación cos procesos de liquidación dunha entidade aseguradora domiciliada noutro Estado membro da Unión Europea, no que afecte exclusivamente os contratos de seguro que a dita entidade celebre en España en réxime de dereito de establecemento ou en libre prestación de servizos.

O Consorcio poderá subscribir convenios cos órganos administrativos ou xudiciais aos cales, de acordo coa normativa do Estado membro de orixe, se lles encomendase a liquidación da entidade, coa finalidade de facilitar aos acredores por contrato de seguro residentes en España a presentación e a tramitación das súas reclamacións ante os órganos de liquidación.

A realización das actividades sinaladas neste punto non implicará a asunción polo Consorcio de funcións de liquidación de entidades aseguradoras doutros Estados membros da Unión Europea nin das súas sucursais en España nin, polo tanto, comportará a realización de pagamentos por razón de contrato de seguro nin anticipos á conta dos ditos pagamentos, e non resultará de aplicación, en ningún caso, o disposto nos artigos 179 a 185 da Lei 20/2015, do 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades aseguradoras e reaseguradoras.»

Cinco. Modifícase a redacción dos números 2 e 4 e engádese un novo número 7 ao artigo 18:

«2. Todas as recargas a favor do Consorcio serán recadadas obrigatoriamente polas entidades aseguradoras xuntamente coas súas primas.

No caso de fraccionamento de primas, as entidades poderán optar por recadar as citadas recargas co primeiro pagamento fraccionado que se faga, ou por facelo conforme venzan as correspondentes fraccións de prima, aínda que neste último caso deberán aplicarse sobre as fraccións da recarga os tipos por fraccionamento que, para cada posible periodicidade, se fixen nas tarifas das recargas a favor do Consorcio, ou, se se trata da recarga destinada a financiar as funcións de liquidación de entidades aseguradoras, as indicadas no número 3.

A elección da opción de fraccionar as recargas a favor do Consorcio conforme venzan as correspondentes fraccións de prima deberase facer constar nas bases técnicas das entidades, comunicarse ao Consorcio e aplicarse de forma sistemática no ramo ou risco de que se trate, salvo causa debidamente xustificada.»

«4. As entidades aseguradoras virán obrigadas, ao tempo de presentar ao Consorcio a declaración das recargas recadadas por conta deste, a practicar unha liquidación e ingresar o seu importe coa periodicidade e con suxeición ás regras que se determinen regulamentariamente.

Logo de comunicación fidedigna ao Consorcio, as entidades poderán liquidar as recargas segundo as primas emitidas, sen prexuízo das regularizacións periódicas que procedan. A elección desta opción deberase aplicar a todas as carteiras de pólizas da entidade e por anos naturais.

Tanto as liquidacións practicadas pola Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións derivadas de actas de Inspección como aquelas outras que non teñan sinalado prazo de ingreso polas súas normas específicas deberán ser ingresadas dentro dos quince días seguintes a aquel en que tivo lugar a notificación da liquidación á entidade aseguradora.»

«7. Cando os ingresos por recargas efectuadas ao Consorcio resulten ser indebidos en todo ou en parte, acordarase a devolución por solicitude dos interesados, sen prexuízo das comprobacións e das peticións de información que

procedan, no prazo de quince días desde a completa presentación da documentación acreditativa do erro advertido.»

Seis. O número 2 do artigo 19 queda redactado como segue:

«2. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, a través da Inspección de Seguros do Estado e conforme os plans de inspección aprobados por proposta do Consorcio, inspeccionará as empresas, sexan entidades xurídicas ou persoas físicas, que recaden recargas e primas por conta do Consorcio.

Os custos dos medios persoais e materiais a que dea lugar este servizo de inspección serán sufragados polo Consorcio. Para estes efectos, formalizarase o oportuno convenio coa Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, no cal se determinará a compensación económica que se lle aboará ao órgano cuxos medios foron destinados a este fin, para atender os ditos custos.»

Sete. Engádesse unha disposición transitoria, que queda redactada como segue:

«Disposición transitoria. *Adaptación dos contratos de seguro vixentes á modificación operada nos artigos 7.b) e 8.5 do texto refundido do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros.*

Os contratos de seguros en vigor deberán adaptarse á modificación introducida pola disposición derradeira oitava da Lei de ordenación, supervisión e solvencia de entidades aseguradoras e reaseguradoras, nos artigos 7.b) e 8.5 do texto refundido do Estatuto legal do Consorcio de Compensación de Seguros, aprobado polo Real decreto lexislativo 7/2004, do 29 de outubro, antes da primeira renovación que teña lugar a partir dos seis meses seguintes á entrada en vigor da dita lei. Os contratos de seguro de nova emisión que se celebren a partir do 1 de xullo de 2016 deberán estar adaptados a ela.»

Disposición derradeira novena. *Modificación do Real decreto lexislativo 8/2004, do 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor.*

O artigo 8 queda redactado como segue:

«Artigo 8. *Convenios de indemnización directa. Declaración amigable de accidente. Convenios de asistencia sanitaria para lesionados de tráfico.*

1. Para axilizar as indemnizacións no ámbito dos danos orixinados con ocasión do uso e circulación de vehículos de motor, a entidade aseguradora deberá adherirse aos convenios de indemnización directa entre entidades aseguradoras para a liquidación de sinistros de danos materiais.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, o asegurador facilitará exemplares da denominada declaración amigable de accidente que deberá utilizar o condutor para a declaración dos sinistros á súa aseguradora.

3. Para axilizar a asistencia aos lesionados de tráfico, o asegurador poderá adherirse aos convenios sectoriais de asistencia sanitaria para lesionados de tráfico, así como a convenios de indemnización directa de danos persoais.

4. Para estes efectos, os ditos convenios deberán prever condicións equivalentes e non discriminatorias para todas as entidades aseguradoras, sen que se poidan impoñer restricións que non sexan indispensables para a consecución daquel obxectivo.»

Disposición derradeira décima. *Modificación da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados.*

Modifícase a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados nos seguintes termos:

Un. O número 1 do artigo 6, queda redactado como segue:

«1. Os mediadores de seguros ofrecerán información veraz e suficiente na promoción, oferta e subscripción dos contratos de seguro e, en xeral, en toda a súa actividade de asesoramento, todo isto nos termos que estableza o ministro de Economía e Competitividade.»

Dous. O artigo 8 queda redactado como segue:

«Artigo 8. *Os colaboradores externos dos mediadores de seguros:*

1. Os mediadores de seguros poderán celebrar contratos mercantís con colaboradores externos que colaboren con eles na distribución de produtos de seguros actuando por conta dos ditos mediadores baixo a súa responsabilidade e dirección, nos termos que as partes acorden libremente.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións establecerá as liñas xerais e os principios básicos que deberán cumprir os programas de formación dos colaboradores en canto ao seu contido, organización e execución.

2. Os colaboradores externos non terán a condición de mediadores de seguros e desenvolverán a súa actividade baixo a dirección, responsabilidade e réxime de capacidade financeira do mediador de seguros para o cal actúen.

Os colaboradores deberanse identificar como tales e indicar tamén a identidade do mediador por conta do que actúen. En virtude do contrato mercantil con este, a información que deberán proporcionar ao tomador de seguros será toda ou parte da establecida no artigo 42, sen que en ningún caso o tomador deixe de recibir esa información completa.

3. Os mediadores de seguros levarán un libro rexistro en que anotarán os datos persoais identificativos dos colaboradores externos, con indicación da data de alta e, se é o caso, a de baixa, que quedará sometido ao control da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

4. Un colaborador externo dun mediador de seguros, persoa física ou xurídica, non poderá colaborar con outros mediadores de seguros de distinta clase á daquel que o contratou en primeiro lugar. Ademais, se é colaborador externo dun axente exclusivo, só poderá colaborar con outros axentes exclusivos da mesma entidade aseguradora.»

Tres. O número 2 do artigo 15 queda redactado como segue:

«2. Os datos contidos no Rexistro de Axentes de Seguros Exclusivos deberán estar actualizados e serán remitidos por cada entidade aseguradora á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións por vía telemática para a súa inscrición, no prazo máximo de dous meses, no rexistro administrativo previsto no artigo 52 desta lei. O axente de seguros exclusivo non poderá iniciar a súa actividade ata que a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións o inscriba no dito rexistro.»

Catro. O número 3.e) e o número 4 do artigo 21 quedan redactados como segue:

«e) Os axentes de seguros vinculados comprometeranse a dispoñer dun programa de formación para os empregados e colaboradores externos.

Así mesmo, as entidades aseguradoras adoptarán as medidas necesarias para a formación dos seus axentes de seguros vinculados e das persoas que integren o

órgano de dirección previsto no segundo parágrafo da letra b) deste punto nos produtos de seguro mediados por estes.

A documentación correspondente aos programas de formación estará á disposición da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, que poderá requirir que se efectúen as modificacións que resulten necesarias.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións establecerá as liñas xerais e os principios básicos que deberán cumprir os programas de formación dos axentes de seguros vinculados en canto ao seu contido, organización e execución.»

«4. A solicitude de inscrición como axente de seguros vinculado dirixirase á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e deberá ir acompañada dos documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos a que se refire o anterior número 3. O prazo máximo en que se debe notificar a resolución expresa da solicitude será de tres meses a partir da data de presentación da dita solicitude. A inscrición especificará as entidades aseguradoras para as cales o axente de seguros vinculado poderá realizar a actividade de mediación de seguros. A solicitude de inscrición será denegada cando non se acredite o cumprimento dos requisitos exixidos para a súa concesión.»

Cinco. Os números 1.c), 1.g) e 2 do artigo 27 quedan redactados como segue:

«1.c) Nas sociedades de corredoría de seguros, polo menos a metade dos administradores deberá dispoñer de experiencia adecuada para exercer funcións de administración.»

«1.g) Presentar un programa de actividades en que se deberá indicar, polo menos, os ramos de seguro e a clase de riscos en que se proxecte mediar, os principios reitores e o ámbito territorial da súa actuación; os medios persoais e materiais de que se vaia dispoñer para o cumprimento do dito programa e os mecanismos adoptados para a solución de conflitos por queixas e reclamacións da clientela.

Deberá, igualmente, incluír un compromiso de dispoñer dun programa de formación para aquelas persoas que, como empregados ou colaboradores externos daquel, deban asumir funcións que supoñan unha relación máis directa cos posibles tomadores do seguro e asegurados. Para estes efectos, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións establecerá as liñas xerais e os principios básicos que deberán cumprir os programas de formación dirixidos aos empregados e colaboradores externos dos corredores de seguros en canto ao seu contido, organización e execución.»

«2. A solicitude de inscrición como corredor de seguros dirixirase á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións e deberá ir acompañada dos documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos a que se refire o punto anterior. O prazo máximo en que se debe notificar a resolución expresa da solicitude será de tres meses a partir da data de presentación da solicitude de inscrición. A solicitude de inscrición será denegada cando non se acredite o cumprimento dos requisitos exixidos para a súa concesión.»

Seis. O número 2 do artigo 28 queda redactado como segue:

«2. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións dispoñerá dun prazo de tres meses, a partir da presentación da información, para se opoñer á adquisición da participación significativa ou de cada un dos seus incrementos que igualem ou superen os límites do 20 por cento, 30 por cento ou 50 por cento e tamén cando, en virtude da adquisición, se poida chegar a controlar a sociedade de corredoría. A oposición deberase fundar en que quen pretenda adquirila non reúne os requisitos de honorabilidade comercial e profesional nos termos definidos nesta lei ou incorre nalgunha das prohibicións desta lei. Se a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións non se pronuncia no prazo de tres meses, poderase proceder á adquisición ou ao incremento de participación. Se a dita dirección xeral expresa a súa

conformidade á adquisición ou incremento de participación significativa, poderá fixar un prazo máximo distinto ao comunicado para efectuar a adquisición.»

Sete. Os números 2 e 4 do artigo 39 quedan redactados como segue:

«2. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións establecerá os requisitos e os principios básicos que deberán cumprir os cursos de formación en materias financeiras e de seguros privados en canto ao seu contido, organización e execución, que deberán ser programados en función da titulación e dos coñecementos previos acreditados polos asistentes.»

As persoas físicas ou xurídicas que pretendan organizar os cursos a que se refire o punto anterior deberán solicitalo previamente á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións. Desenvolveranse regulamentariamente os requisitos para a autorización á organización dos cursos de formación. Os organizadores dos cursos emitirán as certificacións que acrediten que os superaron.»

«4. A autorización concedida aos centros de formación por calquera autoridade competente terá eficacia nacional. O titular da autorización comunicará á autoridade competente da súa comunidade autónoma ou á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, segundo corresponda, a apertura de novos centros de formación.»

Oito. O número 4 do artigo 42 queda redactado como segue:

«4. O asesoramento, de acordo coa obriga de levar a cabo unha análise obxectiva a que están obrigados os corredores de seguros, facilitarase sobre a base da análise dun número suficiente de contratos de seguro ofrecidos no mercado nos riscos obxecto de cobertura, de modo que poida formular unha recomendación, aténdose a criterios profesionais, respecto do contrato de seguro que sería adecuado ás necesidades do cliente.»

Nove. O número 1 do artigo 52 queda redactado como segue:

«1. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións levará o Rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos, no cal se deberán inscribir, con carácter previo ao inicio das súas actividades, os mediadores de seguros e os corredores de reaseguros residentes ou domiciliados en España sometidos a esta lei. No caso das persoas xurídicas, ademais, inscribiranse os administradores e as persoas que formen parte da dirección, responsables das actividades de mediación.»

Tamén se tomará razón dos mediadores de seguros e de reaseguros domiciliados noutros Estados membros do Espazo Económico Europeo que actúen en réxime de dereito de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos.

No dito rexistro tomarase razón, igualmente, dos contratos de distribución a que se refire o artigo 4.1 desta lei.

Este rexistro administrativo expresará as circunstancias que regulamentariamente se determinen e o acceso ao seu contido será xeral e gratuíto.»

Dez. A letra a) do número 1 da disposición adicional cuarta queda redactada como segue:

«a) A inscrición no Rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos, das persoas que exerzan como axentes de seguros ou operadores de banca-seguros, xa sexan exclusivos ou vinculados, como corredores de seguros ou corredores de reaseguros.»

Once. As referencias ao «auxiliar externo», «auxiliar asesor» ou «auxiliar» entenderanse realizadas ao «colaborador externo», nos seguintes artigos e disposicións: 10.4, 16.1, 17.2, 18, 19, 21.3.e), 23.2, 24, 25.1 e 4, 27.1.g), 30.2, 31.2.b), 53, 55.2.u), 62.1.d), 62.2, disposicións adicional cuarta e décimo primeira.1.

Disposición derradeira décimo primeira. *Modificación da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2016, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio:

Un. Modifícase o número 2 do artigo 99, que queda redactado da seguinte forma:

«2. As entidades e as persoas xurídicas, incluídas as entidades en atribución de rendas, que satisfagan ou aboén rendas suxeitas a este imposto, estarán obrigadas a practicar retención e ingreso á conta, en concepto de pagamento á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao perceptor, na cantidade que se determine regulamentariamente, e a ingresar o seu importe no Tesouro nos casos e na forma que se establezan. Estarán suxeitos ás mesmas obrigas os contribuíntes por este imposto que exerzan actividades económicas respecto ás rendas que satisfagan ou aboén no exercicio das ditas actividades, así como as persoas físicas, xurídicas e demais entidades non residentes en territorio español, que operen nel mediante establecemento permanente, ou sen establecemento permanente respecto aos rendementos do traballo que satisfagan, así como respecto doutros rendementos sometidos a retención ou ingreso á conta que constitúan gasto deducible para a obtención das rendas a que se refire o número 2 do artigo 24 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes.

Cando unha entidade, residente ou non residente, satisfaga ou aboén rendementos do traballo a contribuíntes que presten os seus servizos a unha entidade residente vinculada con aquela, nos termos previstos no artigo 16 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, ou a un establecemento permanente radicado en territorio español, a entidade ou o establecemento permanente en que preste os seus servizos o contribuínte deberá efectuar a retención ou o ingreso á conta.

As entidades aseguradoras domiciliadas noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo que operen en España en réxime de libre prestación de servizos deberán practicar retención e ingreso á conta en relación coas operacións que se realicen en España.

Os fondos de pensións domiciliados noutro Estado membro da Unión Europea que desenvolvan en España plans de pensións de emprego suxeitos á lexislación española, conforme o previsto na Directiva 2003/41/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de xuño de 2003, relativa ás actividades e á supervisión de fondos de pensións de emprego ou, se é o caso, as súas entidades xestoras, deberán practicar retención e ingreso á conta en relación coas operacións que se realicen en España.

En ningún caso estarán obrigadas a practicar retención ou ingreso á conta as misións diplomáticas ou oficinas consulares en España de Estados estranxeiros.»

Dous. Modifícanse as letras g) e h) do número 2 do artigo 105, que quedan redactadas da seguinte forma:

«g) Para as entidades aseguradoras domiciliadas noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo que operen en España en réxime de libre prestación de servizos, en relación coas operacións que se realicen en España.

h) Para as entidades previstas no penúltimo parágrafo do número 2 do artigo 99 desta lei, en relación coas operacións que se realicen en España.»

Disposición derradeira décimo segunda. *Modificación da Lei 4/2014, do 1 de abril, básica das cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación.*

Un. Modifícase o número 3 do artigo 6, co seguinte texto:

«3. A Administración tutelante regulará os supostos e o procedemento para a creación, integración, fusión, disolución, liquidación e destino do patrimonio das cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación e dos consellos de cámaras.»

Dous. Engádesse un novo artigo 38, co seguinte texto:

«Artigo 38. *Plan de viabilidade e disolución por inviabilidade económica.*

1. Cando as cámaras que se encontren sometidas á tutela da Administración xeral do Estado incorran en resultados negativos de explotación en dous exercicios contables consecutivos, a Cámara afectada deberá poñelo en coñecemento da Administración de tutela nun prazo máximo dun mes desde que se coñeza esta situación.

A comunicación irá acompañada dun plan de viabilidade, auditado e aprobado polo Pleno, no cal se describan as actuacións que se levarán a cabo para a corrección do desequilibrio no prazo que se considere necesario e, en calquera caso, nun máximo de dous exercicios contables. Así mesmo, xuntarase un inventario, o balance, o informe da auditoría realizada, e canta outra documentación se considere necesaria para valorar a situación económica da Cámara e o plan presentado.

2. Presentado o plan de viabilidade, a Administración de tutela poderá autorizalo, modificalo ou determinar calquera outra actuación que considere oportuna.

3. Cando concorran circunstancias obxectivas que fagan manifestamente imposible solucionar a situación de inviabilidade económica mediante a presentación dun plan ou cando o dito plan se incumpra, a Administración de tutela poderá proceder á suspensión e disolución dos órganos de goberno de acordo co artigo 37, ou determinar a extinción e liquidación da Cámara.

4. En caso de que se acorde a extinción, a partir deste momento a Cámara non poderá realizar ningún acto xurídico, salvo os que sexan estritamente necesarios para garantir a eficacia da súa liquidación. Unha vez acordada a liquidación, a Cámara presentará á Administración de tutela un plan de liquidación, que deberá ser autorizado pola Administración.

Cando na decisión de extinción se acorde a apertura da delegación pola Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España, para a apertura da dita delegación, a Cámara de España poderá formular unha proposta para a transmisión de activos ou unidades produtivas. Se a Cámara acepta a proposta, os termos desta incorporaranse no plan de liquidación.

A Administración de tutela supervisará o cumprimento do plan de liquidación. Unha vez concluída a liquidación da Cámara, producirase a súa extinción automática.

En ningún caso se poderá asumir nin derivar do proceso de liquidación e extinción ningunha obriga para a Administración de tutela.

5. No caso das cámaras tuteladas polas comunidades autónomas, axustaranse ao establecido na súa lexislación específica.»

Disposición derradeira décimo terceira. *Modificación da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2016, modifícase o número 1 do artigo 128 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 128. *Retencións e ingresos á conta.*

1. As entidades, incluídas as comunidades de bens e as de propietarios, que satisfagan ou aboén rendas suxeitas a este imposto, estarán obrigadas a reter ou a efectuar ingresos á conta, en concepto de pagamento á conta, a cantidade que resulte de aplicar as porcentaxes de retención indicadas no número 6 deste artigo á base de retención determinada regulamentariamente, e a ingresar o seu importe no Tesouro nos casos e nas formas que se establezan.

Tamén estarán obrigadas a reter e ingresar as persoas físicas respecto das rendas que satisfagan ou aboén no exercicio das súas actividades económicas, así como as persoas físicas, xurídicas e demais entidades non residentes en territorio español que operen nel mediante establecemento permanente.

Así mesmo, estarán obrigadas a practicar retención ou ingreso á conta as entidades aseguradoras domiciliadas noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo que operen en España en réxime de libre prestación de servizos, en relación coas operacións que se realicen en España.»

Disposición derradeira décimo cuarta. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.11.^a e 13.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado as competencias para establecer as bases da ordenación dos seguros e as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente. Exceptúanse do anterior os seguintes preceptos:

- a) Os artigos 16, 17, 18, 40, 119, 120, 121, 123, 126 e 210 a 213, que non terán carácter básico.
- b) O artigo 130, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.3.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de relacións internacionais.
- c) Os artigos 9, 10, 11, 12, 13, 24, 27, 28, 29, 30, 31, 33, 34, 36, 37, o capítulo II e o capítulo IV do título III, os artigos 89.3, 96, 98.1 e 2, 165.4, 168, 172, 173, 175, 179 ao 189 e o anexo, que se ditan ao abeiro do artigo 149.1.6.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de lexislación mercantil.
- d) O artigo 97, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.6.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de lexislación procesual.
- e) Os artigos 53 e 59, que se ditan ao abeiro do artigo 149.1.14.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de facenda xeral.
- f) O artigo 167.2, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.8.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia en materia de lexislación civil.

Disposición derradeira décimo quinta. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta lei incorpórase parcialmente ao dereito español a Directiva 2009/138/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, sobre o seguro de vida, o acceso á actividade de seguro e de reaseguro e o seu exercicio (Solvencia II) modificada pola Directiva 2014/51/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, pola que se modifican as directivas 2003/71/CE e 2009/138/CE e os regulamentos (CE) n.º 1060/2009, (UE) n.º 1094/2010 e (UE) n.º 1095/2010, no que respecta aos poderes da Autoridade Europea de Supervisión (Autoridade Europea de Seguros e Pensións de Xubilación) e da Autoridade Europea de Supervisión (Autoridade Europea de Valores e Mercados) (Ómnibus II).

Incorpórase igualmente a Directiva 2011/89/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2011, pola que se modifican as directivas 98/78/CE, 2002/67/CE, 2006/48/CE e 2009/138/CE, no relativo á supervisión adicional das entidades financeiras que forman parte dun conglomerado financeiro.

Disposición derradeira décimo sexta. *Normas aplicables aos procedementos regulados nesta lei.*

Os procedementos regulados nesta lei rexeranse, en primeiro termo, polos preceptos contidos nela e nas súas normas de desenvolvemento e, subsidiariamente, polos da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e normas complementarias.

Disposición derradeira décimo sétima. *Potestade regulamentaria.*

1. Correspóndelle ao Goberno, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, e logo de audiencia da Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións, desenvolver esta lei nas materias que se atribúen expresamente á potestade regulamentaria, así como, en xeral, en todas aquelas susceptibles de desenvolvemento regulamentario en que sexa preciso para a súa correcta execución, mediante a aprobación do seu regulamento e as modificacións ulteriores deste que sexan necesarias.

2. Correspóndelle ao ministro de Economía e Competitividade, logo de audiencia da Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións, desenvolver esta lei nas materias que especificamente atribúe á potestade regulamentaria do dito ministro e, así mesmo, desenvolver o seu regulamento en canto sexa necesario e así se prevexa nel.

O desenvolvemento regulamentario dos preceptos relativos ás mutualidades de previsión social será efectuado polo Goberno mediante un regulamento específico para as ditas mutualidades.

Disposición derradeira décimo oitava. *Medida transitoria sobre os tipos de xuro sen risco.*

Logo de autorización da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, a entidade aseguradora ou reaseguradora poderá aplicar un axuste transitorio á estrutura temporal pertinente de tipos de xuro sen risco con respecto ás obrigas admisibles en materia de seguros e reaseguros, nos termos e nas condicións que se determinen regulamentariamente.

Disposición derradeira décimo novena. *Medida transitoria sobre as provisións técnicas.*

Logo de autorización da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, a entidade aseguradora ou reaseguradora poderá aplicar unha dedución transitoria ás provisións técnicas, nos termos e nas condicións que se determinen regulamentariamente.

Disposición derradeira vixésima. *Outras medidas transitorias.*

Determinaranse regulamentariamente os termos e as condicións de acordo cos cales as entidades aseguradoras e reaseguradoras poderán:

1. Presentar e divulgar a información a que se refiren os artigos 80 e 114, con periodicidade anual ou inferior.
2. Aplicar un réxime transitorio para a clasificación dos fondos propios básicos en niveis.
3. Aplicar os requisitos establecidos no artigo 79 a determinados instrumentos financeiros emitidos antes do 1 de xaneiro de 2011.
4. Aplicar un réxime transitorio aos submódulos de risco de mercado, de concentración e de diferenciais e ao submódulo de risco de renda variable.

5. Solicitar a aprobación dun modelo interno de grupo cando exista unha parte do grupo cun perfil de risco substancialmente distinto.
6. Xestionar a súa carteira de contratos para poñer fin ás súas actividades.

Disposición derradeira vixésimo primeira. *Entrada en vigor.*

1. Esta lei entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2016.
2. Non obstante, a disposición transitoria décimo terceira e a disposición adicional décimo sexta entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación. As disposicións transitorias cuarta e décima entrarán en vigor o 1 de setembro de 2015. A disposición derradeira novena entrará en vigor o 1 de xullo de 2016.

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 14 de xullo de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY

ANEXO

Ramos de seguro

- A) Ramos de seguro distintos do seguro de vida e riscos accesorios.
- a) No seguro directo distinto do seguro de vida a clasificación dos riscos por ramos axustarase ao seguinte:

1. Accidentes.

As prestacións neste ramo poden ser: a tanto global, de indemnización, mixta de ambos e de cobertura de ocupantes de vehículos.

2. Enfermidade (comprendida a asistencia sanitaria e a dependencia).

As prestacións neste ramo poden ser a tanto global, de reparación, ben mediante o reembolso dos gastos ocasionados, ben mediante a garantía da prestación do servizo, ou mixta de ambos.

3. Vehículos terrestres (non ferroviarios).

Inclúe todo dano sufrido por vehículos terrestres, sexan ou non automóviles, salvo os ferroviarios.

4. Vehículos ferroviarios.

5. Vehículos aéreos.

6. Vehículos marítimos, lacustres e fluviais.

7. Mercadorías transportadas (abranguidas as equipaxes e os demais bens transportados).

8. Incendio e elementos naturais.

Inclúe todo dano sufrido polos bens (distinto dos abranguidos nos ramos 3, 4, 5, 6 e 7) causado por incendio, explosión, tormenta, elementos naturais distintos da tempestade, enerxía nuclear e afundimento de terreo.

9. Outros danos aos bens.

Inclúe todo dano sufrido polos bens (distinto dos abranguidos nos ramos 3, 4, 5, 6 e 7) causado pola sarabia ou a xeadada, así como por roubo ou outros sucesos distintos dos incluídos no ramo 8.

10. Responsabilidade civil en vehículos terrestres automóviles (abranguida a responsabilidade do transportista).

11. Responsabilidade civil en vehículos aéreos (abranguida a responsabilidade do transportista).

12. Responsabilidade civil en vehículos marítimos, lacustres e fluviais (abranguida a responsabilidade do transportista).

13. Responsabilidade civil en xeral.

Abrangue toda responsabilidade distinta das mencionadas nos ramos 10, 11 e 12.

14. Crédito.

Comprende insolvencia xeral, venda a prazos, crédito á exportación, crédito hipotecario e crédito agrícola.

15. Caución (directa e indirecta).

16. Perdas pecuniarias diversas.

Inclúe riscos do emprego, insuficiencia de ingresos (en xeral), mal tempo, perda de beneficios, subsidio por privación temporal do permiso de conducir, persistencia de gastos xerais, gastos comerciais imprevistos, perda do valor venal, perdas de alugueiros ou rendas, perdas comerciais indirectas distintas das anteriormente mencionadas, perdas pecuniarias non comerciais e outras perdas pecuniarias.

17. Defensa xurídica.

As entidades aseguradoras deberán optar por algunha das seguintes modalidades de xestión:

a) Confiar a xestión dos sinistros do ramo de defensa xurídica a unha entidade xuridicamente distinta, que se deberá mencionar no contrato. Se a dita entidade se encontra vinculada a outra que practique algún ramo de seguro distinto do de vida, os membros do persoal da primeira que se ocupen da xestión de sinistros ou do asesoramento xurídico relativo á dita xestión non poderán exercer simultaneamente a mesma ou parecida actividade na segunda. Tampouco poderán ser comúns as persoas que desempeñen cargos de dirección de ambas as entidades.

b) Garantir no contrato de seguro que ningún membro do persoal que se ocupe da xestión de asesoramento xurídico relativo á dita xestión exerza ao tempo unha actividade parecida noutro ramo se a entidade aseguradora opera en varios, ou para outra entidade que opere nalgún ramo distinto do de vida e que teña coa aseguradora de defensa xurídica vínculos financeiros, comerciais ou administrativos con independencia de que estea ou non especializada no dito ramo.

c) Prever no contrato o dereito do asegurado a confiar a defensa dos seus intereses, a partir do momento en que teña dereito a reclamar a intervención do asegurador segundo o disposto na póliza, a un avogado da súa elección.

18. Asistencia.

Asistencia ás persoas que se encontren en dificultades durante desprazamentos ou ausencias do seu domicilio ou do seu lugar de residencia permanente. Abranguerá tamén a asistencia ás persoas que se encontren en dificultades en circunstancias distintas, determinadas regulamentariamente, sempre que non sexan obxecto de cobertura noutros ramos de seguro.

19. Decesos.

Inclúe operacións de seguro que garantan a prestación de servizos funerarios para o caso de que se produza o falecemento, ou ben subsidiariamente, cando non se poida realizar a prestación, por causa de forza maior ou por se ter realizado o servizo a través doutros medios, distintos dos dispostos pola aseguradora, a satisfacer aos herdeiros legais do asegurado falecido a suma asegurada, que non debe exceder o valor medio dos gastos funerarios por un falecemento.

Os riscos comprendidos nun ramo non poderán ser clasificados noutro ramo, sen prexuízo do disposto respecto dos riscos accesorios no número 4.

Cando a autorización se conceda simultaneamente para varios ramos, outorgarase coas seguintes denominacións:

- 1.º «Accidentes e enfermidade»: cando se autoricen os ramos 1 e 2.
- 2.º «Seguro de automóbil»: cando a autorización abranca a cobertura de ocupantes de vehículos do ramo 1 e os ramos 3, 7 e 10.
- 3.º «Seguro marítimo e de transporte»: cando a autorización abranca a cobertura de ocupantes de vehículos do ramo 1 e os ramos 4, 6, 7 e 12.
- 4.º «Seguro de aviación»: cando a autorización abranca a cobertura de ocupantes de vehículos do ramo 1 e os ramos 5, 7 e 11.
- 5.º «Incendio e outros danos aos bens»: cando se autoricen os ramos 8 e 9.

- 6.º «Responsabilidade civil»: cando se autoricen os ramos 10, 11, 12 e 13.
- 7.º «Crédito e caución»: cando se autoricen os ramos 14 e 15.
- 8.º «Seguros xerais»: cando se autoricen todos os ramos de seguro directo distinto do seguro de vida enumerados neste artigo.

b) Riscos accesorios.

A entidade aseguradora que obteña unha autorización para un risco principal pertencente a un ramo de seguro distinto do de vida ou a un grupo de ramos poderá, así mesmo, cubrir os riscos comprendidos noutro ramo sen necesidade de obter autorización para os ditos riscos, sempre que concorran os seguintes requisitos:

- 1.º Que estean vinculados ao risco principal.
- 2.º Que se refiran ao obxecto cuberto contra o risco principal.
- 3.º Que estean cubertos polo contrato que cobre o risco principal.
- 4.º Que para a autorización no ramo a que pertenza o risco accesorio non se requiran maiores garantías financeiras previas que para o principal salvo, en canto a este último requisito, que o risco accesorio sexa o de responsabilidade civil cuxa cobertura non supere os límites que regulamentariamente se determinen.

Cando o ramo accesorio sexa o 2 (enfermidade), este non comprenderá prestacións de asistencia sanitaria ou prestacións de asistencia por dependencia.

Os riscos comprendidos nos ramos 14 (crédito), 15 (caución) e 17 (defensa xurídica), non poderán ser considerados accesorios doutros ramos, salvo o ramo 17 (defensa xurídica) que, cando se cumpran as condicións exixidas no parágrafo anterior, poderá ser considerado como risco accesorio do ramo 18 (asistencia), se o risco principal só se refire á asistencia facilitada ás persoas en dificultades con motivo de desprazamentos ou de ausencias do domicilio ou do lugar de residencia permanente, e como risco accesorio do ramo 6 (vehículos marítimos, lacustres e fluviais), cando se refira a litixios ou riscos que resulten da utilización de embarcacións marítimas ou que estean relacionados coa dita utilización.

B) Ramo de vida e riscos complementarios.

a) O seguro directo sobre a vida incluírase nun só ramo, o ramo de vida, que abranguerá:

1. O seguro sobre a vida, tanto para caso de morte como de supervivencia, ou ambos os dous conxuntamente, incluído no de supervivencia o seguro de renda; o seguro sobre a vida con contraseguro; o seguro de nupcialidade e o seguro de natalidade. Así mesmo, abrangue calquera destes seguros cando estean vinculados con fondos de investimento ou outros activos a que se refire o artigo 73. Igualmente, poderá abranguer o seguro de dependencia.

2. As operacións de capitalización baseadas en técnica actuarial, que consistan en obter compromisos determinados en canto á súa duración e ao seu importe a cambio de desembolsos únicos ou periódicos previamente fixados.

3. As operacións de xestión de fondos colectivos de xubilación, entendendo por tales aquelas que supoñan para a entidade aseguradora administrar os investimentos e, particularmente, os activos representativos das reservas das entidades que outorgan prestacións en caso de morte, en caso de vida ou en caso de cesamento ou redución de actividades. Tamén estarán comprendidas tales operacións cando leven unha garantía de seguro, sexa sobre a conservación do capital, sexa sobre a percepción dun xuro mínimo.

4. As operacións tontinas, entendendo por tales aquelas que leven consigo a constitución de asociacións que reúnan partícipes para capitalizar en común as súas achegas e para repartir o activo así constituído entre os superviventes ou entre os seus herdeiros.

b) Riscos complementarios.

As entidades autorizadas para operar no ramo de vida poderán cubrir como riscos complementarios os abrangidos no ramo 1 (accidentes) e no ramo 2 (enfermidade), sen necesidade de obter autorización para os ditos ramos, sempre que concorran os seguintes requisitos:

- 1.º Que estean vinculados co risco principal.
- 2.º Que se refiran ao obxecto cuberto contra o risco principal.
- 3.º Que estean garantidos nun mesmo contrato con este.
- 4.º Cando o ramo complementario sexa o 2 (enfermidade), que este non abranha prestacións de asistencia sanitaria ou prestacións de asistencia por dependencia.